



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 112

IX lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 9 de xuño de 2015

Presidencia da Excm. Sra. D^a Pilar Rojo Noguera

ORDE DO DÍA

Punto 1. Informe do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2014 (doc. núm. 35330, 09/IVAL-000004).

Publicación do Informe anual, BOPG nº 438, do 27.03.2015

Punto 2. Textos lexislativos

2.1 Debate e votación do ditame da Comisión 7^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, sobre o Proxecto de Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (doc. núm. 30881, 09/PL-000023)

Publicación do informe de Ponencia, BOPG nº 466, do 22.05.2015

2.2 Debate e votación do ditame da Comisión 1^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia (doc. núm. 34012, 09/PL-000025)

Publicación ditame da Comisión, BOPG nº 471, do 01.06.2015

Publicación de emendas e votos particulares, BOPG nº 471, do 01.06.2015

2.3 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, para a reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia (doc. núm. 33374, 09/PPL-000035)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 413, do 10.02.2015

Publicación de correccións de erros, BOPG nº 420, do 20.02.2015

Punto 3. Comparecencias en pleno

37585 (09/PPP-000311)

Do Sr. conselleiro de Economía e Industria, por petición propia, para dar conta do balance da RIS3

Publicación da iniciativa, BOPG nº 474, do 04.06.2015

Punto 4. Mocións

4.1 37480 (09/MOC-000129)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de parques naturais. (Moción a consecuencia da Interpe-

lación nº 36800, publicada no BOPG nº 460, do 06.05.2015, e debatida na sesión plenaria do 26.05.2015)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 473, do 03.06.2015

4.2 37507 (09/MOC-000130)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pombo Rodríguez, Cosme Eladio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de real decreto polo que se regulan as características xerais das probas de avaliación final de Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, coñecido como 'real decreto de reválidas' (Moción a consecuencia da Interpelación nº 36653, publicada no BOPG nº 460, do 06.05.2015, e debatida na sesión plenaria do 26.05.2015)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 473, do 03.06.2015

4.3 37521 (09/MOC-000131)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Calvar, María Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de xuventude (Moción a consecuencia da Interpelación nº 32756, publicada no BOPG nº 411, do 06.02.2015, e debatida na sesión plenaria do 26.05.2015)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 473, do 03.06.2015

Punto 5. Proposicións non de lei en Pleno

5.1 25572 (09/PNP-001835)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula, e oito deputados/as máis

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia para estender os programas de mediación familiar intraxudicial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 335, do 05.09.2014

5.2 32486 (09/PNP-002369)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Santalices Vieira, Miguel Ángel, e sete deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co programa Conecta 72

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 05.02.2015

5.3 34683 (09/PNP-002541)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen, e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa profesión de enfermaría

Publicación da iniciativa, BOPG nº 432, do 18.03.2015

5.4 35568 (09/PNP-002597)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón

Sobre a implementación polo Goberno galego dun plan de emprego en materia de investigación, formación e transferencia do coñecemento rural e as medidas que debe recoller

Publicación da iniciativa, BOPG nº 442, do 06.04.2015

5.5 35686 (09/PNP-002603)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Val Alonso, José Ramón, e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de seguridade no mar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 442, do 06.04.2015

5.6 36025 (09/PNP-002635)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Fajardo Recousó, Juan Manuel, e Sánchez García, Antón

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da posta en funcionamento do eixe atlántico, no tramo A Coruña-Vigo, co sistema de seguridade ERTMS comprometido

Publicación da iniciativa, BOPG nº 448, do 15.04.2015

5.7 36791 (09/PNP-002688)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén, e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio
Sobre as actuacións que debe levar a cabo Goberno galego en relación coa avaliación anual dos resultados prácticos da aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, prevista na súa disposición adicional quinta

Publicación da iniciativa, BOPG nº 460, do 06.05.2015

5.8 36913 (09/PNP-002700)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Proxecto de lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social que se está a tramitar no Congreso dos Deputados

Publicación da iniciativa, BOPG nº 462, do 13.05.2015

Punto 6. Interpelacións

6.1 27455 (09/INT-001015)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre o cumprimento dos protocolos de violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 346, do 24.09.2014

6.2 31740 (09/INT-001150)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia da situación do sector lácteo galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 404, do 22.01.2015

6.3 35443 (09/INT-001317)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre a licitación da contratación dos medios aéreos para o dispositivo de loita contra os incendios forestais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 436, do 25.03.2015

Punto 7. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

7.1 37536 (09/POPX-000137)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis

Sobre a incidencia do novo escenario político na estabilidade institucional necesaria para gobernar a Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 473, do 03.06.2015

7.2 37554 (09/POPX-000138)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a valoración do Goberno galego do crecemento da fenda entre Galicia, o Estado español e Europa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 473, do 03.06.2015

7.3 37571 (09/POPX-000139)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre a situación de desprotección das familias galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 473, do 03.06.2015

Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 37001 (09/POP-003396)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Paz Franco, María Tereixa

Sobre as razóns da demora do Goberno galego en facer público o contrato privado asinado pola Axencia de Turismo coa produto-

ra do videoclip de Enrique Iglesias para a promoción do turismo de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 462, do 13.05.2015

8.2 35002 (09/POP-003212)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

González Santín, Juan Carlos, e dous deputados/as máis

Sobre o número de sancións impostas polo Instituto Galego de Consumo ás entidades financeiras que persisten no uso das denominadas cláusulas chan, en aplicación da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 436, do 25.03.2015

8.3 36400 (09/POP-003343)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fariñas Sobrino, Hipólito, e sete deputados/as máis

Sobre a valoración por parte do Goberno galego da estratexia de fomento do emprendemento entre as persoas mozas galegas desenvolvida desde o ámbito educativo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 456, do 29.04.2015

8.4 37570 (09/PUP-000205)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Beiras Torrado, Xosé Manuel, e seis deputados/as máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto do actual sistema para que as familias dispoñan de libros de texto no ensino obrigatorio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 473, do 03.06.2015

8.5 36554 (09/POP-003365)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre o número de camas que se van pechar en cada un dos hospitais públicos de Galicia nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro de 2015

Publicación da iniciativa, BOPG nº 456, do 29.04.2015

8.6 37561 (09/PUP-000203)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a modificación do calendario de vacinación infantil levada a cabo pola Consellería de Sanidade no mes de maio de 2015

Publicación da iniciativa, BOPG nº 473, do 03.06.2015

8.7 37551 (09/PUP-000202)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

ORDE DO DÍA

Gallego Calvar, María Carmen

Sobre as previsións do Goberno galego para afrontar a fenda social que se está a producir en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 473, do 03.06.2015

8.8 31920 (09/POP-002852)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel, e sete deputados/as máis

Sobre a situación na que se atopa o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño para a aplicación do novo método químico establecido pola Unión Europea como procedemento de referencia no control das toxinas lipofílicas no mar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 404, do 22.01.2015

Ábrese a sesión ás dez e seis minutos da mañá.

Informe do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2014. (Punto primeiro da orde do día.)

A señora presidenta explica o procedemento deste debate, conforme as normas reguladoras das relacións entre o Parlamento e o Valedor do Pobo, aprobadas pola Mesa o 28 de maio de 1991. (Páx. 10.)

Exposición do valedor do pobo: *Sr. Fernández Rodríguez.* (Páx. 10.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 14.), *Sr. Jorquera Caselas (BNG)* (Páx. 16.), *Sr. Ron Fernández (AGE)* (Páx. 18.), *Sra. Vilán Lorenzo (S)* (Páx.20.) e *Sr. Baamonde Díaz (P).* (Pax. 22.)

Debate e votación do ditame da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, sobre o Proxecto de lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

A señora presidenta comunica as emendas presentadas a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 24.)

Presentación do ditame: *Sr. presidente da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes (Martínez-Sierra López).* (Páx. 24.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 25.), *Sra. Paz Franco (BNG)* (Páx. 28.), *Sr. Sánchez García (AGE)* (Páx.31.), *Sr. García García (S)* (Páx.34.) e *Sra. García Pacín (P).* (Páx. 37.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 40.), *Sra. Paz Franco (BNG)* (Páx. 41.), *Sr. Sánchez García (AGE)* (Páx. 42.), *Sr. García García (S)* (Páx. 43.) e *Sra. García Pacín (P).* (Páx. 45.)

Debate e votación do ditame da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

A señora presidenta comunica as emendas presentadas a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 46.)

Presentación do ditame: *Sr. presidente da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior (Baamonde Díaz).* (Páx. 46.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 47.), *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 47.), *Sr. Ron Fernández (AGE)* (Páx. 50.), *Sra. Acuña do Campo (S)* (Páx. 52.) e *Sr. Núñez Centeno (P).* (Páx. 53.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 56.), *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 56.), *Sr. Ron Fernández (AGE)* (Páx. 57.), *Sra. Acuña do Campo (S)* (Páx. 58.) e *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 58.)

A señora presidenta comunica o aprazamento da comparecencia do conselleiro de Economía e Industria a petición da Xunta, documento número 37794. (Páx. 60.)

Supéndese a sesión ás dúas e media da tarde e retómase ás catro e dous minutos.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, para a reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sr. Méndez Romeu (S)*. (Páx. 60.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 62.), *Sr. Jorquera Caselas (BNG)* (Páx.64.), *Sr. Beiras Torrado (AGE)* (Páx. 65.) e *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 67.)

Rolda de réplica: *Sr. Méndez Romeu (S)*. (Páx. 69.)

Votación dos textos lexislativos

Votación das emendas do G.P. Mixto ao ditame, elaborado pola Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, do Proxecto de lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 70.)

Votación das emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego ao ditame, elaborado pola Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, do Proxecto de lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 71.)

Votación das emendas do G.P. da Alternativa Galega de Esquerdas ao ditame, elaborado pola Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, do Proxecto de lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 71.)

Votación das emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia ao ditame, elaborado pola Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, do Proxecto de lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 71.)

Votación do Ditame da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, sobre o Proxecto de lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia: *aprobado por 39 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 71.)

Votación das emendas do G.P. Mixto ao ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, do Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 71.)

Votación das emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego ao ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, do Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 71.)

Votación das emendas do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda ao ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, do Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 72.)

Votación das emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia ao ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, do Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 72.)

Votación do Ditame da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia: *aprobado por 39 votos a favor, 2 en contra e 30 abstencións.* (Páx. 72.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, para a reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia: *aprobada por 56 votos a favor, 8 en contra e 7 abstencións.* (Páx. 72.)

O señor jorquera Caselas (BNG), en virtude do artigo 94.3 do Regulamento, intervén para explicar o porqué da modificación do sentido do voto (Páx. 72.)

Moción do G.P. Mixto, por iniciativa de Dª Carmen Iglesias Sueiro, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de parques naturais. (Punto cuarto da orde do día)

A señora presidenta comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 73.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Iglesias Sueiro (M).* (Páx. 73.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 76.) e Sra. Burgo López (S).* (Páx. 76.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Sánchez García (AGE) (Páx. 77.) e Sr. Goldar Güimil (P).* (Páx. 78.)

A señora Iglesias Sueiro (M) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 80.)

Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Cosme Eladio Pombo Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de real decreto polo que se regulan as características xerais das probas de avaliación final de Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, coñecido como “real decreto de reválidas”. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Santalices Vieira) comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 81.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Pombo Rodríguez (BNG).* (Páx. 81.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Vázquez Díaz (AGE) (Páx. 83.) e Sr. Fariñas Sobrino (P).* (Páx. 84.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Martínez García (M) (Páx. 86.) e Sr. Docasar Docasar (S).* (Páx. 87.)

O señor Pombo Rodríguez (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 88.)

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª María Carmen Gallego Calvar, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de xuventude. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Santalices Vieira) comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 89.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Gallego Calvar (S).* (Páx. 89.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Vázquez Díaz (AGE).* (Páx. 92.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 93.), *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 94.) e *Sr. Dorado Soto (P)*. (Páx. 95.)

A señora Gallego Calvar (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 97.)

Votación das mocións

Votación do texto transaccionado da Moción do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a Carmen Iglesias Sueiro, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de parques naturais: *rexeitado por 31 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 98.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Cosme Eladio Pombo Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de real decreto polo que se regulan as características xerais das probas de avaliación final de Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, coñecido como 'real decreto de reválidas': *rexeitado por 31 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 98.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Carme Gallego Calvar, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de xuventude: *rexeitado por 31 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 98.)

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e oito deputados/as máis, sobre o impulso pola Xunta de Galicia para estender os programas de mediación familiar intraxudicial. (Punto quinto da orde do día.)

A señora presidenta comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 98.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 99.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 100.) e *Sr. Sestayo Doce (S)*. (Páx. 101.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Paz Franco (BNG)* (Páx. 102.) e *Sra. Díaz Pérez (AGE)*. (Páx. 103.)

A señora Prado del Río (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 104.)

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Santalices Vieira e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co programa Conecta 72. (Punto quinto da orde do día.)

A señora presidenta comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 105.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Santalices Vieira (P)*. (Páx. 106.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 107.), *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 108.), *Sr. Ron Fernández (AGE)* (Páx. 109.) e *Sra. Acuña do Campo (S)*. (Páx. 110.)

O señor Santalices Vieira (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 112.)

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Carmen Acuña do Campo e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa profesión de enfermaría. (Punto quinto da orde do día.)

A señora presidenta comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 112.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Acuña do Campo (S).* (Páx. 113.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx.115.) e *Sr. Fajardo Recouso (AGE).* (Páx. 116.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx 117.) e *Sr. Santalices Vieira (P).* (Páx. 118.)

A señora Acuña do Campo (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 119.)

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre a implementación polo Goberno galego dun plan de emprego en materia de investigación, formación e transferencia do coñecemento rural e as medidas que debe recoller. (Punto quinto da orde do día).

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Sánchez García (AGE).* (Páx. 120.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx..), *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 123.), *Sr. García García (S)* (Páx. 124.) e *Sr. Freire Abejón (P).* (Páx. 125.)

Nova intervención do señor Sánchez García (AGE). (Páx. 126.)

Suspéndese a sesión ás nove e dezaioito minutos do serán.

Ábrese a sesión ás dez e seis minutos da mañá.

A señora PRESIDENTA: Señorías, vaian, por favor, ocupando os seus escanos.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non se procede á súa lectura.

Non se xustificaron inasistencias e, polo tanto, señorías, entramos na orde do día.

Informe do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2014

A señora PRESIDENTA: En aplicación das normas reguladoras das relacións entre o Parlamento e o Valedor do Pobo, aprobadas pola Mesa o 28 de maio de 1991, o Valedor expoñerá un resumo do informe debatido ante a Comisión de Peticións o 29 de maio de 2015. Ao seu remate abandonará o salón de sesións, e os deputados e as deputadas iniciarán as súas deliberacións.

Con motivo deste debate, non poderán presentarse propostas de resolución, dado o seu carácter informativo, sen prexuízo das posteriores iniciativas regulamentarias.

Prégolle, polo tanto, á vicepresidenta segunda, que acompañe o Valedor do Pobo ata a tribuna de oradores para que efectúe a súa intervención ante o Pleno da Cámara.

Moitas grazas.

O señor VALEDOR DO POBO (Fernández Rodríguez): Presidenta, presidenta, deputadas, deputados, acudo como comisionado parlamentario a este Pazo do Hórreo, honrado de poder presentar brevemente ante a Cámara o informe do Valedor correspondente ao ano 2014. Fareino de xeito breve, pois xa tivo lugar a presentación en comisión hai poucos días, na Comisión de Peticións, onde, por certo, houbo un rico intercambio de ideas. E, ademais, o dito informe leva colgado na web do Valedor case tres meses. Polo tanto, serei –insisto– breve.

A democracia participativa que a realidade actual impón necesita, precisa, órganos de control para exercer unha per-

manente función de supervisión dos poderes públicos. Neste sentido, é preciso artellar unha adecuada estrutura institucional nestes órganos de control, baseada no equilibrio, na transparencia, na cualificación e na responsabilidade. Iso permitirá fortalecer o compromiso coa cidadanía e dotará de maior lexitimidade as entidades públicas.

A figura do ombudsman –dos valedores, en sentido moderno– responde a semellante situación, e révelase como un órgano que mellora a calidade democrática nas nosas sociedades, afondando na igualdade, reforzando a solidariedade, ou permitindo incrementar a participación cidadá. A esta idea é á que tratamos de responder no Valedor do Pobo, achegando o noso esforzo para que os servizos públicos de Galicia e a boa administración avancen cada vez máis na nosa comunidade autónoma.

O 2014 foi de novo un ano intenso no Valedor, no que esta institución realizou un labor moi exixente, tanto no aspecto de pedagogía e difusión de dereitos como na resolución das consultas e queixas que chegaron ata nós.

Non cabe dúbida de que este órgano xa é unha institución moi consolidada na nosa comunidade autónoma, cunha grande visibilidade e unha permanente referencia para a opinión pública. Iso, sen dúbida, congratúlanos.

A xenérica competencia do ombudsman, é dicir, a garantía dos dereitos humanos, concrétase –como é sabido– no control do principio de boa administración. Na práctica, iso tradúcese normalmente en que as persoas desfavorecidas ou en situación de vulnerabilidade son obxecto de atención prioritaria por parte do Valedor.

O ano pasado ante esta Cámara falaba da existencia dunha serie de retos pendentes para os dereitos fundamentais. Non vou repetir agora esas ideas, pero subliño a súa vivencia. Falaba da interacción entre dereitos fundamentais e mundo dixital, dos dereitos sociais nun contorno de crise, das consecuencias do multiculturalismo, das novas exixencias medioambientais, do dereito subxectivo á boa administración, etc.

Con Georg Jellinek, o xurista de Leipzig, a teoría dos dereitos fundamentais recibiu unha sistemática admirable, que diferenciaba entre diversos status da persoa. Agora, no

século XXI hai que seguir avanzando nesta teoría de dereitos fundamentais para adaptala ás novas necesidades e conseguir así superar eses retos pendentes para os dereitos.

Nesta cualificada misión é preciso destacar que os dereitos sociais teñen que evolucionar no aspecto fenomenolóxico; é dicir, na dimensión aplicativa, na dimensión da súa eficacia, o que exige necesariamente avanzar tamén na súa coercibilidade, e recoller a posición de Jürgen Habermas, que dicía que a democracia xira arredor da súa transformación e non arredor da mera acumulación de ideas. Os novos marcos deliberativos de toma de decisións evidencian a necesidade de fomentar estes cambios.

En relación coa cuestión de cifras do 2014 é preciso facer unha referencia inicial que xa expresei noutras ocasións. Os problemas de dereitos non son problemas cuantitativos senón cualitativos; ou sexa, que os números teñen unha importancia relativa. Feita esta precisión, digo algunha cousa destes números, destas cifras.

As cifras do 2014 –insisto– evidencian ese intenso traballo do Valedor que comentaba antes. As persoas atendidas por nós foron máis de trinta mil –30.722–, divididas en catro grupos: xente que acode a nós presencialmente, atención telefónica, expedientes de queixa e expedientes doutro tipo –normalmente consultas–. A estes números habería que engadir todas as actuacións de pedagogía de dereitos que facemos na institución.

Teño que agradecer publicamente o enorme esforzo que fai o meu persoal neste intenso traballo, cun compromiso co Valedor como institución e cun apaixonamento pola defensa dos dereitos das persoas. Tamén, nesta liña, teño que recoñecer a continua axuda que nos prestan as ONG e as entidades do terceiro sector, sempre moi sensible ás nosas peticións.

No tema das queixas, resumindo a comparativa con outros anos, pode dicirse que chegaron máis persoas que en anos precedentes –máis de 24.000 reclamantes– pero menos asuntos –2.310 en concreto–. Esta diferenza nas queixas entre reclamantes e asuntos explícase pola existencia de queixas colectivas. Este fenómeno –o das queixas colectivas, en grupo– é persistente nos últimos tempos. Vese claramente que as persoas acoden a nós de xeito máis organizado, empregando de forma intensa tecnoloxía dixital, o que

facilita esa organización. Esta cuestión é un exemplo das novas formas de xestión do público, da *res publica*, de tipo máis participativo. A nova sociedade é máis reivindicativa e deliberativa, e emprega os órganos de control, como o ombudsman, de xeito continuo. Isto creo que é bo para a democracia.

Tamén quero comentar nesta cuestión das cifras que no ano 2014 se iniciaron catro informes extraordinarios no Valedor, dous xa rematados a día de hoxe: un de todas as defensorías españolas sobre a situación das urxencias hospitalarias no Estado, e outro, específico do Valedor, sobre transparencia e acceso á información. En fase final de elaboración temos outros dous informes iniciados o ano pasado, un sobre a accesibilidade das persoas con discapacidade e outro sobre atención sociosanitaria a persoas con enfermidade mental. Nese ano 2014 comezamos un novo informe extraordinario sobre os dereitos das persoas LGBTI, que estamos a piques de rematar nuns días.

Outra cuestión á que quero aludir neste momento é a elevada colaboración que co Valedor tiveron os poderes públicos, tanto na subministración da información como no cumprimento das resolucións emanadas por este ombudsman. Os atrancos nesta cooperación son excepcionais, xa os critiquei no seu momento. Pauta común, en cambio, é a colaboración áxil e leal, o que permite arranxar un elevado número de problemas para a cidadanía, e que evidencia un traballo en rede e sinérxico entre as diversas institucións que mellora o sistema público. Grazas, polo tanto, á colaboración de todos estes poderes públicos; de todos os signos políticos, realmente.

A nosa actividade institucional centrouse na difusión e pedagogía de dereitos, o que permite agromar en Galicia un mellor estándar na cultura de dereitos humanos. Neste sentido, no 2014 organizamos con esta finalidade xornadas e seminarios formativos, e desenvolvemos diversas campañas. Ou sexa, a carón da tramitación de queixas, un ombudsman ten un rol cualitativamente diferente, que se asenta na mencionada cultura de difusión dos dereitos humanos.

Por exemplo, unha relevante liña de traballo do Valedor é a que estuda a interacción entre adolescentes e a internet en Galicia. Unha liña de traballo, por certo, que xa é coñecida a nivel internacional. Tratamos, deste xeito, que os mozos e

mozas galegas fagan un uso responsable da tecnoloxía, que non sexa a tecnoloxía un instrumento de acoso ou de violencia de xénero e que non aparezan situacións de ciberdependencia.

Así mesmo, actuamos en prol dos dereitos da muller. Só seremos unha sociedade evolucionada se conseguimos desterrar para sempre a discriminación por razón de xénero. Esta actividade tamén a realizamos en instancias internacionais co gallo de facer fronte á trata de persoas con fins de explotación sexual, un problema que persiste, por desgraza, en Galicia.

Outra actuación de promoción céntrase na defensa dos dereitos do colectivo LGBTI. Trátase dunha nova función encomendada ao Valedor por este Parlamento e que ten por obxecto acabar con calquera tipo de discriminación por razón da sexualidade ou pola forma de sentir esa sexualidade.

Do mesmo xeito, actuamos para impulsar o principio de transparencia. Este principio converteuse a día de hoxe nun elemento esencial da democracia actual, tanto no seu aspecto obxectivo –é dicir, a publicidade activa que teñen que facer os poderes públicos– como no seu aspecto subxectivo –ou sexa, o dereito das persoas no acceso á información–. O noso compromiso coa transparencia evidénciase na nosa nova web institucional, aberta á cidadanía, dinámica, accesible, usable, que está servindo de exemplo tanto na Federación Iberoamericana de Ombudsman, como no Instituto Internacional do Ombudsman.

Conectada con estas cuestións está a aposta pola tecnoloxía dixital, que ten no Valedor unha dimensión estratéxica que nos permite ser máis eficientes.

En fin, tamén impulsamos de xeito decidido a candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade, unha distinción que concede, como é sabido, a Unesco. Un grupo de expertos elaborou, coa nosa coordinación, o informe técnico de base que servirá para presentar a dita candidatura, se os órganos competentes así o estiman adecuado, claro está. Precisamente, a semana que vén organizamos neste Pazo do Parlamento un curso sobre tal cuestión, a candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade.

Invito a todos e a todas a participar no dito curso, se así o estiman conveniente.

Refríome agora a algúns exemplos de investigacións levadas a cabo a partir das queixas presentadas no 2014. Só será unha pequena escolma dos asuntos abordados, nos que tratamos de axudar en todo momento a que avance a calidade dos servizos públicos en Galicia.

O primeiro deses exemplos alude ás denominadas “cláusulas chan” nos préstamos hipotecarios, é dicir, os pactos de limitación da variabilidade do interese. Desde un punto de vista xurídico-social, as cláusulas chan son un exemplo de abuso de posición dominante, inxusta porque non permite que a lóxica evolución dos mercados beneficie adecuadamente os consumidores. Ante isto é necesario que as entidades bancarias amosen sensibilidade social e non se aproveiten das persoas por medio destas cláusulas. A xurisprudencia do Tribunal Supremo é clara ante os déficits de información e de transparencia. A maior queixa colectiva do ano 2014 referíase precisamente aos abusos bancarios, firmada nada máis e nada menos que por 6.700 persoas.

Do mesmo xeito, hai que subliñar as accións do Valedor en defensa do idioma galego. Sen dúbida un dos eixes que moven esta institución é a obriga xurídica e moral de conservar e promover a lingua que herdamos dos nosos devanceiros.

Os poderes públicos e a sociedade debemos protexer e difundir axeitadamente a lingua galega e deixala nunha condición excelente para o futuro. Parece que temos que insistir na utilización do galego nas relacións interpersoais no ámbito privado, no eido tecnolóxico e nos núcleos familiares. Teremos que achegar á poboación, sobre todo á máis nova, tecnoloxía en galego. Por iso a promoción de iniciativas como o dominio “.gal”, do que fomos pioneiros, contribúen a identificar esa poboación máis nova co noso idioma. O Valedor aplaude estas e outras iniciativas que contribúen a crear unha identidade dixital galega no mundo virtual.

Tamén é útil deseñar produtos audiovisuais, así como contidos radiofónicos, atractivos para a cidadanía.

O Valedor tamén traballa en favor da lingua no ámbito internacional, a través da chamada IALC, que é a Asociación Internacional de Comisionados Lingüísticos. Solicitamos no 2014 a nosa admisión na dita asociación internacional para darlle un pulo á nosa lingua. Agora xa integramos formalmente a dita asociación.

Outras das nosas actuacións afectan ao relevante tema dos desafiuzamentos. O Valedor traballa desde hai anos con actuacións específicas para garantir unha vivenda digna a todas as persoas. Deste xeito, ante a problemática dos desafiuzamentos, artellamos actividades múltiples y diversas cos afectados, coas plataformas de apoio, cos servizos sociais da Xunta, cos servizos sociais dos concellos, cos órganos xudiciais e coas entidades bancarias. E todo isto con éxito, porque sempre logramos deter o desafiuzamento que chegaba a nós en modo de queixa.

Así mesmo, hai que destacar o noso labor en favor da integración das persoas con discapacidade. Trátase dun reto de calidade democrática e dun imperativo moral para todos. Deste xeito, buscamos a promoción dos dereitos das persoas con discapacidade fomentando a súa autonomía, a mobilidade e a accesibilidade, o seu acceso ao ocio e á cultura, o deporte e a calidade de vida.

Tamén foron diversos os asuntos tramitados que afectan os menores como colectivo: temas de *ciberbullying*, de pobreza, de obesidade, de consumo de alcohol e outras drogas. Estas cuestións que tocan a menores deben investigarse de xeito permanente, é dicir, deben ser liñas de traballo continuo e non só queixas illadas. Neste sentido, a loita contra o risco de exclusión social das familias galegas, sobre todo daquelas que teñen menores ao seu cargo, pasa polo máximo esforzo da Administración e da sociedade. As variables que poden provocar estas situacións están identificadas, sen dúbida. Agora o que temos que desenvolver son indicadores de amplo espectro que fagan posible unha medición pluridimensional da desigualdade infantil. Sen datos de calidade non é posible debater sobre as concretas medidas legais e políticas que hai que adoptar nin crear procesos de seguimento e avaliación anual para medir os plans de acción sobre a pobreza e a desigualdade. Así as cousas, semella necesario intensificar o apoio aos servizos sociais municipais para desenvolver programas dirixidos de forma prioritaria aos fogares con menores.

No consumo de alcohol e outras drogas por parte de persoas menores reclamamos un verdadeiro compromiso das nais e dos pais, que deben asumir as obrigas propias da patria potestade. Ademais, os poderes públicos deben facer campañas de información e sensibilización, estudos de monitoreo e protocolos precisos e eficientes ante tal actuación.

En conexión con cuestións xa citadas, temos outras accións deste ombudsman para loitar contra a exclusión social. O verdadeiro perfil xenético dun ombudsman é axudar as persoas que se atopan nunha situación de vulnerabilidade, nunha situación de exclusión social. Esta loita supón incidir na igualdade intrínseca da que falaba Robert Dahl para dicir que a democracia era o mellor sistema. A maioría de queixas por asuntos sociais refírense, no ano 2014, a atrasos e denegacións de axudas de inclusión social ou de axudas de emerxencia municipal. En numerosos casos confirmamos demoras, aínda que tamén en moitos outros supostos a nosa intervención propiciou a resolución final e o pago da prestación. Sempre reclamamos unha rápida tramitación na resolución destes procedementos por parte das entidades responsables. Realmente as situacións de exclusión social ou de risco requiren esta rápida reacción, pois, no caso contrario, resultan estas axudas sociais pouco útiles. O aumento das solicitudes para a concesión de axudas propiciou neste ámbito que as administracións tamén incrementasen a partida orzamentaria dedicada a elas.

No ámbito do medio ambiente esta institución recibe queixas diversas nas que avogamos polo conservacionismo e por unha forte idea de sostibilidade que permita preservar os riquísimos espazos naturais que temos en Galicia, a nosa flora e a nosa fauna.

Noutro sentido, as numerosas queixas referidas ás corporacións locais buscan sobre todo, no ano 2014, superar as trabas no acceso á información e documentación municipais. Resulta importante progresar neste sentido para que os veciños se convertan en verdadeiros suxeitos activos da vida municipal.

En relación co tema da pobreza enerxética tivemos que resolver distintas queixas sobre o mesmo. A pobreza enerxética é un novo concepto derivado dunha sociedade máis exixente, máis consciente da súa posición, máis reivindicativa –como dicía antes–. Do que se trata é de actualizar o Estado social, adaptalo ás novas necesidades, o que se conecta de novo co que dicía antes dos retos que actualmente teñen os dereitos humanos no século XXI. Para corrixir estes efectos desfavorables da suba do prezo da enerxía creouse o denominado “bono social eléctrico” –que é unha axuda estatal–. E, ademais desta axuda, en Galicia estableceuse o denominado “billete enerxético social”, que se fixo efectivo o pasa-

do ano. Sexa como for, esta institución entende que é necesario establecer prezos sociais ou tarifas reducidas subvencionadas para as persoas en situación de vulnerabilidade ás cales lles permitan dispoñer do mínimo indispensable para gozar dunhas condicións de vida dignas e saudables.

Neste terreo tamén debemos solicitar a colaboración das empresas subministradoras de enerxía, que sexan sensibles e responsables á hora de producir cortes, por exemplo, en momentos delicados –no inverno–. Hai que demandar, sen dúbida, ás empresas conciencia social e responsabilidade social nas súas actividades.

Remato xa.

Norberto Bobbio, o mestre italiano, dicía que os poderes públicos deben procurar a xustiza a través de políticas de integración e de tolerancia. Entendo que o Valedor axuda poderosamente para alcanzar este obxectivo impulsado por un compromiso institucional de progreso continuo e actualización na procura das mellores prácticas que satisfagan a todas as persoas que se achegan a pedirnos axuda. Os dereitos humanos dotan de verdadeiro sentido epistemolóxico o funcionamento deste ombudsman, empeñado no progreso da sociedade, en especial dos que máis o necesitan pola súa vulnerabilidade. Sen dúbida, as persoas máis desprotexidas son obxecto principal dos nosos desvelos para tratar de mellorar a súa situación, é tarefa de xigantes pero é tamén de xustiza.

Moitas grazas pola atención prestada neste momento. Moitas grazas a todos os meus comisionantes, é dicir, a todas as deputadas e deputados, pola súa cooperación e asistencia en todo momento a este comisionado.

Subo, polo tanto, á tribuna de invitados a escoitar os seus comentarios.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, Valedor.

A vicepresidenta segunda acompañará o Valedor.

Unha vez escoitado o informe do Valedor, rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións. (*Pausa.*)

Polo Grupo Mixto, ten a palabra a señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidenta.

Bo día a todas e a todos.

Quero empezar por felicitar o Valedor polo inxente traballo realizado durante este ano 2014, aínda que nalgunhas ocasións non comparta o seu criterio.

¿De que se queixan os galegos e as galegas ante o Valedor do Pobo? Eu creo que é fundamental saber de qué se queixan. E quéixanse da falta de actuación da Xunta de Galiza, o 80 % das queixas refírense a actuacións da Xunta de Galiza. E as que máis queixas reciben son as consellerías de Sanidade e Educación, o cal sería para tomar nota por parte do Goberno. Ademais, aínda que agora o Valedor na súa intervención parece dicir outra cousa, recóllese falta de deber de colaboración das institucións, e sobre todo da Xunta de Galiza, co Valedor do Pobo na súa función. Así, recolle que houbo que reiterar a petición de documentación á Consellería de Educación 34 veces; á de Traballo, 24 veces; á de Medio Ambiente, 18 veces; e á de Medio Rural e do Mar, 15 veces. Desde logo, un total deixamento da súa obriga de colaboración co Valedor do Pobo.

Pero, ademais, quéixanse os galegos e as galegas da vulneración de dereitos que están sufrindo as persoas no acceso a determinadas axudas ou procesos abertos pola Administración. Así, recóllese, por exemplo, a vulneración de dereitos no proceso selectivo do parque de bombeiros de Monforte, algo falado xa neste Parlamento, que é a precariedade laboral que está a sufrir este colectivo. Precariedade que tamén está denunciada no Informe do Valedor do Pobo referente á sanidade pública; en concreto, a un funcionamento opaco das listas de contratación e a non substitución do persoal, precarizando tanto as condicións de traballo como a calidade asistencial que se presta.

Privatizacións, pagos, copagos e repagos en materia sanitaria aparecen no informe do Valedor, que denuncia a enorme repercusión que teñen estas medidas sobre as persoas máis vulnerables. Así, o Valedor recoñece un relevante número de cidadáns que denuncian a deterioración dos servizos públicos nos centros sanitarios como consecuencia da diminución do persoal e a deficiencia de recursos materiais. Inflúen estes

recortes na calidade e na equidade do acceso aos servizos, como ocorre, por exemplo –e aparece no informe–, no Servizo de Hemodinámica do HULA ou en Cirurxía Pediátrica do CHOU. Ademais, quero resaltar a advertencia ou reflexión que fai o Valedor en relación con este tema cando fala de que se están derivando nenos de cirurxía pediátrica programada da área de Vigo ao Hospital Nuestra Señora de Fátima. É dicir, que está claro que hai unha clara intención de privatizar e desviar os pacientes cara á sanidade privada.

Outro exemplo de vulneración de dereitos, e que ademais deberían de estar solucionadas de antemán sen chegar ao Valedor, son as vulneracións de dereitos na Radio-Televisión de Galiza, ou tamén outras infraccións, como o dereito administrativo ou a inacción nos desafuzamentos.

O Valedor reitera a necesidade de axilizar a constitución dun fondo de vivendas sociais –xa non para parar estes desafuzamentos, que é un escándalo que o propio Valedor recoñeza que as actuacións do Valedor do Pobo serviron para parar moitos desafuzamentos, por inacción da Xunta, que puido facer estas actuacións e parar os desafuzamentos–. Tamén é unha demanda, feita xa desde a oposición en reiteradas ocasións neste Parlamento, a creación das vivendas sociais en réxime de alugamento. Polo tanto, unha política inexistente en tema de vivenda por parte da Xunta de Galiza.

Pero tamén hai unha total falta de transparencia en canto ás actuacións en medio ambiente. Así, o Informe do Valedor do Pobo considera –igual que o considerou no seu día a oposición, e así o dixo– que o Plan de actividades extractivas de Galiza nunca debeu ser redactado pola Cámara Mineira. É dicir, non se pode poñer o lobo a coidar das ovellas. E así atopámonos con diversos procesos como, por exemplo, o actual da cova de Eirós, onde a Xunta de Galiza, á parte da opacidade en todo o sistema, despreza totalmente a conservación do noso patrimonio.

Pero tamén o mesmo ocorreu coas obras do AVE no Parque Natural do Invernadoiro e noutros moitos sitios, pois as denuncias sobre o destrozo do medio ambiente que están provocando as obras do AVE non vén de agora senón dende o seu propio inicio, que provocaron, teñen provocado e seguen a provocar contaminación da terra e das augas, destrución do patrimonio natural e do patrimonio cultural.

Tamén recolle o Informe do Valedor reiteradas queixas sobre a LOMCE e recoñece o propio Valedor que trouxo desconcerto á comunidade educativa e á sociedade en xeral. Polo tanto, é necesario –e vólvoo reiterar– que non se faga partidismo nin ideoloxía de algo tan importante como é a educación, que –insisto– se necesita que o grupo maioritario teña suficiente xenerosidade como para non intentar trasladar a súa ideoloxía a través da educación e procure un consenso en educación que, dende logo, non ten a LOMCE.

Igual ocorre co sistema de cualificacións profesionais, que afecta as posibilidades dos cidadáns de acadar un emprego, a mobilidade, o fomento da aprendizaxe ao longo da vida e a cohesión social. Moito alumnado perdeu a súas bolsas por cambio da situación familiar. Polo tanto, o sistema da LOMCE e o novo sistema de becas –recoñecido polo propio Valedor do Pobo– están expulsando do sistema educativo a moitas mozas e mozos galegos.

Falamos tamén de pobreza, de situacións continuadas de emerxencia social que son totalmente invisibles para a Xunta de Galiza, que o propio Valedor recolle que é necesario garantir un ingreso mínimo adecuado para as familias porque a pobreza, porque a mala alimentación, a desnutrición infantil, non é un problema dos nenos e nenas, senón que é un problema familiar; é dicir, os nenos pasan fame, están mal alimentados, cando xa a familia sofre moitas outras necesidades, pois o último que deixa de facer a familia é darlles de comer aos seus fillos.

Tamén hai queixas en servizos sociais. Unha das situacións que parece alarmante –comprobada por min infinitas veces no meu labor sindical durante a miña vida sindical– é como nos servizos sociais que atenden a dependencia, e, sobre todo, que atenden maiores, os maiores son atados a sillas e a camas para impedir que se movan por falta de persoal; persoas maiores que permanecen atadas a unha silla na mesma postura horas e horas e horas. E non só iso, senón que nesas horas nin lles cambian cueiros nin se lles permite ningún tipo de actividade. Polo tanto, merecería unha forte investigación da Xunta de Galiza, posto que a maioría destas residencias teñen un concerto coa Xunta de Galiza.

Pouco tempo, dez minutos, para falar de todo o que recolle este informe do Valedor, pero, sobre todo, quero destacar os incumprimentos en dependencia, que afectan fundamental-

mente aos grandes dependentes e ás persoas cuidadoras, que nun 94 % son mulleres. Estase creando, polo tanto, un grupo de mulleres pobres que serán anciás pobres. Mulleres abandonadas pola Administración, que non foi quen de ter iniciativas e rexeitou todas as propostas da oposición para facer realidade a equiparación de dereitos e deberes entre homes e mulleres. Mulleres que sofren a brecha salarial, os contratos a tempo parcial, e un montón –cada vez máis– de problemas para conciliar a vida laboral e familiar, ademais de que a Administración as bota do sistema e as converte en cuidadoras gratuítas.

Falta de ética da Administración, unha falta de ética alarmante, unha falta de humanidade alarmante, cando xoga co tempo para pagar as cantidades debidas ás persoas que cobran a Risga, poñendo trabas e ampliando tempos, deixando de contestar, abusando do silencio administrativo, dicindo que non hai cartos para pagalas, coma se as persoas que a van recibir puideran ir ao banco e dicirlles: esperen vostedes que a Xunta non ten cartos; cando a Xunta teña cartos eu pagarei a miña casa, a luz, a auga... É indecente que a Xunta non pague ás persoas que necesitan ese diñeiro para sobrevivir. É indecente que o impago da Xunta das prestacións xa concedidas leve a moitas persoas a perder a vivenda e que a Xunta manteña a súa impasibilidade ante a perda da vivenda, en vez de asumir, como mínimo, o pago desa vivenda con cargo á débeda que ten coas persoas que teñen dereito a percibir esas axudas.

Remátame o tempo. Pero creo que, sobre todo, hai en todo o informe do Valedor do Pobo unha conclusión clara: a Xunta de Galiza segue a gobernar para as grandes fortunas, para os monopolios, e ten en total e absoluto abandono o pobo galego; sobre todo, aquelas persoas máis necesitadas de axudas da Administración ás cales manda directamente á exclusión social.

Nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Jorquera Caselas.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señora presidenta.

Deputados e deputadas, señor Valedor, en tan só dez minutos é certamente difícil valorar un informe de máis de

1.300 páxinas. Por iso vou intentar centrarme naqueles aspectos que consideramos máis relevantes e que, ademais, coinciden coas preocupacións dos cidadáns, como revelan os propios datos globais recollidos no informe.

É significativo, neste sentido, que 2014 fose o ano no que a Valedoría recibiu máis expedientes de queixa. É significativo que a maioría das queixas afecten á Xunta de Galiza e, en particular, ás consellarías que absorben máis gasto social. Como é significativo tamén que entre os asuntos tramitados ante a Valedoría con respaldo dunha pluralidade de persoas destaquen as queixas sobre desafuzamentos, cláusulas chan e outras cláusulas abusivas das entidades bancarias.

En moitas ocasións temos discutido neste Parlamento sobre os desafuzamentos, e o informe contén algunhas conclusións que consideramos salientábeis. Recoñécese a insuficiencia dos cambios legais e das medidas adoptadas. A posibilidade de acollerse á dación en pago resultou insuficiente –di o informe– por terse establecidos uns requisitos económicos moi restritivos que deixan á marxe a moitos afectados. Como tamén son moi restritivos –reflicte o informe– os requisitos para acollerse á posibilidade de que se poida suspender o lanzamento por un prazo de dous anos. E hai un claro tirón de orellas polo retraso na creación dun fondo social de vivendas, acompañado da observación de que deberían flexibilizarse os requisitos para acceder ás mesmas.

Noutra orde de cousas, parécenos moi ilustrativo da situación de emerxencia social que estamos vivindo o incremento das queixas na área de servizos sociais. Ás queixas motivadas polos atrasos e outros problemas derivados da atención á dependencia e á promoción da autonomía persoal súmanse agora as motivadas polos atrasos e atrancos no outorgamento da Risga e outras axudas. Nalgúns casos os beneficiarios da Risga padecen demoras de ata un ano, unha cuestión que o BNG ten denunciado con insistencia neste mesmo Parlamento. O informe salienta que aos atrasos se suman as dúbidas interpretativas para acollerse ás axudas provocadas pola Lei 10/2013. Neste sentido quero lembrar que, por iniciativa do BNG, se chegou ao acordo de que o silencio administrativo supoña a concesión automática da Risga cando se supere o máximo legal establecido para responder á solicitude. Mais no informe saliéntase que non se está aplicando, o que, sumado á supresión da garantía de pago provisional de tres meses, non fai senón agravar a situación.

Señorías, dende o noso punto de vista, esta situación que reflicte o informe é unha demostración da absoluta falta da máis mínima sensibilidade social por parte do actual goberno. Miren, segundo un recente informe da Rede Europea de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social, en Galiza hai máis de 90.000 persoas en situación de pobreza severa, máis de 370.000 en situación de pobreza e case 700.000 en situación de risco de pobreza. E con esta situación de emerxencia é sinxelamente escandaloso que se produzan estes atrancos e estes atrasos na concesión das axudas.

O informe dá conta tamén de numerosos incumprimentos en materia de dependencia. Salienta a existencia de retrasos considerábeis nos programas de atención e na efectividade dos servizos e prestacións asignadas. Atrasos que son aínda máis considerábeis nas solicitudes de prestacións económicas. E dá conta doutros moitos problemas xerados polas políticas de recortes nesta materia.

Parécennos tamén interesantes as observacións respecto da pobreza enerxética. A pobreza enerxética en Galiza segue aumentando pese a darse o paradoxo de que somos un país excedentario na produción de electricidade. Calcúlase que afecta xa a 100.000 fogares galegos, e o informe dá conta de que o número de solicitantes do billete enerxético social establecido pola Xunta é sinxelamente ridículo, só 352. A razón: as condicións para beneficiarse son moi restritivas e, ademais, só pode solicitarse vía telemática, cando as persoas que están en situación de pobreza enerxética, como é evidente, na maioría dos casos teñen tamén enormes dificultades de acceso ás novas tecnoloxías. E, ademais, non abonda con aportar a declaración da renda, senón que tamén é preceptivo un informe dos servizos sociais municipais.

O informe avoga por adoptar medidas cautelares, como evitar o corte ou interrupción do servizo ás persoas que padecen esta situación. Mais, como xa manifestamos en comisión, dende o noso punto de vista non abonda só con apelar á responsabilidade social das empresas. É necesaria a adopción de medidas de choque desde o ámbito político para combater este importante problema social.

Polo que respecta á sanidade, un dato que fala por si só é que absorba máis do 25 % das queixas presentadas por persoas. A maioría das reclamacións están motivadas pola deterioración da calidade da sanidade pública, e boa parte delas

pola incidencia nesa deterioración dos recortes de persoal sanitario.

E falando de recortes, son moi interesantes as conclusións relativas, por poñer un exemplo, á supresión dos servizos de cirurxía pediátrica no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense. Hai un novo tirón de orellas á Consellaría, que ademais desestimou en boa medida a recomendación do Valedor. A Valedoría recomendou a continuidade do servizo, lembrando que en todo centro sanitario o servizo de urxencias é un servizo primordial para asegurar a asistencia sanitaria inmediata nunha situación de emerxencia, á parte dos trastornos económicos e familiares que representa o traslado a Vigo, e lembrando que ademais estamos a falar de menores, de usuarios que requiren dunha especial protección. Por tanto, a apelación á calidade non pode servir de coartada para o desmantelamento do servizo.

No ensino, entre outras cousas, o informe alerta da deterioración —e, en moitos casos, auténtica degradación— dos centros de ensino, sobre todo dos de maior antigüidade, e da falta de cobertura das necesidades educativas específicas.

Polo que respecta ao emprego público, coincidimos na importancia, como se reflicte no informe, de limitar a temporalidade. Pois esta é totalmente incompatible coa prestación duns servizos públicos de calidade.

En medio ambiente salientase que, vinte anos despois da entrada en vigor das normas sobre transparencia e participación cidadá, a súa aplicación presenta importantes carencias, as solicitudes de información non son atendidas en prazo ou contéstanse de xeito inadecuado e non se respectan as normas no que atinxe á participación das organizacións ambientais nos órganos de consulta. E no relativo á mina de Corcoesto, o informe di textualmente que a declaración de impacto ambiental non tería validez de reactivarse a solicitude; é dicir, o novo procedemento debería de comezar dende cero, en contra da tese que ata agora viña sostendo a Xunta de Galiza.

Sendo xa moi sucinto, en materia de menores coincidimos coa urxencia de intensificar o apoio económico aos servizos comunitarios municipais para evitar situacións de risco de pobreza e exclusión social. Parécenos moi importante a observación de que é necesario ampliar os recursos dispoñí-

beis nos centros de internamento, no que respecta ás medidas privativas de liberdade. O informe di textualmente que a situación actual dificulta ata o extremo que poidan ser respectados moitos dos principios xerais que inspiran o sistema de xustiza xuvenil.

O informe avoga por procurar fórmulas para conseguir a titularidade pública das coleccións artísticas das antigas caixas.

En materia de lingua salienta déficits –cando non manifestos incumprimentos da legalidade– moi importantes na comunicación en galego das administracións públicas. Tamén na comunicación a través das novas tecnoloxías e na comunicación de empresas que fornecen de servizos á comunidade, que nin usan nin atenden os clientes en galego.

O informe salienta que non son suficientes as políticas que se están desenvolvendo en materia de discriminación por razón de identidade sexual e identidade de xénero. Destaca o informe que a crise, e a maioría dos problema sociais derivados da mesma, ten rostro de muller. Velaí a importancia de que as políticas públicas teñan en conta a igualdade en todas as súas vertentes, e alerta da percepción da violencia de xénero que teñen os adolescentes.

Como dixen ao principio, é realmente difícil valorar un informe de máis de 1.300 páxinas en só dez minutos. Por esa razón, en boa medida limiteime a comentar algúns dos aspectos que ao Grupo Parlamentario do BNG lle parecen máis salientábeis, sen estenderme na nosa valoración e propostas. Mais, en calquera caso, quero dicir enfaticamente que o Grupo Parlamentario do BNG toma boa nota de moitas das observacións contidas neste informe. Porque os asuntos que motivaron queixas ante o Valedor non só son sintomáticos das preocupacións dos cidadáns, son sintomáticos tamén de cales son as principais carencias e necesidades nos tempos que vivimos. E son sintomáticos, en definitiva, dos efectos demoledores nos servizos públicos, nas políticas sociais e na preservación, polo tanto, da cohesión social das políticas de recortes.

Moitas grazas.

Nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

Ten a palabra o señor Ron Fernández.

O señor RON FERNÁNDEZ: Bo día a todos e a todas.

En primeiro lugar, saudar a intervención do valedor do pobo, se ben temos que destacar a contradición que se deu entre a súa intervención oral, que consideramos en certo modo condescendente coa acción do Executivo galego, e o seu informe, o informe presentado polo Valedor, polo departamento, polos seus colegas tamén, porque o informe si que incide no comportamento –digamos– contraditorio do que debe ser unha administración pública, que debe ser, en primeiro lugar, garantir os dereitos de cidadanía dos galegos e galegas.

E, nese sentido, por iso non debe ou si abraiar que aumentara un 28 % con respecto ao 2013 o número de queixas individuais. É un número bastante significativo. E isto ten dúas lecturas ao noso entender: por unha banda, a cidadanía sabe perfectamente que o Valedor constitúe unha canle privilexiada e que pode ter utilidade para a defensa dos seus dereitos, pero ao mesmo tempo o que vén significar é que a Administración pública –como dicía– incumpre as súas obrigas como tal.

Xa se dixo aquí que o número de queixas, por exemplo, o 76 %, máis do 76 %, abrangue catro eidos fundamentais: emprego, xustiza, economía, transparencia e sanidade. E é algo realmente alarmante. Mais se nos centramos nas queixas que teñen como obxectivo a acción da Xunta de Galicia, o 86,40 %, é dicir, 8.342 queixas sobre 9.655, afectan a Consellería de Educación e a Consellería de Sanidade. Un número alarmante, porque indica, ademais, o traballo que vén realizando Alternativa Galega de Esquerda así como outros grupos parlamentarios sobre a degradación constante á que está sometendo o Executivo galego os servizos públicos básicos e que deberan ser os máximos expoñentes para a defensa e a garantía dos dereitos de cidadanía.

E, por riba, hai que destacar que é a Consellería de Educación á que máis veces houbo que chamarlle a atención polo seu deber de informar, e é a que máis veces non atendeu ou deixou sen atender a resolución encomendada polo Valedor do Pobo. Polo tanto, ademais isto vén incidir naqui-

lo que denunciabamos desde Alternativa Galega de Esquerda, que demostra, desde logo, que a Consellería de Educación e Cultura ten un comportamento pouco ético, porque, ademais, non debe abraiarnos se consideramos que é o departamento que ten un maior número de sentenzas contrarias á súa acción política, que é unha acción que degrada os dereitos da cidadanía no acceso á educación pública. Entraremos un pouco máis adiante en falar deste departamento.

Con respecto ás diferentes áreas traballadas e aos resultados da investigación do Valedor do Pobo, cómpre destacar basicamente as irregularidades existentes en varias desas áreas. Por exemplo, en materia de emprego público, irregularidades nos procesos de selección de persoal. Algo que non debiera simplemente existir; lamentable. Tamén o uso perverso do silencio administrativo; xa se dixo aquí.

Con respecto á área de urbanismo e vivenda, cómpre chamar a atención sobre a observación que fai o Valedor do Pobo sobre a necesidade de revogar a supresión de axudas á subsidiación, que se basea nunha interpretación –ao noso entender– errada, mais que o Valedor do Pobo afirma que non é a máis acaída, para garantir os dereitos de cidadanía con respecto precisamente a esa axuda. Polo tanto, nós apoiamos efectivamente esa revogación e que se concedan loxicamente todas as axudas negadas.

Xa destaca o Valedor do Pobo deficiencias en vivendas de protección oficial, xa se falou aquí dos desafuzamentos por débeda hipotecaria e que existe unha urxente necesidade de crear ese fondo social de vivenda. Isto require loxicamente unha acción por parte da Administración pública, por parte da Xunta de Galicia, en cooperación cos concellos así como co Estado.

En materia de medio ambiente, destacaremos loxicamente de novo os incumprimentos. Incumprimentos con respecto ao Convenio da ASUS, que di que hai que manter a transparencia e manter a participación con respecto á información. Mais aquí unha vez máis temos denegacións infundadas. Por exemplo, a Sociedade Galega de Historia Natural nunca tivo resposta ás súas solicitudes.

Destacaremos como xa fixo o voceiro do BNG a necesidade de que decaían absolutamente todos os trámites, entre eles o de impacto medioambiental con respecto á mina de

Corcoesto. Igualmente, nunha acción que Alternativa Galega de Esquerda levou adiante, destacaremos a necesidade de que se respecte fundamentalmente a cova de Eirós. A explotación de Triacastela pon en perigo a arte rupestre máis importante de Galicia e posiblemente da península. Polo tanto, nós entendemos e, ademais, aí fixeramos unha iniciativa para elevala a patrimonio da humanidade e protexela da desfeita á que se está sometendo.

En educación, xa se dixo que a aplicación da LOMCE coincide co que dicía Alternativa Galega de Esquerda: faise sen tempo, produce disfuncións estruturais e ademais nun contexto de recortes orzamentarios que impiden o desenvolvemento axeitado precisamente do que se lle debe exixir á Consellería de Educación, e que por riba a Consellería de Educación exige aos centros educativos. Polo tanto, nós entendemos que a LOMCE non debiera desenvolverse da forma en que se está facendo.

Insiste tamén o informe do Valedor do Pobo na falta de seguridade xurídica na educación superior, na necesidade, por exemplo, de que se mellore todo o aspecto de infraestructuras e mantemento dos centros escolares xa envellecidos. Ou, por exemplo, en solventar as numerosas situacións de vulneración de dereitos en materia de atención á diversidade nos centros educativos, e que aquí Alternativa Galega de Esquerda nas diferentes iniciativas encontrou a negativa do grupo maioritario.

Onde se produce notable incremento de queixas é nos servizos sociais, porque aí precisamente é onde está vivindo a cidadanía galega a maior crise, a maior estafa, que é a negación de vivir con dignidade. E iso estase negando en materia de vivenda, en materia de pobreza enerxética, en incumprimentos da Lei de dependencia, en insuficiencia de recursos materiais e humanos. Apélase a que os servizos sociais municipais teñen que cumprir a súa obriga, pero estanse desmantelando. Unha persoa dun concello non pode atacar toda a problemática en materia social que ofrece ese concello, e exige da Xunta de Galicia unha actitude firme en defensa dos dereitos de cidadanía.

E estanse incumprindo tamén en materia –xa se dixo aquí– de menores. Moito se ten falado, e Alternativa Galega de Esquerda ten pedido precisamente o amparo do Valedor do Pobo para que se fixera un estudo que permitise a detec-

ción dos problemas nutricionais da poboación infantil e poder atacar a través de programas eficaces esa problemática. Tivo que ser o Valedor do Pobo o que iniciara o seu estudo. E no seu estudo destaca, efectivamente, que aínda ten que seguir estudando porque non se teñen datos, non se facilitan datos concretos que permitan atacar esta problemática, pero existe. E mentres existe este problema, ¿que se fai? ¡Ah!, pois dicir que os comedores escolares teñen que permanecer pechados, porque é un problema das familias. Nós dicimos que hai que combinar todos os eixes de actuación, porque os servizos sociais municipais están sendo desmantelados. Polo tanto, non poden precisamente traballar o que hai que traballar, que é nas familias.

E, polo tanto, a Xunta de Galicia ten que atacar transversalmente toda esta problemática en materia dunha renda básica para que permita a suficiencia financeira destas persoas e vivir con dignidade, atacar o problema de facilitar que as infraestruturas educativas abran en todos os tempos vacacionais, para ofrecer a través de programas complementarios que permitan a conciliación laboral e familiar tamén unha solución ao problema alimenticio que están vivindo as familias galegas. É unha necesidade.

E quixera rematar apelando a un colectivo que non pode acudir ao Valedor do Pobo, un colectivo que non ten quen defenda os seus dereitos de cidadanía máis que aqueles colectivos que se dedican precisamente a defendelos. Refírome ao colectivo da poboación inmigrante. A poboación inmigrante vive unha situación de exclusión sanitaria, xa o dixo Médicos do Mundo; vive a denegación no acceso da Risga, porque lle piden un requisito incompatible como é estar dado de alta no censo de residentes estranxeiros en Madrid, que pide ademais suficiencia económica. ¿E como poden tela se piden a Risga? Pero aquí negouse cambiar esa petición. E logo as deportacións exprés e o acoso policial. Viven unha auténtica tortura no día a día en plena democracia, e iso, desde logo, demostra que non vivimos en democracia. E cómpre que Galicia, a Administración pública galega garanta os dereitos de cidadanía de todas as persoas que viven en Galicia, sexan de onde sexan.

Polo tanto, nós entendemos que queda moito por facer e saudamos a chamada de atención do Valedor do Pobo. Nós tomamos tamén nota de moitas suxestións que figuran nela para elevalas a través de iniciativas, e veremos que fai aí

nese momento o Partido Popular cando teña que apertar o botón de si ou non.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Socialista.

Ten a palabra dona Patricia Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidenta.

Falar do informe do Valedor do Pobo é falar de dereitos civís, e o día de hoxe falar de dereitos civís é falar de Pedro Zerolo, falecido hoxe mesmo, esta mesma noite. *(Aplausos.)*

Temos que dar a noraboa ao valedor e ao seu equipo por este traballo do ano 2014 en materias como a vivenda, o medio ambiente, a educación, a sanidade, os dereitos da muller, o dereito de acceso á información... Tantos dereitos civís que sería imposible en dez minutos falar de todos.

Pero os socialistas imos falar da tremenda erosión que o Partido Popular e as súas políticas están ocasionando ao noso Estado social, democrático e de dereito, deses que vos tedes falan con tanta frecuencia. E o primeiro que quero facer é reiterar as verbas do valedor na comisión deste pasado día 29 de maio, cando dixo: “O principio de austeridade non é un principio constitucional”. Tomamos nota neste lado da bancada, agardamos que nese lado tamén tomen nota.

O informe do Valedor é unha censura á política de austeridade do Goberno de Alberto Núñez Feijóo, que ten provocado unha deterioración evidente de todos os servizos públicos, e especialmente en sanidade, educación e políticas sociais.

En educación hai moitas cousas que denunciar, mais hai dúas que removen especialmente o corazón das persoas decentes. Estou a falar das melloras nos edificios escolares. O propio valedor di que hai queixas continuas e que a propia consellería recoñece problemas para adaptar un elevado número de centros de certa antigüidade aos requisitos mínimos que deben cumprir legalmente os centros educativos. E no seu informe fala de –estamos a falar de nenos–: falta de

illamento térmico adecuado; cubertas de fibrocemento; condensacións e humidades en paredes e teitos; saneamentos obsoletos; insuficiencia de potencia eléctrica ou mal estado da instalación; falta de adaptación aos alumnos con problemas de mobilidade; problemas de accesos e de seguridade viaria polo tránsito de vehículos particulares, peóns ou autobuses de transporte en recintos reducidos; moitos colexios sen patio cuberto, o que obriga o alumnado a quedar nas aulas ou concentrarse en espazos cubertos, reducidos os frecuentes días de chuvia. Páxina 353 do informe do Valedor, que nos gustaría que, se estivese presente o conselleiro de Educación, lese detidamente.

Estamos a falar tamén das necesidades de apoio educativo a nenos e nenas con dificultades, porque a atención temperá é fundamental, é prioritaria, e di o Valedor que “non pode quedar afectada por criterios de eficiencia de gasto nin por outras consideracións”. Vostedes, señores do Partido Popular, provocan eivas na atención temperá, e este goberno –como dixen antes– non ten corazón.

¿Que pasa coa sanidade? Segue a ser un motivo de queixa a diminución e insuficiente dotación de persoal sanitario, e houbo este ano 4.095 queixas pola decisión da Consellería de Sanidade de suprimir o Servizo de Atención Continuada en Cirurxía Pediátrica do Complexo Hospitalario de Ourense. Afecta un colectivo de, outra vez, menores, menores de 14 anos, especialmente de 0 a 3 anos, e son máis de trinta mil. E a conselleira de Sanidade respostou ao Valedor friamente coas seguintes palabras: “Estanse a cumprir todos os parámetros de calidade e seguridade con recursos humanos e materiais”. Falamos de nenos, e a resposta é absolutamente fría; a Consellería pasou da recomendación do Valedor.

Polo tanto, repito: vostedes non teñen corazón, vostedes non respectan as normas, vostedes non respectan os dereitos das persoas. E estou a falar dos dereitos dos concelleiros e das concelleiras que nas corporacións locais día a día ven vulnerado o seu dereito fundamental de acceso á información do artigo 23 da Constitución do ano 1978. Supuxo 25 expedientes neste ano 2014, e en 2013 foran 16. Falo en concreto –e que ben que estea aquí o vicepresidente da Xunta do Concello de Cambados, ese concello que é unha das cernas do Partido Popular, ese concello do que o vicepresidente era o seu secretario municipal, pois o Concello de Cambados e o alcalde de Cambados negan reiteradamente o

acceso á información aos nosos compañeiros socialistas no Concello de Cambados. Tanto é así que un xulgado do concencioso-administrativo de Pontevedra ten requirido o alcalde e incluso ten imposto unha multa ao alcalde por non aportar a documentación requirida. A verdade é que non sei se a vostede lle dará vergoña pero a min si me daría vergoña que un dos meus alcaldes estivese nesa situación.

En dez minutos non teño tempo, pero si que a Conselleira de Traballo e Benestar merece unha atención, un tratamento especial. A redución de fondos de 2009 ata o 31 de decembro de 2014 foi de 535 millóns de euros; o Valedor incrementou o volume de expedientes nesta materia nun 41 %, o volume de reclamantes nun 78 %. A Consellería non é nin sequera capaz de facer unha sinxela tarxeta de discapacidade, que, por certo, hai en Andalucía, porque di que é necesario fixar unha axenda de desenvolvemento desta tarxeta.

¿Que dicir do centro San Francisco de Vigo? Vivimos aquí o lamentable espectáculo coa conselleira de Traballo e Benestar e cremos que merece un seguimento despois de ler o informe do Valedor.

¿Que pasa co funcionamento do servizo 065? Que o Valedor o ano pasado lle pedía á conselleira que cambiase a súa política, e segue na mesma liña que o ano pasado. “Pasa olímpicamente” –como se di de maneira coloquial– das recomendacións do Valedor.

Isto ten relación coa aplicación da Lei de dependencia en Galicia. O Valedor di que os resultados, os problemas son os mesmos que os do ano 2013. Somos a Comunidade Autónoma con máis persoas en lista de espera, ata 16.000 segundo o Valedor, 18.000 coa prestación recoñecida pero sen ser atendidas, máis de sete mil persoas teñen falecido no limbo da dependencia dende o ano 2012.

E voules poñer outro exemplo que vén na páxina 553 do informe, que nos gustaría que a conselleira –que non está– tamén lese, que fala dunha persoa que iniciou un procedemento en outubro de 2008, non tivo resolución, fixo unha queixa ao Valedor en 2013, houbo unha recomendación do Valedor á Consellería e a señora morreu a finais do 2014 sen ter recoñecida a súa dependencia. Esta é a súa situación. E logo os seus herdeiros piden reclamacións de compensación

por falecemento, a xustiza di que teñen dereito a ela, pero a Consellería de Traballo e Benestar curiosamente decide que non teñen ningún tipo de dereito. O Valedor di que hai unha mala praxe por parte da Consellería, e nós reiterámolo aquí.

Incrementouse o número de solicitudes de Risga e axudas de emerxencia social. É verdade, a conselleira, reiteradamente, recórdanolo nesta Cámara, pero o que non di é o que di o informe do Valedor, que é “con motivo da deterioración das condicións de vida”. Estaría ben que lese o informe do Valedor.

Hai atrasos na concesión da solicitude de Risga, atrasos na reinstauración despois dun traballo, desacordos nas revisións, atrasos en recursos de alzada contra resolucións denegatorias, atrasos no outorgamento de complementos. Un absoluto desastre, e cando a Risga agocha unha situación de urxencia que non admite demoras. A conselleira, ademais, en situacións de urxencia pasa do silencio positivo, que sería favorable ás persoas que solicitan a Risga. O peor de todo é que non cumpriu o compromiso do ano pasado de resolver e pagar con urxencia.

O mesmo pasa con menores. ¿Que pasa co centro de Montealegre, señora conselleira, que non está? Gustaríanos saber por que continúa en obras e por que non sabemos absolutamente nada da solución deste problema.

E o mesmo coa pobreza das familias na alimentación infantil. Damos a en hora boa ao Valedor polas súas consideracións.

En resumo, do informe do Valedor, despréndese a frivolidade absoluta da Consellería de Traballo e Benestar, despréndese que o Goberno de Feijóo e do Partido Popular teñen provocado un absoluto desastre coa súa xestión vergoñenta da Lei de dependencia e despréndese a deterioración imparable en educación e en sanidade.

En definitiva, os socialistas exiximos, posto que vostedes, señores do Partido Popular e señores do Goberno, non leron o informe do Valedor do ano 2013, que lean detidamente o do ano 2014, e logo do severo correctivo do Valedor ás conselleiras de Sanidade, pero sobre todo de Traballo e Benestar, estaría ben que o presidente da Xunta as dese.

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ten a palabra o señor Baamonde Díaz.

O señor BAAMONDE DÍAZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Moi bo día, señoras e señores deputados.

Saúdos tamén ao señor valedor do pobo e o seu equipo nesta súa comparecencia para facer a presentación do informe de 2014 e que pon á disposición desta Cámara e da sociedade en xeral unha ferramenta formidable e unha radiografía formidable do funcionamento dos servizos da Administración pública galega.

Antes que nada, eu como todos os demais grupos que me precederon no uso da palabra quero sumarme á felicitación recibida polo señor valedor, polo seu traballo e tamén polo seu informe. Felicitación unánime que vén demostrar que o señor valedor está a facer ben o seu traballo. E neste sentido eu quero reafirmar o firme apoio e compromiso do Partido Popular cunha institución que foi posta en marcha por gobernos do Partido Popular e que naquel momento o propio presidente Fraga facía referencia a ela como institución absolutamente necesaria para o control político e institución absolutamente necesaria para mellorar o funcionamento da Administración pública a través da constatación das súas eivas, que é fundamentalmente o traballo que cumpre o informe do Valedor.

En relación coa valoración, pois é certo que o informe pola propia estrutura e pola configuración da institución quizais adoce de cuantificación numérica e de exceso de composición descritiva. E nese sentido nosoutros agradecemos o esforzo do Valedor por facilitar a súa comprensión a través da determinación da inclusión no seu informe de referencias sociolóxicas e tamén do cambio da metodoloxía.

En orde á valoración, evidentemente, nosoutros non imos entrar no detalle concreto de cada unha das áreas que se recollen nela, pero si subliñar unha cuestión elemental: tal e como pasou na Comisión de Peticións, como soe ocorrer, pois hai diversidade de opinións ao respecto.

É certo que no que se refire á oposición, a diversidade de opinións haberá que situala naquel criterio que marcaba aquel xenial toureiro Rafael *El Guerra*, que despois dunha tarde na que foi despedido cunha bronca monumental por toda a praza lle explicaba a un amigo: *“Mi actuación fue recogida con división de opiniones, unos se acordaron de mi padre, otros se acordaron de mi madre”*. E neste caso concreto é certo que os grupos da oposición, uns acórdanse do deficitario funcionamento de determinados servizos públicos, outros das actuacións da Xunta de Galicia, pero, en definitiva, dentro desa división de opinións todos coinciden en utilizar o informe do Valedor como panca de crítica da acción do Goberno e intentar reflectir unha situación caótica da Administración pública galega.

Obviamente, no que atinxe ao Grupo Popular, a nosa valoración é diferente. A nosoutros nin nos gusta nin nos desgusta o informe do Valedor do Pobo, en canto que somos conscientes de que expresa a voz da cidadanía e que, polo tanto, non está feito a favor de ninguén nin en contra de ninguén. Somos conscientes de que pola súa propia configuración e ao recoller as queixas da cidadanía, pois, efectivamente, aparecen reflectidas no informe eivas no funcionamento dos servizos públicos da Administración pública galega. Eivas que non vou reiterar porque xa as expuxo o valedor, xa están claramente explicitadas nese informe colgado na páxina web e xa insistiron nelas os grupos da oposición.

Pero si teño que dicir que o exame sosegado do informe, o exame equilibrado, pois lévanos a algo elemental: en primeiro lugar, á constatación da distinta actitude da Xunta de Galicia en relación co informe do Valedor. En etapas anteriores, o informe do Valedor era acollido un pouco como o globo de Betanzos, con grande expectación no momento en que se producía, pero automaticamente, segundo o globo non se sabe onde vai parar, tampouco ao informe se lle volvía facer caso e a Administración pública facía oídos xordos a todo canto se determinaba no mesmo. Pois ben, esa situación mudou claramente no que se refire á actuación do Goberno da Xunta de Galicia dende a presidencia do presidente Núñez Feijóo. A Xunta non fai oídos xordos, senón que reacciona positivamente ás suxerencias que se conteñen no Valedor no que se refire ao funcionamento dos servizos públicos galegos. Teña coidado, señora Vilán, que todos os conselleiros e todos os funcionarios da Xunta de Galicia

reflexionan sobre este informe, e o Goberno galego moi especialmente.

Mostra desa reacción positiva, pois eu citaríala, en primeiro lugar, o respecto institucional posto de manifesto aquí nesta tribuna polo propio valedor. É certo que se producen algunhas excepcións, e moi especialmente na área da Administración local ou da Administración provincial sóese utilizar a institución do Valedor como mecanismo de denuncia política. Aquí falábase de referencias concretas a algún concello. Evidentemente, existen situacións excepcionais; tamén as hai nalgunhas deputacións; por exemplo, a de Lugo recibiu dúas denuncias aceptadas polo Valedor, e poderíamos citar casos concretos de concellos nos que se produce esa situación de falta de cooperación, pero en liñas xerais, como o propio valedor sinalaba, véñse demostrando como francamente é positiva, e así o pon de relevo, por exemplo, a desaparición nos últimos anos das declaracións de hostilidade tan frecuentes noutros momentos.

En segundo lugar, mostra desa actitude positiva da Xunta de Galicia eu subliñaríala a aceptación por parte do propio Goberno de Galicia das suxerencias e recomendacións contidas no informe. Facendo unha escolma do que figura no propio informe de 2014 e sen necesidade de ser exhaustivo poñería algúns exemplos: a aceptación de recomendacións en relación cos prestamos para adquisición de vivendas de protección pública, o incremento de recursos para a Risga e axudas de inclusión, o aumento dos servizos en detrimento das axudas na materia de dependencia, a resposta rápida e satisfactoria nas queixas sobre listas de espera, a posta en marcha dun Observatorio Galego de Violencia de Xénero ou a boa xestión das arbitraxes das preferentes.

Tamén sinalaría como exemplo desa actitude positiva da Xunta de Galicia a pacificación que se vén observando nos últimos anos respecto de áreas que antes eran sumamente conflictivas. Por exemplo: o medioambiente, a xustiza, o lume –que noutros casos tiña carácter autenticamente incendiario, e o propio Valedor alertaba de alarma social ao respecto– e mesmamente a deixación de funcións e de actuacións por parte do Goberno respectivo.

Tamén quero subliñar, posto que o señor valedor fixo referencia a ela, a pacificación da cuestión lingüística que se observa nos últimos informes do propio Valedor. E eu fago

referencia a ese chamamento á defensa do galego, especialmente na forma en que o fixo o señor valedor a través de actuacións positivas para a promoción e defensa da lingua.

Sobre a cuestión numérica, aquí fíxose referencia a ela. É certo que aumenta o número de expedientes e se chega á cifra de 24.000, pero tamén é verdade que baixa o número de asuntos, que son 2.310 en lugar dos 2.746 do ano anterior; cuestión de agrupación de queixas á que facía referencia o señor valedor.

Por certo, esa circunstancia de que a cidadanía acuda en masa á institución do Valedor, por un lado, é un motivo de satisfacción e de felicitación para o propio valedor en canto que vén demostrar confianza. Se a cidadanía acode ao Valedor, loxicamente, é porque ten confianza na institución. Pero tamén é verdade que plantexa unha cuestión que obrigaría á seria reflexión por parte de todos os grupos políticos, en canto que esa presenza masiva, esas queixas agrupadas fan referencia a unha circunstancia evidente, que está agromando unha clase social moito máis participativa, moito menos pasiva fronte ás actuacións dos poderes públicos e que reclama protagonismo na xestión das cuestións que lle interesa. Moi especialmente, o feito de que acuda a unha institución como a do Valedor, dotada de *auctoritas* pero non de imperio, pon de manifesto que en moitos casos a cidadanía empeza a buscar fóra da política mecanismos de denuncia e de solución aos problemas.

Remato xa, señora presidenta, reiterando a felicitación ao Valedor polo achegamento á cidadanía, polas facilidades para a reclamación desa cidadanía a través da incorporación de novas tecnoloxías, pola atención a cuestións de preocupación social como a creación dunha nova área de identidade social e de xénero. E reitero tamén o compromiso do Partido Popular coa institución. Nosoutros non somos como os curas do arcipreste de Hita, que cando soben ao púlpito fan unha cousa e despois din outra; nosoutros, na oposición e no goberno, sempre reiteramos o respecto absoluto á institución e así o seguiremos facendo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Continuamos co desenvolvemento da orde do día co punto 2, de textos lexislativos.

Debate e votación do ditame da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, sobre o Proxecto de lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia

A señora PRESIDENTA: Mantéñense para o Pleno emendas do Grupo Mixto, do Bloque Nacionalista Galego, da Alternativa Galega de Esquerda e do Grupo Parlamentario Socialista.

Para a presentación do ditame da Comisión ten a palabra o presidente da Comisión 7ª, don Vidal Martín-Sierra López.

O señor PRESIDENTE DA COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES (Martínez-Sierra López): Grazas, señora presidenta.

Bos días.

Ditame do Proxecto de lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia. O proxecto de lei tivo entrada no Rexistro do Parlamento o día 2 de decembro de 2014. A Mesa do Parlamento dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e a apertura do prazo de presentación das emendas. Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 7ª, de Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.

As emendas á totalidade foron cualificadas pola Mesa da Comisión 7ª o día 12 de xaneiro de 2015, e as emendas parciais o 23 de marzo de 2015. Os grupos parlamentarios da Alternativa Galega de Esquerda, do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia presentaron cadansúa emenda á totalidade, que foron rexeitadas na sesión do Pleno do 10 de febreiro do 2015.

En canto ás emendas parciais, o Grupo Parlamentario Popular formulou trinta, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia vinte e cinco, o Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda corenta, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego noventa e o Grupo Parlamentario Mixto dez.

A Comisión 7ª designou os seguintes ponentes: polo Grupo Popular de Galicia, dona María Isabel García Pacín como titular e don José Antonio Freire Abeijón como suplente; polos Socialistas de Galicia, don Pablo García

García como titular e dona María Soledad Soneira Tajés como suplente; polo Grupo da Alternativa Galega de Esquerda, don Antón Sánchez García, titular, e don Ramón Vázquez Díaz, suplente; e, por último, polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego, dona María Tereixa Paz Franco como titular e dona Ana Belén Pontón Mondelo como suplente.

A sesión constitutiva da Ponencia tivo lugar o día 20 de abril de 2015, coa asistencia do presidente da Comisión 7ª. A Ponencia mantivo reunión os días 27 de abril e 4 e 11 de maio, nas que se examinaron as emendas presentadas e o texto do proxecto, e elaborouse o informe encomendado, informe que foi sometido a debate e votación na sesión da Comisión 7ª do 29 de maio, ratificándose nela todas as propostas da Ponencia.

O texto articulado do ditame contén noventa e oito artigos, tres disposicións adicionais, cinco disposicións transitorias e cinco derradeiras, e está estruturado en dez títulos.

O título I, referido ás disposicións xerais, regula o obxectivo da lei, os obxectivos xerais, o ámbito de aplicación, os tipos de procesos de mellora da estrutura territorial e as definicións dos termos empregados ao longo do seu articulado.

O título II está dedicado á regulación dos procesos de reestruturación parcelaria de carácter público, cando o impulso é por parte da Administración.

O título III dedícase á reestruturación polas persoas particulares, cando o impulso o fai unha agrupación xerada expresamente para levala a cabo.

O título IV refírese á reestruturación mediante permutas cos supostos de cambio ou non na forma das parcelas permutadas.

O título V recolle dous casos de procesos especiais: para obras públicas e coutos de explotación mineira, cuxa execución condiciona a viabilidade das explotacións agrarias.

Os títulos VI e VII conteñen, respectivamente, as disposicións relativas ás obras inherentes aos procesos de reestruturación parcelaria, así como os efectos e o réxime de financiamento e axudas públicas.

O título IX establece as zonas de actuación intensiva, co obxectivo de incrementar a súa sustentabilidade, competitividade e desenvolvemento rural integral.

E, por último, no título X recóllese o réxime sancionador.

Ata aquí o traballo da Comisión 7ª, que eu presido. Cómpre pois hoxe rematar o procedemento lexislativo sometendo o seu ditame á consideración plenaria.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Rolda dos grupos parlamentarios para fixaren a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defenderen as emendas mantidas.

Polo Grupo Mixto, ten a palabra a señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Ben, empezarei a miña intervención defendendo a miña emenda número 10, de adición á exposición de motivos de tres novos parágrafos co seguinte texto:

“A redución do número de explotacións que se produciu pola desaparición sobre todo das de vacún de leite conduciu á situación actual de vacas sen terra e terra sen vacas.

Baixo o pretexto da modernización para adaptarse ás cotas de leite impostas polo Tratado de adhesión ao Mercado Común, a inmensa maioría das explotacións desapareceron e outras foron empurradas a endebedarse para adquirir cota e adoptar un modelo de alimentación baseado na compra e na produción, e non na produción da terra.

A efectos da política agrogandeira predominante nos últimos trinta anos, arruinaron o rural, pero tamén prexudicaron gravemente o comercio das vilas. Mais o máis grave foi a liquidación do sistema xenuíno de produción de alimentos, eficiente e respectuoso co medio, no canto de promover unha auténtica modernización que debería centrarse en seguir mellorando a produción da terra.”

Partimos pois dunha absoluta falta de autocritica e de análise crítica das actuacións que nos trouxeron ata a situa-

ción actual do noso agro. O maior problema deste proxecto de lei é o mesmo que o defecto xeral que ten case todo o labor normativo do Partido Popular, e que se manifesta todos os anos na Lei de orzamentos: hai unha permanente ausencia dun proxecto estratéxico para o país e para todos e cada un dos sectores produtivos sobre os que di querer actuar; pártese dunha diagnose falsa e moi parcial dos sectores sobre os que se pretende actuar; e cando para situacións sangrantes se establecen liñas de actuación, teñen tan cativo respaldo económico que resultan fume, propaganda ou fogos de artifício. Pois aquí tamén o Proxecto de lei de mellora de estrutura territorial agraria de Galicia non parte dunha diagnose sobre a actual situación do agro e das causas do devalo nos últimos decenios nos que o PP gobernou a Xunta cos seus dous breves respiros para o país.

Un agro condenado dende que os tres partidos do réxime do 78 –Partido Popular, Socialista e Partido Comunista– avalaron e defenderon unha entrada no Mercado Común nunhas condicións ruinosas para o noso agro. Tiñan razón as labregas e labregos cando berraban: “Mercado Común Europeo, ruína do pobo galego”, nas mobilizacións dos anos oitenta e noventa.

O Mercado Común supuxo, ¡iso si!, integrar un case monopolio dos alimentos ás multinacionais europeas. Ducias de miles de explotacións agrarias desapareceron porque os labregos foron literalmente expulsados polas cotas lácteas. O abandono do rural non caeu do ceo, nin foi froito do arrastre dunha industria ou comercio puxante como ocorreu noutras latitudes. O aumento dos incendios tampouco é consecuencia de ningunha maldición. O envellecemento da poboación do rural tampouco. E sen sermos conscientes das causas que nos trouxeron a esta situación de verdadeira emerxencia social, ecolóxica e económica do agro galego, dificilmente poderemos remediar nada.

Detéñome no que foi a liquidación do sector lácteo pola importancia cualitativa e porque estamos a ver agravada a situación no que queda del. As políticas da Xunta oriéntanse nos últimos vinte e cinco anos a ocultar a liquidación do sector lácteo e do agro, con políticas de modernización que non resultaron outra cousa que concentración da produción nun número reducido de explotacións con base territorial insuficiente e cada vez máis dependentes da compra de alimentos para o gando. Ademais, tiveron que endebedarse para mer-

car cota, e agora séntense loxicamente estafados e en moitos casos en riscos de desaparición. ¡A boas horas mangas verdes coa mellora da estrutura territorial agraria de Galiza para moitos gandeiros e gandeiras! Primeiro, liquidaron as pequenas, por non modernas, e agora deixan morrer as que se modernizaron, seguindo as directrices dos gobernos do Partido Popular.

Na repartición das axudas directas e de desenvolvemento rural, contrariamente ao ton triunfalista do Goberno da Xunta, hai feitos obxectivos preocupantes para Galiza. Galiza vén cobrando só o 3 % das axudas directas da PAC que chegan a España, cando supón ao redor do 6 % da produción agraria e entre o 8 % e o 9 % das explotacións e do emprego agrario.

Se no período anterior da PAC, o Programa de desenvolvemento rural de Galicia contou con 1.500 millóns de euros, no período 2014-2020, segundo a información da propia Xunta, vai ter 1.187 millóns de euros, máis de 300 millóns de caída, o que é o mesmo: un 21 % menos.

Polo tanto, os labregos e labregas, os gandeiros e gandeiras fixeron os seus deberes, pero agora atópanse con problemas que non dependen deles, como é o problema do acceso á terra para dispoñer dunha base territorial que lles permita diminuír a compra de pensos.

O fin da cota láctea pon en risco as explotacións actuais, que un goberno responsable tería que apoiar, e abre a oportunidade de recuperar pequenas explotacións que poden ser unha fonte de autoemprego para persoas expulsadas doutros sectores pola crise económica.

O profesor titular do Departamento de Economía Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela, Edelmiro López Iglesias, respecto a este problema, di que Galiza necesita “facer as explotacións menos dependentes da compra de alimentos para o gando e máis baseadas na produción de forraxes, e iso supón meterlle o dente no problema da terra. Consolidar unha industria transformadora galega e organizar a relación na cadea produtiva entre gandeiros, industrias e cadeas de distribución que hoxe rexén pola lei da selva”. É preciso pensar na mellora da estrutura territorial agraria de Galiza dentro dun plan estratéxico para o agro, e non facer unha lei para dar por mortas as concentracións parcelarias en

marcha e tentar recadar fondos endurecendo o réxime sancionador.

Se pensamos que o agro debe ser, en primeiro lugar, a principal fonte de alimentos para os nosos cidadáns, entón é cando cobra sentido falar de recuperar superficie agraria útil, pero require ademais un sector agroindustrial galego e non o fiasco estafa de Alimentos Lácteos.

Hoxe temos un sector lácteo potente na produción, con explotacións que son viables a medio e longo prazo na Unión Europea, pero temos unha industria láctea en Galiza normalmente débil, e a de capital galego aínda máis. Galiza produce o 40 % do leite do Estado, a industria láctea ubicada en Galiza non chega ao 10 % en termos de emprego e valor engadido sobre o conxunto do Estado, e a de capital galego aínda anda na terceira parte. É dicir, producindo o 40 % do leite do Estado, a industria de capital galego supón o 3 % da estatal. E se non hai unha industria que complete a cadea produtiva, o sector galego seguirá sendo vulnerable.

Cómpre comercialización propia de circuitos curtos, e todo iso é sabido e vostedes os do Partido Popular vírono moitas veces sen escoitar nunca. Cando o agro galego volva ser a principal fonte de alimentos, moitos dos perigos ecolóxicos como os incendios diminuirán, recuperarase a poboación do rural, o comercio das vilas será un sector fundamental para unha recuperación económica sostible.

Ademais, ao texto do proxecto de lei fáltalle o máis importante, que son os incentivos fiscais. Tamén cumpriría regular a protección dos dereitos dos propietarios das terras, sendo que en moitos casos son propiedades de emigrantes ou fillos e netos de emigrantes, dos que o PP se lembra só para traer unhas sacas de votos cada catro anos. E se non é posible localizar os propietarios, que esas terras pasen ás parroquias.

Polo tanto, manteño as emendas ao Proxecto de lei de mellora de estrutura territorial agraria de Galicia, e lamento que hoxe Galiza perda a gran oportunidade de acadar un acordo parlamentario que propicie a recuperación do sector agrogandeiro galego e a creación dunha industria agroalimentaria galega.

Na emenda 1 trata de dar prioridade ás explotacións familiares, ás formas cooperativas e á propiedade comunal,

medida que considero básica para asentar poboación no rural, garantir a produción de alimentos de calidade e mellorar a cohesión territorial. Entendo que a negativa do Partido Popular a aceptar esta emenda é consecuencia da súa aposta por entregar o noso agro ás multinacionais do sector, para que sigan a explotar os nosos labregos e labregas.

A redacción do artigo 1 simplemente fala de priorizar as explotacións familiares, as formas cooperativas e a propiedade comunal, co fin de acadar os obxectivos xerais que se recollen no artigo 2.

No artigo 2 a miña emenda trata de declarar que a entidade xestora será a parroquia nos casos de terra sen dono, porque as terras non son dos concellos nin da Xunta, as terras son dos veciños e veciñas da parroquia.

O apartado 4 modificaría a redacción do xeito que recolla que “Os predios integrantes da masa común que a entidade xestora do Banco de Terras cualifique como de aptos para os seus fins pasarán a ser de titularidade da parroquia ou parroquias na proporción de terras achegadas”.

Nas emendas 3 e 4 tratan de eliminar no punto 4 do artigo 56 e no punto 6 do artigo 57 a indefinición sobre o acceso ás axudas específicas para a inmatriculación rexistral dos predios. O texto do proxecto de lei fala de que estas se establecerán de ser o caso, sen aclarar cando será o caso ou cando non será o caso. Unha indefinición que, ademais de basearse na falta de transparencia na actuación da Administración, crea inseguridade xurídica e indefensión á hora de reclamar o seu establecemento ou aplicación.

E o mesmo ocorre en relación coa emenda 5, de substitución do artigo 58.1, eliminando a inconcreción sobre que se poderá promover un proceso especial de reestruturación parcelaria, ou promóvese ou non se promove. Estamos a falar das consecuencias da execución dunha obra pública ou de explotación dun couto mineiro e de como mitigar os efectos prexudiciais sobre a estrutura das explotacións agrarias existentes na zona afectada. Polo tanto, considero que sempre que explotacións agrarias estean afectadas por unha obra pública ou explotación mineira debe procederse á reestruturación parcelaria se así o solicitan –tal como se recolle na emenda número 6– polo menos o 50 % das persoas titulares de explotacións agrarias inscritas nos diferentes rexistros

oficiais e con actividade na zona afectada directamente por aquela.

A emenda 7 trata de garantir que antes da ocupación dos terreos o promotor do proxecto e execución presentará o compromiso financeiro que garanta suficientemente o pago dos custos de reestruturación parcelaria. Non é suficiente con que exista un compromiso financeiro, senón que este debe garantir a cobertura dos custos. Ningún promotor debería poder iniciar a execución dunha obra sen a total garantía financeira para cubrir a totalidade dos custos derivados da dita actuación. Polo tanto, non se entende que sexa a Xunta a que insista en non ser garantista. A única explicación que pode ter esta actitude é a de non querer prexudicar intereses empresariais alleos a Galicia e alleos, polo tanto, ao rural galego e ao desenvolvemento do mesmo. Nega coa cabeza o propio Goberno pero a min gustárame unha explicación, porque me parece increíble que non se sexa garantista na reestruturación dos terreos e que non se lle exixa que a garantía sexa suficiente para esta función, é algo insólito.

A emenda 9 tamén inflúe na exposición de motivos e é porque non se entende como foi rexeitado incluír a necesidade de implementar instrumentos para que o agro recupere a función estratéxica de producir alimentos de calidade e suficientes para a cidadanía. Aquí a única explicación que se pode atopar volven ser os intereses coas grandes empresas produtoras e distribuidoras. Ningún goberno que pretenda gobernar o seu país nega a posibilidade de que o seu agro dea alimentos de calidade suficientes para cubrir as necesidades do seu pobo. Eu creo que só a Xunta de Galiza, gobernada polo Partido Popular, é capaz de non aceptar unha emenda deste tipo.

Ante a envergadura da tarefa, a súa transcendencia nacional e a súa repercusión nas xeracións futuras propoñía na emenda número 9 contar co apoio técnico das universidades, completado co que reside nas labregas e labregos, para acadar un plan estratéxico para o rural co máis amplo consenso posible político e social. Pero o PP, na súa soberbia, tamén rexeitou esta posibilidade, a única opción para salvar o noso agro. Nin escoitan a oposición, nin escoitan os labregos e labregas, e néganse tamén a contar coa opinión das universidades. Unha total falta de sentido de goberno para o noso país, algo que lamento e unha oportunidade, dende logo, perdida.

Nada máis, moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Soneira Tajés): Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Tereixa Paz.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señora presidenta.

Bos días, señoras e señores deputados.

Señora conselleira do Medio Rural, calquera lei neste país que pretenda actuar sobre a base territorial e ter algún tipo de efecto positivo sobre o medio rural e sobre a economía no medio rural debería partir principalmente desde o punto de vista do Bloque Nacionalista Galego dunha análise dos principais problemas que temos agora mesmo no medio rural. E eu, se me permiten as señoras e señores deputados, pretendía poñer neste ámbito tres aspectos: en Galiza tiñamos aproximadamente –segundo o censo agrario nos últimos datos aos que eu tiven acceso– en torno a oitenta mil explotacións no noso país; temos unha perda de explotacións a un ritmo medio do 3,6 % anual; temos unha superficie agraria útil en abandono progresivo, das máis baixas porcentualmente non só do Estado español senón da Unión Europea, e na última década desde que existen datos perdeuse o 7,05 % de superficie agraria útil, é dicir, superficie apta para ser cultivada para producir alimentos e que está en estado de abandono.

Simultaneamente, no noso país as explotacións agrarias son as que teñen menos superficie agraria á súa disposición, unha media de 8,15 hectáreas de superficie agraria útil, fronte, por exemplo, a Cantabria, na que teñen 24,48; fronte á media do Estado español, que está por enriba de 25 hectáreas; ou, por exemplo, fronte a cifras como as de Francia, de case 54, ou de Dinamarca, 63 hectáreas. E todo isto son os problemas que configuran unha situación no noso medio rural caracterizado pola perda demográfica, polo envellecemento demográfico, pola perda de dinamismo económico porque desaparecen as explotacións.

E fronte a iso temos outro problema que ten estritamente que ver coa configuración da propiedade no medio rural, coa súa fragmentación, e que é unha situación que vén motivada porque no noso país existen arredor dun millón seiscientos mil titulares catastrais de parcelas no noso país. Pois

ben, nun país normal, cun goberno normal, unha lei que se chame de “modificación da estrutura agraria” no noso país debería ser algo máis que unha lei que vai incidir sobre un único de todos estes aspectos e problemas que veño de relatar. Sobre o único que incide esta lei é sobre a fragmentación da propiedade, para o único que serve esta lei é para alí onde tiñamos un propietario ou unha propietaria con dez parcelas acabemos tendo un propietario ou unha propietaria con esa superficie agrupada nunha ou dúas parcelas pero coa mesma cantidade de superficie.

E, sobre todo, con esta política, desde logo, non se vai poder incidir sobre un dos aspectos máis importantes desde o noso punto de vista, ademais do da fragmentación da propiedade, que é incrementar a superficie agraria útil que se utiliza –valla a redundancia–, porque o problema que temos neste país é que temos un claro retroceso da superficie agraria útil. E, desde logo, desde o noso punto de vista iso debería ser considerado practicamente unha malversación. Un país como Galiza non pode permitirse o luxo de ter superficie agraria útil con capacidade de producir, con capacidade de xerar riqueza e de xerar emprego absolutamente abandonada, e non tomar absolutamente ningunha medida para inverter esa situación. E esta lei, señora conselleira, debería ser un elo máis dentro dunha política global para afrontar esta situación, para afrontar unha situación que permitise incorporar a máxima cantidade posible de terras á produción agraria e para dotar as explotacións da máxima cantidade posible de terra.

É unha frustración para min vir hoxe a esta tribuna debater esta lei porque, señoras e señores deputados, levamos desde abril do ano 2009 esperando por esta lei. Recordo que no primeiro debate de investidura do señor Núñez Feijóo un dos compromisos que asumiu foi a aprobación dunha lei que producise unha verdadeira modificación nas estruturas agrarias do noso país. Desde o ano 2009, debate do estado da nación tras debate do estado da nación, no seguinte debate de investidura, en todos os debates de orzamentos que se produciron nesta Cámara, comprometeuse por parte do Goberno galego, para facer fronte a esta situación que acabamos de describir, unha lei que puxera fin ou que contribuíse a poñer fin a esa situación.

¿E que temos no canto dunha verdadeira Lei de modificación de estruturas agrarias? Honestamente o unicamente

que temos –e ten que recoñecelo así o Partido Popular– é unha Lei de modificación da Lei de concentracións parcelarias. Por máis voltas que lle intentemos dar ao articulado do proxecto de lei que hoxe se vai aprobar neste Parlamento, eu non atopo ningunha medida que se poida alcumar de verdadeiramente novidosa para dinamizar o mercado da terra nin mobilizar as terras no noso país. O único que atopo é unha lei que lle fai un *lifting* á anterior Lei de concentracións parcelarias. Un *lifting* no sentido de intentar reducir os prazos para a execución das concentracións parcelarias, que, desde logo, todos e todas coincidimos en que era absolutamente desmesurado e deixaba incluso de cumprir co seu cometido polos prazos que se manexaban para a execución de concentracións parcelarias.

Pero tamén dicimos ao mesmo tempo, e recoñezo que, efectivamente, a través desta lei se establecen medidas para reducir os prazos, que se non se poñen máis medios persoais e máis recursos ao servizo das concentracións parcelarias, desde logo, por moito que reduzamos trámites neste novo proxecto de lei, non se vai conseguir o obxectivo de alixerar a tramitación dos proxectos de concentración parcelaria.

Nós cremos, señora conselleira, que este proxecto de lei que hoxe se vai aprobar aquí debería ser complementario doutros instrumentos legais que xa existen neste país, como é do Banco de Terras, que vostedes seguen tendo absolutamente hibernado. Debería ser complementario doutros instrumentos para actuar sobre a propiedade forestal, que vostedes se empeñan como única vía nas sociedades de fomento forestal, que teñen máis que contrastado o seu fracaso máis estrepitoso, pero seguen vostedes sen rectificar a ese respecto. E este debería ser a terceira pata deses instrumentos para evitar esa perda continua e permanente de activos traballando no noso sector primario, co conseguinte devalo demográfico, económico e social que iso provoca no medio rural; debería ser un instrumento para incrementar a superficie agraria útil a disposición das explotacións agrogandeiras e, desde logo, tamén para contribuír a diminuír os custos produtivos desas explotacións, hoxe máis necesitadas que nunca de aforrar custos. Polo tanto, señora conselleira, como dixemos no debate de totalidade, criamos que se unha lei realmente pretendese ser novidosa había moitos outros instrumentos que se podían introducir para que realmente operase algún cambio positivo.

Nós lamentamos tamén desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego que das noventa emendas que presentamos a este proxecto de lei cun espírito absolutamente construtivo, como o proba que a maioría das emendas que formulamos non son nin de supresión nin de substitución senón de adición, pretendiamos mellorar a través de engadir novos métodos, novos procedementos de mobilidade de terras no noso país, e non foi aceptada, señoras e señores deputados, nin unha soa emenda do Bloque Nacionalista Galego, nin sequera se fixo un intento de transacción sobre ningunha das emendas formuladas polo Bloque Nacionalista Galego. O cal demostra dúas cousas, señora conselleira e señoras e señores do Partido Popular: a súa intolerancia, a súa incapacidade para o diálogo, e sobre todo a súa incapacidade para pensar e para ver que hai outras fórmulas de abordar os problemas deste país que as que se veñen ensaiando desde os últimos sesenta anos e que teñen provocado a situación que temos actualmente. Non entendo por que non se poden aceptar emendas que nós formulabamos –insisto– como de adición, como a número 2 ou a número 3, que pretendía definir exactamente que é zona agraria; a número 4, que pretendía definir que é zona forestal, desde o punto de vista das concentracións parcelarias e da reorganización da propiedade; que pretendía, por exemplo, como a emenda número 7, definir a poligonación en zona forestal, porque non todo terá que ser concentración. A min gustaríame que alguén me explicase a utilidade das concentracións en terreo forestal que poden dar lugar, como moito, a unha explotación forestal de 20.000 metros cadrados, de 2 hectáreas, ou incluso de 10 hectáreas, se todos e todas temos claro que iso non é rendible desde o punto de vista da explotación para que fose rendible o terreo forestal.

Non aceptaron vostedes, por exemplo, a emenda número 9, que tamén era de adición, que non pretendía cambiar nada do que vostedes tiñan xa redactado da lei, senón que simplemente pretendía complementar con outras fórmulas o que se establecía nesa lei, por exemplo, a definición de polígonos agrarios de concentración. Ou a número 10, que pretendía definir os polígonos agrarios de asociación.

En definitiva, señora conselleira, outras fórmulas de reorganización da propiedade, que non pasan, necesariamente, polo cambio de dominio das explotacións. Porque, desde logo, como a única ordenación da propiedade forestal que pretendamos facer neste país implique, necesariamente,

o cambio de dominio de titularidade dos predios agrícolas, pouco imos poder avanzar. E ou exploramos novas vías, que por certo xa se ten feito en plan experimental neste país e con resultados máis que positivos, con resultados que mesmo teñen sido postos en valor pola FAO e copiados por outros países, como o que lle acabo de relatar, os polígonos de uso en común das terras por parte dos seus propietarios, como non exploremos esas novas vías, seguiremos como até agora, investindo inxentes cantidades de cartos en concentracións parcelarias para non acabar avanzando o suficiente nese ámbito.

Tampouco entendemos como, por exemplo, non se pode admitir outra emenda como a 16, que tamén era de adición, na que se pretendía establecer outros obxectivos a cumprir nunha verdadeira lei de reorganización da propiedade, como é pois que no caso de polígonos agrarios de asociación concentrar as parcelas nun predio único de substitución de titularidade dunha sociedade. Ou obxectivos no caso de zonas forestais que sexan obxecto de reparcelación, de limitar polígonos que permitan a explotación en conxunto sen, necesariamente, modificar o parcelario preexistente.

Tampouco entendemos por que non aceptaron outras emendas a través das cales o que pretendiamos era delimitar claramente o que é o solo agrario do solo de uso forestal. Porque un problema que temos neste país, señora conselleira, é que temos moito terreo forestal, moi mal xestionado, moi pouca superficie agraria, e que cada vez a superficie forestal invade máis superficie agraria. E, desgraciadamente, non é para producir máis desde o punto de vista forestal, senón para ter cada vez máis parte do territorio abandonado e estragado. E nós tamén presentabamos emendas coas que pretendiamos delimitar claramente eses usos e evitar que se poida seguir utilizando a superficie de aptitude agraria para cometidos forestais, porque –insisto– xa temos moita superficie forestal e polo que se ve non sabemos moi ben que facer con ela, porque senón non a teríamos abandonada.

En fin, podería relatar así até as noventa emendas que formulou este grupo parlamentario. Insisto: a maioría delas de adición, que a maioría delas o único que pretendían –estabamos, desde logo, abertos a calquera tipo de negociación– era introducir novos mecanismos neste proxecto de lei para que realmente, señoras e señores deputados, se lle puidese chamar unha lei de modificación da estrutura agraria de

Galiza. Porque co contido actual, isto –se mo permiten e dígoos con todo o respecto– é única e exclusivamente unha lei de modificación da vixente Lei de concentracións parcelarias. E nós cremos que a realidade é tan teimuda que nos demostra que a vía única e exclusivamente da concentración parcelaria cun pouco de *lifting* que se lle fai neste proxecto de lei ten demostrado o seu máis absoluto fracaso na reordenación da nosa superficie agraria e ten demostrado o máis absoluto fracaso na utilización e na incorporación de máis superficie agraria á produción.

Por iso, desde o Bloque Nacionalista Galego, lamentando que isto sexa, desde logo, unha oportunidade perdida, temos que votar negativamente a aprobación deste proxecto de lei.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Polo Grupo da Alternativa Galega de Esquerda, o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, bos días.

Bos días, señora conselleira. Xa sabe que non teño nada persoal contra vostede, pero se cadra o que digo é un pouco duro politicamente, pero só politicamente.

Eu creo que isto –xa o dixemos no debate da totalidade– é unha manobra máis de distracción dun goberno que non mostra constantes vitais. Eu creo que vostedes como goberno xa son pasado, o único que falta é confirmalo nas eleccións. Se non se confirma, seguirán sendo pasado e este país quedará no pasado, nas políticas do pasado. Pero a vostede estáselle facendo demasiado longa esta lexislatura. Porque vostedes xa non tiveron nin arranque nesta lexislatura, non tiñan proxecto de país, non tiñan. Vostedes parece que quixeron evitar o desgaste non facendo nada, non tendo ideas e non arriscando, non tratando de xogarse o tipo politicamente por este país.

Porque esta cuestión da que estamos falando si que é un proxecto de país que é imposible levar adiante só co rodillo dun partido político, sexa o do Partido Popular ou doutro. E vostedes parten cun hándicap moi importante para cumprir con este país, que foi a súa actitude cando o Goberno bipartito tratou de poñerlle o cascabel ao gato destas cuestións

estruturais. E vostedes, fronte a unha cuestión transcendental para este país, cando estaba na oposición utilizárono con fins electoralistas para torpedear un intento serio, con erros pero serio, de poñerlles solución a problemas estruturais que demostran os datos que están lastrando o desenvolvemento deste país. E parten con esa falta de seriedade como partido político para afrontar cuestións tan serias coma estas.

A realidade estrutural do territorio do rural galego –xa os datos foron expostos pola señora voceira do Bloque Nacionalista Galego–:

Hai un elevado, elevadísimo número de propietarios, 1.600.000 titulares catastrais de terras no rural; pequeno tamaño das parcelas, fragmentación debido a uns procesos históricos que para nós nin é bo nin é malo. Non é bo nin é malo se hai un proxecto para este país, porque parte dunha realidade deste país, non dunha realidade de Castela-A Mancha.

A continua e drástica perda da superficie agraria útil –non vou darlle datos–: en dúas décadas, de 1985 a 2005, perdéronse preto de cento cincuenta mil hectáreas. Pero é que no período 2007-2013 se acelera ese proceso, lonxe de haber un punto de inflexión que marque iso. A pesar de que se pechan explotacións a un ritmo elevadísimo, non hai unhas políticas, nin recursos para que a terra que deixan esas explotacións sexa absorbida polas que quedan, sen entrar a valorar o que significa este peche das explotacións. Esta perda de superficie agraria útil xa está suficientemente estudada, é debida á presión urbanística, á presión forestal e polo propio abandono debido á falta de vitalidade de moitas zonas do rural e pola falta de políticas de dinamización do rural; abandono da superficie agraria e abandono da superficie forestal.

Tamén temos que dicir unha vez máis que Galicia non produce suficientes alimentos para autoabastecerse. Isto non significa esa caricatura de que non queremos importacións e exportacións, significa que no balance Galicia ten un déficit de moitos centos de millóns de euros. Non somos capaces de producir nun país que precisamente non é Groenlandia.

O principal sector agrario galego, o lácteo, que máis contribúe á produción final agraria está lastrado na súa competitividade precisamente por esta cuestión da estrutura e da falta de base territorial, é un hándicap se mire por onde se

mire, é un hándicap. E, evidentemente, isto, señora conselleira, non é culpa dos gandeiros.

Fracaso das políticas de ordenación do territorio. A única política urbanística que houbo neste país foi a especulativa. É un fracaso absoluto das políticas de ordenación do territorio; fracaso, evidentemente, atribuíble en maior medida aos gobernos que estiveron na maior parte do tempo no poder.

Ausencia de proxecto de país. Nunca se trasladou á sociedade un debate serio sobre esta cuestión. Máis alá dos intereses individuais, que son moi lexítimos, pero que non deben de ser os únicos, é fixo que toda a lexislación de ordenación do territorio, aínda que anunciase obxectivos moi ben intencionados, fose totalmente ineficiente. Nos plans xerais existe un enfoque unicamente urbanístico destes plans, que non teñen en conta, en ningún caso, as actitudes agronómicas do solo nin o futuro da agricultura deste país.

Hai confusión nos elementos de ordenación do territorio e total inaplicación das directrices de ordenación do territorio, do Plan de ordenación do litoral, de todo. Creouse unha confusión, unha maraña de lexislación que fai totalmente inútiles estes instrumentos.

Incidencia tamén desta falta de ordenación e de abandono na existencia dos incendios forestais, a pesar de que vostede diga que o único problema dos incendios é que hai alguén que lle prenda lume, non.

Abandono e envellecemento e falta de vitalidade en moitas zonas do rural. Os expertos, todos, de dereitas e de esquerdas, din que, evidentemente, o abandono é debido tamén a que en moitas zonas deste país hai envellecemento da poboación en xeral, e envellecemento da poboación agraria confirmado polos datos do Instituto Nacional de Estatística, que xa llos teño repetido moitas veces, pero vounos repetir, porque os que estamos aquí temos menos ocasións que vostede de saír na prensa, a ver se algunha vez queda: o 60 % da poboación agraria en 2013 tiña 60 ou máis anos, e só un 4,68 % tiña menos de 40 anos. ¿Isto non ten nada que ver co abandono das terras? Pois nós cremos que si.

E despois un marco xurídico e fiscal da propiedade que protexe o propietario sen poñer limitacións ao uso. E froito diso pode ser que se faga unha lei de concentración perfec-

ta, tecnicamente hai técnicos na Xunta moi capacitados para facela moito mellor ca min. Pero pódese facer moi ben e poida ser que pase como hai pouco, hai poucos anos, que un terreo do que se fixo a concentración parcelaria de 2.000 hectáreas pois arda na provincia de Ourense, porque está totalmente abandonado.

Polo tanto, ese é un exemplo de como cremos que isto só ten unha solución dende un enfoque integral, dende un enfoque integral do problema: que teña en conta a política de ordenación do territorio; a política urbanística, que se teña en conta dentro destas políticas algo máis que a urbanización; definir a coexistencia entre o agrario e o forestal. E definidas, evidentemente, dende onde marca algo que lle gusta moito dicir ao señor Rajoy, que é o sentido común, que neste país, non como di a Lei de montes, que di que o obxectivo é aumentar a superficie forestal, o prioritario para este país é mellorar a calidade da superficie forestal e frear o avance da superficie forestal. No preámbulo da Lei de montes pon que un dos obxectivos é aínda crear máis superficie forestal. Así, mal imos.

Políticas de dinamización e revitalización do rural. Máis importantes que unha lei perfecta da concentración parcelaria coma esta, ou como aspira a ser esta. Moito máis importante que haxa xente moza que quede no rural, e hai exemplos, porque vostede sempre vén aquí e di que isto pasa en toda Europa. Non, mire, temos un debate despois dunha moción sobre parques naturais e espazos protexidos, e eu estiven mirando espazos protexidos de montaña no País Vasco, onde incrementa progresivamente durante os últimos vinte anos a poboación neses lugares. Evidentemente, porque alí os parques naturais teñen orzamentos. Alí os propietarios forestais que teñen limitacións ao uso teñen compensacións directas e indirectas. Alí fálase coas persoas que viven alí. Alí non se importan modelos alleos, senón modelos propios, porque para iso, nós que somos nacionalistas non o facemos porque somos uns místicos, facémolo para mellorar a calidade de vida das persoas. E ter un modelo propio para un país non é simplemente bicar unha bandeira, senón, evidentemente, non ter complexos para facer proxectos propios. E no País Vasco están facendo proxectos propios pensados para ese país, e aquí non.

Aquí tamén haberá que falar de diversificación e desenvolvemento de sectores novos, con potencial tamén, e de

políticas fiscais e xurídicas de limitación de uso. E aí é onde nos debemos de ofrecer todos, evidentemente, para dicir: si, propiedade privada si, pero a propiedade ten unha función social tamén, que temos que definir como sociedade. ¿Entende? Esas son as limitacións ao uso que queremos facer. E non como dicían vostedes cando se creaba o Banco de Terras e a Lei de mobilidade de terras: que vén o comunismo. Iso non é comunismo, senón que é a lei da selva. ¿Cada un facemos o que queremos no noso territorio? Non, esa non é a nosa concepción. Evidentemente, para facer iso fai falta xuntarse e ter un debate serio e honesto; cousa que vostedes non permitiron, por iso falaba do bipartito, etc. Un enforque integral, con instrumentos que dean resposta a unha realidade do 2015.

Polo tanto, o que non se nos pode prometer é unha medida estrela unicamente, publicar unha lei no DOG cando non se ten esgotado o percorrido da normativa anterior. A Lei de concentración parcelaria anterior claro que necesita melloras, e esta lei algunhas melloras ofrece con respecto á anterior. Pero é que basicamente as medidas estrelas que se nos din xa estaban na anterior lei e nunca se aplicaron. Había sancións para cando se abandonaban terreos concentrados e non se aplicaron. Evidentemente, nós tamén somos partidarios de que non pode ser que as únicas políticas sexan as sancións, cando a Administración desatende todo o resto de funcións. Pero habíaas, pero non se aplicaron.

Entón, ¿que é o que pasaba? Que, evidentemente, creo que era en Melón onde había ese terreo concentrado, a Administración non pode exixir a un señor de 80 anos, cando ten os fillos e os netos emigrados, que teña desbrozado perfectamente a leira ou que a teña traballada; non llo pode exixir, e entón tampouco é evidente que non é lóxico sancionar. Pero o que hai que facer é, evidentemente, manter as sancións e facer que un terreo no que se investiron millóns de euros en centralo que teña xente que traballe nel, que estea traballado. ¿É tan difícil? Porque eu creo que iso si que non ten parangón. En Europa é certo que desaparecen explotacións, pero os terreos están traballados. Haxa menos ou máis explotacións, o territorio está ocupado e ordenado no resto de Europa. Está todo inventado.

Polo tanto, nós cremos que non precisamos unha lei perfecta, aínda que non está de máis; evidentemente, o que necesitamos é un plan, un plan de país, para que se cumpra

a normativa, para que haxa recursos suficientes para aplicala, recursos económicos, recursos humanos e coordinación entre os diferentes instrumentos que se van aprobando.

Nesta lexislatura –xa le falei–, a Lei do solo é contraditoria cos obxectivos que pretende esta lei. A Lei do solo permite a segregación en menos superficie das parcelas, permite novamente a urbanización en solo rústico, desprotexe o solo rústico, e, en cambio, nós estamos tratando de mellorar a estrutura agraria. Parece que son compartimentos estancos que non falan entre vostedes, que non teñen un proxecto en común. A Lei do solo, a Lei de montes... ¿Como se pode dicir cando todo o mundo coincide que unha das competencias da superficie agraria é a superficie forestal, poñer na Lei de montes, no preámbulo, que un dos obxectivos é aumentar a superficie? Pois nós cremos que non ten moita lóxica.

Polo tanto, sen ese enfoque integral cremos que isto son manobras de distracción, seguramente. Sairá na prensa que hoxe se aproba unha Lei de mellora da estrutura agraria, pero non están postos os instrumentos para que se aplique sequera. Por iso nós, dentro das nosas emendas tamén, disciplinadamente –eu non sei se acertamos ou non, ao mellor somos demasiado pardillos–, traballamos, fixemos emendas e con boa vontade, e que ata se nos aceptaron varias; cuestións que foron para aportar. Para que digan despois vostedes que a oposición vén aquí só dicir que non. Nós quixemos que se tivesen en conta os proxectos de incorporación dentro do cómputo para solicitar unha área de reorganización ou de concentración, non sei...; que se tivesen en conta os recursos, a suficiencia de recursos para afrontar calquera proceso e que non pase como nos procesos de concentración parcelaria, que están dilatados no tempo porque non hai recursos orzamentarios. A nós parécenos importante. Na memoria económica da lei reducen os orzamentos con respecto aos anos anteriores, entón ¿como pretende levar a cabo este recurso? É evidente que xa como ve que é unha lei que non vai ser útil, pois xa non pon orzamento.

Despois tamén unha cuestión concreta pero moi importante. Nós cremos que os solos de núcleo rural deben de ser ordenados con instrumentos urbanísticos. Iso si, que teñan en conta tamén a súa natureza. Pero non pode ser que unha lei se utilice despois para facer urbanismo ante a ineficiencia do urbanismo real. Polo tanto, nós cremos que a Consellería de Medio Ambiente e Infraestruturas ten

algo que dicir na ordenación dos solos de núcleo rural. E se non hai que delimitalos doutro xeito, pero non se pode facer política urbanística con instrumentos de política agraria.

Despois tamén propuxemos a entrada de colectivos ambientalistas e de conservación do patrimonio. Si, señor, claro que si. É que dende o enfoque integral tamén temos que ter en conta que este país tamén terá que ter actividade agraria, terá que conservar a paisaxe, terá que conservar os seus elementos arquitectónicos e a súa biodiversidade.

E tamén unha lei que sirva para os terreos que hoxe non teñen actividade nin perspectivas hoxe de ter actividade, pero que si teñen actitude agronómica e que deben de ser conservados, porque é un ben que non é renovable, un ben que se ten que preservar.

E despois nós cremos que aquí os procesos de concentración no forestal non teñen que estar tampouco. Cremos que esta lei non é o lugar para que estean os procesos de estruturación no forestal. Por iso tamén dentro das nosas emendas pedimos separar.

Polo tanto, nós imos rexeitar esta lei, porque non é o que se nos vende, non é a solución, e non queremos participar diso de facer política para aparentar, senón que queremos solucións eficientes.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Soneira Tajés): Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra o señor García García.

O señor GARCÍA GARCÍA: Grazas, presidenta.

Moi bos días, señorías. Moi bos días, conselleira.

Pois a verdade é que vexo aquí pouca cerimonia para despois de seis anos o señor Feijóo en cada discurso vir repetindo que este era un tema prioritario para este país. Non sei se a Televisión galega está retransmitindo ou vai retransmitir nestes momentos o corte, pero iso é pouca cerimonia, seguramente con razón, porque, efectivamente, para esta viaxe non facían falta tantas alforxas.

Pero, bueno, hoxe finalizamos neste Parlamento o trámite desta lei, unha lei pretenciosa no seu nome: Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia. É pretenciosa porque, obviamente, o título, seguindo esa máxima do presidente Feijóo de que o que fai falta sempre é un bo relato, resulta sumamente atractivo. Ninguén eu creo que se negaría cando ve o título a considerar este texto non como necesario senón como imprescindible. Eu mesmo dixen: claro, ¿como non se nos ocorreu antes?, ¿como non o fixemos antes?, ¿como non se vai facer unha lei para mellorar a estrutura territorial das explotacións agrarias de Galicia? Efectivamente, ¿en que estivemos estes trinta anos para non facer isto?

Pero o problema vén despois, que é cando empezamos a mirar cómo. E aí pasamos claramente desa pretensión titular do relato inicial á decepción, porque empezamos a ler e vemos que todo nos soa, todo é algo que xa estaba lexislado, todo é repetido, todo estaba xa recollido noutras leis, noutras normas, noutros organismos. E, polo tanto, invádenos esa inmediata sensación de *déjà vu* e esa sensación decepcionante, desalentadora de que, efectivamente, só había un relato, non había máis que o relato. Boísimo, pero relato. Estes seis anos o que houbo foi relato.

Na intervención de toma en consideración desta lei este portavoz xa facía esa pequena introdución, e non por reenchener os minutos, nin tampouco por facer citas literarias como fai algún compañeiro meu, senón por esa manía que temos algúns, e moi pouco practicada por este goberno, de facer un... para saber se nos enfrontamos a un problema, ter unha diagnose do problema. Este goberno nunca fai diagnose de ningún problema, para despois dar o tratamento como dirían os médicos; primeiro, facemos a diagnose e, despois, facemos o tratamento. E aplicando ese símil médico o que pasaría nesta situación é que nos entrou un paciente coas constantes vitais moi deterioradas, case en parada cardio-respiratoria e o tratamento que lle dá este goberno é unha simple aspirina, perdón, o ácido acetilsalicílico, porque é xenérico. No mellor dos casos, iso é o que está facendo este goberno con este problema.

Dixéronse aquí os datos, nós xa o dicíamos... O problema desta lei principal é o que pasa con todo este goberno: que non fala das persoas, non fala das persoas. Toda a lei non fala para nada das persoas. Fala de titulares, de predios, de...

Non ten en conta as persoas que viven alí, e para quen en teoría debería estar feita a lei. Polo tanto, obviando xa ese detalle, ese pequeno detalle de falar das persoas e estar enfocada cara ás persoas, pois mal imos. Pero, claro, falamos de 1,6 millóns de titulares, 60 % da poboación –dicíamos– é propietario, pero non persoa, ¡eh!, propietario; non ten nada que ver coas persoas que viven alí. Un 1,7 hectáreas por propietario e 7,7 parcelas por propietario.

Polo tanto, xa tamén o dixemos aquí, recordouse e ten moito que ver cos procesos históricos. E unha cousa que eu poñía en valor, e creo que isto tiña o seu sentido no seu momento. É dicir, non era que estiveramos tarumbas daquela; daquela tiña sentido que fose así. Igual tiña sentido que fose así, igual que agora non o ten. E o que pasa é que o problema era que non soubemos adaptarnos a esa nova situación. Pero isto daquela era por algo, non era que estiveran taladrados, era por algo, e nesa sociedade eminentemente rural a explotación tiña un sustento e, polo tanto, tiña que estar diversificada, porque era a verdadeira economía. Tiña que haber de todo e, polo tanto, tiñan que estar as parcelas distribuídas en todos os territorios porque era un sustento social, e é fundamental que fose así.

A realidade mudou, efectivamente, no século XX. Os procesos de transformación operados trouxeron a diminución da poboación, a diminución do número de explotacións, a profesionalización das mesmas, o aumento moi significativo da rendibilidade, pero seguimos tendo un problema. É dicir, todo iso mellorou; sen embargo, eses avances sufridos polas nosas explotacións no tema da terra non fomos quen de superalos. E eu tamén dicía na introdución –e temos que asumilo–: non fomos quen porque non quixemos. É dicir, neste país fixéronse outras transformacións, fixéronse unhas transformacións en infraestruturas enormes, fixéronse outro tipo de transformacións, investíronse uns recursos para facer outro tipo de transformacións, e aquí non se fixo porque non se quixo, e porque vostedes que gobernaron trinta anos non quixeron. Non porque os galegos teñan un sentido literario do apego á terra, que tamén, pero non é ese o motivo. O motivo é fundamentalmente porque non houbo un impulso político para abordalo e para facelo. É máis –como dicía o señor Sánchez–: cando alguén tivo un mínimo intento de facelo vostedes boicoteárono; vostedes boicoteárono e utilizárono politicamente. E esa é a realidade.

Tamén dicíamos que era falsa esa discusión máis alá de que é verdade en determinados territorios que non se trataban –e o señor Sánchez daba uns datos que tamén daba no anterior debate– esas 150.000 hectáreas que se perderon; houbo 150.000 que se plantaron, pero non foron simétricas. É dicir, non é que absorbera o mundo forestal esas 150.000, senón que máis da metade foron en terras agrarias. Polo tanto, esa ecuación non é tan sencilla, non é que cambiáramos totalmente de cultivo; o que houbo fundamentalmente foi abandono. E temos terreos concentrados perfectamente abandonados ao longo deste país.

Por certo, cando entre en vigor esta lei eu ao día seguinte meterei na comisión dous casos, cando vostedes a publiquen e, polo tanto, xa estea vixente esta lei:

Un, onde denunciarei claramente polígono e parcela con plantacións de eucaliptos ao lado das casas en terreos agrarios; con polígono e parcela denunciareino. ¿Que vai facer vostede coa lei? Veremos.

E dous, con polígonos e parcelas tremendas extensións en propiedade do Banco de Terras no mes de xullo totalmente abandonadas a monte, a xestas e a toxos. ¿Que vai facer vostede coa lei? Nada.

Polo tanto, os principais problemas que segue tendo a xente, non os titulares, nin os predios, nin o non sei que, non, a xente que vive nesas zonas, vains seguir tendo con esta lei. E demostraremos que, efectivamente, o relato estaba moi ben, pero que no fondo a lei non servirá para solucionar o problema da xente.

Non había que obviar tampouco, señora conselleira, que todo isto pasou porque, efectivamente, tamén había unha idea instaurada –digo niso da diagnose porque, se non é complicado chegar despois ao tratamento–, unha idea xeneralizada, e que este goberno tamén tivo, de que, efectivamente, isto da terra era secundario. Había unhas medidas tecnolóxicas, e é verdade que se avanzou nese sentido, e, polo tanto, chegou a considerarse que a base territorial para o desenvolvemento das explotacións agrarias era un tema secundario ou terciario. Quero dicir que non tiña por que frear o desenvolvemento das nosas explotacións que houbera máis ou menos terra.

Pero, efectivamente, unha vez que xa fixemos todo iso mal, hoxe creo que vía custos de produción, vía política

agraria comunitaria, vía tamén xestión territorial, porque xa parece ser que, excepto vostedes, todo o mundo chega á conclusión de que xestionar o territorio deste país vía cheque orzamentario de alugamento de helicópteros e de cuadrillas custa catro veces máis que axudar a manter a xente alí traballando e, polo tanto, facendo ese traballo de forma permanente. E digo que case todo o mundo chegou a esa conclusión excepto vostedes, que o seguen facendo e seguen propiciando ese modelo.

Pero repito: parece que estamos todos de acordo, e digo parece, e de feito o presidente leva sete anos falando disto nos seus discursos, en que, efectivamente, algo temos que facer coa mobilidade de terras. E para combatelo e para loitar contra o problema, porque este é outro dos aspectos fundamentais, temos que loitar contra o problema. É dicir, estamos de acordo en que a ecuación esta de que haxa menos explotacións, polo tanto, haxa máis terra dispoñible, pero as mesmas explotacións teñan cada vez menos superficie agraria útil, a ecuación parece ser que pola lei pura de mercado e polas ciencias da natureza non funcionou, ou non funciona.

Polo tanto, ¿os poderes públicos, a Xunta de Galicia e os gobernos, teñen que facer algo para que iso sexa así? Pois parece que tamén que si, porque repito que por eles mesmos parece que non se fai. E para isto temos dous mecanismos: lexislación e medidas políticas. Da lexislación xa se dixo aquí: Lei de concentración parcelaria, Lei de mobilidade de terras, Lei de montes, o Banco de Terras. Das medidas políticas de impulso, señora conselleira, ningunha, todo o contrario. Cando houbo que tomar algunha decisión que dera algo de oxíxeno para que non desapareceran as explotacións e non desapareceran, ademais, as explotacións pequenas en determinadas zonas que eran estratégicas, fálolle das axudas agroalimentarias, falo das axudas a razas autóctonas, falo de calquera forma de apuntalar algunhas persoas –volvemos ao das persoas– que viven nunha determinada zona e que é importantísimo que sigan vivindo alí e que xestionen un determinado territorio, vostedes o que fixeron foi machacalas. Polo tanto, medidas de impulso ningunha.

Nos orzamentos desde que o señor Feijóo é presidente, 70 millóns de reducións para os programas deste tipo. Mentres o señor Feijóo enumeraba discurso tras discurso que o problema deste país era a superficie das explotacións agrarias, o Programa de mobilidade de terras agrarias improdi-

vas, eu, que case son analfabeto, eu leo e digo: este é o programa disto ¿non? É dicir, cando leo, Programa de mobilidade de terras agrarias improditivas, digo: este é o tema; digo eu que isto é o importante. Pois no ano 2012 tiña 5 millóns cando vostedes chegaron, durante todos estes anos 1,5. Iso mentres o Feijóo cacarexaba todos os días que isto era o problema deste país. Polo tanto, esa é a verdadeira intención e a verdadeira iniciativa política que vostedes demostraron estes anos.

¿E sobre que vai actuar? Pois, efectivamente, xa se dixo aquí: sobre as concentracións parcelarias, sobre un determinado aspecto, que ademais só afecta –como tamén xa se comentou aquí– a titularidade. Poderemos tamén facer unha historia e unha cronoloxía de cómo se fixeron as concentracións parcelarias deste país, como elemento urbanizador, decretando concentracións parcelarias en todos os concellos, porque todos os alcaldes tiñan que ter tres ou catro concentracións abertas, e como non custaba nada abríanse concentracións parcelarias cunha media de duración de entre quince e vinte anos por cada concentración parcelaria. Os resultados son que temos concentracións parcelarias perfectamente concentradas, perfectamente accesibles, pero perfectamente abandonadas. E vostedes din: Bueno, en todo isto, ¿que imos facer? Pois simplemente acurtar o proceso de concentración parcelaria. ¿Algo? Si. Pero o que verdadeiramente alongaba o proceso eran os cartos que lle dedicabamos, non era un só problema lexislativo, que seguramente se mellore, era un problema de dotación económica. Iso si, vanse seguir facendo onde o Goberno queira que se faga, vanse seguir decretando cando o Goberno queira que se decrete, vanse facer da maneira que quere seguir facéndoo o Goberno. Polo tanto, expectativas de que a cousa mellore despois dos precedentes, señora conselleira, tampouco ningunha.

Nós, a pesar diso, é dicir, que o texto era imposible, e polo tanto nós dende o primeiro momento dixemos que este texto non respondía aos obxectivos que perseguía, imos votar en contra, por suposto, pero a pesar diso é verdade que fixemos emendas, vinte e cinco emendas, das cales incluso se transaccionaron dous ou tres temas, que eran temas menores, pero que unha vez que vostedes deciden optar por aí cremos que aportan algo. E as nosas emendas xiran en tres aspectos, –repito– no contexto do texto que había, que para nada nós cremos que vai solucionar este problema. Pero nin sequera nestes tres aspectos puidemos mellorar:

Un, intentar que a lei obrigara os gobernos sucesivos, houbera unha obrigación, é dicir, que a lei deixara de ser un voluntarismo e unha decisión política do Goberno de turno. É dicir, que neste país chegamos a decidir claramente onde iamos facer as concentracións parcelarias e que iso fora dunha forma obrigatoria e que quedase fóra das decisións dos gobernos.

Intentar que houbera unha participación neses órganos decisorios máis alá do propio Goberno, nos casos tamén como poden ser as organizacións agrarias, que para nós creo que é imprescindible.

E substituír –a maioría das nosas emendas é algo básico–, substituír os condicionais, é dicir, onde di: “poderase facer” que poña: “farase”; onde di: “poderase decidir”, que diga: “decídase”; onde di: “poderase determinar”, que diga: “determinarse”. Esa é a maior parte das nosas emendas.

Porque, efectivamente, a lei máis alá das bondades que teña de que obviamente unha concentración parcelaria hoxe non pode durar vinte e cinco anos como no ano setenta, porque cando menos temos SIXPAC, non moito máis, pero SIXPAC temos. Quero dicir: temos certas medidas tecnolóxicas que...

A señora PRESIDENTA (Soneira Tajés): Vaia rematando, señor García.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...pois non vai servir para moito máis.

E remato, señora conselleira. Con 300.000 euros –e repito que agora xa non é campaña electoral– a Deputación de Lugo mobilizou 800 hectáreas. Mobilizou para persoas, con nomes e apelidos, non para desbrozar, para cultivar, e adquiriu esa xente 800 hectáreas máis a maiores das que tiñan. É verdade que non ten o título de propiedade, é verdade que non son súas, pero están traballándose na provincia 800 hectáreas máis...

A señora PRESIDENTA (Soneira Tajés): Vaia rematando, por favor.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...con 300.000 euros. Cos 6,5 millóns que vostede inviste en helicópteros ano tras ano,

faga unha regra de tres simple e directa, sen ningunha lei, sen ningunha modificación lexislativa e sen absolutamente cambiar para nada a regulamentación que temos. É cuestión de vontade política e...

A señora PRESIDENTA (Soneira Tajés): Señor García, ten que rematar.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...é verdade que realmente a vontade política convertela en lei iso só o poden converter os cidadáns cando votan cada catro anos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Soneira Tajés): Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora García Pacín.

A señora GARCÍA PACÍN: Grazas, señora presidenta.

Bo día, señorías.

Señora conselleira, saudámola a vostede e aos membros dos departamentos que a acompañan hoxe no público. E tamén imos saudar ao señor Beiras porque vemos que lle interesa o debate, pero a presión xa é menor, xa pode respirar, porque temos aquí un persoeiro que ao longo da historia nos podería dicir canto cambiou, canto mudou a realidade da estrutura da terra no rural. Pero creo que non lle interesa moito o que queiramos dicir dende o Partido Popular. Vostede falaba do rodillo do Partido Popular; realmente, o rodillo pasa polo frutífero da Ponencia e do consenso de ambas as dúas forzas políticas que agora mesmo nomearei.

Rematamos hoxe, señorías, a tramitación dun proxecto de lei necesario e demandado, que vén substituír e mellorar normas de varias décadas con eivas para axeitarse á realidade actual galega. Non é un texto, como se dixo en anteriores debates, e hoxe volveuse repetir, que veña modificar a actual Lei 10/1985, de concentración parcelaria de Galicia, e a súa posterior modificación. É un texto novo que derroga as ata agora vixentes e que introduce notables novidades non só normativas senón incluso de concepto e filosofía.

En anteriores debates utilizáronse argumentos dende a oposición menosprezando e descualificando a proposta e afirmando que a súa aplicación non ía cambiar nada, non ía

ser efectiva e non conseguiría cumprir os obxectivos propostos. Incluso dende o Grupo Socialista se chegou a dicir que o lóxico sería copiar doutras comunidades; cousa que practican, señorías, cando vostedes teñen responsabilidades de goberno. Acordémonos dos borradores que deixaron nos caixóns con propostas mesmo na Lei de augas e mesmo noutras que se están a tramitar neste período de sesións.

O certo é que a realidade galega mudou nas últimas décadas, ao tempo que as peculiaridades que nos definen, lonxe de consideralas un atranco e intentar cambialas copiando doutros, deben continuarse mellorando con normas como a actual, modificando as limitacións que persisten, cun novo concepto de reestruturación parcelaria que supere a dimensión e capacidade de actuación da actual concentración parcelaria, con procedementos de actuación máis áxiles e máis curtos no tempo, apostando polas agrupacións empresariais ou explotacións, favorecendo a xestión en común das terras, señora Paz, favorecendo o redimensionamento a través de permutas e reordenacións de superficies en espazos agrarios. Optimízanse tamén os recursos dispoñibles, aforrando na execución de obras e aproveitando as vías existentes, e inclúense os solos de núcleo rural no perímetro de actuación da reestruturación para poder ser ordenados con fins agrarios. Establécense –como dicía– beneficios fiscais para herdeiros que non teñen actividade agraria pero que poñan as súas parcelas a disposición das explotacións.

Algún grupo afirmou que non son proclives a concentracións de terras, outros que hai que copiar accións políticas doutras rexións –como dicía antes–, ou que non se necesitan agora novas normas, senón plans e estratexias para mudar a estrutura do territorio rural. En definitiva, alternativas para todos os gustos, moitas delas contraditorias entre si.

Pero, señorías, o que máis sorprende é que as emendas ao texto hoxe aínda en vigor, e que recollen esta diversidade de propostas alternativas da oposición, foran apoiadas entre si, contradicindo o mesmo posicionamento de cadaquén. Como nos teñen acostumados, a cuestión é rexeitar as propostas do Goberno ou do Grupo Popular e apoiarse mutuamente. Aquí evidénciase claramente quen son os do non, e aos feitos remitímonos.

Fomos quen de considerar emendas e incorporalas ao borrador, e nalgúns casos propor alternativas de texto, que

tamén foron aceptadas ou tidas en conta. Propuxéronse transaccións aos grupos –señora Paz, menos ao BNG–, e consideramos que a actitude da nosa parte foi sempre aberta e incorporándose melloras significativas.

O BNG, señorías, considerou presentar un texto alternativo, o que supón para nós unha emenda á totalidade. Utilizaron o borrador da súa autoría que ficou nos caixóns aparcado no 2009, borrador que transcribe máis do 80 % da lei actual, limitándose a substituír os termos “concentración parcelaria” polos termos “reforma da estrutura agraria”, que pretende engadir á práctica totalidade do articulado como emendas aos diferentes artigos, co agravante de non ter interese ningún en manter a coherencia, señora Paz, a coherencia de cada un dos artigos, dado que en moitas ocasións –como vostede aquí repetiu– non fan substitución nin modificación senón engádegas, nin por suposto manteñen a coherencia do conxunto do texto resultante. O resultado desta particular técnica lexislativa é un *mix*, unha mestura sen sentido, señora Paz, que de considerarse dubidamos da súa viabilidade xurídica e mesmo da súa propia aplicación.

Do Grupo Mixto, señorías, non temos consideracións que facer. Aínda –creo eu– andan, señorías, perdidas e moi atarefadas, e creo que non van atoparse no que queda de lexislatura. Polo que, ¿que podemos dicir ao considerar as súas propostas? Eu creo que vostedes están vivindo nunha realidade virtual, unha realidade que descoñecen e do que realmente non sabemos... Eu creo que incluso non fomos quen de ler o borrador do proxecto de lei obxecto do debate.

Do Grupo da Alternativa Galega de Esquerda atopouse ánimo de consenso para considerar un número de emendas e transaccións, que permitiu afirmar que dentro das discrepancias dun xeito frutífero e produtivo se acadaron acordos, como se nos demanda, señorías, dende a sociedade aos grupos políticos, a responsabilidade de entendernos dentro das diferenzas. Das corenta emendas presentadas aceptamos nove e incorporáronse catro transaccións de textos alternativos propostos polo Grupo Popular.

Do Grupo Socialista, señorías, convén sinalar a aceptación de tres emendas, e de calado, señor García. Non transaccións, aceptacións de tres emendas, non só técnicas, senón realmente de calado. E puido chegarse a máis se se consideraran as transaccións propostas.

Pero namentres nunha delas solicitabamos a definición dun concepto, esta non foi achegada, só unha simple interpretación ou explicación oral do propio concepto, que ao non quedar, señoría, plasmada por escrito pode dar lugar a inseguridades ou indefinición xurídica. O mesmo procedemento seguiuuse cun concepto da Alternativa Galega de Esquerda, que si transaccionaron, si achegaron unha proposta e si foi admitida. Pero o que non se pode facer é deixalo a interpretacións posibles, a futuribles. Entendemos que iso non é rigorosidade no plantexamento das cuestións ou das transaccións propostas.

E outra, referida –como moi ben dicía vostede– á presenza das organizacións agrarias na composición das xuntas de zona, cuestión que se intentou, señoría, con xenerosidade transaccionar, xa que se propuxo un texto alternativo que vostede seguiu rexeitando. Entendemos que os prexudicados non somos nós, señoría, nin o Goberno; realmente, neste caso os prexudicados serán as organizacións agrarias. Eu creo que aínda estamos a tempo de pensalo e de poder incorporar a transacción proposta.

Señoría, posicións inflexibles, inamovibles, e a falta de xenerosidade política derivan na falta de acordo, o que realmente vén prexudicar a representatividade dos colectivos que se pretenden, como neste caso son as organizacións agrarias.

Resumindo, trasladáronse acordos e incorporáronse emendas que melloran o texto inicial, pero non por iso, señorías, somos inocentes politicamente, porque aquí os grupos da oposición todos coincidiron en rexeitar frontalmente este texto, este borrador de proxecto de lei. Eu entendo que realmente hoxe quedou manifestado quen pasou o rodillo. (*Protestas.*) Unha maioría das achegas e das formas das emendas propostas foron quen de terse en conta, foron quen de estudarse con xenerosidade e poderse incorporar, pero oporse e criticar e non valorar na súa xusta medida este proxecto de lei pois entendemos que non é parte ou necesidade dunha responsabilidade de oposición.

En definitiva, o traballo en ponencia e comisión é unha proposta que hoxe debemos aplaudir, por ser unha norma definitiva e que xunto coas anteriores Lei de mobilidade de terras do 2010 e Lei de montes do 2012, señorías, ficarán como alicerces nun traballo futuro na procura de obxectivos

políticos comúns, aínda que diverxentes na súa consecución. Eu creo que todas as forzas políticas loitamos.

Porque, señorías, falaban hoxe, e é moi difícil poder rebater todas as argumentacións que aquí se dixeron. Pero á cuestión específica, e así por riba, utilizou a señora Paz –os nacionalistas do BNG– palabras moi graves, falaba vostede de malversación, de frustración, mesmo... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, señora Paz, eu creo que vostede utiliza a demagogia dun xeito interpretativo da realidade para poder chegar á postura ideolóxica nacionalista, pero o que non trae vostede aquí son novidades, alternativas reais. Como moi ben dicía, as súas emendas non poden ser tidas en conta.

E vostede falaba de *lifting*, e mesmo recoñeceu que se reducen os prazos. (*Murmurios.*) Ben, pois algunhas cuestións máis importantes e obxectivos como nos anteriores debates téñense posto sobre a mesa como novidades importantes, pero vostedes unha vez máis fannos crer que a norma, que a súa lectura non deu froitos, porque vostedes desprezan calquera cousa que propoña o Goberno. Son quen de rexeitar con argumentos cuestións que realmente todos os técnicos consideran unha gran novidade, unha gran lei para o futuro. Pero vostedes non, porque vostedes como din incluso cunha pouca de soberbia, se me permite, como dixo en comisión, que vostedes teñen, claro, técnicos, certas persoas máis capacitadas. Eu creo, señoría, que dende a humildade todos loitamos polo mesmo, pola diagnose e a análise que vostedes fixeron aquí e que ninguén pode obviar, intentar mudala, cunhas ferramentas normativas lexislativas, que serán o corpo, porque vostedes din que aquí, señorías, non hai suficiente parafernalia para a Lei de mellora da estrutura territorial achegala aos cidadáns, aos veciños e ás veciñas.

Señor García, a parafernalia é a que rodea ao señor Besteiro cando leva a súa propia televisión, (*Murmurios.*) e son capaces de achegarse a vender. E dicíalle ao señor Beiras que el podía ser testemuña do que facían anteriormente, e era ir cuns cheques para pastizais, cando eu era moi nova e moi cativa. Pois agora fan o mesmo estes señores socialistas en períodos que coinciden con períodos preelectorais. Son quen de chegar con 300.000 euros e de ir –non quero ser malpensada– mobilizando as terras agrarias daqueles que eles consideran... (*Murmurios.*) Pois iso, a provincia de Lugo temos un potencial agrario que grazas aos señor Besteiro e ás hec-

táreas mobilizadas pois imos sacar que as nosas explotacións superen como moito a media galega. Pero eu creo que a superficie agraria útil das explotacións nas zonas onde hai unha agricultura e unha gandería activa están todas a producir, porque a xente galega, os veciños e as veciñas, saben que é rendible.

E creo que foi o señor Sánchez o que fixo referencia a que na Lei de montes un dos obxectivos era aumentar a superficie agraria forestal. Si, señor Sánchez, hai que deixar de ter monte a toxos, a xestas e a silvas, e ter montes xestionados, ordenados e produtivos, con plantacións e con moitas producións diversas que se poden obter dos montes. Ese é un dos grandes obxectivos da Lei de montes, que xunto co resto das lexislacións e das normas actuais da anterior lexislatura veñen pór os alicerces.

Falaban vostedes de recursos, de medios técnicos, realmente de orzamentos, e falaba vostede incluso de programas específicos de mobilidade. Señorías, como se non se fixera nada noutras lexislaturas ou mesmo nesta. Mire, uns datos concretos, datos referidos ás concentracións parcelarias dende o 2007 ao 2009: número total de zonas, 9,5; nas lexislaturas presididas dende o 2009 a 2014, 9,6. Número total de hectáreas, 7.233 dende o 2006 ao 2009; número total de hectáreas, 7.858. Propietarios afectados, 4.833; propietarios afectados dende o 2010 a 2014, 5.039. Realmente, os investimentos poden ser menores, poden, pero a eficiencia si que é máxima, e si que se estivo traballando, e si que se está traballando, señor García.

Vostedes pretenden facer ver que as políticas actuais non son as idóneas, pero eu creo que todos podemos contribuír, e vostedes dende a oposición, a que esa idoneidade sexa mellorable, pero entendemos que coas súas emendas, coas súas vinte e cinco, non quería cualificalas de escasas, nulas, porque cambiar un verbo, un condicional por unha obrigatoriedade...

A señora PRESIDENTA (Soneira Tajés): Vaia rematando, por favor.

A señora GARCÍA PACÍN: ...pois ten o seu aquel. Pero, realmente, a súa alternativa eu creo que debería ser máis ambiciosa, ao igual que este proxecto de lei, que é ambicioso para o agro galego, que é ambicioso para a estrutura.

E, señor Sánchez, aquí si se falan os departamentos, e urbanisticamente está contemplado e é complementario, non contradictorio en ningún caso. Porque antes, cando outros partidos tiñan que deixar a súa impronta, non eran quen de atreverse a dirixirse á outra ala do Goberno para poder decidir ou poder incidir nas técnicas lexislativas.

A señora PRESIDENTA (Soneira Tajés): Remate, por favor.

A señora GARCÍA PACÍN: Eu creo que algo mudou e o rural galego vai mudar máis con este novo proxecto de lei.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Soneira Tajés): Moitas grazas.

Rolda dos grupos para que se definan sobre as emendas mantidas polos demais.

Ten a palabra a señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Señora García Pacín, nunca na miña vida mirei mellor exposto o espírito antidemocrático e antidiálogo do Partido Popular. Vostede subiu aquí e deunos unha auténtica lección do que nunca se debería facer en democracia. Chamoulle á oposición demagóxica, que se dedica a copiar, que está fóra da realidade, que veu aquí pasar o rodillo ao Partido Popular, que non vai poder aprobar esta lei porque a oposición vai pasar o rodillo. Indecente. Dende logo, unha intervención que eu cualificaría de indecente. Pero, ademais, isto dende logo non ten nada que ver coa integración, co diálogo, coa busca dun consenso; evidentemente, para nada. Acaba vostede de mostrar o PP en toda a súa esencia.

Pero, ademais, xa me chama a atención cando lle di ao Partido Socialista que presentaron poucas emendas. Supoño que vostede mesma entende que este proxecto de lei é tan malo que tiñan que presentarse moitísimas máis emendas, porque se non entendería que vostede pensara que hai demasiadas emendas para unha lei tan perfecta. Vostede mesma acaba de dicir que son poucas para o que nos presentaron.

Unha política agraria baseada nunha falta total de análise da realidade, nunha desidia total de buscar solucións globais. Unha política agraria inexistente, porque non pode existir

unha política agraria que non fale, que non teña en conta –como se dixo xa e como temos dito moitas veces, e eu pola miña parte– unha visión global do conxunto do que se quere facer, cómo dinamizar o agro, cómo atraer a poboación ao agro, cómo asentala, cómo ter xente nova no noso agro, cómo ter unha maior produtividade, cómo poder cubrir as tarefas que non se están cubrindo porque queda só xente maior nun traballo realmente duro como é o da explotación agraria e, polo tanto, cómo parar a desertización do noso agro.

Interese, falar con Industria para ver como se pode crear no noso rural unha potente industria galega relacionada coa actividade agraria, como se poden producir alimentos de calidade e como eses alimentos de calidade teñen que ter unha cadea de distribución, de forma que eses alimentos cheguen aos galegos e ás galegas. Porque eu non sei se vostede sabe que neste país é practicamente imposible comprar produtos do agro autóctonos, é imposible. Un non pode mercar froita galega en ningún sitio, vén toda de fóra. O único que podemos atopar, polo menos en Vigo, son os grelos; fóra dos grelos é que é imposible comprar produtos galegos. Pero a vostedes dálles igual, veñen aquí con parches que non teñen ningún sentido. E vemos como as persoas que traballan no agro en Galiza acaban regalando os seus produtos porque non teñen vías de comercializalos, cando a súa calidade é moi superior.

Non admiten as emendas da oposición, pero tampouco teñen vostedes o compromiso e a suficiente calidade democrática como falar dunha lei como esta con quen a vai padecer, que son os gandeiros e as gandeiras, coas organizacións ecoloxistas. Non escoitan a ninguén. Por iso están sós, e por iso van quedar máis sós, e por iso acabarán perdendo todos os gobernos no Estado, e concretamente o Goberno de Galiza, pola súa soberbia, que desoe a sociedade e que lle impón os seus criterios ideolóxicos a través das leis, que é para o único que utilizan as leis, para impoñer ideoloxía e un concepto de país totalmente alleo á maior parte da situación.

Pero tamén é unha lei que segue desprotexendo o noso rural e o noso agro das explotacións mineiras e das obras públicas, cun auténtico –como dicía o voceiro do Partido Socialista– abuso de todos os condicionantes, de se poderá ser ou non poderá ser, de se se poderá facer ou non se poderá facer, para deixar totalmente mans libres á Xunta de Galicia, para que actúe ou non actúe en función de intereses que

nada teñen que ver cos intereses do agro nin cos intereses dos labregos e das labregas.

Unha total separación e un concepto totalmente deslazado do que é o noso país, das necesidades, do que son as necesidades do noso sector forestal e do noso sector agrario.

Polo tanto, vou apoiar as emendas da oposición. E volvo lamentar que o Partido Popular na súa soberbia deixe escapar unha oportunidade única para ter un futuro garantido para o noso agro.

Nada máis, moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Paz Franco.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señora presidenta.

Señor García, creo que imos ter que pedirlle á señora García Pacín que nos dea un curso para ver se atopamos un centro virtuoso, porque vostede é demasiado simple, eu son demasiado complexa, a ver se a señora nos ensina a facer emendas que nin sexan unha simplicidade nin ningunha complexidade. Porque, realmente, calquera escusa debe ser boa para non querer asumir que o texto que se presenta neste proxecto de lei é un auténtico fracaso.

Mire, eu voulle dar un par de datos máis, señora García Pacín. Entre o ano 1982 e o ano 2009 en Galiza abandonáronse miles de explotacións agrarias, e procedentes das explotacións de menos de 10 hectáreas que se abandonaron durante ese período deixaron de producir nesas explotacións algo máis de 801.000 hectáreas. ¿Saben vostedes que pasou con esas 800.000 hectáreas? Menos da metade foron incorporadas a outras explotacións, o resto foron forestadas ou acabadas en usos urbanos. É dicir, que nese período, desde o 1982 ata o 2009, en Galiza 450.000 hectáreas deixaron de ter uso para as explotacións agrarias. Iso nun país no que temos só o 21,9 % da nosa superficie como superficie agraria útil, menos da metade da media de España, que é o 46,9 %, e tamén moi inferior á media da Unión Europea 15, que é do 38,5 %.

Pero eu, para ver se esta lei –que vai ser lei dentro dun momentíño– serve para algo ou non, voulle dar outra descrição da nosa realidade. En Galiza os propietarios individuais vinculados a explotacións agrarias manexan aproximadamente 900.000 hectáreas entre superficie agraria e superficie de monte, o que representa aproximadamente un 31 %. O principal problema destas propiedades é a excesiva fragmentación, que pertencen a centos de miles de propietarios, por suposto, e problemas de acceso. Pero é que hai o 39 % da superficie, aproximadamente 1,2 millóns de hectáreas, do noso país que son tamén de miles de propietarios particulares pero que non teñen ningunha vinculación coa agricultura, que fundamentalmente son propietarios absentistas, que xa nin sequera teñen ningún tipo de relación co medio rural, cuxas propiedades tamén están excesivamente fragmentadas. E o reto debería ser... e eu pregunto: ¿non é o reto deste Goberno mirar como incluso sen alterar a propiedade nin o dominio de todas esas parcelas podemos, por exemplo, conseguir que deses 1,6 millóns de propietarios de terra que hai no noso país algo desas propiedades llelas poidamos ceder ás explotacións agrícolas que necesitan terra?, ¿non é ese un obxectivo deste goberno?, ¿non é ese un reto deste Goberno? Pois se ese realmente fose un reto deste goberno terían que meter nunha Lei de modificación da estrutura agraria do noso país algo máis que as catro cousas que meten.

Porque eu, despois de oír a señora García Pacín, sinto a imperiosa necesidade de ler como queda redactado o artigo 3 deste proxecto de lei. Tipos de proceso de mellora da estrutura territorial: reestruturación parcelaria de carácter público –imos traducilo, concentracións de carácter público–, reestruturación da propiedade de predios de vocación agraria polas persoas particulares –concentracións entre particulares–, reestruturación da propiedade mediante permutas –permutas entre particulares de propiedade, permuta entre vostede e eu, eu doulle e vostede dáme, ¿verdade?, iso é unha permuta–, procesos especiais inherentes á existencia de grandes obras públicas lineais ou coutos mineiros e actuacións intensivas en zonas rurais. ¿Alguén pode dicirme que hai de novidoso nisto que non se puidese facer coa anterior Lei de concentracións parcelarias? Por favor, se hai algo de novidoso disto, por favor, que alguén mo diga. Se aquí hai algo que realmente permita incorporar ás explotacións agrarias á xente que ten un proxecto para desenvolver na terra, esas terras de 1.600.000 galegos que temos terras, moitas delas abandonadas, que non miramos para elas...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: ...algún instrumento que permita sen cambio de titularidade necesariamente que esa terra poida ser utilizada polos labregos e polos gandeiros, se hai un só instrumento en todo este proxecto de lei, por favor, que mo diga.

E ese, señoras e señores deputados do Partido Popular, é o reto que temos neste país. O reto non é se facemos vinte zonas ou trinta zonas de concentración parcelaria ao ano, que non resoven o problema como se demostrou nos sesenta anos que se levan facendo concentracións parcelarias. O reto é se entre todos e todas somos capaces de establecer novas fórmulas de mobilización da terra...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: ...que permitan que esta realmente estea en uso de quen ten que estar, de quen traballa e quen saca riqueza da terra.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, pois outra vez máis bos días.

Nós imos votar en contra do texto e apoiar as emendas presentadas polo Partido Socialista de Galicia, polo Grupo Mixto e polo Bloque Nacionalista Galego.

¿Por que dicimos que é unha modificación da parcelaria? Pois basicamente porque se centra única e exclusivamente en cambios da propiedade. ¿Por que o rexeitamos –como di vostede– frontalmente? Só temos dúas opcións: ou apoiálo ou rexeitalo, non é frontalmente. Rexeitámolo, si, porque non é a solución ao que se nos anunciou que era o problema deste país, non é a solución. Isto é como se tes un ataque ao corazón, entras no quirófano e opéranche do bazo... ¿*Cómo estás? Manzanas traigo.* Non é a solución isto. Isto non dá solución ao diagnóstico feito. Se o diagnóstico feito é o que dixemos nós dos datos que hai, de perda de superficie agra-

ria útil, de falta de base territorial. Non é por aí, e moito menos é, cando menos, comezar por aí a solución, non.

Nós cremos que é moito máis eficiente un instrumento lexislativo en teoría menos perfecto pero no que se poñan recursos para dinamizalo, para levalo a cabo. Por exemplo, ¿o Banco de Terras non funciona ou podería funcionar moito mellor porque non sexa perfecta a lei ou porque...? Non, non funciona, nós cremos, en gran parte, que é porque non hai recursos para facelo funcionar. E por iso dicimos que se fai unha nova lei para disimular que se fai algo cando non se ten optado polo percorrido que tiña a normativa anterior. ¿Cantas veces queren que o digamos?

Leo a Lei de mobilidade de terras do 2011: “Tamén se pretende dotar o Banco de Terras de recursos legais para realizar outras funcións vitais para a dinamización da mobilidade de terras agrarias e mesmo para a xestión do territorio rural, posibilitando que o Banco de Terras sexa un instrumento dinamizador do agro galego. Así, esta nova lei dá soporte legal á realización de traballos de investigación e clarificación da propiedade e o pertinente rexistro do resultado das pescudas efectuadas, de xeito que incluso desde este propio Banco de Terras se poidan realizar traballos de arbitraje, asistencia técnica, dinamización e supervisión de accións de permutas entre propietarios que permitan unha axilización da concentración e ordenación de parcelas nunha zona determinada”. ¿Isto estase facendo? ¿Isto hai recursos para facelo? ¿Hai acaso algunha acción de descentralizar o Banco de Terras para que a xente estea no territorio, os técnicos estean no territorio axudando a dinamizar estes instrumentos? ¡Non a hai! Vostedes están desmantelando as oficinas agrarias comarcais en vez de darlles, entre outras cousas, estas funcións, están desmantelando, están acabando cos técnicos de oficinas agrarias comarcais. Ou facelo a través dos concellos ou calquera instrumento. Non se está facendo, non funciona porque non se poñen os recursos para que funcione. Iso é o que estamos dicindo, por iso é unha manobra de distracción.

Vostedes a política –xa o teño dito– non é *dogracia*, non se fai dende o DOG, hai que ter vontade política, hai que poñer os recursos. E por iso tamén falamos dos orzamentos, é evidente. ¿Como van dicir vostedes “imos mobilizar terras” se non poñen os recursos económicos ou os recursos humanos?, ¿como se fai iso? Iso é enganar, iso non pode ser

un instrumento efectivo porque iso é enganar se non se poñen eses recursos.

E os datos están aí. Vostedes seguen a vir aquí sen facer un mínimo de autocrítica das políticas que vostedes realizaron e que nos dan estes datos. Se cadra, os datos de superficie agraria útil, do descenso de hectáreas de superficie agraria útil, dramático e acelerado, se cadra, incluso o último descenso de superficie por explotación –tamén, que o houbo, segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística–, se cadra, son bos datos para vostedes. Se cadra, o envellecemento da poboación agraria son bos datos para vostedes. Se cadra, que haxa hectáreas e hectáreas de concentracións parcelarias abandonadas son bos resultados e indican que as políticas que vostedes están seguindo son boas. Nós cremos que non e que hai que falar en serio das cousas.

Eu creo que o enfoque que se nos dixo durante anos do que ía ser esta lei non se corresponde co contido, que só é unha parte pequena da solución do problema, unha parte moi pequena. Polo tanto, nós cremos que para vostedes é moito máis fácil aprobar un texto lexislativo que de verdade facer un enfoque integral e política sobre o terreo, políticas orzamentarias, políticas de persoal, e que todos os instrumentos vaian acompañados. Porque a Lei do solo, señora García Pacín, é totalmente contraditoria con esta lei...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...é totalmente contraditoria; favorece a fragmentación, favorece a recualificación de solo rústico como solo urbanizable, permíteo de xeito xeneralizado. Cando sabemos que máis de sesenta mil hectáreas nas últimas dúas décadas foron transformadas de rústico a urbanizable.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grupo Socialista, ten a palabra don Pablo García García.

O señor GARCÍA GARCÍA: Grazas, presidenta.

Cando nós faciamos referencia, eu creo que foi nunha comisión, dígoo porque a señora Pacín creo que xa é a terceira vez que di o de copiar, dígoo para explícalo. Eu dicíao

claramente porque non miramos o que fixeron outras comunidades con respecto ao que están facendo, con respecto ao que debería ser unha lei de mellora da estrutura territorial deste país; claro, o que debería ser, nada que ver con despois o texto desta lei. E eu faláballe, por exemplo, da lei doutra comunidade autónoma, onde falaba claramente de compromisos, de compromisos orzamentarios, de certos compromisos que se adquirirían por lei. Esa era a referencia que eu dicía de copiar.

En todo caso, señora Pacín, vamos ver, eu claro que son simple, si, si. Emenda, cando se fala de determinar prioridades para explotacións a miña emenda é simple: “determinar un plan de explotación de orientación produtiva”. ¿Que máis análises?, ¿que máis ambigüidades? ¿Onde ten vostede o problema para dicir se acepta isto ou non? Quero dicir: só digo que se determine un plan de explotación de orientación produtiva, é dicir, á hora de priorizar de se a estes señores lles damos unha finca ou non, ou se llela poñemos aquí ou llela poñemos alá, ou se llela deixamos de poñer, que haxa un plan de orientación produtiva, é dicir, saber se esa persoa –volvemos ao das persoas– ten unha granxa de polos, unha granxa de vacún, unha granxa de vacún de leite, unha granxa de vacún de carne. É iso, ¿non sei que ambigüidade hai?

Simples, efectivamente, vinte e cinco emendas. ¿É que a min que máis me dá que vostede lle chame “concentración” ou “proceso de reestruturación parcelaria”? ¡Chámelle como queira! Claro que si, eu non lle vou entrar niso. ¿Que máis me dá se vostede lle chama “finca” ou lle chama “predio de substitución”? Pois chámelle como queira, iso forma parte do seu relato. Pero, efectivamente, a min non me causa ningún problema lingüístico sequera aprenderme pouco a pouco os nomes novos, ¡pero vén sendo o mesmo! A min dáme exactamente igual.

Co texto que había, en todo caso, bastante leais fomos e eu creo que con coherencia. Nós pedimos a devolución, vostedes aprobárono, dixeron que había que traballar sobre un texto, e, polo tanto, entendemos que é sobre o que quere traballar o Goberno –non digo vostedes–, o Goberno. É verdade, o que non se pode é dicir mentiras e pretender vender que ese texto vai valer para unha cousa para a que non vai valer.

Señora conselleira, eu estou convencido de que non é así, pero se os técnicos que lle elaboraron isto lle dixeron que iso

ía servir para o que din que vai servir, despídaos, bóteos, non valen; estou seguro de que non llo dixeron, estou convencido de que non llo dixeron. Polo tanto, vostedes son plenamente conscientes de que están facendo algo que non vai servir para o que din que vai servir.

Señora Pacín, eu puxen un exemplo, e repítoo, porque creo que é unha cousa concreta e clara: os 300.000 euros mobilizan 800 hectáreas para incorporalas á actividade agraria, para cultivalas. Creo que debería ir diso esta lei; penso que debería ser o obxectivo desta lei, con base no título, e non o é. E, polo tanto, é un exemplo que terá os seus erros e que seguramente será moi mellorable, pero que con poucos recursos e sen necesidade de modificar ningún aspecto mobiliza para as explotacións terras agrarias, e diso debería ir isto. O problema é que non hai.

Despois outro aspecto, a urxencia. É dicir, isto non soluciona a urxencia da demanda de territorio, de base territorial que teñen as nosas explotacións, non o soluciona. Seguiremos os procesos de concentracións parcelarias en función dos recursos que teñamos, durarán un pouco menos, pero en todo caso non soluciona o problema de urxencia, que cremos que debería abordar esta lei con base en se estamos de acordo na diagnose do problema.

E os condicionais, efectivamente, era substituír o de non deixar ou aquilatar polo menos a arbitrariedade do Goberno en canto á obrigatoriedade, pero circunscrito ao aspecto que vostedes plantexan, porque vostedes só plantexan ese aspecto.

Reitérolle: a lei poñerémola a proba unha vez aprobada con dous ou tres exemplos claros de problemas que baixo o noso punto de vista son os que están afectando que as explotacións non poidan acceder ao terreo:

Problemas de plantacións onde en teoría non se poden facer plantacións. A señora conselleira di que aplicará a lei; xa a podía aplicar agora e non a aplica, ata agora non a aplica, non, nin a anterior. Porque ese proceso de sancións xa estaba recollido na Lei de mobilidade de terras, e non o está aplicando.

Un exemplo claro de que o que vai ao Banco de Terras tampouco significa que estea utilizado, e, polo tanto, traeremos fincas perfectamente no Banco de Terras, pero perfectamente...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...a xestas e a toxos.

E póñolle outro exemplo: dous particulares que queren cambiar unha finca, así de sencillo, permuta; permuta, téñeno claro, non fai falta ninguén. O que lles custa, as trabas que teñen, as dificultades que teñen, e ¿por que desistiron? E unha vez aprobada esta lei veremos que seguirán desistindo porque as trabas, as dificultades e o que lles custa seguirá sendo tremendamente caro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grazas, señor García.

Grupo Popular, señora García Pacín.

A señora GARCÍA PACÍN: Grazas, señora presidenta.

Señorías, estamos ante un texto remitido polo Goberno e mellorado por este Parlamento a instancias do Grupo Popular, polo que é rexeitado pola oposición sen razóns suficientemente motivadas, ao noso entender. Este texto, que tamén está valorado positivamente polos sectores representativos do rural, incluso, señorías, pola universidade, como vostedes aquí dixeron que non, está encamiñado a mellorar a calidade de vida da xente, está feito para a xente e a carón da xente.

Repito, reitero, porque vostede, señora voceira do Grupo Mixto, creo que segue sen ter en conta os obxectivos, o que se pretende acadar. Obxectivos, entre eles, como: mellorar as condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións, atendendo a criterios de ordenación con utilidade económica e social para fixar poboación no rural; seguir loitando contra o abandono dos predios, facilitando a súa mobilización, coa incorporación a explotacións existentes ou axudando á formación de novas explotacións, prestando especial atención á iniciativa asociativa de aproveitamento en común; abaratamento dos custos tributarios para favorecer a transmisión da propiedade, as permutas voluntarias, o arrendamento ou a incorporación ao Banco de Terras de fincas ociosas –non se trata de deducións xa existentes para herdeiros dunha explotación, isto vai máis aló, trátase de favorecer que as parcelas de herdeiros en actividade agraria aca-

ben nas mans daqueles que as precisan para traballar–; establecer procedementos de zona de actuación intensiva nas que se poidan realizar actuacións integrais de desenvolvemento rural; simplificar unha vez máis –como dicíamos– a tramitación en todas as súas fases e con todas as garantías legais para os propietarios; introdución, señoría, dos POPEVA, plans de ordenación de predios de especial vocación agraria, combinando procedementos de reestruturación da propiedade cunha real e práctica ordenación dos usos do solo; derogación de decretos de concentracións parcelarias.

En definitiva, pódese repetir outra vez que non está imbricada con futuros textos legais dende o punto de vista do urbanismo, señor Sánchez. Pero vólvolle repetir outra vez: non é certo. Agora, as distintas consellerías falan entre si, teñen fluidez de traballo e colaboración, non como no pasado cando se repartían as responsabilidades. Daquela si eran compartimentos estancos aos que vostede se refería.

Pódese afirmar que é negativa a inclusión de predios de núcleos rurais como fixo vostede en comisión, e ao tempo dicir que a aplicación da nova norma non vai incidir na limitación da organización de predios con potencial agraria. Vostede é unha contradición en si mesmo.

Pódese demandar que se contemplan medios e recursos no texto da propia lei, como se fixo reiteradamente, cando sabemos que esas demandas sobran. Toda iniciativa lexislativa ten éxito –todo o mundo o sabe– cando está acompañada das dotacións orzamentarias e económicas axeitadas, pero sobre todo da vontade política.

Lembremos, señor García, que houbo normas como a Lei de dependencia que si que tiña uns orzamentos moi rigorosos, e moi acadado no seu texto legal, pero despois as competencias e realmente o que se demandaba das comunidades era que puxeran eses orzamentos enriba da mesa. Iso si que é lexislar con orzamentos doutros, iso é derivar a responsabilidade da aplicación dunha norma orzando outros, terceiros. Iso si que é demandar recursos nas propias normas, na propia lexislación.

Pódese afirmar que non será suficiente o que chega tarde, como aquí moi ben se dixo. En todo caso, nós entendemos que é necesaria, que vén completar o corpo normativo comprometido ao inicio das lexislaturas do presidente Feijóo, e

xunto coa Lei de mobilidade de terras e a Lei de montes permitirán seguir incidindo na mellora da estrutura do territorio rural, dinamizando a economía e favorecendo o asentamento poboacional.

E, señora Paz, se vostedes como exemplo da súa boa xestión ou do seu bo facer, e da súa mobilización de terras, son aqueles exemplos, aqueles feitos que se utilizaron durante a súa responsabilidade de goberno, esperemos que non se repitan. Porque incorporar, mobilizar terras, incorporando ao Banco de Terras predios, parcelas que non tiñan titularidade, masas sobrantes de concentración, ou mesmo cando non foron quen de acadar e conveniar cos gobernos da nación a incorporación de terras de propietarios descoñecidos, claro, que como son poucas e vostedes desprezan... Cousa tan sinxela, non foron quen dende gobernos...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora GARCÍA PACÍN: ...con responsabilidades nacionalistas de levar a cabo e de facer.

E claro que facemos autocrítica, señoría. Somos os primeiros en facer autocrítica, en buscar recursos, pero temos que empezar polos alicerces, polas bases normativas que legalmente modifiquen a realidade da estrutura territorial do agro.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

Debate e votación do ditame da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia

A señora PRESIDENTA: Mantéñense para o Pleno emendas do Grupo Parlamentario Mixto, do BNG, do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda e do Grupo Socialista.

Para a presentación do ditame da Comisión ten a palabra o presidente da Comisión 1ª, don Agustín Baamonde Díaz.

O señor PRESIDENTE DA COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR (Baamonde Díaz): Moitas grazas, señora presidenta.

Saúdos, señorías.

O Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia tivo entrada no Rexistro do Parlamento do día 24 de febreiro de 2015. A Mesa do Parlamento dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e a apertura do prazo de presentación de emendas. Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.

As emendas á totalidade foron cualificadas o 26 de marzo de 2015. As emendas parciais foron cualificadas o 27 de abril tamén de 2015. O Grupo Parlamentario Mixto presentou unha emenda á totalidade, que foi rexeitada na sesión plenaria do 28 de abril de 2015. Ao respecto das emendas parciais, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentou seis, o Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda sete, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego trece e o Grupo Parlamentario Mixto cinco.

A Comisión 1ª, na sesión do día 30 de abril de 2015, designou os seguintes poñentes: polo Grupo Parlamentario Popular, don Aurelio Núñez Centeno como titular e dona Paula Prado del Río como suplente; polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, dona María Carmen Acuña do Campo como titular e dona María Carme Gallego Calvar como suplente; polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, dona Eva Solla Fernández como titular e don José Javier Ron Fernández como suplente; polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, dona María Montserrat Prado Cores como titular e dona María Tereixa Paz Franco como suplente; e polo Grupo Parlamentario Mixto, dona Consuelo Martínez García como titular e dona Carmen Iglesias Sueiro como suplente.

A Ponencia constituíuse o 4 de maio de 2015 e logo de sucesivas reunións rematou o seu informe, informe que foi sometido a debate e votación na sesión da Comisión 1ª do día 29 de maio, no que se ratificaron os acordos propostos pola Ponencia no seu informe.

O texto articulado do ditame consta de cinco artigos, dúas disposicións transitorias e unha disposición derradeira.

Señorías, ata aquí o relato de traballo da Comisión 1ª, que eu presido, e cómpre agora rematar o procedemento

lexislativo sometendo o seu ditame á consideración plenaria e á aprobación se así se estima oportuno.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Baamonde.

Rolda dos grupos parlamentarios para fixaren a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defenderen as emendas mantidas.

Polo Grupo Mixto ten a palabra a señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidenta.

Ben, eu presentei emenda de devolución a este proxecto de lei, sigo mantendo a falta de xustificación da creación deste colexio e, polo tanto, votarei en contra deste proxecto de lei, xa que a creación dos colexios profesionais non incide para nada na calidade da prestación dos servizos profesionais que representan. Son asociacións corporativas que teñen como único fin defender os intereses corporativos dos seus colexiados, nin sequera os intereses da profesión, senón única e exclusivamente os intereses dos titulados que estean colexiados. Ademais, tal e como indica o propio CES, os colexios profesionais o que fan é atribuírse funcións que non lles corresponden, e, en concreto, funcións que teñen moito que ver coa actividade sindical.

Na sanidade, no sector da sanidade, sabemos moito do que é a colexiación e o que supón. O que supón para os colexios ter nas súas mans todos os datos de todos os profesionais cando é obrigatoria a colexiación, ou dos profesionais que decidan colexiarse se non é obrigatoria para crear os seus propios sindicatos, sindicatos corporativos que defenden os seus intereses profesionais e que están deixando dentro do mundo da sanidade a todas aquelas categorías profesionais non colexiadas nunha total desprotección.

Así, vemos que hai sindicatos de enfermería que nacen dos colexios, sindicatos médicos que nacen dos colexios, sindicatos de técnicos que nacen dos colexios, pero non deixan ningún tipo, ocupan as representacións sindicais e deixan as persoas non colexiadas nunha situación de indefensión dos seus intereses total.

Polo tanto, consideramos que é ilexítima a función que realizan os colexios. Pero tamén é fundamental, porque, ademais, é unha condición imprescindible para a creación dun colexio, que teñan un interese público, e non quedou demostrado en ningún momento o interese público da creación deste Colexio de Dietistas-Nutricionistas. Porque, evidentemente, dedícanse á sanidade, pero todos e todas os que nos dedicamos á sanidade, evidentemente, hai unha responsabilidade sobre a saúde pública en calquera das profesións, sen embargo non están colexiadas todas. É máis, cando se di dunha profesión que a colexiación é optativa para quen queira, evidentemente non ten nada que ver coa calidade do servizo nin ten ningún interese público. Polo tanto, estamos falando dun interese puramente político en manter no tempo, e en afianzar no tempo, estruturas medievais que veñen de cando a sociedade se estruturaba por gremios profesionais, que non ten nada que ver cunha sociedade multidisciplinar e globalizada como a de hoxe.

Sen máis –e remato xa-, eu pediría que por democracia, por sentido da responsabilidade, hoxe esta lei fora retirada e non se aprobara a creación dun colexio que realmente non responde a ningunha necesidade social nin a ningunha demanda social, nin garante unha mellor atención sanitaria para ninguén.

Nada máis. Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.
Señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Esta lei de creación do Colexio Oficial de Dietistas e Nutricionistas de Galicia é un texto escueto, sinxelo, só consta de 4 artigos, 2 disposicións transitorias e unha derradeira. Mais este texto escueto é máis que suficiente para visualizar a posición ideolóxica do Partido Popular e a súa intransixencia á hora de aceptar as emendas e as posicións dos outros grupos a respecto deste texto.

Eu quero escomezar manifestando a preocupación de que a creación dos colexios profesionais se faga á demanda de parte, cando hai un colectivo de profesionais que o soli-

citan, como é este caso, e non froito dunha planificación por parte da Administración galega, que está a expensas de que sexan os profesionais os que o demanden e non que a Administración avalíe cales son as profesións e titulacións que deben ser susceptibles de ser reguladas pola vía da creación dun colexio profesional.

A creación de novos colexios profesionais debería responder a un deseño reflexionado sobre cal debe ser a Administración corporativa no noso país, en Galiza, e non só vir determinada pola valoración de interese público que fagan os propios profesionais aos que lles afecta a creación dese colexio.

Esa xustificación da creación baséase, neste caso, no obxectivo de velar polos lexítimos intereses dos profesionais, dos dietistas e nutricionistas. Quero dicir que non é o modelo do Bloque Nacionalista Galego, que defendemos que o ámbito asociativo, as organizacións sindicais, son suficientes para cumprir con esta cuestión. En segundo lugar, tamén se xustifica a creación do mesmo en base ao interese xeral, cuestión que está posta en dúbida.

Está posta en dúbida, primeiro, polo Consello Galego da Competencia, que no informe que emitiu por solicitude do Goberno estima que a creación do Colexio de Dietistas e Nutricionistas non é proporcional ao obxectivo de protexer a saúde das persoas. Entende que non está xustificada a creación dun colexio oficial de dietistas e nutricionistas en Galiza na medida en que non existe un de ámbito estatal e tampouco existen colexios profesionais propios doutras profesións reguladas no ámbito sanitario.

O CES, tamén no ditame emitido, considera que non se xustifica suficientemente a motivación dun interese xeral preponderante; amosa tamén a preocupación pola proliferación de colexios profesionais ao abeiro de razóns de interese público non demostradas de maneira que sexa indubidable, e considera que tamén se pretende a creación de colexios profesionais para a defensa de intereses alleos ao interese público xeral que poden acadarse por medios diferentes aos colexiados. Establece medios como poden ser os das asociacións ou sindicatos, co que –como xa dixen– tamén concorda coa posición do Bloque Nacionalista Galego.

A estas dúbidas hai que engadir que o Goberno galego non ten dado ningún paso de cara a incluír as funcións pro-

pias dos dietistas e nutricionistas no sistema público de saúde. Sería unha cuestión lóxica que ese interese xeral irrefutable viñera parello de que no sistema público sanitario de Galiza se incluíran as funcións propias destes profesionais, cousa que non é así.

Creo que son cuestións suficientes para que o Partido Popular aceptase un diálogo máis franco cos grupos da oposición. Non foi así, toda vez que non existe ningunha normativa que estableza cales deben ser esas profesións colexiadas –como dixen antes–, e toda vez que os dietistas e nutricionistas fixeron todo o procedemento que establece a regulación para chegar á creación do colexio.

O Bloque Nacionalista Galego xa dixou no debate de totalidade que non nos iamos opoñer á súa tramitación porque existe este traballo dos dietistas e nutricionistas. En Galiza existen desde hai aproximadamente catro anos estudos propios de nutrición humana e dietética. No 2014 saíu a primeira promoción de dietistas e nutricionistas formados en Galiza. A información que temos é que a Asociación de dietistas e nutricionistas, creada en principio expresamente para lograr a creación do colexio profesional, ten arredor de 56 asociados.

Como digo, dixemos que non nos iamos opoñer á tramitación desta lei polas razóns que acabo de expoñer, mais que condicionabamos o noso voto favorábel a que na aprobación definitiva se tiveran en conta unha serie de cuestións como eran a non-obrigatoriedade da colexiación, á introdución do uso da lingua galega no colexio profesional e a que non constara a subordinación explícita ao marco lexislativo español na creación do colexio de dietistas.

Nesa dirección presentamos 13 emendas, algunhas referidas a cuestións menores, como pode ser a modificación de cuestións lingüísticas ou cuestións case practicamente de erratas, pero outras ían ao fondo destas cuestións que acabo de mencionar. Mais encontrámonos coa negativa do Partido Popular a aceptar ningunha das emendas que ían precisamente á modificación deses aspectos importantes. Só aceptou as emendas destas cuestións menores, como correccións lingüísticas e de redacción, ou introdución de que, ademais dos diplomados, constara que no colexio profesional debían estar tamén os graduados en Nutrición Humana e Dietética.

As emendas fundamentais do Bloque Nacionalista Galego fan primeiro ao artigo 4, onde se regula a colexiación e tamén onde aparece esa subordinación á lexislación estatal. Presentamos unha emenda que di textualmente que: “A colexiación no Colexio Oficial de Dietistas e Nutricionistas de Galiza ten carácter voluntario, sen que en ningún caso poida considerarse a colexiación neste como un requisito ou condición para o exercicio da actividade profesional”. Fixémoslo porque cremos imprescindible que quede establecido dun xeito nido e claro que é vontade do Lexislativo, do Lexislativo galego, deste Parlamento, que a colexiación debe ter carácter voluntario, que non debe quedar ningunha dúbida ao respecto. Mais o Partido Popular non aceptou esta emenda, que tamén se refería a que tampouco se precisaba unha redacción onde se deixara dun xeito explícito a subordinación á lexislación estatal.

Quero manifestar que o CES, tamén no seu informe, manifesta que a redacción deste precepto pode facilmente inducir a confusión sobre o carácter obrigatorio da previa colexiación para o exercicio da profesión en Galiza, polo que considera que debería concretarse expresamente o carácter voluntario da mesma. Foi unha demanda que fixemos todos os grupos da oposición, mais insisto en que o Partido Popular se negou á modificación da redacción neste aspecto e tamén no da subordinación á lexislación estatal. Tamén o CES neste caso di literalmente que parece contradictorio que se requira a colexiación cando así o estableza unha lei estatal, xa que esta norma que está delimitando corresponde á Comunidade Autónoma de Galiza. Por tanto, enténdese que debería eliminarse a frase “cando así o establece unha lei estatal”.

Nós concordamos co ditame do CES, por iso –insisto– presentamos esta emenda que nos parece do máis razoable. Que quede dun xeito claro que a colexiación non pode ser obrigatoria e que quede dun xeito claro que é unha lexislación deste lexislativo soberano, do Parlamento galego, que é unha lei galega, aprobada polo Parlamento galego con plena soberanía, e que non ten por que aparecer a modificación das condicións cando o decida outro ámbito lexislativo.

Eu xa dixen no debate en Comisión que as palabras non son inocuas, as palabras teñen significado. Non é indiferente que se empreguen unhas verbas ou outras. Polo tanto, se o Partido Popular se negou á modificación deste artigo é

porque quixo prevalecer a súa posición ideolóxica de que apareza a limitación do Lexislativo galego ao Lexislativo estatal; unha posición ideolóxica coa que, evidentemente, no BNG non concordamos. Non aceptamos unha autolimitación lexislativa inustificada e innecesaria porque isto é o Parlamento galego, con plena capacidade para lexislar nos temas que lle son de aplicación, e neste caso temos capacidade para facelo. Co cal estamos diante do artigo fundamental deste escueto texto lexislativo e –insisto– aínda está en tempo o Partido Popular de rectificar e de aceptar estas modificacións.

Tamén presentamos unha emenda para que se incluíra un artigo que recollera o uso do galego. No texto inicial non aparecía ningunha referencia á necesidade do uso do galego. Presentamos unha emenda no sentido de que o idioma galego se debe usar en todas as comunicacións externas do colexio e asegurar a súa presenza na vida colexial de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galiza. É certo que coa aceptación dunha emenda presentada polo Partido Socialista aparece xa a presenza do galego, mais no BNG consideramos que dun xeito insuficiente porque queda nos termos de voluntariedade, nos termos de “procurarase” e “fomentarase”. Consideramos no BNG que é insuficiente. Parécenos lamentábel que teñamos que seguir demandando que en Galiza se use o galego e que, fronte a esta demanda, sigamos a encontrarnos coa oposición frontal do Partido Popular a que o galego en Galiza, e nos organismos creados a raíz da vontade deste Parlamento galego, non se considere a necesidade de usalo.

Tamén hai outra cuestión que non nos parece irrelevante. Na disposición transitoria primeira regúlase de xeito provisional os órganos de dirección do Colexio Profesional de Dietistas e Nutricionistas, e presentamos unha emenda para que o equilibrio de xénero conste no texto de xeito obrigatorio. No texto aparece que “se procurará” que exista paridade de xéneros, e nós, fronte a procurar, fixemos unha emenda para que se pasara de “procurar” a “ter que”, porque “procurar” é unha declaración de intencións, é unha posición filosófica de fondo, e “ter que” consideramos que obriga.

Parécenos que as cuestións de xénero, de igualdade, non poden quedar en declaracións de intencións, teñen que quedar dun xeito explícito recollidas no texto. E non aceptamos a argumentación do Partido Popular de que neste caso sería

difícil o seu incumprimento porque existen máis mulleres na profesión de dietistas que homes. Se iso é así, podía salvarse con poñer no texto “salvo que non existan suficientes profesionais”. Non se quixo, co cal volvo insistir que responde tamén a unha posición ideolóxica de considerar as cuestións de igualdade de xénero como algo que queda ben nas cuestións declarativas mais non nas obrigacións do mesmo.

Por estas razóns nós consideramos que o Partido Popular aínda está en tempo de rectificar, aínda está en tempo de aceptar as propostas que facemos, sobre todo no que respecta a que dun xeito nidio conste a non-colexiación obrigatoria nesta cuestión. Se é así, votaremos a favor, e se non, lamentablemente, non poderemos facelo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda. Ten a palabra o señor Ron Fernández.

O señor RON FERNÁNDEZ: Bo día de novo a todos e a todas.

No debate que se deu en comisión, comezabamos precisamente falando de que estabamos ante un texto breve. Pero un texto breve que, a través dos seus cinco artigos resultantes e tres disposicións, demostra perfectamente cales son as dúas perspectivas antagónicas que existen: a das emendas presentadas polos grupos da oposición e a do texto resultante, que, loxicamente, é o que defende o grupo maioritario.

As palabras –como dicíamos daquela– non son inocentes, porque, no fondo, detrás de todo isto da creación dun colexio profesional está onde están os límites da Administración pública; é dicir, onde están os límites do servizo público que debe garantir a Administración pública. Porque, no fondo, o que está detrás da creación dun colexio profesional é ás veces a derivación de funcións públicas que deberan ser garantidas pola Administración, e polo tanto nós, desde logo, aí non podemos estar de acordo con que sexan os colexios profesionais os que se ocupen de certas funcións públicas. E aí temos, por exemplo, que xa a través dunhas... denunciaremos, por exemplo, as irregularidades cometidas a ese respecto no Colexio de Rexistradores.

Nós entendemos que hai un debate fondo que dar con respecto aos propios colexios profesionais. Simplemente facendo unha pequena consulta sobre a súa utilidade ou función podemos ver que non son poucas as críticas recentes que se realizaron. Desde xeradores compulsivos de burocracia, ou queixas polos seus sistemas electorais de representación nada claros; opacidade, corrupción e tamén unhas curiosas portas xiratorias, propias dos colexios profesionais, que conectan a *res pública* co lucro privado.

Por iso nós entendemos que cómpre un debate de fondo, un debate fondo, sobre as funcións, sobre as incompatibilidades, sobre as profesións nas que deberan ser, si ou non, obrigatoria a súa colexiación. Ese debate debera darse, e non chegar aquí e deixar un texto morno que non obriga pero si.

Cómpre, polo tanto –insistimos–, un debate a fondo sobre a funcionalidade dos colexios profesionais e a súa regulamentación, e de feito cremos que iso se intentou dar. De feito, fíxense que o anteproxecto de lei que estaba pendente no Estado quedou aparcado porque houbo como unha especie de movemento de placas tectónicas de todos os colexios profesionais debido, precisamente, ao carácter de colexiación obrigatoria. Ese punto que facía que se pasara de 80 profesións nas que era obrigatoria a colexiación a 38 derivou en que se movesen as placas tectónicas e que se adiaase. Loxicamente, ao final o Estado decidiu adiar; outros din que está pendente de informes da Unión Europea, que é, precisamente, quen lle pide ao Estado que axilice o que eles chaman liberalización dos colexios profesionais. Mais nós entendemos que debe darse un debate sobre a funcionalidade dos propios colexios profesionais e a súa vida, para que non sexa, loxicamente, intrusismo no que debe ser Administración pública, servizo público, e as garantías que debe ofrecer a Administración pública en tanto que provedora dun servizo público. Porque –pensem– se un dietista consegue a titulación para exercer a profesión, e logo vai a unha oferta de emprego público a través do Sergas e aproba a oposición, loxicamente, entendemos nós que nese caso non é para nada obrigatoria a colexiación, porque está claro que para o exercicio da profesión xa está suficientemente valorado, entendemos nós.

Polo tanto, o modelo de colexios profesionais –xa o dixemos no debate de totalidade– non é o modelo da Alternativa Galega de Esquerda, e non presentamos emenda á totali-

dade porque entendíamos que había, en efecto, unha petición. Nós entendemos que non é o mellor camiño, pero entendemos tamén que a sociedade civil organizada ten o dereito de solicitar, moverse e organizarse para que se cumpran certos cometidos. Por iso nós daquela defendemos que se seguise o seu camiño, para poder emendar o que realmente nos entendíamos que era necesario emendar.

Tamén poñemos por iso en dúbida a súa necesidade; a necesidade sempre ten que vir en base ao interese de saúde pública. Loxicamente, a profesión de dietista-nutricionista ten unha funcionalidade clara no que é o tema sanitario, si, pero sucede que se un vai ver como está o panorama nos hospitais públicos galegos, como está o panorama no Sergas, resulta que o persoal que elabora as dietas para as diferentes patoloxías, por exemplo, no hospital Lucus Augusti, está privatizado. Polo tanto, entendemos que hai unha contradición ¿ou non? Iso deberá explicalo o Partido Popular. Par nós semella que hai un interese maior por parte do Goberno da necesidade de implantar o colexio que do propio impulso da profesión, ou do recoñecemento, a través da Administración pública, desa profesión no sistema sanitario público. Polo tanto, nós entendemos que a privatización non é un camiño, desde logo, que nós defendamos.

Por outra banda –como dicíamos nas diferentes emendas que presentamos–, presentamos 7 emendas, pero catro delas eran as de importancia conceptual, sobre todo a emenda número 1 ao artigo 3, onde xa introducíamos que no ámbito persoal o Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia agrupa os profesionais... e rematabamos: “...e que queiran adherirse a el de forma voluntaria”. Aí é onde stá o quid da cuestión en todo este aspecto; é dicir, a voluntariedade da adhesión do colexio profesional.

Non estamos en contra de que se cree o colexio profesional, sempre –claro está– que non se obrigue a adherirse a el, a colexiarse a el, para poder exercer a profesión. Nós entendemos que iso non pode ser.

Por outra banda, no artigo 4, tal e como queda redactado, que di: “O exercicio da profesión de dietista-nutricionista con domicilio profesional único ou principal na Comunidade Autónoma de Galicia requirirá a incorporación ao Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia cando así o estableza unha lei estatal...”, introduce inseguridade xurídica

e introduce o que dicía aquí a voceira do Bloque Nacionalista Galego, que é supeditar o que debe legislar o Parlamento de Galicia ao que emane do Estado. Polo tanto, entendemos nós que hai que solventar esta inseguridade xurídica, e vostedes a deixan; e, dende logo, non se pode –repetimos– obrigar á colexiación.

Polo tanto, estamos ante un texto que necesita máis debate. Nós entendemos que necesita máis debate, sobre todo no aspecto central da obrigatoriedade ou non da colexiación. O Consello Galego da Competencia –xa se dixo antes– posicionouse en contra desta obriga, por iso nós entendemos que hai que escoitar ás veces os órganos que establecen certos ditames, certas posturas, certas resolucións, porque, desde logo, ás veces acertan. E neste sentido nós entendemos que o Consello Galego da Competencia acerta cando di que non se pode, loxicamente, introducir a obrigatoriedade da colexiación, nin deixala nese aspecto tan inseguro, xuridicamente, ao noso entender.

Por outra banda, falaba tamén a emenda número 5 da necesidade de introducir a paridade como un criterio obrigatorio, e non deixalo ao libre albedrío deses verbos comodíns que ao final permiten absolutamente de todo.

E, finalmente, entendíamos nós necesario que se refrenase a legalidade dos estatutos. Díxosenos, loxicamente, que non podía ser porque facelo requiriría cambiar a Lei de colexios de Galicia. Nós entendemos que é necesario que a Administración pública poida dicir algo. Sabemos perfectamente que detrás deste debate entre colexios profesionais e Administración pública está precisamente o da autonomía dos colexios profesionais, que se reclaman perfectamente autónomos para exercer, incluso, funcións públicas. Nós entendemos que a Administración pública debe garantir precisamente a ética e a legalidade de todo, porque nós entendemos que non pode ser portas –como se ten demostrado nalgún caso– que conecten –curiosas portas xiratorias– núcleo privado e *res pública*. Polo tanto, nós entendemos que aí se ten que dar ese debate.

Polo tanto, a nosa postura polo de agora é non votar favorablemente este proxecto tal como está, porque –insistimos– non se define de forma clara a voluntariedade da colexiación, non se respecta de forma clara a paridade nos órganos de xestión e, desde logo, aínda non lle vemos de forma

clara a utilidade e o interese xeral cando estamos asistindo, dende o Goberno galego, a unha privatización, precisamente, desa función que tanto se require hoxe.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Ron.

Grupo Parlamentario Socialista. Ten a palabra a señora Acuña do Campo.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidenta.

Bo día, señorías.

Eu, unha vez máis, quero comezar este debate saudando os profesionais e as profesionais da dietética e da nutrición de Galicia, que seguro están a seguir este debate con moito interese.

E quero tamén iniciar este debate recalcando que foron precisamente eses profesionais os que demandaron a todos e a todas a creación do seu colexio, para o cal presentaran xa no ano 2012 un anteproxecto de lei ante o Goberno da Xunta.

E por iso, por vir esta lei impulsada por un colectivo cidadán, o Grupo Popular debería ter sido moito máis receptivo durante o debate da Ponencia e ter aceptado as emendas dos demais grupos, que só buscaban mellorar o texto inicial.

Sen dúbida, señorías, que entre todos e todas houberamos feito un texto máis completo, un texto máis rico, pero, lamentablemente, a prepotencia do Partido Popular fixo que foran rechazadas a maioría das aportacións feitas polos demais.

Ademais, parecera no debate da Ponencia que o Partido Popular tiña moita prisa para traer esta lei ao Pleno; prisa que non se entende, xa que o colectivo dos nutricionistas e dietistas e das nutricionista e dietistas levaba xa máis de tres anos esperando polo señor Feijóo, logo penso que ben poderían esperar uns días máis e debater o texto adecuadamente. E claro, tanta prisa, tanta prisa, imposibilitou o consenso que esta lei merecía entre os grupos da oposición e o grupo maioritario. Preferiron vostedes traer a lei para facer caixa,

nese furor lexislativo que lle entrou ao Grupo Parlamentar Popular supoño que para cumprir eses números cos que se comprometeron, e esqueceron a utilidade e a importancia deste texto.

Probablemente foi iso, a prisa que tiña o ponente, o que fixo que o Grupo Popular só aceptara unha emenda e media –teño que dicir unha emenda e media– das tan só seis emendas presentadas polo Grupo Parlamentar Socialista: a número 4, sobre o uso do galego, e a número 6, de carácter técnico, que foi aceptada parcialmente para unha transacción. Pero os socialistas imos seguir insistindo, e seguimos mantendo vivas ata o final deste debate as emendas número 1, número 2, número 3 e número 5, confiando en que o Partido Popular entendera o día 24 pasado, entre outras moitas cousas, que as prisas non son boas, especialmente cando se trata de legislar con xustiza, con democracia, con paridade, con sentido común e para o futuro.

Señor deputado, non creo que lle sexa posible nin entender nin explicar por que o seu grupo rechazou a emenda número 1 dos socialistas, na que tan só pediamos que tanto a estrutura do novo colexio, como o seu funcionamento, foran democráticos. Segundo vostede explicou na Ponencia, porque xa se presupón. Pois precisamente, porque xa se presupón, non lle fai mal a ninguén que figure explicitamente no texto.

Tamén mantemos a emenda número 2, esperando que vostedes reflexionen e que aínda voten a favor desta emenda, xa que nela, señorías, só pedimos igualdade: que no novo colexio ningunha norma ou estatuto discrimine por razón de xénero e que os órganos de dirección teñan unha composición paritaria.

Eu preguntome que lle molesta ao Partido Popular desta emenda para tela rechazado. Non sei se a igualdade, pero a verdade é que parecerá que ao Partido Popular lle molesta a democracia e a igualdade incluso ata nos demais, incluso cando é para aplicar a unha lei que regula a creación dun colexio profesional.

A nosa emenda número 3, señorías, resulta absolutamente imprescindible para o noso grupo, e así o dixemos cando apoiamos a toma en consideración deste anteproxecto de lei. Trátase de que figure claramente no texto que

a incorporación ao colexio ten que ser voluntaria. Un colexio non pode converterse nunha barreira e nunha dificultade máis para eses profesionais que, aínda non tendo traballo, vanse ver obrigados a pagar cotas e a pagar taxas colexiais.

Dende logo, o Partido Popular non amosa ser moi coherente, pois resulta que o mesmo PP que non acepta as resolucións do Estado, móstrase moi celoso no caso desta lei; explícome. O mesmo PP que non acepta, por exemplo, as resolucións do Tribunal Administrativo Central do Estado cando lle tumba –e vou utilizar este termo tan coloquial pero tan gráfico– os sospeitosos contratos utilizados para as privatizacións sanitarias –non dubida en levar a resolución ao Tribunal Superior de Xustiza de Galiza para que llo resolvan mellor–, sen embargo, é moi respectuoso cando se trata dunha lei sobre un colexio profesional, e quere deixar a voluntariedade na lei galega a expensas, señorías, nin máis nin menos que dunha futura lei estatal.

A creación dos colexios é unha competencia autonómica, como o demostra o feito de que esteamos falando aquí desta lei. Polo tanto, parecerá lóxico pensar que é precisamente nesta lei onde ten que quedar determinada a voluntariedade ou obrigatoriedade dos mesmos.

E por último, señorías, está a nosa emenda número 5, que recollía a excepción da colexiación para aquelas persoas vinculadas profesionalmente á Administración pública, algo moi frecuente noutros colexios e noutras leis.

Señorías do Grupo Parlamentar Popular, pídolles que recapaciten e que acepten as nosas emendas. Por certo, teño que dicir que as emendas de todos os grupos da oposición son bastante coincidentes, e se o Partido Popular tivera mostrado máis talante ou menos présa, seguro que chegaríamos a máis dunha transacción entre todos.

Por respecto ao colectivo dos e das nutricionistas e dietistas que solicitan a creación do seu colexio, os socialistas non nos imos opor, dende logo. De feito, xa apoiamos a toma en consideración deste proxecto, pero como xa dixemos nese momento, o noso apoio quedaba ligado á voluntariedade da colexiación, algo que agora o Partido Popular non quere asegurar, polo que nos veremos obrigados, se non recapacita e acepta as nosas emendas –que esperamos e des-

examos que así sexa–, a abstermos na votación do texto resultante da Ponencia.

Se un colexio profesional, señorías, funciona ben, é dicir, apoiando, informando, guiando e respaldando os colexiados e as colexiadas, vaise facer necesario e desexable para todos e todas elas, aínda que na lei figure como voluntario. Pero se, en lugar diso, un colexio se converte nun chiringuito ao servizo duns cantos, polo menos que os profesionais e as profesionais poidan prescindir del.

Señorías, un colexio profesional ten que ser unha organización voluntaria, democrática e, por suposto, paritaria, e estas condicións, señor deputado, deben figurar explicitamente na lei que o cree. Por iso o Grupo Parlamentar Socialista vai seguir mantendo as emendas presentadas no seu día. Esperamos contar co apoio do grupo maioritario.

De momento, máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidenta.

Bos días, señorías.

Quería, en primeiro lugar, agradecer a presenza e saudar as persoas representantes da Asociación Galega de Dietistas e Nutricionistas que se encontran na tribuna deste hemiciclo.

Hai catro anos que esta asociación galega presentou a solicitude de creación do seu colexio profesional. Dita solicitude foi sometida a información pública sen que se formulasen alegacións que se opuxesen á tramitación do anteproxecto de lei. Non houbo, por tanto, cuestionamento do carácter de interese público dese colexio; interese público que agora, como verán, rexeitan os grupos da oposición mantendo as súas emendas.

A tramitación deste anteproxecto –como xa se falou aquí– sufriu unha dilación motivada polo intento de acompañar a súa aprobación coa tramitación, por parte do Goberno do Estado, dun novo anteproxecto de lei de servizos e

colexios profesionais, en cumprimento da disposición transitoria cuarta da Lei 25/2009, do 23 de decembro.

Dito anteproxecto debe incluír entre as súas funcións delimitar que profesións son de colexiación obrigatoria, o que nos permitiría aprobar en Galicia textos de leis de creación de colexios xa adaptados ás exigencias da nova normativa estatal. Como despois da elaboración de varias versións do anteproxecto non prosperou a súa aprobación, foi polo que o Goberno da Xunta trouxo a este Parlamento o Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia. Por iso me sorprenderon algunhas afirmacións dos grupos da oposición sobre a actividade lexislativa do noso Goberno e sobre as présas que tiña o Grupo Parlamentario Popular para aprobar esta lei.

Penso, señorías, que esas afirmacións non son xustas. No Estado hai xa dez colexios oficiais de dietistas-nutricionistas en distintas comunidades autónomas, e inclusive –aquí se citou o informe do CES– aprobaron as Cortes Xerais a Lei 19/2014, de creación do Consello Xeral de Colexios Profesionais de Dietistas-Nutricionistas de España, lei que, aínda que non o poidan crer, contou co apoio unánime de todos os grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados. Xa ven, señorías, xa ven, membros da asociación, todo o contrario que aquí, no Parlamento de Galicia.

Esta profesión incide de xeito claro e fundamental na saúde pública. Os bos hábitos alimentarios e a axeitada nutrición melloran de maneira substancial a calidade de vida das persoas, e tamén son determinantes na prevención e o tratamento de moitas patoloxías.

Temos que apartar a poboación das dietas milagre e de solucións dietéticas carentes de base e evidencia científica que circulan en redes sociais e outros moitos medios de comunicación. Temos visto estes días, desgraciadamente, a gravidade das informacións pseudocientíficas –neste caso estoume a referir ás dos grupos antivacunacións– que manteñen a un neno nunha UCI en Cataluña cun grave cadro de difteria.

O proxecto de lei establece que a colexiación será obrigatoria cando así o estableza unha lei estatal. Dita redacción do artigo adoptouse por recomendación expresa da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, como se pode compro-

bar no expediente do proxecto de lei. O motivo desta recomendación é que no ano 2009 o Goberno central –daquela do Partido Socialista– impulsou a modificación do artigo 3.2 da Lei básica de colexios profesionais para establecer que será o Goberno central quen elaborará un proxecto de lei que defina as profesións que precisarán a colexiación obrigatoria. O propio Tribunal Constitucional xa ten anulados diversos preceptos autonómicos, nos últimos anos, que pretendían entrar a regular a obrigatoriedade ou non da colexiación. De calquera xeito, queda expresamente claro, coa redacción que figura no texto galego, que a colexiación será voluntaria en Galicia para exercer a profesión de dietista-nutricionista ata que a futura lei estatal de colexios decida sobre o tema. Por iso, deputados e deputadas do Grupo Socialista, non entendemos as súas emendas en relación co artigo 4 desta lei.

Nos últimos anos, 2013 e 2014, aprobáronse as leis de Andalucía, Murcia e Castela-León, todas por unanimidade do Partido Popular, Partido Socialista e Izquierda Unida. Con respecto á voluntariedade, esas leis din o seguinte. Andalucía: “No requerirá la incorporación al colegio salvo que así lo disponga una ley estatal”. Murcia: “De conformidad con lo establecido en el artículo 3.2 de la Ley 2/1974, de 13 de febrero, sobre colegios profesionales, en la redacción dada por la Ley 25/2009, de 22 de diciembre, la obligatoriedad en la incorporación colegial solo procederá cuando así lo establezca con carácter básico una ley estatal”. Castela-León: “Necesaria la incorporación al colegio en el caso de que así lo establezca una ley estatal”.

Como quedou exposto nas intervencións dos grupos, os principais escollos para a aprobación unánime desta lei, ademais da voluntariedade da colexiación, da que xa falamos, é o interese público da creación do colexio e da actividade dos dietistas-nutricionistas e a referencia expresa no proxecto á Lei 7/2004, Lei galega para a igualdade de mulleres e homes, e á Lei orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e ademais a paridade estrita na comisión xestora.

Outras emendas que rexeita o noso grupo teñen que ver, no caso do Grupo Socialista, coa mención da estrutura e funcionamento democrático nos colexios, cando isto é un artigo constitucional. O artigo 36 da Constitución di textualmente: “La estructura interna y el funcionamiento de los colegios deberán ser democráticos.” Desde logo, nas leis dos colexios

profesionais do ano 2009, cando gobernaba o Bipartito, non aparece para nada a referencia á democratización e ao funcionamento democrático dos colexios.

Hai unhas emendas do BNG, que son a 4 e 10, que non as podemos aceptar porque seguimos as directrices de técnica xurídica da Xunta, que din que non pode ser transitoria unha disposición que deixe de ter eficacia cando se aplique unha soa vez.

Outra emenda do Grupo Socialista sobre a colexiación de persoas profesionais vinculadas coa Administración pública temos que rexeitala tamén porque consideramos que excede das competencias da Comunidade Autónoma, e hai diferentes sentenzas do Tribunal Constitucional que teñen referendado que a competencia para obrigar ou eximir da colexiación é estritamente estatal, como así se obriga na modificación do Goberno Socialista do ano 2009 da Lei de colexios profesionais.

A emenda número 7 do Grupo de AGE rexeitámola porque consideramos que as condicións xerais de aprobación dos estatutos dos colexios xa están definidas claramente na Lei de colexios profesionais de Galicia, na Lei 11/2001, e non nos parece aconsellable concretar especificidades nesta lei, na lei de creación deste colexio. Pensamos que o correcto é que se rexan todos por unha norma global, xa que do contrario, na eventualidade de que mudara o procedemento xeral regulado na Lei 11/2001, este colexio quedaría cunha regulación especial.

Con respecto á emenda número 2, de adición, do Grupo Socialista, en relación coa engádeba dun novo artigo sobre a igualdade de xénero e composición equilibrada, temos que dicir o mesmo. A lei non regula o colexio, soamente o crea. A regulación dos colexios está contida na Lei 11/2001.

Os puntos 1 e 2 da citada emenda sobre discriminación por razón de sexo, desigualdade de trato de oportunidades ou dereitos e deberes entre mulleres e homes colexiados, e sobre a nulidade de calquera acordo dos órganos de goberno do colexio que vulnere as leis 7/2004 e 3/2007, parécennos absolutamente redundantes. Non podería ser doutro xeito que aplicar aos colexios profesionais as leis citadas sobre a igualdade de mulleres e homes.

En resumo, como xa comentara no debate de totalidade do proxecto de lei, sorprendeume un número tan elevado de emendas presentadas. Un total de 31 para un texto sinxelo e que aparentemente non se prestaba a grandes discrepancias.

O Grupo Popular aceptou 4 e transaccionou 1 das 13 emendas do Grupo do BNG, que retirara 1 e quedarán en 12.

O Grupo da AGE presentou 7, aceptáronse 3 e rexeitáronse 4.

Os socialistas presentaron 6, aceptouse 1, transaccionouse 1 e rexeitáronse 4. E do Grupo Mixto –que fora xa autor dunha emenda á totalidade, como se manifestou aquí– non puidemos aceptar ningunha; unha delas referíase á voluntariedade expresa de colexiación, e as outras dúas suprimían parágrafos na exposición de motivos en relación co interese público desta lei.

¿E que emendas aceptamos? Efectivamente, aceptamos a revisión da linguaxe sexista e a corrección do texto. A emenda 3 do Bloque Nacionalista Galego parcialmente, porque aclara as capacidades do colexio; a emenda 5 do BNG, onde se falaba ou se facía mención específica ao novo nome da titulación habilitante entre diplomado e graduado. Dúas emendas da AGE poderían ir incluídas na do BNG, de corrección da linguaxe sexista. Tamén queríamos aceptar parcialmente a 4 da AGE, na medida en que aclaraba correctamente o dereito de admisión de todas as persoas tituladas, pero vinculárono ao tema da voluntariedade expresa na lei. A emenda 4 do PSdG, de fomento do uso ou utilización da lingua galega no colexio; aceptamos esa, e non a do Bloque Nacionalista Galego, porque esa é exactamente a mesma que figura nas leis de colexios profesionais aprobadas hai dúas lexislaturas nesta Cámara. E tamén aceptamos a 6 da AGE e a 9 do BNG, que perfila mellor o labor transitorio da comisión xestora que actuará con carácter previo á constitución do colexio. Son, polo tanto, un total de dez emendas ou aceptadas ou transaccionadas, case a totalidade das que eran aceptables, pois o resto ou vulneraban a lexislación básica ou ben eran contraditorias ou redundantes co contido da lei.

Nós lamentamos a negativa a votar afirmativamente por parte dos grupos da oposición unha lei de creación dun colexio profesional tan importante para a saúde pública dos nosos cidadáns. No ano 2006 –como falamos–, na aproba-

ción de leis similares a esta, o Partido Popular ofreceu colaboración e non atrancos. Por exemplo, na Lei de creación do colexio de hixienistas dentais presentáronse daquela dúas únicas emendas. Unha en relación co uso do galego, efectivamente; e outra de modificación en relación coas capacidades do colexio. Pensamos desde o Grupo Popular que iso é colaboración, e o que vostedes fixeron dende o principio na tramitación desta lei foi un certo grao de obstrucionismo. Non podemos aceptar as súas emendas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Rolda dos grupos para que se definan sobre as emendas mantidas polos demais. *(Pausa.)*

Grupo Mixto. Señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Moi breve. Eu creo que está todo dito e que pouco máis se pode engadir.

Sigo afirmando que os colexios profesionais hoxe non teñen ningún sentido, son algo anacrónico. Anacrónico como case todo o que mantén o Goberno da Xunta, incluídas as deputacións; unha estrutura social que non responde para nada ás necesidades actuais. Non se xustifica en ningún interese público, por moito que se insista. Aínda o Partido Popular foi incapaz de nomear unha soa cuestión de interese público á que lle dea resposta a constitución deste colexio; nin unha se lle escoitou.

Usurpa funcións doutras organizacións sociais; só representa os intereses corporativos –que nada teñen que ver cos intereses da sociedade galega nin coa saúde pública–; é unha lei que responde unicamente ao interese de 56 titulados –nin sequera de todos os titulados– e deixa fóra –é dicir, non hai interese nesta lei– máis de dous millóns de galegos e galegas. É dicir, acaban de legislar para todos os galegos e galegas 56 persoas. Dende logo, como democracia deixa bastante que desexar. E como interese tamén, 56 titulados dos que haxa en Galicia; non sei cal é o número total de dietistas-nutricionistas, pero parece bastante escaso.

Unha lei que non vai mellorar para nada nin a vida dos galegos e das galegas nin a saúde dos galegos e as galegas

nin a calidade da alimentación dos galegos e das galegas. Máis lle cumpriría ao Partido Popular, en vez de aprobar esta lei e estar tan preocupado por crear colexios profesionais, dar unha alimentación decente ás persoas enfermas que están ingresadas nos hospitais públicos, que cada vez comen máis comida industrial e menos natural.

Polo tanto, vou votar en contra deste proxecto de lei e ademais –e quero que conste así– considero que hoxe faremos unha acción ilegal, que será aprobar unha lei que non cumpre cos requisitos mínimos para ser lei, a do Proxecto de creación do Colexio de Nutricionistas e Dietistas, xa que ao non ter demostrado o seu interese público –cuestión que é fundamental para poder constituír un colexio–, esta lei que hoxe se aprobará por parte do Partido Popular –entendo que en solitario– constituirá unha nova ilegalidade do Partido Popular.

Nada máis. Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Grupo do Bloque Nacionalista Galego. Señora Prado.

A señora PRADO CORES: Eu quero escomezar dicindo que para o BNG si ten grande importancia a profesión de dietistas-nutricionistas. Tanto é así como que nós defendemos que deben formar parte da sanidade pública de Galiza e que deben integrar as unidades de nutrición e dietética, tanto da atención primaria como da especializada. Pero me temo que, se traemos aquí esta iniciativa, o Partido Popular vai votar en contra. Entón, demagoxias as xustas, señoras e señores do Partido Popular.

Nós, no BNG, non estamos en contra da profesión nin da súa importancia e relevancia, e parécenos vital, porque antes da medicación está a prevención e a alimentación. E podíamos falar de temas de obesidade; podíamos falar, efectivamente, de que calidade alimentaria se está dando nos nosos hospitais; podíamos falar de moitas cousas, pero non é ese o caso.

Tamén dixemos que nós non nos opoñiamos á creación do Colexio de Dietistas e Nutricionistas, sempre e cando quedara dun xeito nidio que era voluntaria a súa adscrición. E eu non sei como é capaz o Partido Popular, manifestándolle todos os grupos da oposición que modificando esa posición

intransixente de vostedes, e con outra redacción, terían o voto favorable de todos os grupos, de manterse en non modificar unha coma. Máis ben parece que estaban vostedes interesados en chegar a este punto, onde exclusivamente votaran a favor vostedes; máis nun uso político do tema que non no interese dos profesionais que demandan a creación do colexio. Porque, se non fora así, non hai ningunha razón para que vostedes non aceptaran a modificación que lle pedimos os catro grupos da oposición. Igual que non hai ningunha razón para que tiveran tanta prisa na tramitación cando levaba catro anos no caixón a petición dos profesionais.

Entón, quen está facendo aquí un uso –non sabemos con que intención, intúoa– deste tema é o Partido Popular. Eu insisto en que lamentamos esta posición, porque simplemente cunha modificación da redacción que non quedara na ambigüidade, ambigüidade denunciada polo CES, posición a respecto de dúbidas manifestadas polo Consello Galego da Competencia e polo CES, non exclusivamente polos grupos da oposición, e a pesar das consideracións destes dous organismos oficiais onde, dende logo, o BNG non ten maioría, solicitamos modificacións no texto neste mesmo camiño para que non quedara na ambigüidade. Para que non quedara na ambigüidade, vostede, señor deputado do Partido Popular, di que hai cousas que non recollen porque son redundantes. Excepto cando esa redundancia é para deixar en evidencia e para poñer que este Parlamento é subsidiario do Lexislativo do Estado; aí non teñen vostedes ningún problema en poñelo dun xeito explícito. Entón, quen está a xogar coas cuestións son única e exclusivamente vostedes.

Insisto en que lamento esta posición do Partido Popular. O BNG vai absterse porque é unha petición dos profesionais que buscan, evidentemente, as cuestións que eles consideran que mellor lles benefician ao seu interese. Mais o BNG, como grupo político, debe tamén velar porque as cousas queden dun xeito claro e transparente. Entón, non aceptan que apareza dun xeito claro a non-colexiación; non aceptan que apareza dun xeito claro o uso do galego; non aceptan que apareza dun xeito claro a igualdade de xénero, e si aceptan que dun xeito claro, innecesario e inxustificado apareza a subordinación, que máis parece que están legislando dun xeito temporal, mentres nos deixe o Estado, mentres nos deixe Madrid facelo, e cando eles digan outra cousa, como levan facendo habitualmente, plegarse a esas decisións.

Vostedes son os que teñen que explicar por que, se con pequenos xestos conseguirían unha aprobación unánime deste Parlamento, prefiren un voto en exclusiva do Partido Popular. Terán que xustificalo, terán que explicárllelo aos profesionais. Eu aproveito para dicirlles que para nada o BNG está en contra da súa profesión, ¡nin moitísimo menos!, que a consideramos relevante, pero, dende logo, a posición do Partido Popular lévanos a ter que abstermos nesta votación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda. Señor Ron.

O señor RON FERNÁNDEZ: Imos aló.

Vaia por diante que as emendas dos restantes grupos coinciden nos aspectos conceptuais que xa analizamos na primeira intervención. Pero a máis importante delas, sen dúbida –amais, loxicamente, do respecto da paridade–, é precisamente a voluntariedade: a voluntariedade como argumento ineludible.

Nós, loxicamente, tampouco –hai que dicilo aquí– estamos, nin moito menos, en contra dos profesionais, dos dietistas e nutricionistas. Nós o que dicíamos, precisamente, é que, se a Administración pública respecta a profesión, o que debe facer, loxicamente, é prover o sistema público de saúde dos profesionais e das profesionais dietistas e nutricionistas, e non, desde logo, sometelo a privatización. Debe ser aí onde se vexa o fomento real desta profesión na nosa sanidade pública, ¡jaí!; é o que dicíamos na primeira intervención.

Como dixemos tamén no debate de totalidade, o modelo de colexios profesionais non é o modelo da AGE, pero que o acolliamos e dicíamos que queríamos emendar este proxecto de lei porque entendíamos que era unha iniciativa da sociedade civil organizada a través da Asociación Galega de Dietistas e Nutricionistas, e que só recibiría o noso apoio favorable –o si– se se cumprían unhas certas condicións, entre elas, precisamente, a da voluntariedade da colexiación.

Nós entendemos que iso non se dá no texto definitivo que ofrece o Partido Popular. Nós entendemos que se mantén a ambigüidade e, desde logo, a inseguridade xurídica,

por moito que diga o voceiro do Partido Popular. Para nós é unha inseguridade xurídica que se diga: faise isto, pero isto vai cambiar en nada, ou pode cambiar en nada. Entón, polo tanto, nós entendemos que existe inseguridade; e se constara de forma fehaciente a voluntariedade, pois, desde logo, non existiría inseguridade nese aspecto.

Polo tanto, nós, ao igual que as persoas que nos precederon –xa dixemos no primeiro turno que non podíamos votar favorablemente ante o mantemento desta cuestión, dunha obriga que queda camuflada–, imos manter o voto que mantivemos na Comisión, que foi o voto de abstención ao ditame, digamos, ao texto resultante. Así como que apoiamos as emendas que presentaron o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista porque son emendas coincidentes nos conceptos básicos, por exemplo, do galego, da paridade e da voluntariedade da colexiación. Polo tanto, nada máis que dicir que AGE vai manter o seu voto dado en Comisión, que é un voto de abstención. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Grazas.

Grupo Socialista. Señora Acuña do Campo.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidenta.

Señorías.

Señor deputado, pois teño que darlle a razón. Si, teño que darlle a razón. A présa é un termo moi subxectivo. Pois ben, fagámolo máis obxectivo. Díganos, señor deputado, no seguinte turno que ten vostede, cantos minutos exactamente durou a Ponencia desta lei. E se vostede non é capaz de falar de Galicia sen darse unha volta por Andalucía, o Bipartito e non sei que máis, díganos tamén cantos minutos duraron as ponencias en Andalucía, en non sei onde e en non sei que máis.

Mire, o malo é que, se non foi présa ¿que foi, logo, señor deputado, o que impediu un consenso nesta lei? ¿Falta de cintura do Partido Popular? ¿Ou é que o Partido Popular prefería unha lei do propio Partido Popular en lugar dunha lei para o colectivo de profesionais dos nutricionistas e dietistas e das nutricionistas e dietistas?

Mire, eu lamento moitísimo, lamento moitísimo, o rechazo gratuito das emendas da oposición. Lamento moití-

simo a falta de consenso amosado polo Grupo Popular ante unha lei tan amable e unha lei tan pouco exixente como esta. Creo que perderon vostedes unha oportunidade marabillosa de demostrar o talante dialogante e conciliador que, sen dúbida, a cidadanía lles está a exixir.

Indicar o noso apoio ás emendas presentadas polos grupos da oposición, pois no fondo –como xa se veu nos discursos neste debate– son coincidentes.

Sentimos moito, sentimos moito, señorías, que o Partido Popular lles negue aos profesionais da nutrición e da dietética do noso país a oportunidade que tiñan de crear un colexio voluntario, democrático, paritario e, por suposto, mellor.

Por certo que, se efectivamente o Partido Popular ten tanto compromiso –como manifestou aquí o ponente– con este colectivo, o Goberno Feijóo non debe quedarse na creación dun colexio que, como dicimos os galegos, “non lle custa cartos”, ¿non?, senón que deba de traballar para introducir esta actividade nos centros sanitarios, xa que, sen dúbida, sen ningunha dúbida, se trata dun coidado sanitario máis.

Por certo –como xa dixen pero volvo repetir–, xa se fai en moitos outros países de Europa, onde o 50% dos profesionais da nutrición e da dietética traballan dentro dos centros hospitalarios, aínda que en Galicia estamos moi lonxe diso, pois o señor Feijóo está claro que prefire eses “cuestionados” –vou ser politicamente correcta– caterings das empresas amigas, digan o que digan, señor ponente do Partido Popular, neste debate desta lei.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Grazas.

Grupo Popular. Señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidenta.

Seguimos a insistir na evidencia do intento de bloqueo desta lei por parte da oposición. Estamos continuamente coas présas e os apuros. Pero hai unha emenda á totalidade e 31 emendas a un proxecto de lei que ten 35 liñas de parte dispositiva. Hai 31 emendas para 35 liñas.

Os argumentos para rexeitar a aprobación desta lei que mantén a oposición son, evidentemente, difíciles de soste. No tema da voluntariedade ou non da colexiación temos que dicir e repetir que é unha competencia estatal, e que ao único que nos arriscamos é a que se recorra a lei.

Nós entendemos, ademais, que o BNG non acepte iso. Bueno, é a súa postura ideolóxica: non aceptar que a lei está feita, que está feita polo Partido Socialista, e existe.

No ano 2006, cando se aprobaron as leis de colexios do Goberno Bipartito, non existía esa lei e podía-se poñer voluntaria ou obrigatoria. Por excepción púxose obrigatoria en todas as leis, incluída a dos xoieiros.

Eu, a verdade, non vexo moita coherencia coas posturas. Nós pensamos que a voluntariedade queda claramente expresada na redacción do artigo. Vou volvela ler – lía aquí o señor Ron–: “O exercicio da profesión de dietista-nutricionista con domicilio profesional único ou principal na Comunidade Autónoma de Galicia requirirá a incorporación ao Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia cando así o estableza unha lei estatal”. Eu creo que non ofrece ningún tipo de dúbida de que é voluntaria. Penso que non hai dúbida.

Cando se debateu no Congreso e no Senado a Lei do Consello, o señor Llamazares e o señor Iglesias, deputado e senador do Grupo de Izquierda Unida, presentaron unha emenda sobre a obrigatoriedade da colexiación dos dietistas-nutricionistas que foi apoiada polo Partido Socialista. Sen máis comentarios.

E referente ao tema do interese xeral, non teño moito máis que dicir. É unha condición necesaria da xustificación da creación do colexio. Paréceme curioso, por exemplo, que na reunión de Ponencia se admitira interese xeral prevalente, iso si se admitía. Imos ao dicionario e, no dicionario da Real Academia Galega, prevalente non aparece, pero si aparece no dicionario da Real Academia Española, e di: *Dirección 1. Preponderante e dominante. 2. Dicho de una enfermedad o síntoma de mayor incidencia o frecuencia. 3. Duradero, persistente.* A min gustaríame coñecer cal destas tres definicións pretendían aplicar ao texto. Parécenos tamén, certamente incoherente a súa postura neste tema.

As leis de Andalucía, Castela-León e Murcia –son as últimas que se aprobaron– foron aprobadas co voto favorable do Partido Socialista e de Izquierda Unida, e aparece claramente reflectido o interese público deste colexio.

Recomendaríalle, señora Acuña, que lera a intervención do seu portavoz na Comunidade Autónoma de Murcia. Vería que defende o interese público desta actividade con moitísima máis vehemencia que ningún outro partido.

E por último... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) –parece que non lle gusta, ¡bueno!– non podemos aceptar a súas emendas sobre igualdade e paridade. Xa dixeron aquí que nós comentamos que o Colexio –polas noticias que tiñamos– era eminentemente feminino e poderíamos ter dificultade para conseguir unha comisión estritamente paritaria na comisión xestora. Tamén nas outras leis non figura para nada a paridade, nesas tres leis que non queren que repita. En ningunha delas figura a paridade absolutamente para nada.

Estes son os principais obstáculos que a oposición pon á aprobación desta lei por unha maioría que nós quixeríamos que fora unánime. Nós pensamos que a lei está ben elaborada, que é similar en todo a outras leis galegas de colexios profesionais e a leis doutras comunidades autónomas, e non podemos entender que non dean o seu voto afirmativo polos motivos que expoñen.

A nós gustaríanos que modificaran a súa postura, pero está claro que é imposible. Vostedes explicarán, aos profesionais e aos representantes, o motivo do seu voto, e aclararíalles aos galegos e ás galegas por que non están a favor da creación dun colexio que vai contribuír a mellorar a súa saúde, e a evitar casos de intrusismo profesional e mala praxe tan frecuentes, desgraciadamente, neste campo.

A creación do Colexio pensamos que é importante. Enfermidades como a diabete, o síndrome metabólico e outras moitas doenzas son graves e merecen o seu control por persoal experto. Loitar contra o intrusismo e favorecer a saúde dos cidadáns galegos é unha tarefa importante na que todos temos que axudar.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grazas, señor Núñez Centeno.

Antes de suspender a sesión, comunicar ás súas señorías, aínda que son coñecedores xa os portavoces dos distintos grupos, o aprazamento da comparecencia do conselleiro de Economía e Industria a petición da Xunta, documento número 37794.

Suspendemos a sesión ata esta tarde ás 16.00 horas, catro da tarde.

Moitas grazas.

Supéndese a sesión ás dúas e media da tarde e retómase ás catro e dous minutos.

A señora PRESIDENTA: Boa tarde.

Vaian ocupando os seus asentos.

Reiniciamos a sesión.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, para a reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra, para a presentación da proposición de lei, don José Luis Méndez Romeu, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señora presidenta.

Señorías, a doutrina política moderna vén considerando que a función principal dos parlamentos, das cámaras lexislativas, é a función de control sobre o Executivo en detrimento da tradicional función lexislativa, hoxe exercida de xeito cuasi monopolístico polo Executivo, polo menos no parlamentarismo continental que nos é máis próximo.

Nunha obra famosa sobre as institucións do Estado moderno de Philip Pettit, un coñecido académico norteamericano, estúdase e deféndese que a cámara sexa un lugar de debate incluínte e interactivo, o lugar onde os representantes deban argumentar sobre o ben público ou sobre os intereses compartidos, evitando argumentar –di o autor– de xeito partidista ou descoitado.

Pettit, por exemplo, pon en valor institucións que habitualmente aquí, no traballo parlamentario, están un pouco desvaídas. Por exemplo, o papel das comisións parlamentarias, onde nos di que cando utilizan as audiencias públicas, cando utilizan a selección negativa de candidatos, os ditames, os nomeamentos, a audiencia de intereses sociais, chegan a ser verdadeiros foros que educan os cidadáns na práctica política moderna.

Non chegamos a tanto neste Parlamento, pero é evidente que a reflexión de Pettit, aínda que sexa dende a teoría política, nos está a sinalar algunhas das eivas do parlamentarismo actual e tamén un posible camiño de futuro.

A reforma do Regulamento é un clásico da vida parlamentaria, está no nivel da supresión das deputacións e da reforma do Senado; é dicir, nese tipo de debates sobre os que hai abondosas declaracións, moita documentación e, sen embargo, ningunha posición práctica que permita modificar o *statu quo*. Podería dicirse que na práctica son asuntos sobre os que existe un consenso tácito.

No ámbito do Parlamento de Galicia, a longa estabilidade das últimas lexislaturas, formadas sempre por tres grupos parlamentarios, fixou un sistema de funcionamento practicamente inalterado. No momento actual, con cinco grupos as posturas parlamentarias deseñadas nouro tempo están sendo tensionadas con debates recorrentes arredor dos problemas regulamentarios.

O Grupo Socialista ten defendido en moitas ocasións a necesidade de marcos flexibles para o funcionamento da vida política e ten prestado o seu apoio a todas as medidas puntuais tendentes a favorecer a axilidade dos debates e o clima de convivencia dentro da Cámara, mais o tempo vai poñendo de manifesto que o Regulamento necesita retoques, que entre os seus 166 artigos, 8 disposicións complementarias e dúas ducias de acordos interpretativos, unha parte deles xa non cumpren o seu obxectivo. Seguramente outros grupos parlamentarios engadirían outros artigos á escolma que hoxe presentamos. Estamos abertos a consideralos baixo o prisma de que a reforma é relativamente urxente.

Esta proposición que hoxe se presenta foi elaborada con esa perspectiva, para favorecer que o próximo período de sesións poida evitar a repeticións de debates e situacións

xulgados anacrónicos ou superados. Quero lembrar que o actual Regulamento foi aprobado inicialmente en xuño do 1982, van aló 33 anos, cun amplo consenso do 90 % da Cámara. Anoto para a pequena historia daquela votación, respaldada polos grupos de UCD, socialistas e Alianza Popular, o voto favorable de quen era entón deputado e hoxe presidente do Goberno de España, o señor Rajoy. Daquela, os grupos comunista e nacionalista abstivéronse.

Sen embargo, o articulado actual é máis tardío, é do ano 1983, e foi elaborado a partir de sendas proposicións dos distintos grupos parlamentarios ata acadar un consenso do 96 %. A reforma parcial de 1993 só tivo o apoio do Grupo Popular. E outra reforma parcial, impulsada polo Grupo Socialista no ano seguinte, acadou a unanimidade. Mesmo na pasada lexislatura, cos votos exclusivos da maioría, aprobouse unha modificación puntual para compatibilizar a participación política coas situacións de maternidade ou paternidade.

A posición do Grupo Socialista ao longo destes 33 anos foi sempre constante a prol dos consensos que nesta materia se deron, que sempre conseguiron así un respaldo moi amplo, e contraria ás reformas regulamentarias unilaterais, por moito que tivesen o apoio do grupo maioritario.

Defendemos neste tema, como en tantos outros, que as leis básicas da autonomía deben de ter un consenso reforzado. De aí que pretendamos hoxe acadar de novo un amplo consenso. Estamos debatendo unha proposición de lei do Grupo Socialista, pero co obxectivo de que a lei resultante sexa unha lei da Cámara no seu conxunto. Por esa mesma razón, adianto que sería moi negativo que, de ser tomada hoxe en consideración, logo fora baleirada substantivamente de contido.

Somos conscientes de que sería preferible constituír unha Ponencia conxunta por parte de todos os grupos. Así o propuxemos o ano pasado na resolución número 38 do pasado Debate do estado da Autonomía, que foi rexeitada pola maioría popular. Posteriormente tamén foi rexeitada unha proposta semellante a iniciativa do Grupo do BNG.

Mesmo na Comisión non Permanente contra a Corrupción se trataron algunhas cuestións que afectarían ao funcionamento do Regulamento, pero, como se sabe, tal comisión

ficou paralizada por decisión do grupo maioritario. E máis recentemente incluso, o presidente da Xunta, nun pleno extraordinario en febreiro pasado sobre a corrupción, defendeu algunhas medidas semellantes ás que hoxe se propoñen.

Nós propoñemos dous tipos de modificacións no debate que hoxe abrimos. Dunha banda, asuntos referidos á mellora do debate político e da función de control. Doutra, aspectos procedementais do funcionamento da Cámara.

En canto ás primeiras, a mellora do debate político e a procura dun debate de máis rigor e altura, incluímos:

Posibilitar a constitución de comisións de investigación a petición de 1/3 da Cámara. Recollendo un pouco a reflexión de Philip Pettit, a presenza nas comisións de investigación da sociedade civil, dos expertos, dos funcionarios, ese contraste de opinións ten un valor extraordinario para a sociedade que aquí representamos, e representa, de feito, un verdadeiro parlamento extra muros. Fronte á rixidez actual do debate exclusivo de proposicións e mocións, significaría introducir a sociedade civil no núcleo da actividade parlamentaria que é o control e a fiscalización –como xa dixen– do Executivo.

Propoñemos tamén enriquecer a tramitación dos proxectos de lei mediante audiencias a altos cargos e ás entidades sociais especialmente afectadas, recoñecendo implicitamente que as leis son elaboradas polo Goberno e que só lle corresponde á Cámara perfeccionalas, pero asumindo que cómpre pasar do improdutivo procedemento actual a un debate público coa sociedade. Subliño que un procedemento de audiencias na tramitación dos proxectos de lei non resta valor ao equilibrio de maioría e minoría, e, polo tanto, non cuestiona nin a estabilidade do Goberno nin o cumprimento do seu programa lexislativo.

Propoñemos tamén a comparecencia obrigada dos membros do Goberno cando non poidan ser cumprimentadas as peticións de documentación dos grupos e dos deputados ao abeiro do artigo 9. Debo lembrar que, a día de hoxe, só nesta lexislatura, e só no que afecta ao Grupo Socialista, hai 400 peticións de documentación non cumprimentadas. E debo subliñar a práctica doutras cámaras. No Congreso dos Deputados, por exemplo, póñense a disposición dos membros da Cámara, de xeito habitual, os expedientes completos dos asuntos que son requiridos polos distintos grupos.

Propoñemos tamén reforzar o papel da Comisión de Peticións, para que sexa un dos ámbitos nos que se ten que verificar a máxima participación cidadá.

Son algunhas das medidas que propoñemos, que superarían a actual concepción rixida de maioría e minoría, con plenos que reproducen temas e propostas xa vistos en Comisión. Propoñemos revitalizar e impulsar o debate político xeral, que é a verdadeira razón de ser desta Cámara.

En canto aos asuntos de mellora dos procedementos establecidos, propoñemos, entre outras, alongar os períodos de sesións, tanto de setembro como de xaneiro, de forma que poidamos diminuír, dos 90 días actuais de período inhábil, a 40 días ese período.

Propoñemos afondar e, ao mesmo tempo, axilizar o debate orzamentario. En primeiro lugar, reforzando a comparecencia obrigada non só dos membros do Goberno, senón de todos os titulares das distintas seccións que comprenden o orzamento. É incomprendible que moitos deles sexan auténticos descoñecidos ao longo da lexislatura nesta Cámara. En paralelo, e como contrapartida, propoñemos axilizar o debate en Pleno, evitando a tediosa repetición do que xa se ten debatido en Comisión.

Igualmente propoñemos acurtar os períodos de tramitación, para evitar que unha interpelación teña que ser presentada con 3 ou 4 semanas de antelación, e unha pregunta ao presidente con 9 días. E tamén incluimos medidas sobre a transparencia do réxime dos deputados e das deputadas.

Con posterioridade a esta iniciativa socialista, foi presentada polo Grupo Popular unha proposición de lei para a reforma do Regulamento que, como indica na súa exposición de motivos, é unha reforma sinxela. De feito, unicamente se dirixe a incluír o portal de transparencia, algo ao que vén obrigado por unha normativa estatal; modificar o prazo dun dos períodos de sesións; simplificar as interpelacións e regular con carácter restritivo as preguntas ao presidente.

Señorías, este grupo é consciente da súa posición relativa na actual composición da Cámara, pero tamén é consciente da súa responsabilidade. Mantemos unha posición tradicionalmente de máximo respecto ao Regulamento e tamén aos usos consuetudinarios da Cámara, pero iso non obsta

para que defendamos unha firme posición de mellora do debate político con iniciativas como a que hoxe presentamos, ou con iniciativas como as que presentamos no debate de política xeral, no impulso da Comisión de Prevención da Corrupción ou noutras proposicións de lei.

Esta proposición ten un carácter construtivo, ambicioso e tamén atento á evolución do parlamentarismo contemporáneo. Existe unha fiestra de oportunidade neste debate: a esperanza de superar a tradicional división entre goberno e oposición nunha arela común, conseguir unha institución máis representativa. Quero garantir, nese sentido, que se esta proposición é tomada hoxe en consideración, este grupo manterá unha posición construtiva ata onde sexa posible chegar, sabendo que rara vez a arquitectura das institucións se constrúe *ex novo* e que normalmente se procede a través de aproximacións sucesivas; con respecto ao labor feito polos nosos devanceiros nesta Cámara, pero tamén coa responsabilidade de estar obrigados a propoñer melloras e ampliar o marco de participación dos cidadáns.

Señorías, isto é en síntese o que propoñemos nesta modesta proposición de lei que nos gustaría que tivera unha tramitación áxil para poder entrar en vigor, se existe consenso, no vindeiro período de sesións. Lembro que os debates sobre as eivas, sobre os límites, do actual Regulamento se teñen reproducido de xeito verdadeiramente abrumador, e velaí o *Diario de Sesións* para comprobalo. E, por tanto, as dificultades e os límites son omnipresentes para todos os grupos parlamentarios.

Agardo que coas aportacións de todos poidamos enriquecer este texto inicial e, efectivamente, chegar a ter un regulamento, senón para os próximos 33 anos, polo menos si para a vindeira lexislatura, que é a que a todos nos compromete.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Mixto. Señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Boa tarde a todas e a todos.

Grazas, presidenta.

Esta lei de reforma do Regulamento da Cámara, cuxa toma en consideración se debate hoxe, conta cunha serie de modificacións que esta deputada aplaude e que van na dirección de axilizar o trámite parlamentar, como o punto 21, 23, 24; de favorecer a transparencia, punto 1, 4, 2, 6, 7, 9, entre outros; de impulsar a participación cidadá, punto 8 e 15; aumentar o control ao Goberno, tal e como di na exposición de motivos: promover a comparecencia das persoas titulares das consellerías no caso de non facilitar a información requirida. Estou de acordo.

Tamén estou de acordo en facilitar a constitución de comisións de investigación; tamén no aumento dos períodos de sesións ordinarias e na posibilidade de requirir da Xunta de Galiza a documentación necesaria para o labor lexislativo. E parécese ben un mecanismo de control da asistencia e do traballo das señoras e señores deputados, tal e como recolle o punto 3, que o fai só no sentido de asistencia ao pleno, o que me parece insuficiente, porque penso que o traballo parlamentar debería medirse polas iniciativas presentadas e defendidas, sexa en pleno ou en comisión. Desta maneira evitaríase a figura do deputado florero, figura que abunda moito nos partidos maioritarios. É unha figura que asiste como un convidado de pedra aos debates e límitase a votar segundo a disciplina de partido.

O que non comparto –e vostede non o citou no seu relatório da exposición– é o punto 5, que engade un novo artigo 26bis), que trata de cercenar, ou cando menos limitar, os dereitos dos deputados do Grupo Mixto.

Este artigo que vostedes presentan, un corta e pega do introducido na Asemblea de Madrid no día 9 do 10 do ano 2009 polo PP, sendo portavoz David Pérez, co fin de crear a figura do deputado non adscrito a raíz da imputación de tres deputados do Partido Popular na Gürtel, pretende penalizar os deputados que por calesquer motivo se ven na obriga de abandonar o seu grupo. E aquí entraríamos no cansino e vello debate de que a quen pertencen as actas das deputadas electas, ¿aos partidos ou as persoas?

A Constitución, que garante a independencia da deputada, contempla que a acta é da persoa electa. Así que os partidos elaboran estatutos que contradín os dereitos constitucionais para un maior control do que eles consideran seu: as actas. Se o que importa e se vota son as siglas, invito aos par-

tidos políticos e coalicións a elaborar listas con números e non con nomes e rostros de persoas. Así, despois da votación poderían outorgar as actas segundo como lles pete aos dirixentes orgánicos.

Hai moitos exemplos na recente historia da –chamémolle– democracia. A sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza –e agora si que vou eu a Andalucía– considera contrarios á doutrina constitucional os acordos adoptados pola Mesa da Asemblea de Ceuta, e a Xunta de Portavoces da Cámara autonómica, para limitar as facultades e obrigas da deputada non adscrita Fátima Hamed, que abandonou a coalición Caballas, pola que resultaa electa nas autonómicas do 2011. E conclúe o tribunal: Que a deputada, adscrita ou non, recibiu a confianza dos seus electores, e iso habilíttaa para o exercicio das súas funcións mercede a esa confianza obtida, e non pode considerarse de peor condición que o resto dos integrantes da Cámara.

A afectada recibe esta sentenza como unha gran noticia política. É un triúnfo da dignidade sobre a maldade pactista das cúpulas, e un triúnfo da Constitución sobre as decisións –moitas veces persoais e arbitrarias– dos dirixentes orgánicos dun partido político. E pode ocorrer –e ocorre– que a deputada se vexa na obriga de abandonar o grupo por coherencia ideolóxica, como é o caso do deputado socialista no Parlament catalán, rompendo a pouco democrática disciplina de voto no proceso de consulta soberanista. E ademais, a consecuencia da súa proposta sería manter, por imperativo legal, as prestacións económica dun deputado a tempo parcial, e considera esta deputada que non está a economía para tales dispendios.

Para arranxar en grande medida o problema do transfuguismo –teñan coidado que non sei que vai pasar en Catilla-La Mancha–, abandono ou expulsión dos deputados das agrupacións políticas polas que concorren, sería moito máis eficaz –segundo a miña opinión e a de moitas expertas en política institucional e representativa– mudar o sistema de elección de listas pechadas a listas abertas; sistema moito máis atractivo para as cidadás e moito máis democrático, posto que o electorado é quen decide sobre quen exactamente formaría goberno ou ostentaría representatividade, sen ter o límite establecido polos partidos nas listas pechadas.

Tendo en conta que a democracia –que non partitocracia– busca ou debería buscar a maior participación cidadá, habería

que ir pensando en ir rematando coas listas pechadas configuradas polos partidos. Non hai que ter medo, señores deputados. Hai moitos países democráticos, como Finlandia e Suíza, que aplican este sistema desde hai tempo e isto non os levou ao caos nin á anarquía, nin moito menos. O sistema de listas pechadas favorece o bipartidismo, e ao mellor –ou ao peor– é o que vostedes queren protexer, porque ao seren listas de partidos, en lugar de candidatos independentes, os seus votos repartíranse de xeito proporcional ao aplicar a lei D'Hont, que reparte escaños entre agrupacións que obteñan máis do 5 % dos votos. Así que, señores deputados, con este sistema de listas pechadas hai unha inmensa minoría que queda sen representación.

Na liña construtiva que vostede expuxo na súa intervención –eu tamén estou nesa liña construtiva–, espero que se aprobe a toma en consideración para despois elaborar as emendas que consideremos pertinentes.

Máis nada. Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.
Ten a palabra o señor Jorquera Caselas.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señora presidenta.

Deputadas e deputados.

A crise do parlamentarismo é un dos rasgos dos tempos que nos toca vivir. Poderíamos discutir nesta Cámara sobre as súas causas. Dende o noso punto de vista, esta crise é un síntoma da crise da democracia mesma, por mor da ausencia de soberanía; no Estado español, por mor da anulación práctica da mesma; e no caso galego por mor da súa total e absoluta negación, polo non-recoñecemento do pobo galego como suxeito de soberanía na súa propia terra.

Os parlamentos, formalmente, son os depositarios da soberanía do pobo, pero iso é papel mollado cando, á hora da verdade, as decisións nos veñen ditadas dende Madrid ou Bruxelas, ou cando nos gobernos do Partido Popular quen mandan realmente é o Ibex 35.

Pero, mais aló desta reflexión, á crise do parlamentarismo contribúen tamén outras causas. Por exemplo, un fun-

cionamiento anquilosado, que impide que se substancien debates coa axilidade necesaria sobre asuntos que moitas veces levan días acaparando a atención da rúa ou o debate nas redes e nos medios de comunicación social. ¿É de recibo, por exemplo, que as preguntas ao presidente haxa que rexistralas con nove días de antelación ao seu debate nesta Cámara? E, dende logo, a esta crise contribúe tamén a inversión da relación de supremacía entre o poder Lexislativo e o Executivo; o sometemento do Parlamento ao Goberno; a anulación práctica do Parlamento por parte da maioría que dá soporte ao Goberno. Nesta lexislatura, sen ir máis lonxe, temos exemplos abondo: a negativa por sistema do señor Feijóo a comparecer; a negativa tamén a contestar as preguntas que se lle formulan; a negativa do Goberno a aportar a documentación ou a información que lle solicitan os grupos parlamentarios; o veto á creación de comisións de investigación; o bloqueo das que existen, e así poderíamos seguir.

Miren, o Grupo Parlamentario do BNG –teñan a seguridade– non está abonado ao desprestixio do Parlamento. Exercermos a nosa autoestima como pobo, defender o autogoberno, exige tamén dignificar e poñer en valor as nosas institucións. Pero para dignificar o Parlamento é necesario a súa revitalización, para que o Parlamento sexa esa Cámara viva que todos os galegos e galegas sintan como propia. En definitiva, para que o Parlamento sexa de verdade a institución central do noso autogoberno; a institución central da vida política galega. E para conseguilo é imprescindible reformar o Regulamento do Parlamento.

Como dicía, para conseguilo –entre outras cousas– é imprescindible reformar o Regulamento do Parlamento, pero non así, señores do Grupo Socialista, porque vostedes intentan aproveitar esta proposición para blindar un estatus bipartidista que non reflicte a composición real desta Cámara, nin moito menos reflicte a pluralidade política existente na sociedade galega. Vostedes intentan aproveitar esta proposición para blindar, a través da reforma do Regulamento, o que xa fixeron pola vía dos feitos, subscribindo os acordos da Mesa para recortar as iniciativas do BNG e da AGE a cambio de preservar o seu estatus como grupo.

Señores do Grupo Socialista, compartimos moitas das propostas plantexadas por vostedes nesta proposición, aínda que algunhas nos poidan merecer matices na súa redacción ou concreción. Estamos de acordo en rebaixar o quórum

para constituír unha comisión de investigación. Permítanme que lea textualmente esta frase: “Nunca me negarei a que se investigue e aclare o que non está claro, por iso farei unha proposta: que cada grupo teña dereito a impulsar dúas comisións de investigación por lexislatura sen necesitar o apoio do resto da Cámara”. Miren, señores do Grupo Popular, isto era o que dicía o señor Feijóo cando estaba na oposición. Agora, en cambio, o PP veta que se cree unha comisión sobre o escándalo dos cursos de formación; e tamén veta coa súa abstención, señores do Grupo Socialista, que se cree unha comisión de investigación sobre o accidente de Angrois.

Polo tanto, estamos a favor de rebaixar o quórum para que se creen comisión de investigación. Estamos tamén de acordo con outras medidas, como as tendentes a reforzar a transparencia; a explicitar de xeito máis exhaustivo os deberes dos deputados; a promover as comparecencias dos membros do Goberno e a obriga de proveer de información; a flexibilizar os tempos para que os grupos poidan rexistrar as súas iniciativas e estas estean listas para o seu debate na Cámara; a proposta de ampliar os períodos de sesións, ou as medidas tendentes a promover a participación cidadá, por moito que dubidemos de que a canle máis acaída sexa a actual Comisión de peticións.

Seríamos máis partidarios de que se contemplase unha comisión de participación cidadá neste Parlamento, para que os cidadáns e os colectivos sociais poidan acudir directamente a esta Cámara a trasladar as súas propostas e as súas reflexións, e somos partidarios tamén de acompañar esta medida con formas de democracia directa, de participación directa, como as que o Grupo Parlamentario do BNG vén proponendo dende o inicio desta lexislatura.

Pero outras medidas, en cambio, cremos que como mínimo son discutibles. Por exemplo, os cambios que se propoñen introducir na ordenación do debate de política xeral sobre o estado da nación galega. Refírome a que as propostas de resolución teñan que rexistrarse como máximo trinta minutos despois de substanciado o debate co presidente; que o debate co presidente e o debate das propostas de resolución non sexan en xornadas diferenciadas. E refírome tamén á súa proposta, señores do Grupo Socialista, de que a intervención dos grupos parlamentares neste debate se ordene por orde de maior a menor. Pensen primeiro que a política é

cambiante, o que hoxe é primeiro, mañá pode ser o último. Pero pensen tamén que, co redactado que vostedes propoñen e coa composición actual da Cámara, despois da intervención do presidente o primeiro grupo en intervir sería o Grupo Popular. Pero, sobre todo, discrepamos rotundamente das algunhas propostas que van na liña de introducir criterios de maior proporcionalidade na capacidade de iniciativa dos grupos. Todos os grupos deben de ter os mesmos dereitos, a mesma capacidade de iniciativa; a proporcionalidade xa se establece á hora de votar.

Cremos que a reforma do Regulamento debe servir, precisamente, para corrixir os déficits de democracia que existen esta Cámara; para corrixir, por exemplo, situacións como as vividas no último pleno ordinario que se celebrou, onde, por segunda vez neste período de sesións, un grupo parlamentar se viu privado da capacidade de preguntar ao presidente. Por iso, de ser admitida a trámite esta proposición, anuncio xa que o Bloque Nacionalista Galego presentará emendas a todos estes aspectos.

Pero como en calquera caso o que votamos hoxe é a admisión a trámite desta proposición de lei, non o texto definitivo, non imos obstaculizar votando en contra desta proposición para que poida ser tomada en consideración, por moito que haxa aspectos dos que discrepemos radicalmente. Porque, señores do Grupo Socialista, reitero: reforma do Regulamento, si, pero non así. Esa é a posición do Grupo Parlamentar do BNG. Por esa razón anuncio que nos absteremos na votación desta proposición de lei.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Jorquera.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda ten a palabra o señor Beiras.

O señor BEIRAS TORRADO: Señora presidenta. Señorías.

Señor Méndez Romeu, non parece que o poder Executivo desta Autonomía tivese demasiado interese en escoitar o seu plantexamento de relacións, precisamente, entre o poder Lexislativo e o Executivo, porque están desertos os escanos azuis. Agora hai un, o vicepresidente, que non chegou a tempo de escoitalo a vostede. Xa ve, todo un síntoma.

Imos ver. A exposición de motivos da súa proposición de lei comeza dicindo: “As disfuncións do actual Regulamento da Cámara galega son coñecidas e veñen provocando continuos problemas”.

As disfuncións do actual Regulamento da Cámara. Este Parlamento non padece disfuncións regulamentarias, na nosa opinión. Este Parlamento está morto, ou na UVI con respiración asistida, porque está destruída a súa natureza esencial. Polo tanto, non o imos resucitar cunha reforma do Regulamento. E menos aínda se é unha reforma parcial e limitada a algúns procedementos, aínda que a súa toma en consideración abriría un proceso de aportacións, dado ademais o talante aberto e a xenerosidade coa que o Grupo Socialista plantea a súa proposta: poñer en marcha un proceso.

Eu estimo moito a calidade intelectual e científica do profesor Gerardo Pisarello. Paréceme que é unha das cabezas máis lúcidas do constitucionalismo español das xeracións menores de 50 anos –el ten 40 ou 41–, e coido que a distinción entre constitucionalismo democrático e constitucionalismo oligárquico é clave para comprender o que está pasando. Unha constitución –a do 78– elaborada nas pautas, nas matrices, das condicións democráticas da fase antifascista, do momento gran antifascista da posguerra mundial, que foi o que deu lugar a iso, e logo da inserción dos criterios do *Welfare State* –e aínda reflicte iso–, foi convertida nunha constitución ao servizo dunha oligarquía, e, polo tanto, *de facto* estamos a padecer un constitucionalismo oligárquico. Hai unha constitución, non é un réxime totalitario. Incluso, por exemplo, non están abolidos os partidos, non hai un réxime de partido único, pero o Partido Popular, na maneira en que utiliza as maiorías absolutas en todos os lugares onde está, fai desaparecer do mapa a representación dos cidadáns ostentada polos demais representantes porque funciona como un partido único, e esta Cámara é un exemplo diso. Polo tanto, estase convertendo nun partido único, e ese é o problema.

A Constitución do 78 está facticamente derogada, cando menos, en todos os contidos do seu título preliminar, título I, e incluso o título VIII, o famoso título sobre a organización territorial do Estado, tanto da autonomía das autonomías, das comunidades autónomas, como da autonomía municipal. Hoxe non existe, varrérona do mapa. Entón, iso non se remedia reformando o Regulamento das Cortes –paréceme

que é claro–, senón restaurando a vixencia das normas constitucionais derogadas; sexa mediante aquilo que é necesario facer para restablecer a vixencia da Constitución do 78, sexa aproveitando a ocasión para facer unha nova constitución, distinta, e abrir un proceso constituínte.

Estamos a padecer, dende polo menos hai dez anos, un proceso deconstituínte no Estado español, na sociedade española. Deconstituínte, con dúas variables. Por unha banda, a cidadanía empeza a non crer no aparato xurídico-político porque non se sente representada, cada vez máis –xa está explicado moitas veces–, e empeza a autoorganizarse. E por outra banda, un poder, o partido no poder, que baleira de contido as normas básicas constitucionais, incluso as regras que se refiren a dereitos humanos, como, por exemplo, a vivenda ou a saúde, violando dereitos humanos.

A confluencia deses dous fenómenos fai que, uns por arriba e outros por abaixo, se están cargando un réxime que está morto, e, polo tanto, o Parlamento este está morto, e non o resolvemos cunha reforma do Regulamento, que é simplemente unha norma de funcionamento.

¿Como se pode resolver? Cumpriría restituírlle a esta Cámara a súa índole de Cámara de representantes do conxunto cidadán diverso e plural. Non o é, non o é, ¡non o é!

Sistematicamente o grupo maioritario aplica a lei de ferro: somos 41 fronte a trinta e tantos, ¡acabouse! Xa se pode argumentar aquí, xa se pode exercer humor, xa se pode un cabrear, xa se pode facer como o Beiras, que saía no ABC como o *Yeti, el horrible hombre de las nieves*.

Dá igual exercer o asinado razoamento do señor Méndez Romeu ou a dialéctica incisiva, pero sempre culta e cunha enorme lucidez, do señor Losada, por exemplo. Ou a veracidade absoluta e sistemática que conmove as persoas, da señora Acuña. Dá igual. Un Parlamento onde o Grupo Popular, coa maioría absoluta, é capaz de votar a condena a morte dos enfermos de hepatite C, ¿como podemos dicir que iso é un Parlamento? Está morto antes que os enfermos de hepatite C. Morre antes o Parlamento. Suicidouse ese día. ¡Claro, suicidouse o Grupo Popular!

¡Tamén empezan os cidadáns a pasarlle factura! Iso de pensar que *el pueblo es idiota* nunca o cremos os que somos

de esquerdas. (*Murmurios.*) Non, vostedes non saben nada. Nós podemos desprezar os representantes electos por un pobo que resulta que o enganar e ademais son necios. Ben, iso si, e non terlles respecto a eses necios, ¡pero ao pueblo nunca lle faltamos ao respecto!

Ou aquela máxima, ¿verdade?, tan sabida de que: “se puede engañar a todo el mundo, a toda la gente, algún tiempo; a algunha gente todo el tiempo, pero no a todo el mundo todo el tiempo”. Pero estoume indo fóra do... Xa non quedan máis que dous minutos e cincuenta e un segundos.

Restablecer a súa posición sobranceira na xerarquía de poder xenuína dunha democracia parlamentaria, dun réxime parlamentarista e non presidencialista; e pluralista, e non maioritario nin bipartidista; o seu rol de cámara lexislativa do común cidadán, no canto de caixa de resonancia ao servizo do poder Executivo, isto é, a *ancilla domini* da Xunta. E se a Xunta é a *ancilla domini* da Moncloa, e a Moncloa é a *ancilla domini* do IV Reich, que agora resulta que non o di só o Beiras, que o di o señor Mélenchon tamén, da Unión Europea da kaiserina Merkel, entón xa seremos a *ancilla domini* da *ancilla domini*, da *ancilla domini* da *ancilla domini*, e ao final non somos nada, redúcennos a cinzas, e iso non se remedia coa reforma do Regulamento.

Ás veces incluso os contidos máis extensos case parecen un regulamento de disciplina dos deputados e deputadas. Eu coido que xa está ben de autodisciplinarnos, e dígoo no sentido medieval, no sentido do Opus Dei, de darse latigazos por detrás –perdón polo do Opus Dei–, y de la costumbre de los cilicios y el gato de siete colas de los contra maestres de la Armada Real Británica aplicado aos cidadáns do común.

En todo caso, recuperaríamos o Regulamento orixinario de 1993, anterior á contrarreforma de Fraga de 1993, aquela que me custou a min ser expulsado desta Cámara e privado dos meus dereitos durante os dous meses claves para que se aprobase cun voto máis, un escano máis que os da oposición, por un voto de diferenza, aquela reforma coa que empezou a demouca.

Logo, aos dous anos, o Tribunal Constitucional fallou ao meu favor. Non valeu de nada porque non anulou o que debía terse anulado, o que fora aprobado nesas condicións, a reforma contrarrevolucionaria.

O noso voto, para rematar. O PP pode votar a favor, ¡non se fie!, para darlle logo a volta polo forro á reforma proposta por vostedes e facer todo o contrario. É o que fixo sempre, sempre que puido, ¡sempre! Polo tanto, se sempre o fixo, é moi arriscado, pode ser unha imprudencia temeraria, apostar a que agora non o vai facer.

Pero nós, ¿que imos votar? Se o PP vota en contra por todo o que dixen, o noso voto a favor é inútil, e se o PP vota a favor, que é o que ten a tixola polo mango, o noso voto a favor é superfluo.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor BEIRAS TORRADO: Se por unha banda queremos ser congruentes coa análise que fixemos do contexto, do sentido que ten, do que pode remediar e do que non pode remediar, e hai ese risco, evidentemente nós: “*no quito ni pongo rey, sino todo lo contrario, ayudo a mi señor.*” ¿Quen é o meu señor? A xente que se está rebelando, a rebelión civil en curso que algúns prognosticamos e crían que non. E agora están cheos de medo, ¡cheíños de medo de arriba a abaixo, porque teñen os días contados politicamente! (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Beiras.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra don Pedro Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, este é o segundo debate que temos na vixente lexislatura especificamente centrado na reforma do Regulamento da Cámara. O primeiro foi, efectivamente, como se mencionou, unha iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, unha proposición non de lei debatida no Pleno do 3 de decembro do ano 2014. Un debate no que basicamente o Bloque plantexaba, como fixo hoxe, unha petición de trato exactamente igual de todos os grupos parlamentarios no que atinxe ao dereito de iniciativa de proposición para o seu debate en comisión e pleno, no que constatamos todos que tanto o Grupo Mixto como AGE estaban a favor dese tipo de iniciativas, mentres que o Grupo Socialista non o estaba, e quero lembrar as palabras do portavoz que interveu naquel debate, o señor Caamaño, que dixo que non estamos de acor-

do con esta igualdade que se pretende dar aos grupos; as proporcionalidades teñen que existir porque forman parte da lóxica política. Outra cousa é a igualdade de dereitos, pero non a igualdade na mecánica de funcionamento da institución, e aí queríamos facer tamén esa matización con rotunda claridade.

Á luz daquelas intervencións, o Grupo Parlamentario Popular, tendo claro que non hai consenso sobre cal debe ser a finalidade última da reforma do Regulamento, votou en contra. Como sabemos, o grupo propoñente votou a favor; o grupo da AGE vota o contrario do que vote o PP, como se acaba de explicar hoxe aquí; e o Grupo Socialista abstívose. E, en consecuencia, non se abriu a correspondente comisión.

En todo caso, naquel debate nós manifestamos explicitamente o noso acordo en relación con calquera cuestión concreta que permitise mellorar o funcionamento desta Cámara e que podía ser levada ao Parlamento. Como, por certo, fixemos –como tamén se lembrou aquí– coa reforma para permitir o voto das mulleres embarazadas, que naquel debate foi desprezada como oportunista, de forma absolutamente impropia, pola portavoz que defendeu aquela proposición non de lei. (*Aplausos.*)

O feito é que desde entón ten habido cambios importantes na dinámica parlamentaria. Un dos grupos constituídos ao inicio desta lexislatura sufriu o abandono, primeiro, dunha deputada e, despois, dunha segunda deputada. E plantexouse o problema, precisamente, da defensa dos dereitos dun grupo parlamentario constituído como consecuencia da libre decisión de dous membros doutro grupo parlamentario de abandonalo. Evidentemente, este grupo sempre defenderá os dereitos dos deputados –de todos os deputados–, polo tanto, o que non imos facer é quedar á marxe do que marca a norma na defensa dos dereitos de calquera que sexa o deputado, sexan do Grupo Mixto ou sexan do grupo que sexa. É dicir, resulta paradóxico defender os dereitos do conxunto dos deputados da Cámara e, ao mesmo tempo, protestar porque AGE non ten unha pregunta ao presidente ou porque non a ten o propio grupo que un representa, e, sen embargo, esquecerse de protestar cando outro grupo da Cámara tampouco ten pregunta; cousa que non se fai, distinguindo claramente, dunha forma absolutamente desproporcionada, entre os dereitos dos deputados, os dereitos dos grupos e os dereitos que todos temos que respectar como membros desta Cámara.

Efectivamente, o cambio que houbo, a muda que houbo, foi como consecuencia de que uns acordos de inicio de lexislatura que transplantaban o acordo da lexislatura pasada, polo que a oposición tiña dereito a presentar tres interpelacións en cada pleno, seis proposición non de lei, tres preguntas ao presidente e seis preguntas –tres delas urxentes– ao Goberno foi acomodado á nova circunstancia da irrupción dun novo grupo. A partir de aí, o acomodo do Grupo Mixto intentouse por varias vías. Mesmo hoxe se falou aquí de destituír da condición de membros do Grupo Mixto e levar á condición de deputadas non adscritas a aquelas persoas que abandonaron o Grupo da Alternativa Galega de Esquerda. E todo iso levou, efectivamente, a que a dinámica dos acordos do inicio da lexislatura rachase.

Este grupo tentou arranxar o problema por todas as vías. Fíxose pública unha primeira oferta, pola cal se admitía a posibilidade de que o Bloque Nacionalista Galego –que era o grupo que se sentía agraviado– presentase en todos os plenos unha pregunta ao presidente, e foi rexeitada esa proposta. Pediron un pleno adicional por período de sesións. Aceptouse alongar o período de sesións para que houbo un pleno máis, pero insistíase en que eles tiñan que ter o mesmo dereito de iniciativa que os restantes grupos da Cámara. O BNG non aceptou ningunha das propostas que se lle fixeron, e teño que recoñecer que ese non foi o comportamento dos restantes grupos desta Cámara, nomeadamente do Grupo Socialista.

A partir de aí montouse un conflito no que din que o Partido Popular amordaza a oposición. Os únicos que se autoamordazaron fisicamente neste Pleno foron algúns membros desta Cámara, os ilustres representantes do grupo nacionalista do Bloque Nacionalista Galego. Os únicos que renunciaron a facer unha pregunta ao presidente e, polo tanto, se silenciaron a si mesmos foron os membros do grupo nacionalista galego. E os únicos que celebraron no parque colindante ao hemiciclo un simulacro de Parlamento foron os membros do grupo nacionalista galego, que declinaron participar e exercer o dereito que lles asiste a participar nesta Cámara.

Como comprenderán, nesta situación a maioría ten unha certa perplexidade porque se enfronta ao seguinte paradoxo. Cando o Grupo Popular estaba na oposición podía facer unha pregunta da oposición ao presidente e agora pódense

facen tres. O Grupo Popular presentaba ao Goberno dúas interpelacións, agora preséntanse tres. Presentábanse dúas PNL, agora preséntanse seis. Presentábanse dúas preguntas ao Goberno, agora o Goberno resposta a seis preguntas da oposición. O 80 % das iniciativas tramitadas neste pleno –igual que nos últimos plenos– son propostas da oposición, e, pese a estes números, resulta que o Partido Popular amordaza a oposición. Como vostedes comprenderán, isto non hai quen o entenda, sobre todo cando, ademais, estamos superando amplamente –moi amplamente– o que establece o Regulamento que debe de ser o turno de control, as horas de control que establece ese Regulamento desde as súas orixes nos anos oitenta.

Pois ben, nin silenciámos a Cámara nin amordazámos nin acalamos críticas, e mesmo asumimos con educación críticas inxustas que non merecemos e que exceden a cortésia parlamentaria, e facémolo practicamente en todos os plenos. Polo tanto, non temos ningún complexo en defender o que esta Cámara está a facer e como está esta Cámara a traballar, porque nunca a oposición ao Goberno tivo tanta capacidade de iniciativa e tivo tanta capacidade de control como nesta lexislatura.

É certo que hai unha discrepancia de fondo sobre a proporcionalidade. É certo que o Tribunal Constitucional se ten pronunciado claramente en diversas sentenzas que afirman que a igualdade entre os grupos parlamentarios non pode significar que todos os grupos, independentemente do seu número de membros, deban ter idéntica posición en todos os trámites da Cámara, pois iso iría en detrimento da igualdade entre os deputados; e na medida en que hai grupos parlamentarios con cifras de escanos distintas, recoñecer sen máis a igualdade entre os grupos, sen ningún matiz, suporía unha grave quebra non só da igualdade entre os deputados, senón da existencia mesma da democracia. Isto é o que di o Tribunal Constitucional.

Sabemos que hai este conflito de fondo, pero o certo é que as cousas mudaron. O certo é que o Partido Socialista se abstivera no seu momento e agora presenta unha proposición de lei. É certo que algúns dos aspectos desa proposición de lei nós os compartimos. Polo tanto, nós o que facemos é, en primeiro lugar, lamentar ter chegado a este punto; non foi porque o Grupo Popular non intentase chegar a un acordo sobre o dereito de iniciativa nos plenos e nas comisións que

estamos nesta situación. En segundo lugar, é certo que a situación se está a volver ata certo punto insufrible pola duración dos plenos, que é totalmente anómala no dereito comparado; e mesmo temos escoitado os membros dos grupos da oposición, en relación con plenos municipais, dicir que non se poden facer plenos maratonianos. E, en definitiva, o que imos facer é votar a favor da tramitación, intentando coas nosas emendas chegar aos acordos máis amplos posibles.

É dicir, hoxe, redescubriendo a Philip Pettit –que era o filósofo de cabeceira do señor Zapatero Rodríguez, antigo presidente do Goberno–, imos dialogar. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Temos algúns casos de exemplos de posible acordo sobre a reforma do Regulamento, o máis recente a finais do ano pasado no Parlamento andaluz, co Partido Socialista no Goberno e o Partido Popular na oposición. Aí temos algunhas cuestións que están incluídas, que se ven desbordadas na iniciativa do Partido Socialista e que nós emendaremos. Pero si que é posible, coa mellor das intencións, buscar un acordo o máis amplo posible. Insisto, votaremos a favor da tramitación da reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Rolda de réplica do grupo parlamentario autor da proposición de lei. Ten a palabra o señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Moitas grazas, señora presidenta.

Agradezo a posición construtiva do Grupo Mixto e a toma en consideración tamén do grupo maioritario.

A un coñecido estudoso da política actual, Michael Ignatieff, nunha ocasión propuxéronlle abandonar o olimpo universitario e achegarse á vida política. Propuxéronlle nada menos que presentarse ás eleccións para primeiro ministro do seu país, que era o Canadá, e aceptou. Ía para primeiro ministro e as urnas deixárono na oposición, de líder do seu grupo na oposición, e ademais nunhas condicións extraordinariamente difíciles, co que o seu tránsito pola vida parlamentaria foi anormalmente complicado. Pero, aínda que non tivo o respaldo dos electores, si que deixou unhas memorias

daqueles anos na vida política –que en título traducido sería *Sangue e cinzas*– extraordinariamente interesantes. Fai unha crítica acerba do funcionamento do parlamentarismo, das eivas da vida política, do sufrimento interno dentro das organizacións políticas, e, ao final, do desagradable que moitas veces é a vida persoal que levan os membros da vida pública. Pero, ao mesmo tempo, fai un canto esperanzado ao valor da boa política, e pon en valor, a pesar da súa experiencia mala –quizais tamén coa riqueza de puntos de vista que lle deu esa experiencia–, o significado da vida parlamentaria para resolver os problemas da xente.

Hoxe hai unha crítica social estendida, xeneralizada –velaí as enquisas do CIS–, contra a política en todos os seus niveis. Non só porque a percepción dominante dos cidadáns é que é unha actividade intrinsecamente corrupta; senón porque a dialéctica de maioría-minoría e de falta de acordos non é comprendida polos cidadáns, como tampouco comprenden moitas veces o debate abstruso, tan habitual na vida política, ou incluso as dificultades de entendemento que dan lugar a esta especie de microcosmos onde os cidadáns consideran que se desenvolve a política, moi alonxada dos seus intereses.

Temos algunhas evidencias tamén. Temos a evidencia hoxe de que hai problemas que non se van resolver por si sos; que –sinto discrepar unha vez máis co representante do Goberno aquí– a corrupción non é un problema de mazás podridas, senón un problema estrutural que afecta a todas as organizacións políticas en todos os países occidentais e que, por tanto, hai que abordalo; que probablemente hai que empoderar os cidadáns e limitar o ámbito de intervención dos partidos políticos; que probablemente –como dicía a señora Iglesias– hai que abrir as listas electorais como hai que abrir e democratizar as propias estruturas políticas. Pero temos tamén a evidencia de que só a política pode mellorar a política.

Foi Madison quen dixo que a maldición da democracia son os partidos políticos, pero que tamén os partidos son a salvagarda das liberdades. E fronte a isto non vale o simplismo facilón de alcumar como casta e logo correr para ver se substitúe a casta. Non valen esas solucións porque os partidos políticos son imprescindibles para vehicular a participación cidadá, para buscar as solucións e, dende logo, para canalizar as discrepancias.

Temos que adicarnos fundamentalmente á mellora do marco institucional onde nos corresponde estar, e, neste caso, é no Parlamento de Galicia. Se eu tivera a percepción –con todo o respecto– de que estamos nunha Cámara morta, dimitiría inmediatamente, porque hai cousas máis interesantes que facer na vida que estar onde, precisamente, non hai vida. Pero se cremos que é posible mellorar... (*Aplausos.*) –o último que necesito é o aplauso das señorías da maioría– (*Risos.*) –non se enfaden– (*Murmurios.*) Se cremos que é posible mellorar a representación dos cidadáns, se cremos que é posible mellorar o equilibrio de poderes, se cremos que é posible establecer contrapesos, temos que facelo nos ámbitos onde nos corresponde actuar.

Eu son consciente de que este debate se inicia cunha votación que probablemente vai ser semellante –senón peor– á que terá no seu remate. É dicir, que como acontece coa reforma do Senado, coa reforma das deputacións, ou coa reforma da Constitución, alén do ruído, alén do balbordo, que facemos na vida pública, non hai condicións para un acordo, para un consenso, como o que existiu hai catro décadas. É unha eiva, pero é así a realidade, e contra ela só cabe mellorar ata onde sexa posible. Como temos dito, con ese espírito abordaremos esta reforma sen prexulgar cal debера de ser o resultado final.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Votación dos textos legislativos

A señora PRESIDENTA: Comezamos, entón, a votación dos textos legislativos.

En primeiro lugar, votamos as emendas ao Proxecto de lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia do Grupo Parlamentario Mixto.

Votación das emendas do G.P. Mixto ao ditame, elaborado pola Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, do Proxecto de lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

A señora PRESIDENTA: Votamos as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación das emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego ao ditame, elaborado pola Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, do Proxecto de lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

A señora PRESIDENTA: Votamos as emendas do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

Votación das emendas do G.P. da Alternativa Galega de Esquerdas ao ditame, elaborado pola Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, do Proxecto de lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

A señora PRESIDENTA: Votamos as emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Votación das emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia ao ditame, elaborado pola Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, do Proxecto de lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

A señora PRESIDENTA: Votamos o ditame da comisión.

Votación do Ditame da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, sobre o Proxecto de lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 32.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda aprobada a Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

A señora PRESIDENTA: Votamos, a continuación, as emendas ao Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia.

Comezaremos polas do Grupo Parlamentario Mixto.

Votamos.

Votación das emendas do G.P. Mixto ao ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, do Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

A señora PRESIDENTA: Votamos as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación das emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego ao ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, do Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

A señora PRESIDENTA: Votamos as emendas do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

Votación das emendas do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda ao ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, do Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas

A señora PRESIDENTA: Votamos as emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Votación das emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia ao ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, do Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

A señora PRESIDENTA: E votamos, por último, o ditame da comisión.

Votación do Ditame da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 2; abstencións, 30.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a Lei de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia.

A señora PRESIDENTA: Por último, votamos a toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, para a reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, para a reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 56; votos en contra, 8; abstencións, 7.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a toma en consideración desta proposición de lei.

(O señor Jorquera Caselas pide a palabra.)

A señora PRESIDENTA: ¿Si, señor Jorquera? Dígame, señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Quería intervenir brevemente en virtude do artigo 94.3 do Regulamento –porque o Regulamento, de momento, aínda non foi reformado–, que establece que, cando se modifica o sentido de voto anunciado nun debate á hora de votar, existe o dereito a explicar o porqué da modificación do sentido de voto.

Entón, moi brevemente, quero dicir que a bo entendedor poucas palabras bastan. Da intervención do señor Pedro Puy dedúcese claramente que se pretende aproveitar a tramitación desta proposición da reforma do Regulamento para revestir de forma regulamentaria os recortes que se aplicaron nesta lexislatura, para impedir o dereito a intervenir nas intervencións a todos os grupos parlamentarios. E todo isto, coa complicidade do Grupo Socialista.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: De aí o voto en contra do BNG. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA: Continuamos co desenvolvemento da orde do día, co punto de mocións.

Moción do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a Carmen Iglesias Sueiro, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de parques naturais

A señora PRESIDENTA: A esta moción presentáronse emendas do Grupo Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada D^a Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción do Grupo Parlamentario Mixto.

Emenda de adición.

Débense engadir dous novos puntos á parte resolutiva da moción, que quedarán redactados co seguinte contido:

“6 bis. Poñer en marcha entre os veciños e veciñas unha campaña de información sobre a diversidade de fondos europeos que apostan polos espazos protexidos e que favorecen a fixación de poboación e diversificación das actividades económicas nestes territorios, en especial sobre a obrigatoriedade por parte do Goberno galego de investir fondos europeos nos espazos protexidos de Galicia.”

“6 ter. Investir cando menos o 12 % dos fondos FEADER que Galicia ten concedidos nas zonas Rede Natura e nas que teñan calquera outra figura de protección ambiental.”

(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada D^a Ana Belén Pontón Mondelo, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución.

Substituír o texto do punto 1 polo seguinte:

“1.- Iniciar un proceso participativo, no que se estableza capacidade de decisión directa a veciñanza e tecido asociativo do Caurel, que teña como finalidade que o Caurel sexa declarado Parque Natural. Neste proceso debateranse as normas de xestión deste espazo, os obxectivos ambientais e sociais e as inversión e apoio públicos previstos como consecuencia da declaración como Parque Natural.”

Emenda de adición.

Engadir un novo punto:

“6 bis. Establecer unha liña de axudas directas a produtores que desenvolven a súa actividade en espazos protexidos no novo PDR 2014-2020, con condicións específicas para zonas como as do Caurel que se desenvolven en espazos de montaña e con niveis de despoboamento tan elevados.”

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra, para formular a moción, a señora Iglesias Sueiro.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Grazas, presidenta.

Saúdo a xente do Courel que está na tribuna, benvidas e benvidos.

A división internacional do traballo consiste a día de hoxe en que uns países se especializan en gañar e outros en perder. O modo de produción e a estrutura de clases de cada lugar foron sucesivamente determinados dende fóra pola súa incorporación á engranaxe universal do capitalismo. E a cada cal asignóuselle unha función, sempre en beneficio do sistema e da metrópole allea. Para quen concibe a historia como unha competencia, o atraso e a miseria de certos lugares e países non son outra cousa que o resultado do seu propio fracaso. Pero a realidade amosa que quen gaña se enriquece e progresa grazas ao que estes países, neste caso Galicia, perderon, perden e van perder.

Na miña opinión, isto é o que está a acontecer no Courel: convertidas en ben de mercado as vísceras da serra do Courel, alimentan as multinacionais alleas. Non quedará nada na serra, só os buratos das escavacións; e pequenas aldeas illadas, empobrecidas, incomunicadas, descapitalizadas e con

gravísimos problemas de infraestrutura e servizos serán pouco atractivas para que as persoas aposten por ter nelas un proxecto de vida. Así, as aldeas do Courel irán perdendo poboación ata acadar a figura fantasmal á que as condena o abandono; depredarán todo canto lles pete e condenarán inflexiblemente á emigración e á pobreza ás habitantes desta zona en función dun suposto progreso de corte esquilmatario que é alleo. Séculos de entendemento entre os humanos e o seu entorno, que xeraron unha contorna singular e exemplar, desaparecerán e xa non haberá remedio. Desculpen que me poña apocalíptica, pero así o sinto.

Din vostedes, señorías —e tamén o dixo a conselleira na interpelación—, que O Courel xa conta coa protección máxima. É certo, non será por figuras de protección: Rede Natura 2000, Lugar de Importancia Comunitaria, Zona de Especial Protección dos Valores Naturais, Paisaxe Pintoresca ou Punto de Interese Xeolóxico de Importancia Internacional. Pero todas estas figuras de protección non están conquerindo facer que O Courel deixe de despoboarse nin que se melloren as condicións de vida nin os servizos da zona, porque ningunha aporta financiamento; só restricións, teñen todas as restricións da máxima protección que constrinxen o labor agrario nas tres mellores aldeas da contorna, sen obter ningún beneficio por soportalas. Non gozan das vantaxes da promoción nin dos orzamentos máximos que lles outorgaría a figura de protección máis coñecida, que é a de parque, neste caso parque natural.

Pero para declarar parque natural a serra do Courel hai que —e de xeito inmediato— paralizar as concesións de novas explotacións mineiras e eólicas no Courel; anular a autorización do parque eólico da serra do Oribio, no concello de Triacastela, no espazo da Rede Natura Os Ancares-O Courel, porque, aínda que non se construíu, xa está aprobado; anular as dúas novas concesións previstas na serra da Trapa e na do Rañadoiro, que collen parte do concello do Courel; e eliminar as inversións forestais para plantar piñeiros, plantas pirófitas e alleas e que non se poden considerar inversións acordes cunha axeitada protección dun espazo natural, tal e como vostedes manteñen. O Courel ten un forestal propio pouco común: os soutos de castiñeiros. Resulta, cando menos rechamante, por non dicir sospeitoso, que a Xunta desleixe estes soutos, mentres a industria de transformación da castaña importa en Galiza toneladas deste froito.

Todo iso pide a moción presentada.

Quero lembrarllas que nin a minería nin o sector eólico nin a madeira crean traballo estable e abondoso no Courel, e non discutiremos, por favor, que son actividades de alto impacto para os hábitats, que é o que pretendemos conservar e protexer e no que pretendemos basear o desenvolvemento e mellora da serra. A minería, por exemplo, non só estraga o medio, senón que tamén deteriora a calidade de vida dos habitantes, pois se están a descubrir moitos, moitísimos casos, de silicose na poboación residente.

Señoras e señores deputados, señorías, todas e todos recoñecen a deterioración do Courel, tamén a alcaldesa do Partido Popular, que foi quen de tomar a palabra na convención nacional dese partido reclamando axuda desesperada, ¡na convención nacional! ¿Por que non acudiu o señor Feijóo, presidente da Xunta, co que comparte militancia? ¿Por que non o seu grupo parlamentar no Parlamento de Galiza? Busquei as iniciativas presentadas sobre O Courel, e vostedes non teñen ningunha. E, ¿saben que? Que dá igual, teñen esa oportunidade, que poden aproveitar votando a favor sen importar quen promoveu a iniciativa. Por iso quero falar en positivo.

Se o que queremos é salvar O Courel da situación dramática na que se atopa en canto á poboación e á conservación do seu patrimonio arquitectónico, monumental, cultural, agrícola, lingüístico, paisaxístico, ecolóxico, hai que actuar de xeito inmediato. E estas son as propostas: levar a cabo un Plan de mellora dos servizos básicos da poboación deste lugar e das infraestruturas. Este plan debe respostar á realidade e non limitarse a obriñas comúns, sen ter para nada en conta que O Courel é unha serra e que, por ser considerada zona de montaña, debería estar protexida polo artigo 130.2 da Constitución e pola Lei de agricultura de montaña do ano 1982, que o desenvolveu. Resulta obvio que unha zona montañosa require un tratamento diferenciado doutras terras, como poden ser as do Val de Quiroga.

Segunda medida proposta: un plan de emprego dirixido á conservación e recuperación do patrimonio natural e cultural, que inclúa a recuperación de todas as aldeas; un plan de emprego con proxección de futuro para o entorno e os seus habitantes, que sexa quen de xerar un proxecto ilusionante para que as courelás non se vexan na obriga de emigrar ou ver negro o seu futuro.

Estas medidas, estas propostas en positivo, verían amplificados os seus obxectivos se se complementan coa declaración de parque natural para O Courel. A declaración de parque natural faría imprescindible a colaboración do mesmo coas habitantes dende a propia elaboración do plan reitor, facendo compatible a conservación ambiental con outro tipo de aproveitamentos forestais, hídricos e turísticos consensados e valorados a través da súa participación na xunta consultiva do parque. Ata o de agora todas as proteccións que soportan fixéronse ás costas das veciñas.

O Plan de ordenación da Rede Natura xestionouse dende oficinas; está feito por tecnócratas que interpretan planos, pero non interpretan necesidades nin implican a poboación. E esta mesma poboación afectada é a que considera abusiva e indiscriminada a actual protección imposta no Courel. Polo que máis cedo que tarde deben vostedes iniciar xa os trámites pertinentes para declarar esta singular, máxica e emblemática serra galega como parque natural, que ademais das vantaxes económicas, ecolóxicas e demográficas, non só non aumentaría as restricións xenéricas da Rede Natura para as veciñas, senón que as concretaría, e axustaría territorios perfectamente delimitados con pequenos hábitats prioritarios, e complementar a dita declaración coas melloras en infraestruturas e servizos para que optar por vivir no Courel sexa atractivo e unha opción realista para a xente de todas as idades.

Espero e desexo que aproben esta iniciativa.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Señoras e señores deputados, aproveito tamén para saudar as persoas do Courel que hoxe nos honran coa súa presenza neste debate e que tamén lle dan máis sentido a este Parlamento, porque, efectivamente, a serra do Courel é un lugar non só emblemático desde un punto de vista ambiental, paisaxístico e simbólico para o noso país. Temos grandes

poetas que tiveron no Courel unha das súas grandes inspiracións e que fixeron tamén desta serra unha serra nacional, símbolo do noso país. Mais creo que O Courel é tamén un símbolo de como hai claramente unha situación na que a falta de capacidade para poder decidir sobre os nosos sectores produtivos, a falta de capacidade para ter políticas auto-centradas, nos leva a unha situación realmente preocupante, realmente dramática.

A serra do Courel ocupa un espazo moi superior ao do Folgoso do Courel, ben o sei, mais quería usar algúns datos deste concello como un síntoma do que está pasando non só no Courel, senón nunha parte moi importante de Galiza que pouco a pouco está esmorecendo.

Fíxense, no ano 1996 en Folgoso do Courel vivían 1.996 persoas. No ano 2014 viven 1.106. Destas realmente temos unha proporción de menores de 25 anos moi pequena. Vemos como nos últimos datos que ten o IGE, no ano 2013 o saldo vexetativo é de -16; é dicir, nese ano neste concello naceron 0 persoas e morreron 16. Cando collemos os indicadores demográficos dinnos, por exemplo, que o índice de envellecemento é 930. A min esta cifra así non me dicía nada, pero fun e collín o índice de envellecemento de Galiza –que hai que lembrar que é un dos índices de envellecemento máis altos de todo o mundo– e é 149; é dicir, que no Courel teñen un índice de envellecemento que é sete veces superior ao de Galiza, que é dos máis altos de todo o mundo. Por tanto, esa é unha radiografía clara de qué está pasando neste concello, que, por certo, hai algo máis dunha década tiña 408 explotacións agrarias e hoxe só ten 76.

Polo tanto, señorías, estamos ante unha situación que nos demostra como hai un problema moi grande e como é un modelo de desenvolvemento que se basea na depredación do territorio; un modelo caduco, un modelo que non garante un futuro para esta zona. E nós sabemos que as cousas poden mudar se hai vontade política para poder facelo. Pero para iso necesítase, primeiro, cambiar as intencións e, segundo, cambiar o modelo que se quere aplicar en zonas como poden ser zonas do Courel.

Nós queremos abandonar un modelo que é depredador co noso territorio e que ademais provoca que sexan moitas veces empresas as que simplemente fan aquí unha extracción pero que non xeran ningún tipo de valor e, polo tanto,

están destruindo o noso medio natural. Queremos apostar por un modelo que realmente estea baseado na sustentabilidade, na protección do territorio e no desenvolvemento das potencialidades que, desde o punto de vista natural e de actividades que teñen unha base e unha tradición no Courel, pero que se poden modernizar neste momento e ser un polo de desenvolvemento, se poderían estar a aplicar. Porque hai que falar tamén da artesanía e hai que falar tamén da produción de alimentos de calidade. Polo tanto, hai aí toda unha serie de cuestións que se poden facer.

E, dentro de todo isto, entendemos que a declaración de parque natural é unha oportunidade importante. Pero para iso tamén é necesario cambiar o prisma co que o Goberno xestiona os parques naturais en Galiza. Levámolo dicindo durante moito tempo. Hai un fracaso evidente porque se considera que un parque natural é unha declaración no DOG, e un parque natural ten que ser moito máis, ten que haber un modelo de xestión, ten que haber un modelo de desenvolvemento económico e ten que basearse na participación veciñal. Sen participación veciñal, sen participación da xente que vive no Courel, vai ser imposible desenvolver un plan.

Por iso nós facemos unha emenda na que dicimos que se cambie o prisma co que se fan os parques naturais, que se dea participación e transparencia a todo este proceso, porque cremos que esa tamén é a clave, primeiro, de que exista un compromiso de que se vai facer algo diferente, e, segundo, que se faga con participación, implicación e escoitando tamén, que é o que quere a xente que vive nese lugar ou as persoas ou as entidades que teñen, en todo caso, un compromiso cun desenvolvemento sustentábel do noso país.

Aportamos tamén na nosa emenda a necesidade de que se modifiquen algúns instrumentos como o Plan de desenvolvemento rural, que é unha vergoña que a estas alturas non estea aplicado, e dicimos que algúns deses fondos se destinen de maneira específica a compensar as persoas que viven en lugares nos que, evidentemente, hai unhas condicións que non son as que hai noutro tipo de núcleos. Polo tanto, se hai persoas que están coidando o territorio, neste caso se están coidando un lugar tan emblemático como O Courel, tamén deben de ser compensadas porque están facendo un labor á sociedade que colectivamente temos que recoñecer.

Nós, con independencia de que se nos aproben ou non as emendas, imos apoiar esta iniciativa, porque cremos que ter un Courel vivo significa tamén apostar por unha Galiza diferente.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi boas tardes a todos.

Eu tamén quero dar a benvinda aos veciños do Courel que hoxe nos acompañan aquí, que están con nós para escoitar as nosas posturas e as nosas ideas sobre unha zona tan, non soamente fermosa, senón importante, non soamente para a provincia de Lugo, senón tamén para toda Galicia.

Os socialistas imos apoiar esta moción presentada polo Grupo Mixto. Estamos de acordo en que O Courel ten, dende logo, todas as características e virtudes para ser nomeado parque natural, e cremos tamén que sería beneficioso para O Courel conseguir esta declaración.

Claro que non é unha cuestión tan só de conseguir unha declaración, porque O Courel xa é Rede Natura, pertence á Rede Natura, e ten unha serie de protección moi elevada, pero, a pesar diso, vemos como O Courel ten moitísimos problemas, moitos problemas demográficos. Xa na interpelación demos datos abondo sobre estes problemas de despoamento, pero tan só quero recordar que dende o ano 2009 ao ano 2014 perderon un 10 % de poboación e que a súa idade media é de algo máis de 58 anos. Con estas medidas, con estas características demográficas, é moi difícil impulsar un crecemento e convencer as persoas para que vivan neste entorno.

Dicía que non soamente se necesita unha declaración, porque teñen unha declaración de Rede Natura e consideramos que é mellor chegar á de parque natural, pero no que hai que concienciarse, sobre todo o Goberno e o Partido Popular, é en que as declaracións están moi ben, pero necesítanse

políticas de impulso, necesítanse obxectivos concretos, necesítase un plan de impulso e, sobre todo, necesítanse inversións. Se a protección que dá a Rede Natura non ten as consecuencias que debería ter na zona do Courel, de fixación de poboación, de crecemento económico, é porque non hai ningunha inversión por parte da Xunta nestas zonas.

Por iso nas emendas que presentamos está que o 12 % de todos os fondos Feder que recibe a Xunta de Galicia se destine á Rede Natura ou a parques naturais; é dicir, que haxa un compromiso de que realmente vai haber esas inversións de impulso ás infraestruturas, porque tamén para vivir en determinadas zonas –zonas difíciles en moitos casos– se necesitan infraestruturas, se necesitan escolas, se necesitan médicos, se necesitan estradas, porque, se non, de verdade, vivir alí se converte en algo heroico, e non pode ser así. Polo tanto, inversións deste estilo e inversións nos sistemas produtivos.

O Courel non soamente non ten un desenvolvemento económico maior, e non porque lles falten recursos, que ten moitos e moi variados, senón porque non están apoiados. Ten recursos agrícolas, por exemplo, a castaña. E cíto por unha razón, porque, nesta necesidade de protección dos territorios, tamén quero recordar que os castiñeiros necesitan neste momento unha protección sanitaria, porque están sufrindo unha praga importante. Estas proteccións, que moitas son globais e outras son particulares, son as que realmente se necesitan. Decía que se necesita un impulso económico para potenciar todos os recursos que ten O Courel, que son moitos e sostibles, e ademais propios dunha economía sostible.

Quero dicir tamén que os socialistas en todo este proceso defendemos a ultranza os postos de traballo que están presentes na minaría. Están aí, son uns postos de traballo fundamentais que, dende logo, teñen que convivir, pero que poden facelo, ademais, con proteccións deste estilo.

Por iso nós facemos esta emenda, que espero que a señora deputada poida aceptar, que non quere outra cousa que aumentar ou engadir, non diría enriquecer, porque a nós nos gusta a moción que vostede presenta, pero si dicir que cremos que é necesaria unha política informativa, unha política sería informativa para que todos os habitantes saiban das importantes axudas que existen para fixar a poboación –axu-

das internacionais–, e que, dende logo, estas declaracións non son un problema nin moitísimo menos, senón unha oportunidade; o problema é que o Goberno do Partido Popular soamente utiliza os problemas e non as oportunidades, pero son unha oportunidade. Polo tanto, hai que aumentar a información que teñen –estou segura–, pero hai que aumentar aínda máis sobre todo a de todas aquelas axudas que teñen, e a obrigación da Xunta de investir unha porcentaxe como o 12 % dos fondos que veñen por esta Rede Natura na Rede Natura.

Dende logo, nós –insisto– imos votar favorablemente, e espero que entre todos poidamos dar o pulo que necesita O Courel.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Burgo.

Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boas tardes.

Boas tardes a todas e a todos os que están arriba.

Xa falamos na interpelación de que os datos do noso rural e a realidade do Courel non son casualidades, son o froito das políticas desenvolvidas neste país nos últimos decenios. Xa o sistema capitalista por si tende a concentrar poboación en zonas, para dotar de man de obra e consumidores, e a desertizar outras zonas que serven para extraer recursos naturais, sen importar moito os impactos ambientais que produzan. Isto é agudizado máis no noso país que –aínda que soe moi antigo– xoga o rol dunha colonia, que serve para que extraian materias primas baratas para mandar fóra. E podemos dar o dato de se este país non é colonia cando analizamos os datos da produción eléctrica, cando temos os montes ocupados por muíños de vento, cando temos os ríos ocupados por embalses e os habitantes, por exemplo, do Courel pagan a luz, se a teñen, ou cando a teñen, ao mesmo prezo que un madrileño que non ten eses impactos na súa terra. Iso é un espolio deste país. Cando se insiste na minería de material de baixo valor, iso tamén é un espolio deste país. Estannos roubando os nosos recursos

naturais e aquí non queda nada, e a transformación neste país non se produce.

Iso é agudizado tamén por un goberno que colabora con esa estratexia, que asume a condición de colonizado e, polo tanto, cunhas políticas que asumen ese rol deste país. E, así, incídese máis neste círculo pernicioso.

E os datos están aí. O Partido Popular non aposta polo equilibrio territorial, non aposta pola sostibilidade –por moito que o repita–, non aposta pola explotación multifuncional do noso medio ambiente, senón que aposta polo abandono do medio rural, polas actividades extractivas sen creación de valor e por un criterio economicista e reduccionista á hora de dotar de servizos e infraestruturas estes lugares. Os datos están aí. Orzamentos: dende que chegou ao Goberno nesta última etapa o Partido Popular do señor Feijóo hai unha redución nas partidas de conservación da natureza de ata o 90 %. ¿Canto hai nos orzamentos da Xunta de Galicia para parques naturais no ano 2015? 4.500 euros. Para o videoclip de Enrique Iglesias, 300.000, ¿non? Creo que marca ben as prioridades deste goberno.

Plan director da Rede Natura –en teoría para protexer os espazos naturais, para a conservación da biodiversidade–, non se aumenta esa protección. Ao contrario, desprotéxese, desprotéxese e dáselle carta de normalidade á ampliación de explotacións mineiras. A prevalencia do Plan director da Rede Natura poderase excepcionar con carácter xeral por razóns imperiosas de interese público de primeira orde. A ampliación de explotacións mineiras a ceo aberto queda supeditada ao plan sectorial de actividades extractivas, plan que non é un documento ambiental senón un documento redactado pola Cámara Mineira, como dixo hoxe o Valedor do Pobo. Poderanse instalar tamén parques eólicos, e que veñan empresas italianas e empresas americanas a levar os beneficios do vento que hai nestes montes, etcétera, etcétera. Lei do solo: desprotexe o rústico; Plan sectorial de actividades extractivas: todo o territorio é susceptible de ter aproveitamentos mineiros.

Cálculo economicista e sesgado para a implantación de servizos no rural. Pois claro, aquí habería que practicar, se verdadeiramente se quere o equilibrio territorial o que se chama “discriminación positiva”. Aínda que na Constitución os habitantes e as habitantes do Courel teñen os mesmos

dereitos que os da Coruña, ¿teñen realmente os mesmos dereitos un habitante do Courel que un da Coruña neste país? Non, neste país non. Sae moi caro facer escolas en zonas como no Courel, evidentemente. Claro, sae caro, e entón pechamos as escolas porque non hai nenos suficientes e imos, evidentemente, agravando ese círculo pernicioso.

¿Teñen os mesmos dereitos sanitarios os habitantes do Courel que os habitantes da Coruña? Non. ¿Teñen os mesmos dereitos para ter un ocio ou un lecer como un habitante da zona urbana? Non. ¿Teñen a mesma dotación de transportes e de infraestruturas que un habitante das zonas urbanas? Non. Evidentemente, se seguimos con estas políticas, acadaremos os mesmos resultados. E, xa o dixemos, son posibles outras políticas. Isto non é por graza divina. Hai outros espazos protexidos no Estado español –podo poñer exemplos en Euskadi, podo poñer exemplos en Cataluña, espazos protexidos que nos últimos vinte anos levan sistematicamente aumentado a súa poboación–, pero, iso si, neses parques naturais hai compensacións polas limitacións de uso, hai compensacións por non poder explotar os sistemas forestais do mesmo xeito que noutros lugares, hai compensacións para os gandeiros, hai compensacións indirectas para os habitantes deste lugares, hai investimentos millonarios nestes lugares, cousa que aquí non se fai. É evidente que hai posibilidades de facer as cousas doutro xeito, pero parece ser que o Partido Popular non opta por iso.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Sánchez.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Goldar.

O señor GOLDAR GÜMIL: Moitas grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, moi boa tarde a todos.

Saúdo tamén afectuosamente e dou a benvinda, en nome do Grupo Parlamentario Popular, aos veciños do Courel que teñen a amabilidade de acompañarnos esta tarde.

Correspóndeme hoxe, no nome do Grupo Parlamentario Popular, fixar a nosa posición política nesta moción, que trae causa da interpelación debatida na pasada sesión do día 26

de maio. Tratarei de fundar acadamente, no escasísimo tempo do que dispoño, a postura contraria do noso grupo ao que a súa señoría, a señora Iglesias Sueiro, propón e que hoxe traemos a debate a esta Cámara.

Indo ao fondo do asunto, sen maior dilación, referireime ás medidas de maior transcendencia que o grupo que vostede representa pretende que sexan aprobadas. En canto á primeira, debemos indicar que para que un espazo sexa declarado parque natural e, polo tanto, se integre na rede de parques naturais de Galicia, é preciso que cumpra dúas premisas: que contribúa á conformación da rede de parques naturais en canto achegue ecosistemas característicos non presentes en espazos xa declarados parques ou características únicas que o fagan merecedor da súa declaración; e ademais o parque natural debe contar cun amplo consenso social. Deste xeito, tal e como lle respostara a señora conselleira á deputada interpelante o pasado día 26 de maio, o debate sobre a declaración da serra do Courel como parque natural será abordado en estreito diálogo coa poboación local no momento axeitado e seguindo criterios obxectivos. Xa que logo, o Goberno de Galicia, señora deputada, está aberto a abordar a incorporación de novas áreas á rede de parques naturais de Galicia no momento preciso. E, por suposto, nese proceso avaliarase tamén a serra do Courel.

Porén, permítame lembrarlle que no pasado xa existiron dúas iniciativas para a súa declaración: a primeira, no ano 2001; e outra posterior, no ano 2008, impulsada polo Bipartito. Dúas tentativas que se viron frustradas e que non prosperaron debido ao rexeitamento social.

No relativo á súa segunda petición, señoría, estou convencido de que vostede coñece perfectamente que ningún parque eólico adxudicado no concurso de 2010 está situado en espazo da Rede Natura, polo que non ten sentido instar para a anulación de ningunha concesión. Dío claramente a Lei 8/2009, do 22 de decembro, no seu artigo 31, cuxa lectura omito por falta de tempo.

No que atinxe ás explotacións mineiras, o Goberno de Galicia está a apostar polo desenvolvemento sostible da economía, que sexa garantía de futuro e que permita, no caso concreto da minería, levar a cabo unha actividade moderna, segura e compatible co contorno. As garantías e os condi-

cionantes para esta actividade son recollidos na Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia, no seu artigo 37, e que, como saberán, foi elaborada e aprobada polo Goberno bipartito; un goberno, por certo, señorías, nada sospeitoso de convivencia co que entón era e hoxe segue a ser o grupo maioritario desta Cámara. Non deberían esquecer, en calquera caso, que en Galicia o sector mineiro xera case 7.000 empregos directos e o 1,11 % do noso produto interior bruto.

Cando se refire, señoría, aos investimentos forestais en determinadas especies e á prohibición doutras, teño que dicirlle, señora Iglesias, que a revitalización e a recuperación dos soutos de castiñeiros está a ser unha das liñas de traballo do Goberno, e serao tamén nos vindeiros anos, de acordo coas previsións que o Plan director da Rede Natura 2000 establece para este espazo.

No tocante á valorización económica do Courel, lembrámoslle, señora deputada, que a Consellería do Medio Rural e do Mar ten investido no Courel e na súa comarca máis de 19,1 millóns de euros entre os anos 2009 e 2014.

Respecto das infraestruturas viarias, infórmolle de que nos últimos anos o Goberno galego realizou tamén distintos investimentos na zona, por importe de varios centos de miles de euros, en tarefas de mantemento, etc.

En materia de vivenda investíronse nos concellos de Folgoso do Courel, Quiroga e Pedrafita, nas distintas liñas de actuación impulsadas, máis de 700.000 euros, e na mellora dos sistemas de abastecemento, saneamento e depuración de augas –non sei qué graza lle fai o que estou dicindo, pero en fin–, realizáronse intervencións nestes tres concellos por valor de case 1,5 millóns de euros.

Xa por último, debo sinalarlle, señora Iglesias se mo permite, que no relativo ao plan de emprego que vostede demanda, debería ter en conta os máis de 100 millóns de euros do Plan de emprego xuvenil, do que xa se teñen beneficiado máis de 48.000 –supoño que a estes 48.000 mozos e mozas non lles fará tanta graza que vostede critique o plan de emprego, pero en fin–... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio, por favor.

O señor GOLDAR GÜMIL: Se me permiten, eu escoitei con respecto. Se vostedes fixeran o mesmo, agradeceríallelo eternamente.

Dicía que máis de 48.000 mozos e mozas se teñen beneficiado, e tamén este programa ten repercusión no Courel, ou os 10 millóns do programa para parados de longa duración ou os 70 millóns de euros destinados a liñas de formación e mellora da empregabilidade. E isto tamén beneficia os veciños do Courel, señora Iglesias, e aos do resto de Galicia. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio, por favor, silencio.

E vaia rematando, por favor.

O señor GOLDAR GÜMIL: Polo tanto –remato, señor presidente, moitas grazas– á vista do que lle acabo de expoñer, este grupo vai rexeitar a súa iniciativa.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grupo autor da moción. Señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Grazas, presidente.

¡Mira que é sempre igual. Non hai maneira. Nin indo en positivo, nin así dá resultado!

Mire, señor deputado, o parque eólico da serra de Oribio eu non dixen que estivera construído. Non está construído pero xa está aprobado, iso en primeiro lugar.

En segundo lugar, as infraestruturas que se realizan no val de Quiroga non teñen nada que ver coas infraestruturas que necesita unha serra, eu creo que llelo expliquei bastante ben na exposición da moción.

Por outra banda, ¿que pretenden vostedes facer co Courel?, ¿cales son as súas verdadeiras intencións? Deixalo despoboar para poder vendelo a calquera industria ou postor sen oposición mentres seguen impulsando eses plans xuvenís e de medidas para o rural que continúan a ser fume.

No Plan xeral de ordenación municipal do Courel, actualmente en tramitación, a Cámara Mineira exixiulle á Xunta que fixera constar no plan a existencia de 14 novas concesións que, por prazos, xa tiñan que estar caducadas. É desolador, moi ofensivo, asistir á servidume do actual goberno coas asociacións do clúster da madeira ligadas ao Partido Popular, que presentan alegacións unha e outra vez a calquera plan de desenvolvemento sostible para o Courel.

Por certo, ¿cando pensan darlle cumprimento á proposición non de lei, aprobada no Parlamento por unanimidade en abril de 2013, na que se insta a Xunta de Galiza a crear un plan de valorización económica do Courel baseado na sustentabilidade ecolóxica e agraria? A conselleira non me contestou, vostede tampouco dixo nada respecto do tema. Debe ser porque non teñen nada que contestar.

E, vamos ver, respecto dos investimentos dos que vostede me fala na rede de saneamento dalgúns dos núcleos é certo que se fixeron. Pero mire vostede qué xestión fixeron: as instalacións non teñen mantemento e algunhas xa están a verter directamente aos ríos, producindo moita máis contaminación que os substituídos pozos negros rudimentarios do pasado, ¡que guay! O investimento, do que vostede tamén me falou, de 630.000 euros en recuperación de hábitats e paisaxe foi unha escusa para inxectarlle ao chiringuito de Tragsa eses cartos, non se elaborou ningún proxecto, non se informou os veciños, non participaron, non se creou emprego. Simplemente se desbrozaron uns carballos, plantáronse catro árbores e abríronse tres rutas que xa volven estar pechadas, señor deputado.

Os investimentos en Pedrafita e Quiroga –que son os extremos do Courel, non a serra do Courel, son os extremos– non xustifican o desinvestimento nos concellos do Courel e do núcleo da serra, o que está máis abandonado e illado e que aínda non ten unha comunicación decente.

Imos ver, vostede di que está moi protexido O Courel.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Mal pode protexer O Courel... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* –¿perdón?– se aínda non hai un triste mapa ou plano da situación

dos hábitats que se pretenden protexer dentro do territorio do espazo natural. Pero ese plano xa se pagou, e resulta que non existe, nunca se elaborou. Esa é a súa xestión. Eu diría que vostedes están esperando pregarlle ao Apóstolo para que interceda polo Courel.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Pero mire –déixeme rematar, só un segundo–, as nosas desgrazas son produto da historia, feita pola humanidade, e esa mesma humanidade é a que pode desfacer esas desgrazas, e nese camiño estamos andando, señor deputado.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, grazas.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Esa esperanza é a que nos sostén, e seguiremos reivindicando e seguiremos loitando e seguiremos amando a Galiza.

Máis nada. Moitas grazas aos grupos que apoian a moción. Acepto as emendas.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Iglesias.

Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Cosme Eladio Pombo Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de real decreto polo que se regulan as características xerais das probas de avaliación final de Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, coñecido como “real decreto de reválidas”

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): A esta moción presentáronse dúas emendas: unha do Grupo Parlamentario Popular e outra do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

(O G.P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Hipólito Fariñas Sobrino, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regu-

lamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta moción, 09/MOC-000130 (37507).

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da moción polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a, desde o respecto institucional e ao marco normativo, trasladar na Conferencia Sectorial e nos ámbitos de negociación correspondentes a defensa dos intereses e das singularidades do ensino galego, con especial atención á lingua propia e a aquelas medidas pedagóxicas e de innovación que contribúan ao reforzo e á mellora da calidade educativa”.

(O G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA), a iniciativa do seu deputado Ramón Vázquez Díaz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de substitución a esta moción, núm. 37507 (09/MOC-000130).

Emenda de substitución do derradeiro punto 2º.

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

“2º. En todo caso e considerando o importante número de familias que se decantaron por non realizar as reválidas, desestimar os resultados de ditas probas e non proceder a súa valoración nin baremación, como consecuencia da súa falla de validez e fiabilidade.”

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para a defensa da moción ten a palabra o señor Pombo.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, veciñas e veciños que nos acompañades no Parlamento, boa tarde.

No Pleno parlamentario dos días 27 e 28 do pasado mes de maio, no nome do Grupo Parlamentario do BNG, formulei unha interpelación ao señor conselleiro de Educación sobre as intencións da Consellería de Educación no referente ás chamadas reválidas, contempladas no proxecto do real

decreto que regula as probas de avaliación final de Primaria, de Secundaria e mais de Bacharelato.

O BNG interpelou o señor conselleiro sobre se contemplaba loitar para que nese real decreto de reválida se respectasen as competencias propias do noso país en materia educativa, sobre se tiña pensado o señor conselleiro loitar contra a recentralización que supoñía ese proxecto de real decreto, sobre se o señor conselleiro tiña pensado defender as competencias educativas propias da Galiza diante da invasión de competencias que supón a LOMCE e, por último, se tiña pensado o Goberno galego reclamar a retirada do nefasto proxecto de real decreto de reválidas.

Lamentablemente, o señor conselleiro, como de costume, nada contestou á interpelación. Veu a esta Cámara parlamentaria ler a mesma nota propagandística que enviou aos centros escolares, para que estes a enviaran ás familias, sobre a proba de avaliación de 3º de Primaria.

Entendo eu que se lle faltou ao respecto desta Cámara, porque o conselleiro nada falou da interpelación do BNG, e mesmo tentou desde esta mesma tribuna minimizar as protestas que a comunidade educativa desenvolvía durante eses días, protestas que rexeitaban con rotundidade a proba de avaliación de 3º, que se levaba a cabo os días 27 e 28 do mes pasado, protestas que consideraban esta proba unha aberración pedagóxica, ao someter 22.000 alumnos a unha presión innecesaria, a unha avaliación con estándares uniformes para todo o Estado, que supoñía un despilfarro económico; ou sexa, que gastamos en probas o que non temos para gastar en profesorado, en orzamento que necesita a educación galega e en recursos.

Proba de avaliación que supoñía unha desautorización do profesorado galego, cando o ensino obrigatorio deba rexerse pola avaliación continua –parece que agora non interesa–. Proba de 3º que supoñía un tensionamento innecesario do alumando, ao avaliar, conforme o currículo da LOMCE, un nivel de 3º que non pasou nin por 1º nin por 2º. Probas, por certo –a de 3º–, que tamén foron rexeitadas por unha parte moi importante das familias que acoden ao ensino público, máis do 40 %.

Señorías, o Grupo Parlamentario do BNG presenta hoxe esta moción para substanciar a interpelación non debatida na

pasada sesión plenaria –repito: moción non debatida– relativa ao proxecto de real decreto polo que se regulan as características xerais das probas de avaliación final de Primaria, Secundaria e Bacharelato.

Coa presente moción, señorías, o primeiro que reclama o BNG é adiar a aplicación da LOMCE na Galiza. O Grupo Parlamentario do BNG opúxose á aprobación da LOMCE, entre outras razóns por entender que as reválidas que contempla pretenden promocionar un sistema educativo segregacionista, totalmente clasista e elitista, e que pretende excluír o alumnao socialmente desfavorecido do dereito á educación.

O Grupo Parlamentario do BNG considera que o rexeitamento da LOMCE é xeneralizado e a súa aplicación, apresurada e trapalleira, supón un claro fracaso para a educación de calidade do noso país. A LOMCE entendemos nós que xa naceu morta, por non contar coa comunidade educativa, por non respectar as competencias educativas do noso país e por ser unha imposición do Partido Popular que a Galiza non lle convén.

Todos sabemos que no Congreso dos Deputados a oposición en conxunto comprometeuse a derrogar esta lei no primeiro período de sesións cando cambie a composición do Parlamento, e, vistos os resultados do 24 de maio, o BNG entende que non ten sentido continuar coa súa implantación, porque antes de que remate o vindeiro curso escolar xa non estará en vigor. A LOMCE, por nacer morta, non debe ser aplicada no noso país.

Coa moción do BNG, o segundo que reclamamos é a retirada do proxecto de real decreto do que estamos a falar, proxecto de real decreto polo que se regulan as avaliacións finais de Primaria, Secundaria e Bacharelato.

Presentado o pasado mes de abril polo Goberno do Estado, e que, señorías, o BNG non quere desde logo aceptalas, porque nós non queremos volver ás reválidas do franquismo, non queremos que Galiza sexa sometida a reválidas avaliadoras comúns a todo o territorio do Estado, que negan o noso país e esquecen o noso idioma, a nosa historia, a nosa cultura e a nosa economía.

Máis unha vez, neste caso tamén, coincidimos coa inmensa maioría da comunidade educativa galega, que

rexeita aplicar unhas reválidas de Primaria, ESO e Bacharelato, que é un requisito imprescindible –estas reválidas– para conseguir o título para acceder ao seguinte nivel educativo.

Non son probas para informar. Se lemos o artigo 16.2, di claramente: para obter o título de graduado en ESO, será necesaria a superación da avaliación final, así como unha cualificación final de etapa superior a 5 puntos sobre 10. E se lemos o artigo 21.2, tamén di: para obter o título de bacharel, será necesaria a superación da avaliación final.

Estas reválidas supoñen para nós unha aberración pedagóxica e pretenden someter o alumnado a probas estandarizadas para uniformizar o sistema educativo baixo parámetros neoliberais e recentralizadores. Só pretenden clasificar o alumnado e clasificar os centros.

O Grupo Parlamentario do BNG, desde logo, opúxose á aprobación da LOMCE, por entender que estas reválidas pretenden promocionar un sistema educativo segregacionista, totalmente clasista e elitista, e que pretenden –digo unha vez máis– excluír o alumnado socialmente desfavorecido do dereito á educación.

Señoras e señores deputados, o BNG reclama a retirada deste decreto, porque entendemos que invade competencias propias da Xunta, ao centralizar a elaboración e contido das probas; en segundo lugar, porque para obter o título na ESO e no Bacharelato é requisito imprescindible superar estas probas; en terceiro lugar, porque supón un menosprezo ao noso profesorado e á súa profesionalidade, dada a perda de valor da avaliación continua que viña resultando fundamental á hora da valoración integral do noso alumnado.

Para o Grupo Parlamentario do BNG –repito– o proxecto de real decreto de reválidas afonda na recentralización e resulta especialmente nocivo para o ensino público galego, especialmente nocivo para o alumnado con necesidades educativas especiais.

O Goberno galego entendemos nós que debe reclamar a retirada deste real decreto, porque tamén a inmensa maioría da comunidade educativa galega está a reclamar a retirada destas reválidas do noso sistema educativo, está a reclamar que a Consellería non aplique as reválidas e que recorra o decreto que as regula por invasión de competencias.

Xa vou rematando, señorías.

Coa moción que hoxe debatemos, o terceiro que reclama o BNG é que non se apliquen as reválidas, estas avaliacións finais de Primaria, Secundaria e Bacharelato, na Galiza, avaliacións e reválidas que van entrar en funcionamento ou pretenden entrar no vindeiro curso 2016, e as de Secundaria e Bacharelato, no 2017. Nós entendemos que non deben ser aplicadas no noso país, porque son moi negativas para o dereito a unha educación pública, básica, obrigatoria, de calidade, gratuíta, laica e para todo o alumnado galego.

Nós entendemos que estas reválidas son novas barreiras, novas pexas para o acceso do alumnado galego ao ensino superior, novos atrancos ao acceso ao dereito á igualdade de oportunidades.

Nós entendemos que o único que pretenden estas reválidas é clasificar os centros e clasificar os alumnos como de primeira, de segunda e de terceira categoría, clasificación que logo condicionará á súa vez os recursos e os medios con que van contar eses centros.

Nada máis. Agardo o apoio de todos os grupos, moitas grazas e de momento máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Pombo.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Boa tarde a todas e a todos.

Debatemos de novo sobre as reválidas. Xa no pasado pleno Alternativa Galega de Esquerda deixou meridianaamente clara a súa postura en relación con estas probas, que dende logo consideramos, ademais de tremendamente prexudiciais para o alumnado, absolutamente inútiles para a comunidade educativa.

Unhas probas que seguen exactamente o establecido no modelo da LOMCE, que se basean no establecemento de indicadores comúns, de medicións comparables entre os centros, que, tal e como establece o artigo 89 e 90 da LOMCE, os apartados 89 e 90 da LOMCE, están dirixidas

precisamente a comparar os diferentes centros de todo o Estado español, e que polo tanto se basean nun sesgo evidente, que é comparar realidades educativas diferentes en base a ítems idénticos, algo que, dende o punto de vista mesmo estatístico, é absolutamente indefendible, xa non digamos dende o punto de vista educativo.

Un modelo de educación e un modelo de avaliación profundamente fordista, ¿non?, no sentido de que se pretende someter os alumnos á mesma hora, a un mesmo estímulo, intentando que produzan o mesmo resultado, como se a educación fora unha especie de cadea de montaxe, na que se somete todo o alumnado, e que, evidentemente, unha vez avaliada a calidade das pezas, son desterradas aquelas defectuosas.

Cando se di que a LOMCE é prevista como unha norma que defende o ensino como unha carreira de obstáculos, esta é unha mostra evidente de a que nos estamos a referir.

Pero, ademais, deixamos claro que estas probas desprezan absolutamente o traballo diario dos docentes, que realizan unha avaliación continua, sistemática, integral, globalizada, e que ademais se basea no establecemento dunha comunicación bidireccional coas familias, a través dos boletíns trimestrais de notas, pero, sobre todo, do contacto diario dos profesionais do ensino coas familias e das familias cos profesores. Esta é a realidade da educación que se pretende borrar, e iso é o que nos parece máis grave de todas estas reformas.

Nós defendemos –dixémolo claro, dende o principio– o dereito das familias a negarse a someter os seus fillos a este trance, absolutamente innecesario e absolutamente antipedagóxico. E, de feito, moitas familias así o fixeron. Creo que, dun xeito sen precedentes ou con poucos precedentes no noso país, as familias exerceron a súa condición de cidadáns, obxectando, facendo obxección de conciencia á imposición dunha norma manifestamente inxusta. Aproximadamente o 50 % das familias, segundo os datos que ofrecen as propias confederacións de nais e pais, negáronse a levar os seus fillos a esta proba.

Creo que hai pequenos fitos na historia, na historia dun país, que poden pasar desapercibidos, pero sen dúbida o que aconteceu, a conduta manifestada polas familias, polos cidadáns de Galicia durante o proceso das reválidas, foi tremen-

damente exemplar e unha mostra moi clara de que algo está empezando a cambiar nesta sociedade. Creo que esa é a mensaxe clara que debера extraer este goberno, pero moito me temo que non o vai facer.

Dende logo, creo que o que aconteceu a semana pasada é unha mostra clara do principio da fin da LOMCE en Galicia. Así o manifestan as familias. E iso a pesar de todas as coaccións e os enganos que levou a cabo o Goberno galego, mandando cartas ás familias cheas de falsidades, unha campaña mediática absolutamente impresentable, e tamén sometendo a unha presión, dende logo, vergoñenta ás direccións e aos centros, obrigándoos a trasladar de maneira mimética a información que quería impoñer esta consellería.

Polo tanto, queremos parabenizar as familias por ese exemplo de cidadanía, por ter propiciado a fin da LOMCE en Galicia. E nós, desde logo, imos, por ese motivo e por outro moitos, apoiar esta moción, primeiro, porque cremos que é necesaria a paralización definitiva das reválidas. Pero tamén queremos deixar moi claro que, unha vez aplicadas as reválidas de 3º deste curso, defendemos e por iso presentamos unha emenda á moción do Bloque Nacionalista, na que exiximos e pedimos que os resultados obtidos da presente reválida non se teñan en conta, precisamente porque foron moitas as familias que se negaron a facer a proba, o cal digamos que aporta unha falla evidente de fiabilidade e de validez ás probas pasadas, posto que, evidentemente, non son extrapolables os datos, dado que a mostra é moi variable en función de cada centro e, dende logo, non contou co apoio das familias.

En definitiva, apoiamos esta moción, gustaríanos que se apoiara esta emenda, que en todo caso nós presentamos coa vontade de que se enriqueza esta iniciativa.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Vázquez.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Fariñas.

O señor FARIÑAS SOBRINO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Interveño hoxe para fixar a posición do meu grupo e ademais defender a emenda que presentamos, en coherencia coa política que está a desenvolver o Goberno galego e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da defensa dos intereses do sistema educativo de Galicia e das especificidades do propio pobo galego e dos seus escolares, neste caso, ¿verdade?, do propio sistema en concreto.

E isto faise, señorías, dentro dunha forma de comportamento que non é exactamente igual que a do resto dos grupos da oposición. Nós facémolo desde a responsabilidade que supón gobernar unha comunidade autónoma e proporcionarlle o mellor sistema educativo posible para que esa igualdade de oportunidades que ten que proporcionar o sistema aos nosos futuros emprendedores, traballadores, empresarios, mestres ou deputados e ser quen de conseguir a maior igualdade posible de oportunidades. E isto só se consegue cun sistema educativo forte, un sistema educativo que proporcione aquelas habilidades, destrezas e competencias básicas para o que foi deseñado.

E sobre isto, señor Pombo –con todo respecto–, vostede di que o señor conselleiro non falou. O señor conselleiro falou exactamente do mesmo do que falaram vostedes aquí. Veñen dicir que van falar do que non está aínda aprobado, que está en tramitación, que está en redacción, dunha hipótese, nunha crítica preventiva pero sen deixar de lado, ¿verdade?, aquilo para o que promoveron vostedes unha acción cidadá arredor dunha proba de 3º de Primaria que vostedes é o que viñeron criticar tamén aquí o outro día, e non lles gusta que se lles conteste en torno a esa cuestión. Pero esa é a realidade. E hoxe aquí volveron falar outra vez da proba de 3º e de todas esas exitosas manifestacións ou deixación de funcións que algúns membros desta Cámara exerceron presionando e manipulando país, alumnos e o conxunto do sistema educativo, facéndolles ver unha cousa que non é. Porque insisten vostedes, erroneamente, nun erro que lles proporcionaría un suspenso absoluto nas súas notas, chamándolles ás cousas o que non son. Insistan vostedes na palabra, pero é unha proba de avaliación individualizada, e así seguro que algo vai calando, porque xa na propia proposta de moción de hoxe non se fala só de reválidas, tamén se fala de propostas de avaliación; algo imos gañando, algo imos gañando, señor conselleiro.

Pero, en calquera caso, o que estamos a facer é proporcionar os mecanismos para que os nosos estudantes teñan a mellor das posibilidades para saír a adiante nos seus estudos. E iso é ao que deberían de apuntarse vostedes e olvidar a ideoloxía, propoñer algo, que aínda non escoitamos ningunha proposta dos grupos da oposición. Queremos que propoñan algo, que propoñan mellorar o que vostedes consideren que é mellorable. E únense a este proxecto de nova lei, que non é unha lei nova soamente; é que está a modificar aqueles aspectos que nós consideramos que eran mellorables dunha lei que é súa, a Lei orgánica de educación, que contemplaba no seu artigo 21 as probas de avaliación en Primaria, e no seu artigo 29 as probas de avaliación en Secundaria, e no artigo 144 as probas xerais de avaliación, e no 147 –atención, señor conselleiro– a difusión por parte do Estado dos resultados destas probas –cousa que nos queren achacar a nós agora, e non é a LOMCE, era a LOE a que facía iso, non a LOMCE, que xustamente non o contempla–, que son resultados que quedarán dentro do centro e que se trasladarán aos pais para que participen no deseño das estratexias de implementación e de mellora dos resultados dos fillos se fose o caso. E isto será unha ferramenta útil para os propios mestres, que, na autonomía dos centros, deseñarán aquelas estratexias de apoio educativo, ou de contratos programa, ou a atención á diversidade que correspondan para seguir mellorando o noso sistema educativo.

Un sistema educativo que é ideolóxico pola súa parte, porque alí onde gobernan si que o aplican, porque en Andalucía ou nas comunidades nacionalistas tamén se aplican estas probas. E, aínda máis, temos en Andalucía unha proba que se realiza en 2º de Secundaria, cun título “*Seis años de camino hacia el progreso*” –vese que alí queren progresar e aquí non, señor conselleiro–. “O obxectivo é coñecer as competencias do alumnado, a situación dos centros e o sistema educativo andaluz na súa totalidade. Desde o seu inicio en 2010 constitúen un instrumento estratéxico de mellora, porque é fundamental dispoñer un bo e potente sistema de avaliación”. Vese que aquí dispoñer dun bo sistema de avaliación que axude a mellorar os resultados nefastos, pola outra banda, da LOE, coa LOMCE, eses resultados parece que non os queren aquí en Galicia, e iso si que é ideoloxía. Porque se non, xa explicarán como é posible que critiquen aquí dende a oposición o que fan alí onde gobernan.

Nós, señor conselleiro...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor FARIÑAS SOBRINO: Remato, señor presidente, dicindo que, a pesar de todos eses movementos que fixeron vostedes dun instrumento útil, van vostedes ter unha lousa encima con aquelas familias, fillos de familias que lles fixeron caso á súa chantaxe o pasado día 24.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Fariñas.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

“Chantaxe, vanse vostedes arrepentir do que lles acaban de facer ás familias galegas, chantaxe”. ¡Por Dios! Pero ¡que prepotencia!, é alucinante, ¡é que eu alucino coa prepotencia do Partido Popular! Van vostedes quedar fóra do Goberno e vaise cambiar a lei. ¡Entérense! Porque llelo acaban de dicir os pais e nais galegos, que non enviaron maioritariamente os seus fillos a unha proba anacrónica, de tempos que xa quedan esquecidos, de tempos que as novas xeracións xa non coñecen. E parouse grazas a que algúns e algunhas inda recordamos o que eran as reválidas e o que supuñan: pobreza; supuñan falta de educación para os nenos e nenas con menos posibilidades económicas, para os nenos e nenas con problemas de aprendizaxe. E iso é o que queren vostedes instalar agora, outra vez, novamente. Pero, ademais, veñen aquí dicirnos o problema que teñen as familias.

É que parece increíble, de verdade, que se manteñan vostedes na Idade Media constantemente. É que nin sequera están no século XIX, están vostedes na Idade Media, negando a cultura. Vostedes son a anticultura por definición, anticultura no ensino. Vostedes queren que a xente sexa inculta, porque a xente inculta é máis fácil de manipular, a través dos medios de comunicación, que vostedes controlan. E así para vostedes debe funcionar o mundo. Entón, teñen un problema cando a sociedade é máis culta, cando a sociedade le, cando ten acceso á información, cando ten acceso a coñecer o que se fai noutras partes do mundo onde non teñen o fracaso escolar que temos nós.

Ese é o seu problema, que son incapaces de mirar para o futuro, porque o único que vai provocar é máis fracaso escolar. Nenos e nenas de 8 anos presentándose a un exame. ¿Pero vostedes entenden cal é a psicoloxía infantil? ¿Vostedes entenden algo de pedagogía? ¿Leron algunha vez na súa vida algo de pedagogía? ¿Falaron cos mestres? É que non teñen nin idea, non teñen nin idea, nin idea. Si, vostedes sigan aí cotilleando mentres o mundo do seu redor e mentres os nosos nenos e nenas van ser expulsados do sistema escolar.

Porque, mire, ao mellor os sorprende, pero a letra non entra nin con sangue nin con exames. A letra entra con pedagogía, con tempo dedicado, con medios para que os nenos con dificultades poidan aprender e poidan superar as súas dificultades, con acceso en igualdade á educación, esquecendo as rendas das familias. Pero a vostedes iso dálles igual, evidentemente, dálles igual. Vostedes o que pretenden é volver ao franquismo que tanto añoran, a ese franquismo único que impuña –como impoñen vostedes na súa maioría– todos os criterios desoíndo calquera iniciativa social. Esa é a súa política, a política de “orden e mando”, a política do non diálogo.

Así, os pais e as nais galegas dixéronlles que están equivocados, que os seus fillos non van someterse a exames estúpidos que non serven para nada, nada máis que para segregarse e facer unha escolla, utilizar o ensino público, o ensino de todos, para facer unha selección de nenos, escoller uns cantos para introducilos no sistema e que lles sexan útiles dentro do sistema e os outros deixalos para convertelos en man de obra barata e para que poidan ser explotados.

Polo tanto, imos dar o apoio a esta moción, como non cabería doutra maneira, porque cremos na democracia, porque cremos no dereito á educación en igualdade e porque rexeitamos esa forma de gobernar de “orden e mando”, esa forma de gobernar para que a xente non avance, para que o noso país non avance, para que sempre sexamos dependentes de Madrid, de Europa ou de onde sexa.

A vostedes, dende logo, nunca, dende que eu estou nesta Cámara, os escoitei defender os intereses deste país nin os intereses dos galegos e das galegas. Matan o noso idioma e agora pretenden crear unha sociedade galega con falta de educación para os nosos nenos e nenas, unha sociedade onde a elite siga gobernando e onde o pobo siga tendo problemas

para acceder á cultura e para saír da miseria. Esa é a súa política e esa é a razón pola que vostedes deixarán de gobernar moi pronto no Estado e un pouquiño despois en Galiza.

Nada máis, moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario Socialista. Señor Docasar.

O señor DOCASAR DOCASAR: Moitas grazas, presidente.

Señorías, boa tarde. Benvido, señor conselleiro.

¡Que pracer quedar detrás, poder falar detrás do señor Fariñas, para poder darlle de vez en cando un bofetón, tamén de vez en cando! Está ben, porque dixó antes vostede que nós non faciamos propostas. ¡Home!, non o diría moi en serio, que nós non faciamos propostas. Levamos facendo propostas dous anos. O que eu me pregunto é cantas veces, das propostas que fixemos en positivo, vostedes aceptaron algunha. E aquí está o señor Rodríguez –que foi o anterior portavoz, agora conselleiro–, a señora Martínez e vostede mesmo, señor Fariñas. Ou sexa, que propostas, un montón delas. ¿Perseveranza? Toda, xa o saben, pero resultados, lamentablemente, poucos.

Pero imos ao tema, señor Pombo, ao tema que nos trae aquí por terceira vez nas últimas semanas. Hai uns días tamén debatíamos neste Parlamento unha moción similar, neste caso era de AGE, e eu mesmo fixen tamén ese día unha pregunta en pleno ao señor conselleiro tamén sobre o tema das reválidas. E quero dicirlle de entrada que a nosa posición segue sendo a mesma, non mudou obviamente, nese tempo. Polo tanto, imos manter un discurso moi semellante. Apoiamos no seu momento a iniciativa que presentou o grupo de AGE, por medio do señor Vázquez, e hoxe faremos o mesmo, señor Pombo, coa moción que presenta vostede.

Fixemos a nosa pregunta –dicialle– en pleno a Román Rodríguez hai uns días, e apoiamos esa iniciativa que presentaba o señor Vázquez, sen entrar nas emendas, nas emendas que uns e outros presentan, pois o importante para nós témolo moi claro: a nosa posición fronte á LOMCE e a moitas das medidas que emanan desas *revalidiñas* ou probas

externas, como lle gusta dicir ao señor Fariñas e ao señor conselleiro.

Temos tamén en vigor –insisto– esta lei dende hai ano e medio, unha lei, que –insisto unha vez máis, e non me cansarei de dicirllo ao señor conselleiro, aínda que sei que non lles gusta nada– foi claramente feita de costas á comunidade educativa –e aí están as consecuencias que agora estamos a vivir no día a día dos nosos centros–, esa lei que só foi apoiada por vostedes, por Rosa Díaz e Álvarez Cascos. Polo tanto, saben que é unha lei con clara data de caducidade, que durará exactamente o que dure na Moncloa don Mariano Rajoy e o Partido Popular.

Señorías, meses atrás tamén soubemos que o Goberno vasco e o Goberno de España asinaron un acordo bilateral para que determinadas competencias en temas que trataba a LOMCE foran feitas de maneira distinta no propio País Vasco. E non eran dúas cuestións menores, eran cuestións francamente moi importantes e das que tamén fala esta moción que presenta hoxe o señor Pombo. Cuestións que teñen que ver co tema da lingua, co tema da protección do euskera e cuestións que teñen que ver co tratamento que teñen os consellos escolares, uns consellos escolares que tiñan unhas funcións antes da LOMCE e que teñen agora unhas funcións bastante diferentes unha vez que a LOMCE está en vigor; por tanto, uns consellos escolares que eran un órgano executivo e hoxe se converten nun mero floreiro ao servizo dunhas direccións fortemente controladas e, dalgún modo, mangoneadas.

Os vascos, con este tema, blindaron –insisto– dous temas moi importantes: consello escolar e euskera. E, polo tanto, iso tivo que facerse co silencio cómplice tamén do Partido Popular en Galicia, aínda que tamén o señor Fariñas di que nas sectoriais de Educación vostedes alzaron a voz –non o dubido, pero creo que despois esas cousas quedan de despacho e non transcenden moito á opinión pública–. Se alzaron a voz, evidentemente, aquí non escoitamos esas voces que se alzaron.

Señor Pombo, vostede volve falar do tema das reválidas. Efectivamente, hai uns días asistimos a todo un proceso bastante caótico. Eu non vou entrar hoxe nas guerras de cifras, que o señor conselleiro deu unhas cifras que viñan vía inspección, despois temos tamén as cifras que nos daban os

colectivos de pais e nais, e colectivos como Confapa Galicia, que creo que é unha entidade seria e responsable, ANPA Galegas deunos tamén esas cifras, os propios sindicatos do ensino, sindicatos representativos que creo que tamén deron cifras. Polo tanto, non imos entrar en se hai unha porcentaxe alta ou baixa. O que si é evidente é que hai bastantes, moitos miles ou moitos centos de estudantes que non fixeron esas probas, e fundamentalmente no ensino público. Polo tanto, esa cuestión, señor conselleiro, vostede ten que tela en conta á hora de tomar decisións e ver que vai facer con eses resultados que están agora mesmo sendo corrixidos nos propios centros educativos.

Eu creo que nunha medida que intentaba chegar a 22.000 nenos e nenas de 8 e 9 anos, que penso que non chegou a esa porcentaxe nin por asomo, e insisto: non quero hoxe centrarme nas cifras, cantos centos ou miles de nenos e nenas non fixeron as probas, pero é evidente que as probas non as fixeron moitos estudantes.

Polo tanto, creo que por aquí eu creo que temos que valorar que, se realmente vostedes pensan que a avaliación é iso, estamos moi equivocados. Se vostedes pensan que a avaliación son dúas probas concretas de dúas materias importantes e non a avaliación que se fai día a día nos centros, creo que están francamente equivocados.

Eu creo que neste país sobran discursos, sobran cuestións de frivolidades, creo que necesitamos estabilidade, necesitamos ser serios, respectar a comunidade educativa, respectar os profesionais da educación, e a partir de aí ter un marco normativo estable, e seguramente as cousas que pasan non pasarían.

Polo tanto, señor Pombo, imos apoiar –por suposto, a ser coherentes co que fixemos nas últimas semanas– tamén a súa moción.

Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Docasar.

Grupo autor da moción. Señor Pombo.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: Grazas.

En primeiro lugar, agradecer o apoio do Grupo Mixto e mais do Partido Socialista; dicirlle a AGE que vou aceptar a súa emenda como engádega, e espero que apoie tamén a iniciativa; e dicirlle ao Partido Popular que a emenda que presenta non ten nada que ver coa moción que presenta, polo tanto non a vou aceptar.

Agradecer o apoio en nome de toda a comunidade educativa, porque é quen está a reclamar a non aplicación dunha LOMCE que quere implantar unhas reválidas. E fago fincapé nas de ESO e Bacharelato: son reválidas, requisito imprescindible para conseguir o título para acceder ao seguinte nivel educativo. E todos sabemos que en nada contribúen para o proceso do ensino-aprendizaxe, nin benefician o alumnado, non avalían a formación integral do alumnado, desprezan a avaliación continua, significan un malgasto de diñeiro público cando carecemos de recursos e medios para favorecer a formación integral do alumnado e pretenden clasificar os centros en categorías para logo recibir ingresos; pretenden mesmo excluír da educación os sectores máis desfavorecidos da nosa poboación, e son probas innecesarias para tomar medidas de atención á diversidade. En ningún sistema educativo se toman medidas de atención á diversidade en base a resultados dunha proba externa estandarizada.

A inmensa comunidade educativa está farta de ver como dende o ano 2009 a Xunta é recorte de profesorado, recorte de orzamento, recorte no dereito á educación, recorte no dereito a un préstamo universal de libros. Por certo, as ANPA están xa reclamando ese préstamo e van manifestarse o día 15. Estamos fartos de contemplar como esmorece o dereito a un ensino equilibrado e adaptado á realidade galega, un ensino baseado na avaliación continua e no desenvolvemento integral de todas as capacidades do alumnado. Estamos fartos de ver como a Consellería non escoita o profesorado, non escoita as ANPA, non escoita o alumnado, non escoita os sindicatos e non escoita a maioría dos grupos parlamentarios deste Parlamento.

Propostas. Esta comunidade educativa está a reclamar, as propostas son claras: escoitalos, defender as competencias exclusivas, incrementar o profesorado, dotar os centros de recursos, potenciar os departamentos de orientación, redución de ratios do alumnado. escoitar o alumnado, que está a reclamar a eliminación das reválidas,

porque, a pesar de que coa avaliación continua das etapas a aproben, teñen que aprobar a reválida, se non non pasan. escoitar as reclamación das ANPA dos centros públicos, que reclaman a non aplicación das avaliacións de reválidas.

E, por último, dicir que nós imos insistir en pedir o apoio de todo o Parlamento a adiar a aplicación da LOMCE, a retirada deste proxecto de reválidas, e, en todo caso, se aquí temos competencias e cremos nelas, que neste país non se apliquen.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Pombo.

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Carmen Gallego Calvar, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de xuventude

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

(O G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA), por iniciativa do seu deputado Ramón Vázquez Díaz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta as seguintes emendas de adición a esta moción, núm 37.521 (09/MOC-000131).

Emenda de adición dos seguintes apartados ao punto 1º:

- Favorecer a incorporación ao mercado laboral a través de empresas sociais e cooperativas, con especial incidencia en mozos, mulleres, colectivos en risco de exclusión e colectivos de traballadores de empresas en crise, para continuar a actividade e manter o emprego.

- Establecemento de medidas para evitar a figura dos falsos autónomos/as, sancionando e penalizando a empresas que contratan como autónomos a traballadoras/es que antes estaban en equipo, ou empresas que carecen de equipo propio e que se dedican a contratar servizos de autónomos precarizando o emprego xuvenil.

- Eliminación da figura contractual de prácticas non remuneradas e obriga de percepción do salario completo que lle correspondería ao traballador ou traballadora en prácticas coma se fose un eventual ou un fixo. Aumentar a inspección laboral e os mecanismos de detección para limitar a utilización dos contratos en prácticas como substitución de postos de traballo.

- Potenciar a incorporación da xuventude ao emprego e o reparto do traballo mediante medidas de incentivo para o adianto da idade de xubilación, a redución da xornada laboral e o fomento dos contratos de relevo.

- Derrogación das ordes de desenvolvemento e implantación da Formación Profesional Dual en Galicia e cancelación dos convenios asinados por parte do Goberno Galego con empresas baixo a modalidade de contratos de aprendizaxe favorecedores da explotación xuvenil."

Emenda de adición dun punto 3º:

"-Plan de emprego público para recuperar e reforzar os postos de traballo perdidos nos servizos públicos fundamentais como a sanidade e o ensino, derivadas da supresión de prazas e da escasa ou nula reposición de efectivos realizada nos últimos anos."

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para a defensa da moción ten a palabra a señora Gallego.

A señora GALLEGO CALVAR: Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, señoras deputadas e señores deputados.

Pois ben, como dicía o propio presidente antes de darme voz, esta moción que presentamos hoxe os socialistas pretende poñer en pé, se é apoiada polo conxunto dos grupos parlamentarios, unha política de xuventude, política de xuventude que a día de hoxe na Xunta de Galicia non existe.

Unha política de xuventude que se prece ten que conter algúns elementos que están implícitos na moción que presentamos. Primeiro, ten que ser transversal, é dicir, que o conxunto das consellerías do Goberno galego deben de ter accións orientadas, precisamente, a dar resposta aos proble-

mas principais dos mozos e mozas de Galicia. En segundo lugar, ten que conter orzamento; por suposto, sen orzamento é imposible levar a cabo unha política de xuventude. E, en terceiro lugar –ou en primeiro, se vostedes o queren así–, ten que ter unha orientación; é dicir, temos que facer unha política de xuventude para algo.

O Goberno galego, neste momento, a política de xuventude que está facendo é unha política absolutamente errática, sen ningún contido transversal, cun orzamento absolutamente empobrecido, cun 70 % menos de orzamento que cando o señor Feijóo chegou ao Goberno.

Ese orzamento, ademais, que se dedica á política de xuventude, distribúese de maneira absolutamente opaca, por non dicir con nepotismo. Como sabemos e como denunciámos aquí os socialistas e como non foi capaz de desmentir a conselleira de Traballo e Benestar, o ex director de Xuventude, dimitido para presentarse como candidato á Alcaldía de Boqueixón, repartía o programa de Parlamento Xove ao número 2 do Partido Popular no Concello de Teo. Esta é a política de xuventude que fai o Partido Popular. Por non falar dos campamentos de verán, que ano tras ano son outorgados sempre ás mesmas empresas, empresas que teñen, en moitos casos, vinculacións co propio Partido Popular.

Pois ben, se temos en conta que hai unha política de xuventude errática, que ten un orzamento cativo, que ese orzamento se dedica a cuestións relacionadas cos intereses do Partido Popular e non cos intereses da xuventude e que, dende que goberna o señor Feijóo, 13.000 mozos e mozas galegos cada ano saen de Galicia porque aquí non teñen oportunidades de futuro, que o desemprego xuvenil medrou na nosa comunidade autónoma dende que o señor Feijóo está á fronte do Goberno e que a precariedade e a dificultade de atopar emprego e mais que o grao de protección social dos mozos e mozas é dos máis baixos do Estado, está claro que a política de xuventude se ten que orientar aos tres principais problemas que afectan os mozos e mozas galegas, que é falta de emprego, que é a volta aos estudos, que é unha mellor formación para aqueles mozos e mozas que no seu día optaron por irse a traballar a sectores como o da construción, que agora teñen grandes cifras de desemprego, e que é a política de vivenda.

Polo tanto, o que solicitamos os socialistas nesta moción que presentamos é esa política transversal, esa política dota-

da orzamentariamente, esa política dialogada coas organizacións xuvenís e tamén coas centrais sindicais e cos axentes económicos e coas demais administracións, porque hai que implicar nesta política de xuventude tamén a Administración do Estado e tamén os concellos.

E para isto o que solicitamos nas medidas que presentamos nesta moción –que poden ser estas e poden ser algunhas máis, porque non negamos que poida haber algunha medida máis– é que se recupere o investimento en I+D+i aos niveis de 2009. Que se prioricen os programas de investigación dedicados a recuperar talentos de mozos e mozas investigadores para que retornen os que se foron e evitar que saian máis. Propoñemos rebaixar as taxas universitarias nas segundas, terceiras ou cuartas matrículas, as condicións das becas e de acceso á universidade, que se evite a exclusión e o abandono escolar, e establecer exencións en función da renda nas taxas e nas probas de acceso á universidade. Que se fagan plans de volta ao estudo dos mozos e das mozas cunha formación adaptada ás demandas do mercado de traballo. Que se implante de novo a cotización das persoas bolsseiras coa mellora das súas condicións, o recoñecemento do dereito a ser dados de alta na Seguridade Social, e formación remunerada vinculada a estudos universitarios ou de formación profesional. Que se deseñe unha formación que acompañe o necesario cambio de modelo produtivo.

Non podemos continuar formando persoas en Galicia para actividades que non teñen ningunha saída de futuro. Temos que facer módulos pasarela nos sectores considerados de futuro. ¿Cales son os sectores considerados de futuro? Todo aquel que teña que ver co sector de servizos sociais, as actividades eco, enerxías renovables, biotecnoloxía, etc., etc. Hai que axudar os mozos e mozas a crear iniciativas locais de emprego, xunto cos concellos. E hai que utilizar as ferramentas que temos ao noso alcance, como pode ser o Igape ou como pode ser o ICO no caso do Estado, para que avalen o capital preciso para a posta en marcha de iniciativas.

Hai que participar nesas iniciativas desde as administracións públicas, por medio de capital público, ata o máximo que permite a lexislación vixente, incluíndo contratos de colaboración social, no caso de perceptores de prestacións que non poidan capitalizar o desemprego.

Hai que elaborar tamén un paquete de beneficios fiscais para financiar proxectos e para axudar as empresas que empreguen mozos e mozas, con bonificacións do 100 % das cotizacións á Seguridade Social o primeiro ano de contrato en prácticas e unha bonificación do 75 % no segundo ano.

Hai que establecer unha liña de axudas para o apoio da mocidade que desexe emanciparse e acceder á vivenda –é dicir, restituír os programas que existían e que o Goberno do Partido Popular desbotou no caso do acceso á vivenda– e hai que desenvolver un plan de retorno para os mozos e as mozas emigradas, en dúas direccións: a primeira, evidentemente, a prioridade, traelos de volta ao seu país e que poidan aquí desenvolver o seu proxecto de vida e que poidan aquí atopar emprego, e que ademais poidamos recuperar ese capital humano que perdemos coa emigración; pero, segunda –e non menos importante–, que namentres permanezan nos países a onde foron buscar oportunidades de futuro que se lles negaron na súa terra, teñan garantidos os seus dereitos laborais e os seus dereitos sanitarios.

Polo tanto, o Goberno debiera de estar promovendo a creación dun observatorio de xoves e emigración e participar nel. Debera de estar demandando da Administración do Estado unha mellor relación con todos os mozos e mozas que están na emigración, e que a prioridade política nas relacións do Goberno con outros países deberan de ser a través dos ministerios de Asuntos Exteriores e Cooperación e de Emprego e Seguridade Social, abordar a situación deses mozos e mozas expatriados.

Hai que impulsar convenios de reciprocidade para a homologación de títulos, tomando medidas pertinentes para axilizar a tramitación de validacións e favorecer a extensión dos servizos da UNED tamén nas sedes da Administración do exterior.

E, dende logo, hai que promover as modificacións necesarias na Lei orgánica do réxime electoral xeral para facilitar o acceso ao dereito ao voto da cidadanía no exterior, algo do que mozos e mozas emigrantes nestas eleccións municipais do 24 de maio se queixaron de que tiñan dificultades para poder exercer o seu dereito ao voto nunhas eleccións tan importantes. Probablemente estas dificultades teñen moito que ver coa pouca vontade que o Partido Popular tiña de que participaran, porque probablemente tamén

sabía que o seu voto non ía ser un voto de aplauso ás políticas de recorte e ás políticas que expulsaron os mozos e mozas de Galicia.

Pois ben, estas son algunhas das iniciativas que se poden facer cando se quere falar en serio dunha política xuvenil transversal e con orzamento e con propostas.

Estas iniciativas non son orixinais desta moción que debatemos hoxe. Estas iniciativas foron presentadas ao longo de toda esta lexislatura en distintos aspectos por parte do Grupo Parlamentario Socialista, ben sexa no debate do estado da Autonomía, ben sexan nas emendas aos orzamentos ou en proposicións non de lei en debates en pleno e en comisión.

Ata o de agora, señores do Partido Popular, vostedes sempre se negaron a apoiar estas iniciativas. Creo que chegou o tempo e creo que, ademais, os cidadáns lles dixeron o 24 de maio ben claro que as súas políticas de recorte, de austeridade, o que están facendo é facendo unha Galicia máis pequena, máis pobre, máis desigual, e que esa política é xustamente a política que rexeitan os cidadáns. Por iso os cidadáns o 24 de maio a vostedes non lles deron maioritariamente o seu apoio. Por iso é o momento de darlles un cambio a estas políticas, señores do Partido Popular.

E miren, se hai vontade política para facelo, ideas están aquí –e outras que poidamos aportar entre todos–, orzamento tamén o hai. Porque ¿saben vostedes o que está aforrando o Goberno do Partido Popular de Madrid cada ano polas prestacións por desemprego que recortou para Galicia? Pois miren, só nos dous últimos anos o Goberno central lle debe a Galicia en prestacións por desemprego que recortou 387.488 millóns de euros, é dicir, 387 millóns de euros entre o ano 2014 e o ano 2015.

Señores do Partido Popular, nin tan sequera fai falta empregar toda esta contía económica. Con algo menos chega, é suficiente para poñer en pé unha auténtica política dirixida aos mozos e ás mozas e a paliar aquelas que son as súas principais preocupacións no día de hoxe, que é a falta de emprego, a falta dunha formación axeitada para o mercado laboral no que nos movemos e, dende logo, a falta de acceso a unha vivenda para poder facer o seu proxecto...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora GALLEGO CALVAR: ...persoal de vida. Se hai vontade política, orzamento existe, hai de onde sacalo. O que fai falta é que o Partido Popular crea que é necesario facer unha política de xuventude e non faga como ata o de agora: desmantelar o pouco que había.

E a día de hoxe, mes e medio despois de que o director xeral de Xuventude dimitira para ir formar parte das listas electorais do Partido Popular en Boqueixón, vostedes aínda non teñen director xeral de Xuventude. Toda unha revelación do que lle importa ao Partido Popular a mocidade galega.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas.

A señora GALLEGO CALVAR: Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Gallego.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Creo que coincidiremos todos e todas en definir que se hai dúas características que caracterizan –valla a redundancia– o modelo laboral do Partido Popular son a pobreza laboral, por un lado, e, por outro lado, a profunda desigualdade.

Galicia é un país onde o 20 % dos traballadores cobra menos de 700 euros ao mes. É un país onde hai 70.000 traballadores e traballadoras que gañan menos de 410 euros. É un país tamén onde un terzo dos traballadores e das traballadoras gaña menos de 950 euros ao mes. Esa é a absoluta pobreza laboral, esa é a absoluta precariedade na que estamos situados e –o que é peor– en proceso de cronificación.

O pobre contemporáneo, o pobre actual é un pai ou unha nai de familia que se ergue cada mañá, que cumpre unha xornada laboral, que moitas veces chega á casa exhausto, pero que a final de mes non é quen de pagar as súas facturas, que a final de mes non é quen de pagar a súa vivenda, que a final de mes non é quen de garantir unha correcta e

axeitada alimentación para os seus fillos. É, en definitiva, como dicíamos, o traballador pobre.

¿E cales son as características desta pobreza laboral? Pois un traballo moitas veces a tempo parcial. Hai 96.000 galegos e galegas que teñen unha xornada a tempo parcial, un incremento dun 148 % nos últimos cinco anos. Supoño que esa é a versión española dos *minijobs* alemáns, ¿non?

Outras das características da pobreza laboral é a feminización da pobreza –as mulleres triplican os homes nas franxas salariais máis baixas– e os contratos temporais. O 95 % dos contratos creados o pasado mes de maio eran contratos temporais, e destes contratos un terzo eran contratos dunha semana de duración. Esa é a recuperación e a senda da recuperación na que estamos.

Pero ¿cal é o denominador común, polo menos un denominador común fundamental desta pobreza laboral? Pois hai un elemento transversal que é, sen dúbida, a xente moza, xente moza que ocupa a maior parte dos postos a tempo parcial, que ocupa a maior parte dos postos de contratos laborais e que ocupa as taxas de paro evidentemente máis elevadas. No último trimestre os datos da enquisa de poboación activa falan dun 45,6 % de mozos e mozas de entre 16 e 24 anos que estaban en paro, unha cifra das máis elevadas sen dúbida de toda Europa; e a taxa de temporalidade dos mozos e das mozas menores de 30 anos é do 60 %. Este é o modelo laboral para a mocidade galega do noso goberno.

Estamos, polo tanto, nunha situación de extrema gravidade, nunha situación verdadeiramente límite. Seguramente estamos a punto, como di reiteradamente, como din os gobernos do Partido Popular, a piques de saír do túnel, pero estamos a piques de saír do túnel para chegar a un lugar moitísimo máis escuro que no que estabamos antes de entrar nel.

Unha saída do túnel que defende por exemplo o Fondo Monetario Internacional –así o dicía onte no seu informe presentado en relación coas receitas recomendables para o noso país–. A receita do Fondo Monetario Internacional é moi clara: avanzar na reforma laboral, abaratar o custo do despedimento, axustar os salarios e os horarios laborais, subir o IVE –sen dúbida, o máis equitativo e progresivo de todos os impostos–, establecer novos copagos e repagos na educación e na sanidade. En definitiva, o que nos propón o

Fondo Monetario Internacional é seguir cavando na fosa na que xa nos atopamos. Esa é a folla de ruta, e somos coñecedores da capacidade que ten o Partido Popular para asumir submisamente as receitas do Fondo Monetario Internacional e do Banco Central Europeo.

Polo tanto, imaxinamos que, se agora marchan 16.000 mozos e mozas galegas cada ano de Galicia, a solución será que marchen 30.000, para que así as cifras do paro baixen e se continúe avanzando nese exilio forzoso no que estamos instalados.

Se agora hai despedimento libre, imaxinamos que o Fondo Monetario Internacional pretende que os traballadores devolvan os salarios percibidos no momento de ser despedidos. E se agora os salarios do 30 % dos galegos non superan os 700 euros, supoñemos, imaxinamos que o Fondo Monetario Internacional defende directamente regresar á escravitude. Ese é o sendeiro que traza o Fondo Monetario Internacional e que o Partido Popular leva anos percorrendo.

Por iso, dende Alternativa Galega de Esquerda defendemos outra saída da crise, unha saída á crise que entendemos que, diante dun problema estrutural do noso sistema capitalista, ten que ser baseada en cambios verdadeiramente estruturais e, polo tanto, no establecemento dun novo modelo que non especule co medio ambiente, que non especule, que non dende logo explote os homes e as mulleres.

Pero estamos tamén certos de que, mentres non chega ese cambio, temos que apoiar calquera medida que mellore as condicións de vida da maioría social do noso país, e por iso imos apoiar esta moción, á que presentamos unha emenda, porque entendemos que as medidas que se propoñen son positivas, pero hai moitísimas outras que se poderían tomar e que poden completar e que fundamentalmente en relación cos mozos teñen que combater os seus principais problemas, que son: precariedade, acabando cos bolseiros, que en realidade son traballadores explotados...;

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: ...cos falsos autónomos; cos contratos de aprendizaxe, que, en realidade, son traballadores que traballan polo caldo –como dicían os nosos avós–; co falso mode-

lo formativo de FP dual, que é a explotación xuvenil encuberta; e, dende logo, potenciando a incorporación da xuventude ao emprego, incentivando a xubilación e os contratos de relevo e, dende logo, apostando pola repartición de traballo e...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: ...a redución da xornada laboral.

E, finalmente, un punto que consideramos fundamental, que é...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate xa, por favor.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: ...apostar por un plan de emprego público para recuperar os servizos públicos fundamentais: sanidade e ensino.

Esperemos que sexan admitidas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario Mixto. Ten a palabra a señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidenta.

Todos os estudos sobre demografía galega evidencian un futuro a medio prazo de consolidación definitiva da brecha existente entre unha Galiza occidental, urbana e costeira, e unha Galiza oriental e interior; unha Galiza interior cun notabilísimo envellecemento da poboación, pero que este envellecemento da poboación tamén se está trasladando a esa Galiza urbana; un envellecemento agravado por unha forte emigración das persoas novas cara ao exterior, que recorda a emigración clásica do noso país.

Ao envellecemento da poboación únese o descenso do número de habitantes, xa que as previsións mostran claramente que a situación será máis crítica a medio prazo.

En 2010 é o momento no que por primeira vez se dá un decrecemento xeneralizado da poboación no conxunto de

Galiza. O ano 2010, coa crise, é cando empeza a mocidade a ver que en Galiza non hai futuro e que o Goberno galego non é quen de ofrecerlles un futuro que lles permita vivir na súa terra, medrar na súa terra e ter fillos na súa terra. Polo tanto, vense obrigados, obrigados, a emigrar, non se van formar, non van ter experiencias, non é algo lúdico, como pretende o Partido Popular, senón que é a mesma emigración da miseria, a mesma emigración para escapar da fame que pasou nos anos 50.

Dende que empezou a crise perdeuse en Galiza unha poboación que representa o 74 % dos municipios. Incluso dúas das sete cidades galegas non foron quen de manter a súa poboación.

As proxeccións demográficas indican que entre o 2010 e o 2030 as áreas máis regresivas continuarán perdendo poboación, por unha natalidade moi reducida, moi reducida xa porque vén de xeracións que xa tiveron poucos fillos, e por unha alta mortalidade, que se debe á avanzada idade do número das persoas que quedan a vivir en Galiza.

A evolución do grupo de idade no que máis incide a fecundidade, entre 29 e 39 anos, mostra unha substancial redución de poboación nos últimos quince anos en Galiza. En Galiza, segundo os datos do INE, hai 592.600 fogares, o 55 % dos fogares galegos, onde só viven unha ou dúas persoas, pero que, ademais, na maioría deses fogares as persoas que viven superan os 60 anos de idade. Polo tanto, unha situación dramática para o noso país.

Esa situación dramática, ademais, vai potenciada polas propias políticas públicas, que, en vez de fomentar o asentamento de poboación en Galiza, o que fan é comprarlle maletas á xente moza para que poida marchar a buscar a vida a outros países.

En 2020 o 48,6 % dos municipios galegos contarán con máis do 32 % da súa poboación por encima dos 65 anos. Polo tanto, é urxente establecer políticas tendentes a reverter o proceso de falta de xoves e o exceso de maiores en Galiza.

Pero para asentar poboación en Galiza, para non seguir perdendo mocidade, para non seguir co problema do envellecemento da poboación, é necesario tomar medidas que se encamiñen sobre todo –e dicíámolo hoxe–, que non poden ir

deslavazadas, son políticas que teñen que ir acompañadas, unha política de mellora do tecido produtivo, unha política industrial que cree traballo de calidade e empregos de calidade, xunto cunha política de vivenda que dea acceso á vivenda á xente moza para poder iniciar unha familia e ter fillos. Ten que acabarse cos contratos, con esa eventualidade de que o 94 % dos contratos que se fan son eventuais, e cando dicimos eventuais non estamos falando de contratos dun ano, estamos falando de contratos que van desde horas, un día, ata contratos dun día, dous días, unha semana, un mes, é dicir, a precariedade...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ...máis absoluta, e que, ademais, lles denegan incluso dereitos como é o dereito ás vacacións. E que isto o faga a propia administración nos seus contratos xa é o máis escandaloso.

E despois, sobre todo tamén, mellorar o que a reforma laboral de 2012 matou en dereitos laborais e sobre todo no que se refire a dereitos de conciliación e de defensa do posto de traballo da clase traballadora.

Polo tanto, daremos o apoio a esta moción, inda que entendemos que o Partido Popular volverá ser soberbio, volverá condenar a nosa mocidade á emigración e o noso país ao despoboamento.

Nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.
Ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

O Bloque Nacionalista Galego vai apoiar esta moción, non porque concordemos no cen por cen coa literalidade de todos os puntos que nela constan, senón porque a valoramos como un toque de atención da situación dramática na que se atopa a mocidade galega, unha mocidade galega á que por toda opción o Goberno do seu país, o Goberno galego, lle ofrece mobilidade xeográfica, maleta, precariedade pura e dura e escravitude laboral.

Unha mocidade galega que cada vez ten máis difícil o acceso ao ensino, un ensino cada vez máis elitista, menos galego; que ten imposibilitado o acceso a unha vivenda; unha mocidade onde o Goberno galego quere presentar os altísimos niveis de desemprego disfrazados de falta de formación, cando nos encontramos diante dunha mocidade que en moitos casos está sobradamente preparada, tan sobradamente preparada que é moi habitual toparnos con mozos e mozas que nos contan que nos seus currículos agochan parte dos seus méritos para poder así acceder a un contrato. Pasamos dos mozos sobradamente preparados aos mozos e mozas emigrantes sobradamente preparados.

Vou facer referencia xa non ao que opina o Bloque Nacionalista Galego, senón a varias descrições da súa situación de mozos e mozas do noso país. Un deles dicía hai pouco nunha entrevista que cada vez quedamos menos mozos e mozas en Galiza e os que quedamos temos menos dereitos. Hai frustración nos mozos e nas mozas galegas. Xa son moitas as despedidas que me tocaron facer a amigos e amigas, a xente da miña idade, cos que medramos xuntos, e non porque queiran ver mundo; vense na obriga de facelo porque acabaron os seus estudos e non puideron acceder ao primeiro emprego ou, no caso de terse incorporado ao mercado laboral, fixérono en condicións de absoluta explotación.

Esa é a realidade que viven os nosos mozos e mozas, unha realidade onde as distintas reformas laborais o que fixeron foi precarizar o pouco traballo existente, de modo que as condicións laborais son cada vez de maior explotación, onde se universaliza o traballo temporal, se alongan os contratos en prácticas, as bolsas, a cambio de máis beneficios para os empresarios, como son os contratos lixo, as subvencións con cartos públicos da Seguridade Social da mocidade; onde os plans de emprego xuvenil da Xunta de Galiza non son máis que unha cortina de fume e o único que fan é subvencionar as empresas que contratan xente nova en precario e a modo temporal.

Deste xeito manteñen contidas as cifras do desemprego xuvenil. Encontrámonos diante das peores condicións laborais para a xeración mellor formada. Encontrámonos con que os mozos e mozas de Galiza non poden emanciparse, uns porque non teñen traballo –polo tanto, non teñen recursos–, outros porque teñen contratos que non chegan e outros porque, de pretender emanciparse, de pretender acceder a

unha vivenda, terían que pagar practicamente o cen por cen do que cobran para acceder á mesma. O que lles toca é vivir cos seus pais, vivir nunha situación de non emancipación. Máis do 70 % dos mozos e mozas viven aínda cos seus pais, consideran que deben continuar traballando no que sexa ou que moi probablemente a única saída que lles queda é a de emigrar.

É imposible crer o discurso oficial de que se está saíndo da crise cando non é posible emanciparse, segue sendo imposible para a maioría dos mozos e mozas e cando a situación laboral é de auténtico escándalo. Mozos que non teñen traballo, que os que teñen traballo é un traballo totalmente precario e cuns salarios ínfimos, mozos e mozas que non poden acceder a unha vivenda, que non poden emanciparse, e mozos e mozas que cada vez teñen máis difícil acceder a un ensino elitista e un ensino cada vez menos galego, máis español e máis centralista.

E non é casual que os plans de estudo muden continuamente, segundo a lexislatura...

A señora PRESIDENTA: Remate, señora Prado, por favor.

A señora PRADO CORES: ...e non é casual que o Partido Popular –remato, presidenta–, sen ningún tipo de disimulo, aplique cada vez uns plans de estudo como a LOMCE, nun claro obxecto de modulación e de encontrarmos cunha mocidade submisiva ás súas pretensións.

Insisto en que apoiamos esta iniciativa, porque dende logo este Goberno do Partido Popular ten totalmente esquecida a mocidade galega. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Popular. Ten a palabra o señor Dorado Soto.

O señor DORADO SOTO: Moitas grazas, presidenta.

Moi boas tardes, señorías.

Esta moción que nos trae hoxe a debate, froito da interpelación que discutimos no último pleno, trae dezasete puntos, dezasete ideas concretas. Das dezasete ideas, hai seis delas nas que a Xunta de Galicia non ten competencias; en

once, si. Pois ben, nas once, dez delas xa están en marcha, non exactamente, pero si están esas liñas de traballo en marcha; é dicir, máis do 90 % están en marcha; só hai unha, a 17, que non está en marcha e logo explicarei por que.

Vou centrar este debate en ir punto a punto, e parécenme interesantes as cousas que se plantexan e tamén me gustaría informar do que se está facendo, porque, vista esta iniciativa, dá a sensación –entendo que non é así–, pero dá a sensación de que non se coñece todo o que está facendo a Xunta de Galicia en materia de xuventude.

O primeiro punto fala dunha política de xuventude dotada orzamentariamente e centrada en emprego, educación e vivenda. Pois ben, isto é o que se está facendo actualmente. Púxose en marcha dende o ano 2009 a Comisión Interdepartamental de Xuventude. Aprobouse unha lei consensuada como foi a Lei de xuventude. Aprobáronse dous plans estratégicos, con máis de 300 medidas. Iso, xunto cun plan de emprego xuvenil, son políticas de xuventude transversais dotadas orzamentariamente.

Un segundo punto fala de recuperar o investimento en I+D+i e que os mozos investigadores retornen. Pois ben, a Xunta de Galicia xa ten un programa de retención e captación de talento, un programa que se chama programa Oportunus. Non sei se o coñecen, pero é un programa importante. A innovación en Galicia creceu máis do 6 % no último ano e nos próximos anos vanse mobilizar máis de 1.600 millóns de euros en materias de investigación e innovación.

Noutro punto –este punto si que é especialmente curioso– piden vostedes rebaixar as taxas universitarias e incrementar e modificar as condicións das becas. Cando vostedes gobernaban a Xunta de Galicia, vostedes subían todo o que podían as taxas universitarias; tanto é así que foi un 4,8 %. Este goberno actual da Xunta de Galicia non só conxela as taxas universitarias, senón que fai que Galicia sexa a comunidade autónoma de toda España onde sexa máis doado poder estudar. ¿Por que? Porque son as taxas máis baixas de toda España. Por un lado, vostedes, cando gobernan, nin unha cousa, e, por outro lado, cando goberna o Partido Popular, conxélanse as taxas, porque somos conscientes do importante que é que os mozos poidan estudar.

Fala vostede tamén de plans de volta ao estudo. O mellor plan de volta ao estudo é mellorar a oferta formativa en PF, e xa está en marcha.

Fala vostede tamén dunha formación para o emprego que acompañe o cambio de modelo produtivo. Pois ben, a Xunta de Galicia financia todas aquelas actividades formativas que superan o 25 % da xornada laboral. Ata o 25 evidentemente o financia o Estado, a partir do 25 xa o fai o Estado.

Logo di: iniciativas locais de emprego e proxectos de emprendemento. Iniciativa Xove, Lei de emprendemento e unha orde específica para autónomos no ano 2014.

Logo di –e aquí é onde nós non o estamos levando a cabo– que a Xunta de Galicia entre a participar nas iniciativas de emprendemento. Claro, isto xa é un tema ideolóxico. Isto facíase na Unión Soviética e facíase noutros lugares... Si, si, non se ría, porque é certo. O que si que fixo a Xunta de Galicia, esta Xunta de Galicia, por primeira vez, foi poñer un fondo capital-risco para pegar un empurrón a aquelas empresas que estaban nacendo, pero dende logo formar parte do accionariado dunha empresa parécenos un pouco ilóxico. (*Murmurios.*)

Logo, ademais, sobre vivenda, liñas para a rehabilitación, liñas para aquelas persoas que teñen dificultades económicas e liñas para subvencións ao alugueiro.

E logo, dentro da ensalada dos dezasete puntos que vostede propón, fala do cambio do voto da cidadanía no exterior –creo que non é un tema de xuventude– e fala tamén dun observatorio de xoves e emigración. Vou informar de que o Observatorio de Xuventude de Galicia foi aprobado por decreto no ano 2008, cando vostedes gobernaban. Nese decreto non había un só punto que falara de emigración, nin un. Agora ben, a práctica que está levando a cabo este observatorio si que conleva informes –e se non, entre na web– sobre a situación da mocidade na emigración, e polo tanto xa se está levando a cabo o observatorio e o estudo da xuventude na emigración, que entendo que é o que vostede propón.

Polo tanto, a min quédanme dúas dúbidas: primeiro, se coñece realmente o que está facendo a Xunta en política de xuventude; e, segundo, se as súas propostas van realmente dedicadas a mellorar a situación da mocidade.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor DORADO SOTO: Eu recordo tres grandes propostas do Partido Socialista nos últimos meses. Unha era un novo Plan E –que lin o outro día na prensa–; outra, derrogar a reforma laboral, que fai que Galicia, por exemplo, sexa a comunidade autónoma que máis emprego xuvenil está creando; e a terceira –que a lin onte– xa foi completamente absurda, que era que o Goberno de España deixe de legislar.

A min o que me parece é que o que vostedes pretenden é volver ao Goberno de Zapatero, o Goberno que levou a España á profunda recesión económica, da que este goberno e estas reformas tratan de sacar a adiante. (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor DORADO SOTO: Polo tanto, nós, realmente, cremos que a Xunta de Galicia está facendo unha política de xuventude real, baseada en tres cousas fundamentais: emprego, vivenda e formación. Iso é o que necesitan os mozos e iso é o que está a facer a actual Xunta de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grupo parlamentario autor da moción. Ten apalabra a señora Gallego Calvar.

A señora GALLEGO CALVAR: Moitas grazas, señora presidenta.

Moitas grazas aos grupos parlamentarios do BNG e da Alternativa Galega de Esquerda e ao Grupo Mixto polo apoio a esta moción. Señor portavoz de AGE, non teño ningún problema en aceptar a súa engádega.

En canto ao señor portavoz do Grupo Popular, señor Dorado, xa está todo feito, por iso non poden aceptar esta moción do Grupo Socialista. Claro que vén vostede aquí hoxe a informarnos do que fai o Goberno, porque seguen na estratexia: é un problema de comunicación, comunican vostedes mal, polo tanto a oposición non se entera, presenta estas iniciativas pero en realidade o Goberno xa está facendo isto.

Non. Miren, señores do Partido Popular, o que sucede é que vostedes o que están facendo é expulsando a xuventude

de Galicia, porque cada ano marchan 13.000 mozos e mozas, porque aquí non teñen oportunidades de emprego. O que sucede é que, dende que goberna o señor Feijóo, hai 80.000 mozos e mozas menos traballando no noso país, foron 80.000 empregos destruídos. O que sucede é, que dende que goberna o señor Feijóo, a taxa de paro xuvenil se incrementou en Galicia un 60 %, por riba da media do Estado, e a taxa de ocupación diminuíu un 30 %.

Esa é a realidade. O que sucede é que, dende que goberna o señor Feijóo, a pesar da publicidade e da propaganda e a pesar de que efectivamente a primeira matrícula universitaria baixou, subiron a segunda, terceira e cuarta. Polo tanto, hoxe é máis caro acceder á universidade, e, ademais, poñen máis dificultades.

E o que sucede é que, dende que gobernan vostedes en Galicia e en Madrid, desaparecieron as axudas para que os mozos e mozas se puideran emancipar, e dende que vostedes gobernan en Madrid os mozos e mozas que emigraron para buscar un emprego que na súa terra se lles nega teñen máis dificultades para participar nos procesos electorais.

Iso é o que sucede, esa é a realidade, e por esa realidade o 24 de maio pasou o que pasou. Non é un problema de que comuniquen mal, é un problema de que fan política en contra da maioría da cidadanía. Ee a maioría da cidadanía o que fai é devolverlles con castigo electoral esa política que fan en contra deles. Iso é o que sucede. Entón non veña vostede aquí, por favor, a dicir que está todo feito.

Mire, é para brincadeira o do *Opportunity*, ¿verdade?, porque volveu un, fixo a foto o conselleiro con ese investigador novo que volveu.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora GALLEGO CALVAR: Pero un. ¡Home!, alégranos moito no Grupo Socialista que volvera un, pero nós non aspiramos a que ese sexa o único talento recuperado, aspiramos a que o talento recuperado sexa un pouco máis amplo.

E miren, señores do Partido Popular, é tanto o interese do señor Feijóo pola política de xuventude que a alegoría máis perfecta do que é a política de xuventude para o Partido Popular son as maletas que lles regalou aos mellores expe-

dientes académicos, para mandalos fóra do país, e que a Dirección Xeral de Xuventude estea sen ocupar un mes e medio despois das eleccións municipais, que foi baleirada para utilizar, coma sempre, a Xunta de Galicia no interese do Partido Popular, que é para o que utilizan vostedes as institucións. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Gallego.

Votación das mocións

A señora PRESIDENTA: Pasamos entón á votación das mocións.

Votamos a moción do Grupo Parlamentario Mixto, por iniciativa da señora Iglesias Sueiro, que dixo que acepta as dúas emendas presentadas.

Votación do texto transaccionado da Moción do G:P: Mixto, por iniciativa de D^a Carmen Iglesias Sueiro, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de parques naturais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

A señora PRESIDENTA: Votamos a moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do señor Pombo, que acepta a emenda de AGE como adición, e non acepta a emenda do Grupo Popular.

Votación do texto transaccionado da Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Cosme Eladio Pombo Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Proxecto de real decreto polo que se regulan as características xerais das probas de avaliación final de Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, coñecido como 'real decreto de reválidas' "

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

A señora PRESIDENTA: Votamos, por último, a moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da señora Gallego Calvar, que dixo que aceptaba a emenda de Alternativa Galega de Esquerda.

Votación do texto transaccionado da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Carme Gallego Calvar, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de xuventude

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

A señora PRESIDENTA: Continuamos co desenvolvemento da orde do día, coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e oito deputados/as máis, sobre o impulso pola Xunta de Galicia para estender os programas de mediación familiar intraxudicial

A señora PRESIDENTA: A esta proposición non de lei presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Mixto e do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

(O G.P. Mixto, a través da súa deputada, Carmen Iglesias Sueiro, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei

Emenda de adición.

Debe ser engadido ao final do texto da parte resolutiva da proposición o seguinte:

"...e dotarase de lugares adecuados para a celebración dos encontros, así como da partida orzamentaria precisa que permita a contratación dun acreditado grupo de profesionais da mediación."

(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Beatriz Sestayo Doce, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

A parte resolutiva da iniciativa quedará redactada do seguinte xeito:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que no exercicio das súas competencias en materia de impulso, implantación e desenvolvemento de actuacións en materia de desxudicialización de conflitos, estenda os programas de mediación familiar intraxudicial antes de que remate o ano 2015, establecendo polo menos os seguintes requisitos:

– Habilitar salas específicos para a prestación dos servizos con dúas persoas (psicólogo/a e letrado/a), adecuando os horarios e contando cos colectivos afectados.

– Proceder á coordinación entre os servizos existentes e os novos a crear sen esquecer a independencia de cada unha das persoas mediadoras.

– Dotar estas oficinas de persoal e medios económicos suficientes para o bo desenvolvemento da mediación con coordinación coa Fiscalía, o Colexio de avogados e o Colexio de psicólogos.)

A señora PRESIDENTA: Para formular a proposición non de lei ten a palabra dona Paula Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, boas tardes.

Ben, imos falar de mediación. A mediación é un proceso no que todos gañan. Pola súa propia natureza, unha mediación só se pode concluír cunha solución que sexa beneficiosa para todas as partes. Gañan coa medición todos aqueles que fan uso dela, pero tamén os que non fan uso dela. Os que fan uso dela porque, ademais de aforrar custos emocionais nos casos de asuntos familiares, tamén evitan a rixidez do

proceso xudicial. E tamén porque a propia mediación alivia de asuntos os xulgados e as institucións xudiciais, de tal xeito que outras persoas se poden beneficiar de que se axilien os seus procesos nos que están inmersos.

E por iso todos gañamos cando falamos de mediación, e cremos importante seguir fomentando este tipo de iniciativas, que non deixan de ser solucións alternativas á vía xurisdiccional, fomentan a axilidade na resolución de conflitos –insisto– para aqueles que acoden, pero tamén para os que permanecen na vía xudicial, que queda desconxestionada.

Neste sentido, gustárame destacar o ofrecemento da actividade da mediación na solución de conflitos familiares nos casos de crise matrimonial ou de parella.

Esta institución, baseada no entendemento das partes procesuais, ten unha utilidade pública importante, xa que representa para as familias e para as unidades de convivencia estable con residencia no territorio galego unha importante medida para solucionar os seus conflitos; sobre todo, naqueles casos nos que estas parellas ou estes matrimonios teñen fillos ou fillas, que en caso de conflito familiar requiren de solucións de consenso axeitadas aos problemas que xorden da crise de parella que van máis alá da propia sentenza que poden acadar nun proceso xudicial no que se vexan inmersos. Porque os nenos e as nenas non deben de sufrir nunca –aínda que si sofren pero, polo menos, sufrir menos– esas situacións que se poden dar nas crises de parella.

A Directiva Europea 2008/52 do Parlamento Europeo e do Consello da Unión Europea considera que a mediación intraxudicial, é dicir, aquela que se leva a cabo cando o proceso xudicial xa está iniciado, resulta tamén unha metodoloxía axeitada e válida para resolver unha porcentaxe significativa de procesos xudiciais, sobre todo naqueles casos nos que as dúas partes deberán continuar relacionándose no futuro por teren intereses comúns, o que se adapta perfectamente aos casos de procesos de ruptura familiar –sobre todo naqueles casos nos que hai fillos ou fillas menores–.

Esta directiva foi trasposta á nosa lexislación coa Lei 5/2012. En Galicia, xa antes de que se fixera efectiva esta transposición, no ano 2009, a Xunta de Galicia iniciou un proceso piloto de mediación intraxudicial no ámbito da

familia mediante a sinatura dun convenio no partido xudicial de Santiago de Compostela, un convenio de colaboración co Colexio de Avogados, e este proxecto foi estendido ao partido xudicial de Ourense a partir do ano 2011, a Vigo en decembro do 2012, en Lugo no ano 2013, e o ano pasado, 2014, estendeuse ao partido xudicial de Pontevedra.

Pois ben, o instrumento de mediación familiar intraxudicial ten unha efectividade real contrastada, como amosa o feito de que, dende o inicio desta experiencia que estou a relatar en Galicia, dende o ano 2009 ata finais do ano pasado, os xulgados de familia de Santiago de Compostela, Ourense, Vigo e Pontevedra derivaron á mediación máis de 1.000 asuntos. E respecto daquelas parellas que de xeito efectivo aceptaron intentar a mediación máis alá dunha primeira sesión inicial, máis da metade destas familias, concretamente o 56 %, remataron o proceso de mediación cun acordo. Por tanto, cremos que é un instrumento importante, que é un instrumento eficaz e que, ademais, está tendo resultados axeitados nas relacións de conflito paterno-materno-filiais.

Pois ben, señorías, nos procesos xudiciais de familia, a relación familiar non remata coa sentenza, senón que no caso de fillos e fillas en común as relacións perdurarán máis alá da resolución xudicial, polo que a solución acadada co consenso das partes garantirá unha mellor relación futura e o cumprimento do establecido na sentenza.

A Xunta de Galicia leva investido nestes proxectos máis de medio millón de euros, e consideramos importante que este sistema de resolución de conflitos se amplíe a outros partidos xudiciais. Este é o obxecto desta proposición non de lei. Por iso presentamos esta iniciativa, co fin de acadar o apoio do resto dos grupos, porque cremos que é bo para todos, está alonxada de ideoloxías políticas, porque creo que é a primeira vez que falamos de mediación e creo que niso concordamos todos, en que canta máis mediación haxa e cantas máis alternativas ás resolucións de conflitos que a vía xudicial, pois mellor para todos.

Neste sentido, gustaríame que no seu turno as señorías que defendan as emendas, tanto do Partido Socialista coma do Grupo Mixto, puideran explicar un pouco a emenda. No caso do Partido Socialista, que pide habilitar salas específicas, gustaríanos que nos dixera onde esas salas específicas, e, en canto a dotar esas oficinas de persoal e medios econó-

micos, pois cal sería ese persoal e cales serían eses medios económicos, xa que nos parece un pouco xenérico e nos gustaría que se concretase un pouco máis cal é a pretensión final desa emenda. Igual que o Grupo Mixto, que di: “Dotarase de lugares para a celebración dos encontros, así como da partida orzamentaria precisa que permita a contratación dun acreditado grupo de profesionais de mediación”.

Ben, consideramos que os grupos profesionais acreditados de mediación actualmente están funcionando con letrados e psicólogos, e parécenos suficiente, non sei se hai algún profesional máis que tivera que intervir, a criterio do Grupo Mixto, nestes procesos de mediación.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Mixto, a señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Grazas, presidenta.

Esta iniciativa, rexistrada hai case un ano, insta a Xunta a impulsar, implantar e desenvolver actuacións en materia de desxudicialización de conflitos; en concreto a estender os programas de mediación familiar intraxudicial.

Esta deputada non é descoñecedora da utilidade da mediación familiar: salvagarda relacións persoais, diminúe os custos emocionais e as propias partes asumen o protagonismo da solución nos casos de ruptura da convivencia, precisamente, agás nos casos de violencia machista, porque a mediación exige que as relacións entre os membros da parella sexan de igualdade, e a violencia machista é a manifestación máis brutal de desigualdade entre as parellas.

Se hai violencia, auméntase o risco para a vítima e aténtase contra os principios que rexen a igualdade. E así o expresan representantes da xustiza e asociacións feministas, que insisten en que a mediación familiar non é a ferramenta adecuada nos casos de violencia machista.

Convén, polo tanto, estar alerta para que o resultado desta mediación non deixe sen rexeitamento xudicial as

vexacións, os insultos e todos aqueles malos tratos que non supoñen agresión física. O que suporía o efecto contrario ao espírito mediador e unha maior impiedade do agresor e un maior sufrimento por parte da vítima.

E se esta mediación se aplica torticeiramente e por persoas non cualificadas, e motivadas por principios doutrinarios e relixiosos, esa pode ser a causa que traía como consecuencia a obriga das mulleres a pechase na casa e asumir o rol de vítima no futuro.

Non debe ser, pois, unha medida de aplicación xenérica, xa que sería entón contraria á Lei integral de violencia de xénero e suporía un claro retroceso. Por iso é moi importante ter moi claro para que tipo de conflitos é aconsellable a mediación e ata onde pode chegar a libre disposición e a autonomía da vontade das partes. Este segundo aspecto, segundo a miña opinión, é de vital importancia, pois a vontade das partes é a base de todo método extraxudicial. Ao non ser necesariamente vinculante, excepto por vontade das partes, non sería aconsellable a obrigatoriedade de mediar canto acadar un acordo non é obrigatorio.

Por outra banda –e agora vou á emenda, dona Paula–, mediar é un oficio, aínda que no sexa exclusivo; se ben, como oficio que é, resulta necesario aprender a súa técnica e fundamentos na práctica e na súa teoría. Por iso a emenda, porque nos preocupa a formación de mínimos que contemplan as leis nese ámbito e as consecuencias que poidan ter os acordos acadados nesa mediación. A función de mediador debe ser exercida desde a imparcialidade, independencia, formación e experiencia profesional. E iso, por suposto, implica un orzamento para pagar este tipo de servizos a profesionais, como dixo vostede, de dereito e psicoloxía.

Tamén me parece importante contar con espazos neutrais onde a mediación transcorra nun ambiente relaxado e agradable, confortable para a súa realización, porque isto pode influír no resultado da mesma.

De todas maneiras, señora Prado, eu apoiarei a iniciativa.

Moitas grazas e máis nada.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Socialista, ten apalabra a señora Sestayo Doce.

A señora SESTAYO DOCE: Grazas, presidenta.

Tentarei esclarecer a emenda que presenta o Grupo Parlamentario Socialista á voceira do Partido Popular. En primeiro lugar, comezarei polo marco. É certo que a mediación como institución xurídica existe dende que existen profesionais neste ámbito, a comezos dos anos oitenta. Pero tamén é certo –din vostedes que carece de ideoloxía– que se implantou con carácter específico, para que se puidera aplicar xudicialmente en medio de procesos xudiciais civís de familia, a través da Lei 15/2005, do 8 de xullo. É, efectivamente, herdanza do goberno de José Luis Rodríguez Zapatero; unha lei –creo que a coñecen as súas señorías– que tanto molestou ao Partido Popular no seu día. Polo tanto, carecerá de ideoloxía, pero o certo é que a modificación lexislativa do Código civil e da Lei de axuízamento civil feita por esta lei levantou ampolas por parte do Partido Popular. En todo caso, está moi ben a rectificación.

Pero, unha vez máis, atopámonos cunha iniciativa que vén buscar un titular, un titular do que non acontece na práctica. E, dende logo, o Grupo Parlamentario Socialista trouxo aquí numerosas iniciativas a favor da mediación –por certo, en diferentes lexislaturas–, porque cremos nun sistema alternativo ao sistema contencioso, no sentido civil, nunha área do dereito, nunha área social e de dereito como é a familia, onde se necesitan mecanismos diferentes, por suposto, pola especificidade do dereito de familia; tanto polos obxectivos a conseguir, especialmente –insisto– dende a modificación procesual e substantiva do ano 2015, como tamén polos conceptos xurídicos indeterminados que funcionan no eido, como o interese superior do menor, etc. Non concordan as partes no conflito coas partes procesuais, como sinalan acertadamente numerosas sentenzas, e, polo tanto, tense que estender a efectividade das resolucións xudiciais a moitas máis persoas interesadas. E, sen dúbida, á parte, a execución das sentenzas e das resolucións xudiciais convértese en algo indefinido e demasiado aparatoso cando non conta coa vontade e coa aceptación das partes. Ben, polo tanto, a mediación, na que tanto insistiu o Partido Socialista, moitas veces co voto en contra –e podemos acudir ao *Diario de Sesións*– do Partido Popular, obviamente é unha institución que hai que apoiar sempre que conte, ademais, cos medios.

O certo é que vostede preguntaba ónde, falaba de grandes titulares e do apoio do Partido Popular, do Goberno do Partido Popular. Bueno, certamente recordará, señora Paula Prado, como na Comisión 1ª presentabamos unha iniciativa para que se pagaran os gastos devengados polos diferentes colexios de psicólogos, como foi en Santiago, que mesmo denunciaron publicamente que non se cobraban por parte da Xunta. Agora mesmo podo dicirlle que o convenio co Colexio de Avogados de Pontevedra do ano 2015 está sen pagar. Como sabe, a Xunta de Galicia paga á fin de ano e teñen que ser os profesionais da avogacía e os profesionais da psicoloxía –por certo, nada impide que existan outro tipo de profesionais, non teño tempo para explicalo pero coñece, supoño, o marco legal– os que teñen que adiantar tanto os seus salarios como o IVE devengado, e logo a Xunta paga un ano despois. Noutras comunidades prodúcese o convenio loxicamente con carácter anticipado. Polo tanto, vender aquí un titular a custa do traballo, do esforzo, do salario, dos custos e retribucións, dos profesionais que están prestando o servizo certamente resulta pouco afortunado.

O que pedimos é, ademais, algo unánime–creo que sen excepción– por parte de todos os profesionais que están a traballar na mediación dentro dos xulgados, na mediación familiar. Primeiro, habilitar salas específicas para a prestación dos servizos con dúas persoas, adecuando os horarios e contando cos colectivos afectados. Sabe perfectamente que non existen en todos os sitios os lugares para buscar este encontro de mediación, absolutamente necesario, e habilitado con condicións específicas para que se produza o resultado requirido...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora SESTAYO DOCE: ...e proceder á coordinación entre os servizos existentes. O certo é que a Xunta de Galicia non ten planificado o servizo de mediación e existe unha absoluta descoordinación entre os mesmos servizos, que funcionan por iniciativa de cada un dos sitios. Por certo, as delegacións territoriais nin coñecen algunhas o servizo. Así como dotar estas oficinas de persoal e medios económicos suficientes.

Son supoño que presupostos que debería –se certamente queren avanzar en materia de mediación–...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora SESTAYO DOCE: ...acadar o Partido Popular e que esperemos que acepten.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra a señora Paz Franco.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señora presidenta.

Boa tarde, señoras e señores deputados.

Eu espero que a señora Prado non se enfade coa cualificación que vou facer eu das súas iniciativas en materia de xustiza. Pero é que, claro, ultimamente estamos vendo como se traen a este Pleno diversas iniciativas que francamente non acabamos de ver o que perseguen. Hai pouco foi a de avanzar na instalación de cámaras de vídeo nas salas de vista. E agora é unha iniciativa que di algo tan contundente como: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia, no exercicio das súas competencias en materia de impulso, implantación e desenvolvemento de actuacións en materia de desxudicialización de conflitos, a estender os programas de mediación familiar intraxudicial”.

O día 10 de xaneiro do ano 2013 o señor Rueda dicía na Comisión 3ª –cando nos veu explicar os orzamentos para o ano 2013 da Xunta de Galiza, que, por certo, volveuno repetir no 2014, no 2015 e supoño que o volveremos oír dentro duns meses cando nos conte os orzamentos para o ano 2016– que era compromiso irrenunciado do Goberno da Xunta de Galiza apostar pola mediación intraxudicial. E afirmaba que durante a pasada lexislatura se implantara este servizo en Santiago, Ourense e Vigo. Permítanme que faga unha paréntese porque, claro, ao Goberno do Partido Popular moito lle gusta apropiarse do servizo de mediación implantado en Santiago; que non é por nada pero recoñezan que algún goberno anterior tamén fixo algunha cousiña neste ámbito e que, cando menos, ese servizo foi implantado non na anterior senón na ante-anterior lexislatura. E, finalmente, nos orzamentos para o ano 2015, tanto o señor vicepresidente como a propia memoria dos orzamentos establecían o impul-

so da mediación intraxudicial como mecanismo de solución de conflitos distinta ao proceso xudicial. E, polo tanto, que era unha das prioridades do Goberno, dentro do Programa 131A, a ampliación da experiencia xa posta en marcha que atinxía aos lugares, aos partidos xudiciais, de Santiago, Ourense, Vigo e Lugo –que foi o último convenio que se asinou–.

Polo tanto, señora Prado, eu non sei a que imos instar aquí o Goberno, porque unha aposta tan firme, tan firme, tan convincente, como a que ten o señor vicepresidente da Xunta por ampliar este servizo... Que, por certo, en seis anos xa conseguiu ampliar a tres partidos xudiciais. Felicítamolo, desde logo, enerxicamente por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, igual dentro doutros seis anos pois temos outros tres ou catro partidos xudiciais nos que se faga a mediación intraxudicial.

Porque, claro, é que as cousas non se fan a base de *padre-nuestros*. Entón, claro, aquí falouse da necesidade de dotar de máis medios e incluso de espazos adecuados para poder desenvolver estas tarefas. Claro, efectivamente, hai psicólogos e psicólogas e letrados nestes servizos de mediación. Podería haber outros profesionais. Hai uns profesionais que se chaman educadores familiares, mediadores familiares... Quero dicir que hai distintas ramas profesionais dentro dese ámbito. Pero é que tamén –e isto debateuse xa nalgunha ocasión na Comisión 1ª– existen denuncias, ou queixas –ímolles chamar así, porque “denuncias” igual parece un pouco contundente de máis–, por parte de diferentes colexios de psicólogos e psicólogas evidenciando que é imposible, co número de profesionais que teñen para atender ese servizo de mediación, atender todas as demandas que teñen para acudir a ese servizo. É dicir, que, tal como vostede dicía, señora Prado, isto é algo que beneficia non só as persoas directamente interesadas senón o conxunto das persoas que interveñen e que teñen que acudir á Administración de xustiza, e poderíamos estar resolvendo moitos máis conflitos pola vía extraxudicial se estes servizos de mediación xa existentes tivesen máis psicólogos ou psicólogas, ou máis xuristas, para poder resolver. Porque, efectivamente, eles o que poñen de manifesto é que non se dan atendido todas as demandas que existen para acudir a este servizo.

E iso é lóxico, porque no ano 2009, para un só servizo, que era o de Santiago...,

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: ...había unha consignación orzamentaria de 64.800 euros. E agora, para todos os existentes, hai unha consignación de 160.000 se se suma o que achega a Consellería de Benestar e o que achega a Vicepresidencia. Polo tanto, nós o que dicimos é que, se de verdade se quere apostar por isto, fagámolo; pero fagámolo con cuestións concretas. Non, señora Prado, que nos veña vostede aquí repetir o que, tanto oralmente como por escrito, pon a memoria dos orzamentos.

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

Ten a palabra a señora Díaz Pérez.

A señora DÍAZ PÉREZ: Boas tardes a todos e a todas.

Señora Prado, a verdade é que eu si que quedo bastante perplexa polas prioridades que amosa o Partido Popular en materia de xustiza. Digo perplexa, e seguro que, antes de vir aquí, e consultados os operadores xurídicos, pois a verdade é que abraizados. Porque ¡mire que hai demandas en materia de xustiza, demandas de persoal, demandas de medios materiais, de profesionais, para abranguer todos os casos de corrupción que hai no noso país! ¡Mire que están pedindo, por exemplo, fiscalías especializadas anticorrupción! ¡Mire que están pedindo a implantación da oficina xudicial! ¡Mire que están pedindo infraestruturas xudiciais nos arquivos e nos expurgos! ¡Mire que están pedindo cousas substanciais en practicamente todos os partidos xudiciais do noso país! E resulta que a prioridade do Partido Popular é traernos aquí –vouno dicir con cariño– unha iniciativa de impulso; neste caso, señora Prado, a propia iniciativa fala de, efectivamente, materia de impulso. Supoñemos que, se vostede trae isto aquí, é que a Xunta de Galicia non está a facer absolutamente nada. E supoñémolo porque hai escaso tempo que vostede trouxo esta iniciativa –igual que as isócronas do señor Rueda– en reiteradas ocasións á comisión. Por tanto,

balance do Goberno por parte da voceira de xustiza do Partido Popular, efectivamente, negativo. Se vostede ten que traer isto aquí, señora Prado, é que estamos moi mal. Efectivamente, os números son claros, polo de agora temos 45 partidos xudiciais, e o balance que temos nun sexenio de goberno e con maioría absoluta, non co caos das mareas e as inestabilidades esas ás que lle ten tanto medo o Partido Popular, pois é moi negativo, señora Prado.

E claro, efectivamente, a verdade é que... ¿Iniciativa de impulso? Estupendo. Insistimos e entendemos que isto é unha brincadeira. Teñen maioría absoluta, teñen orzamentos, teñen unha execución orzamentaria absolutamente ineficiente, teñen unha planificación de xustiza coa que poden facer o que lles dea a gana, e resulta que ten que vir vostede aquí para que sigamos traballando nesta materia que, efectivamente, o Grupo da Alternativa Galega de Esquerda –igual que todos os grupos políticos, igual que a xente de ben– defende e cre interesante.

Claro, todo está escrito, efectivamente. Vostede citou a Directiva 852. Claro, efectivamente, señora Prado, xa sabemos o que hai que facer. A cuestión é poñelo en marcha.

E, efectivamente, nós concordamos coas emendas que se presentaron, que claro que hai que dotar de medios materiais e de orzamentos e de espazos que –digamos– neutralicen tamén os conflitos persoais. Pois claro que si, é a prestación dun servizo vital e fundamental. E claro que concordamos con que, segundo a memoria xudicial que temos e as propias recomendacións da última memoria do fiscal superior xefe saínte, o señor Varela, pois, claro, o 54 % dos conflitos de parella que se someteron a estas consideracións acadaron un acordo. Sabemos que funciona. A cuestión é que o que teñen que facer vostedes é que hai 45 partidos xudiciais. Poñan os manguitos, pónanse a traballar e fagan realidade o que está pedindo a cidadanía de ben.

E, sobre todo, señora Prado, claro que hai un proceso de socialización importante nos conflitos de parella. E claro que estes servizos neutros e de mediación poden servir para unha aprendizaxe sociolóxica colectiva moi interesante. E sobre todo a bagaxe, as memorias que hai respecto do traballo que se ten efectuado e ás veces a propia sintonía que hai por profesionais da mediación incorpora elementos que no ámbito xudicial –que vostede coñece ben– son alleos ou son pouco humanos, se se me permite a expresión.

É dicir, cuestións fundamentais nos convenios reguladores de calquera tipo, dunha relación de parella que teñamos. Sabe vostede que son bastante conservadores, e ás veces o propio mecanismo da mediación, de que as parellas falen a través de profesionais... Pois, efectivamente, as realidades son demasiado heteroxéneas, quizais porque os membros da parella teñen xornadas complexas, un traballa pola noite, outra traballa parcialmente, bueno, cuestións que son bastante humanas e bastante reais, como sabe vostede, nos conflitos de parella. E ás veces a mediación incorpora eses elementos que son orixe de moitísima...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...distorsión e que, ás veces, claro que non se teñen en conta nos propios muros da xustiza.

Pero, claro –insisto– vir aquí a dicirnos –eu dígo de broma na Comisión– que isto é unha iniciativa de impulso... Efectivamente, señora Prado, é unha iniciativa de impulso que pon de relevo que o Goberno do Partido Popular, da Xunta de Galicia, está suspenso. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Grazas, señora Díaz.

Dende o escano, señora Prado, dende o escano.

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Prado del Río.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Déanlle voz ao escano da señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Gustaríame que retirara a expresión que acaba de facer o señor deputado, porque ao Gulag non vai ninguén, salvo os que presumen de ser democratas, señora presidenta. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Ben, sinto moito que aos grupos desta Cámara non lles guste falar de mediación a pesar de que todos coincidimos na utilidade deste servizo para a cidadanía. En xeral, pero en particular, o asunto que traía o Grupo Parlamentario Popular hoxe a debate era a medición familiar intraxudicial, un tema que cremos fundamental e importantísimo na resolución de

conflictos familiares e, sobre todo, naqueles casos onde hai fillos e fillas menores.

Sinto moito que non lles guste este debate. Nós sentímonos cómodas neste debate porque, lonxe de suspender a Xunta de Galicia, señorías, a Xunta de Galicia, se comparamos os datos do seu compromiso e os do seu facer cando gobernaban, non é que suspenda, é que saca matrícula de honra. Porque dicía a señora Paz que no ano 2009, o Bloque Nacionalista Galego, cando gobernaba co Partido Socialista en Galicia, puxeron en marcha o programa de mediación en Santiago. É certo, en catro anos puxeron en marcha un. Eu fixen o relato de que en catro anos, catro, señora Paz. No 11, Ourense; no 12, Vigo; no 13, Lugo; no 14, Pontevedra. E agora queremos algún máis.

Claro que nos parece importante incorporar máis. Se pode ser, o da Coruña; se pode ser, noutro sitio. Estamos falando de que a Xunta de Galicia ten un compromiso importante coa mediación. Claro, porque non só vai a mediación familiar, tamén estamos falando do actual proxecto que está traballando a Xunta de Galicia coa mediación penal; por exemplo, co Colexio de Avogados de Ourense; ou en Santiago tamén, coa Universidade. No caso da mediación civil e mercantil, a Xunta asinou o pasado ano un protocolo co Consello Galego de Cámaras de Comercio e está pendente outro co Consello Galego de Procuradores.

Por tanto, cando dicía iso, señora Sestayo, por suposto que o Partido Popular está comprometido. Pero, ademais, estoulle dando datos de feitos concretos e de realidades, non de promesas e cuestións que aparezan, como dicía a señora Paz, nos orzamentos, senón que se materializan con convenios.

E preguntaba cales eran as súas intencións coas emendas, aínda que vostedes o tomaron a broma. A verdade é que me sorprende, e eu alégrome de traer este debate porque vimos como, efectivamente, vostedes descoñecen como funciona a mediación intraxudicial. Porque vostedes piden salas específicas. Miren, é que están desaconselladas as salas específicas nos edificios xudiciais, do que se trata é de sacar a xudicialización dos conflitos, para iso está a mediación. E vostedes piden unhas salas concretas nos xulgados.

Señora Iglesias, concordo absolutamente con vostede en que a violencia machista está absolutamente desaconsellada

na mediación. É certo que os profesionais que traballan en violencia de xénero, en violencia machista, non aconsellan nunca a mediación. E por iso non se fai mediación coas vítimas de violencia de xénero.

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: Niso concordamos, niso estamos de acordo.

Insisto, non podemos aceptar estas emendas porque falan de cuestións... Insisto, as salas figuran nos convenios que se asinan cos colexios de avogados, saben que esas salas están –vía convenio– nos colexios de avogados. En Santiago están no edificio da Escola Galega de Administración Pública.

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: En canto á presenza dos profesionais, actualmente están avogados e avogadas e psicólogas, que están perfectamente coordinados. E está protocolizado; por tanto, non imos nós variar agora os protocolos de mediación.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Proposición do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa do señor Santalices Vieira.

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Santalices Vieira e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co programa Conecta 72

A señora PRESIDENTA: A esta proposición presentáronse emendas do Grupo Mixto, da AGE, do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Socialista.

(O G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, a través do seu voceiro e por iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de engádega.

Engadiranse os seguintes puntos:

“3.- Recuperar o orzamento en atención primaria, fundamentalmente no capítulo de persoal, con cifras de investimento que repoñan o recortado ata niveis de 2009.

4.- Recuperar as prazas de persoal amortizadas en atención primaria, ofertándoas en concurso público.

5.- Practicar a cobertura das vacacións, permisos e IT do persoal de atención primaria na totalidade da plantilla”.)

(O G.P. Mixto, a través da súa deputada e voceira, Consuelo Martínez García, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de substitución a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Debe ser substituído o texto do punto 2 da parte resolutiva polo seguinte:

“2. Abrir unha mesa de negociación cos sindicatos máis representativos da sanidade pública para a modificación do Programa Conecta 72, especialmente no que se refire á dotación de persoal”.)

(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Carmen Acuña do Campo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débese modificar a parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Recuperar e implantar, de forma inmediata, o Plan de mellora da Atención Primaria.

2. Retirar o implantado programa Conecta 72 ata que se dote dos recursos humanos necesarios para levalo a cabo e

se conte cun programa informático común, entre enfermería hospitalaria e enfermería de Atención Primaria”)

(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Substituír o texto do apartado 2 polo seguinte:

“Mellorar a organización da implantación do programa informando e tendo en conta aos profesionais, e a dimensionar as plantillas e os recursos dos centros de saúde de Atención Primaria, de xeito que este programa non supoña unha sobrecarga para @s profesionais que teñen que realizar o mesmo”.)

A señora PRESIDENTA: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Santalices Vieira.

O señor SANTALICES VIEIRA: Grazas, señora presidenta.

Boas tardes, señores deputados, señoras deputadas.

Traemos hoxe aquí un tema que eu considero que é interesante, que é referido a un programa para a atención daqueles pacientes que reciben a alta hospitalaria. En concreto trátase dun programa especial dentro das primeiras 72 horas de producirse unha alta hospitalaria, nas que recibirán desde os equipos de atención primaria, a través do servizo de enfermería, unha chamada para valorar cal é o estado de saúde do paciente. Este é o que se coñece como Programa Conecta 72, que son 72 horas despois de producirse a alta.

Non debemos confundir –porque hai certa confusión– o Conecta 72 coa hospitalización a domicilio, son dúas cousas distintas. Hospitalización a domicilio é un programa no que se valora un seguimento ao paciente a requirimento dos servizos médicos do hospital. Pero este é un programa moito máis específico, trátase de facer unha consulta telefónica a aqueles pacientes que recibiron unha alta hospitalaria. Automaticamente de xerarse unha alta hospitalaria, xerase na axenda do Servizo de Atención Primaria, a través de enfermería, unha demanda para pórse en contacto co paciente e valorar o seu estado.

Polo tanto, é tamén un programa que permite mellorar o que é a coordinación entre a enfermería de atención primaria e a enfermería de atención hospitalaria, o que se perseguía coas áreas de xestión integrada. É un programa que, ademais, é ben valorado pola cidadanía, porque aporta moitos beneficios, polo menos no que leva implantado este programa, porque é un programa que ten uns obxectivos específicos.

Resumindo, poderíamos dicir que se trata de mellorar a calidade asistencial do paciente tras unha alta, unha alta que se produce no hospital. Aumenta a relación e confianza dos pacientes e cuidadores na asistencia sanitaria. Facilita tamén, e axiliza, a integración e a continuidade de cuidados de pacientes tras unha alta hospitalaria. E tamén serve para previr e intervir precozmente ante os problemas de saúde que se poden provocar tras unha alta hospitalaria. Polo tanto, eu creo que é un programa moi valorable e que a súa implantación é beneficiosa para toda a cidadanía.

Temos que enmarcalo dentro da estratexia de atención ao paciente crónico, que se vai beneficiar disto, pero non soamente pacientes crónicos. Van ser beneficiarios deste programa todos aqueles que reciban unha alta hospitalaria. Indubidablemente vai ter máis incidencia no paciente crónico porque o paciente crónico xera máis estancias hospitalarias que os outros pacientes. Pero –insisto– o programa pretende atender a todos os pacientes que teñan un episodio hospitalario, que ás 72 horas se lles poderá facer unha chamada para valorar o seu estado de saúde.

Tamén isto –e debaterémolo despois– reforza o papel da enfermería dentro do Sistema Nacional de Saúde, porque o papel fundamental pasa pola enfermería en atención primaria. E aquí tamén cobra moita importancia a tecnoloxía, porque en Galicia, afortunadamente, dispomos do programa Ianus, que permite que se poida, dalgunha maneira, incidir xa moi directamente nos resultados e na valoración dos pacientes. Aquí Galicia foi pioneira neste sentido, e, polo tanto, eu creo que estamos en condicións de poder levar este programa adiante en toda a comunidade autónoma.

Bueno, os cálculos previsibles apuntan a que en Galicia son 230.000 altas hospitalarias as que se poden producir ao longo dun ano; polo tanto, estamos falando dun programa que ten unha contía importante. Son 230.000 persoas, e,

aínda que algúns poden ser episodios repetitivos de ingreso hospitalario, ten o seus beneficios.

Estase valorando xa tamén algún asunto no que non debería aplicarse o programa Conecta 72, polas especificidades propias dalgún servizo hospitalario.

Polo tanto, e por resumir, señora presidenta, a min paréceme que é unha iniciativa interesante, que beneficia moito a cidadanía e a poboación despois do ingreso hospitalario, e pídese o apoio a todos os deputados e deputadas para esta proposición non de lei.

Nada máis, señora presidenta. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Mixto, a señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Bueno, estamos outra vez ante un novo acto de propaganda do Partido Popular, aos que nos ten acostumados cada vez que presenta unha proposición non de lei, ou cada vez que lle fai unha pregunta ao Goberno.

E digo que esta iniciativa é mera propaganda non só porque propón que a Xunta informe ao Parlamento dos resultados do estudo piloto do programa Conecta 72, xa que só faltaría. É obriga do Goberno informar sobre o estado dun programa piloto implantado no noso sistema de saúde. Co cal, é increíble que o Partido Popular que sustenta o Goberno teña que traer unha proposición non de lei a este Parlamento para dicirlle ao Goberno que ten que informar. Si, señor Santalices, ten razón, o Goberno non informa, ten razón. Hai que pedirlo por escrito e en pleno. Tamén é propaganda porque propón de xeito indefinido valorar a posibilidade de facer un cronograma de implantación desde o programa do Sergas, facelo. Agora, ¿cando?, ¿en que prazo?, ¿como facelo?... E, sen embargo, xa Feijóo anunciou que este programa está en marcha dende o 13 de abril, sen ter consultado o persoal de enfermería e con carencias no seu plantexamento.

O primeiro sería que o Goberno galego tivese escoitado o persoal sanitario, a quen habitualmente non escoita. Pero,

ademais, dicimos que é unha proposición-propaganda, porque, se escoitaran ao persoal sanitario, o primeiro que farían non sería instar a que se implante xa este programa, senón aumentar o persoal de enfermería na atención primaria. A filosofía de complementar a atención dos pacientes a través dun seguimento no domicilio é adecuada, pero debe basearse sobre un sistema sanitario público ben xestionado con recursos e persoal suficiente.

Non debería a Xunta imporlles aos profesionais sanitarios que sofren os recortes un novo cometido sen atender antes as carencias de medios e persoal. Este programa de seguimento telefónico conta con carencias graves, como a falta de conexión entre atención primaria e atención especializada, da que vén o paciente, ou a imposición de citas de xeito administrativo sen poder o persoal de enfermería adecualas á súa axenda, e con escaso tempo para estudar o historial do paciente.

Na práctica, o que supoñerá o programa Conecta 72 é a sobrecarga de traballo nos centros de saúde e unha peor calidade na atención sanitaria. Volvendo ás valoracións feitas polo persoal sanitario, a súa opinión sobre o Conecta 72 non foi moi positiva a pesar de que o presidente Feijóo presumíse que os profesionais sanitarios están satisfeitos co servizo. O dito: dende a Xunta non escoitan o persoal do Sergas. O persoal de enfermería coincide en denunciar a premura en pór en marcha o programa, sen medios, sen información e sen formación previa ás profesionais que o teñen que atender. Dende o SATSE ata a CIG, os sindicatos da sanidade critican a posta en marcha, cómo se puxo en marcha este programa. E espero que non volvan dicir, como din sempre, que se a oposición está en contra da atención. Non é en contra do programa, senón da posta en marcha dun programa de costas a quen ten que levar adiante ese programa, sen escoitar os profesionais.

“As profesionais”, segundo declaran —e dígoo literalmente segundo consta nunha declaración do sindicatos SATSE— “apenas podemos facer o indispensable agora mesmo, e isto é pretender que nos dupliquemos. Por outra parte, presenta insuficiencias, como a falta de conexión coa atención especializada, algo que debería administrar unha enfermería xestora de casos, figura que non existe”. Avisan tamén de que o programa está destinado a fracasar, pois imponlle ao persoal de enfermería citas que deben preparar

sacando tempo do seu traballo e interrompendo a súa xornada laboral.

En Ourense denuncian que a posta en marcha desta medida foi mera propaganda electoral de cara ás municipais. En Ourense denuncian tamén as profesionais da enfermería que o programa Conecta 72 non leva implícita a atención a domicilio, algo que queda a criterio do persoal, baseándose nos informes.

En resumo, teñen a cara de presumir do programa Conecta 72, cando o persoal sanitario lles advirte que non dá para máis; teñen a cara de sobrecargar as plantillas de enfermería cun novo cometido, cando non cobren todas as prazas que se xubilan ou cando o persoal do Sergas sofre contratos lixo...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ...por días ou mesmo por horas.

Polo tanto —xa non teño tempo para máis—, vou falar da miña emenda, que é unha emenda de substitución do punto número 2, porque o punto número 2 da iniciativa di: “...valorar a posibilidade...”, é dicir, valorar a posibilidade de facer; é dicir, non di nada. Ou sexa, é como non dicir absolutamente nada. Polo tanto, proponho que sexa substituído e espero que o Partido Popular se deixe de propagandas e acepte abrir o...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Vale, de acordo.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas. Está por escrito.

Señora Prado, polo Bloque Nacionalista Galego.

A señora PRADO CORES: Acaba de dicir o deputado do Partido Popular que defendeu esta iniciativa que estamos diante dunha iniciativa interesante. Cualificouna así, señor Santalices. Eu a verdade é que diría que estamos diante dunha iniciativa simpática, por non dicir que dá un pouco de risa, porque trouxo aquí o Partido Popular unha iniciativa que a verdade é que mostra bastante pouco respecto por este

Parlamento. Trae unha iniciativa na que, na súa parte resolutive, insta o Goberno galego a informar a este Parlamento dos resultados do estudo piloto do programa Conecta 72. A verdade é que chama a atención que o Partido Popular, que pode solicitar cando queira a comparecencia dos membros do Goberno e que pode facer que veñan cando queiran porque ten maioría na Mesa, traia aquí unha iniciativa coma se non tivera mecanismos normais para facelo.

A verdade é que chama a atención porque xa non é que o fagan para esta cuestión. Cos gravísimos problemas que ten a sanidade pública en Galiza, señoras e señores do Partido Popular –listas de espera, peches de camas, saturación de urxencias, privatizacións..., bueno, a lista verifícase bastante, pero é bastante longa desgraciadamente–, xa non é que vostedes non pidan que compareza o Goberno, a conselleira de Sanidade, para dar conta de todos estes problemas, senón que cando calquera grupo o solicitamos, vostedes opuxéronse radicalmente a comparecer para dar ningunha explicación. Mais resulta que agora traen aquí unha iniciativa para que explique un programa, o Conecta 72. Efectivamente, chama a atención.

E chama a atención que o fagan cando o propio Goberno xa ten anunciado que está posto en marcha. A verdade é que eu non sei se é que vostedes non teñen conexión co Goberno, se non ven os medios de comunicación ou se queren tomar de pitorreo este Parlamento. Porque, miren, o acordo do Consello da Xunta do 9 de abril –sei que é coñecedor, pero é que non entendo como, sendo coñecedor, trae aquí esta iniciativa– di literalmente: “O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo cal o Servizo Galego de Saúde estenderá a todos os centros de saúde de Galiza...” –co cal, non sei que cronograma, cando o Goberno en pleno, reunido en consello, aproba estender a todos os centros de saúde de Galiza o vindeiro luns 13 de abril, hai dous meses, señor Santalices, dous meses– e de forma simultánea...”. Bueno, pódolle seguir lendo o acordo...

A verdade é que chama a atención o acordo do Consello da Xunta, cando logo nos topamos con que é convenientemente repenicado, por exemplo, pola Televisión Galega. E para ocuparse e reflectir os problemas da sanidade cando son denunciados, cando os profesionais demandan melloras, cando hai mobilizacións, cando hai problemas, cando os usuarios denuncian todo tipo de desatencións, para iso non

hai espazos na grella da Televisión Galega pública, para recoller os problemas; agora, para repenicar a propaganda do Partido Popular, topan espazos na grella. E, efectivamente, o día 9 hai no telexornal do mediodía da Galega: “O programa Conecta 72 esténdese a todos os ambulatorios para controlar os pacientes tras a alta hospitalaria”. Ou a propia conselleira dá titulares a finais do mes de abril onde di que o programa Conecta 72, de seguimento de doentes, rexistrou 3.400 chamadas na súa primeira semana.

Eu, dende logo, non sei qué iniciativa é esta que vostedes traen aquí; sinceramente non o sei, porque a verdade é que é chamativa. Por iso presentamos unha emenda para ver se lle dabamos algo de sentido a esta iniciativa, para que primeiro se teña en conta os profesionais, aos que vostedes non tiveron en conta, e para que se dote a atención primaria de recursos e profesionais. Porque está moi ben que vostede agora diga aquí, señor Santalices, que isto reforza o papel da enfermería, pero o que lle dá é moito máis traballo a uns profesionais xa de por si saturados.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora PRADO CORES: E fala vostede de 230.000 altas anuais en Galiza, é dicir, de 230.000 doentes a controlar e a chamar e a facerlle o seguimento sen máis recursos e sen máis profesionais. Un auténtico cachondeo, ¡un auténtico cachondeo! Co cal, a verdade é que vostedes toman de pitorreo este Parlamento.

Se vostedes aceptan a emenda presentada para dotala de algo de contido, pois, moi ben, e, se non, dende logo, o BNG non entra neste tipo de cambalaches que o único que fan é deteriorar a imaxe deste Parlamento. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Por Alternativa Galega de Esquerda ten a palabra o señor Ron.

O señor RON FERNÁNDEZ: Boa tarde a todos e a todas.

Estamos máis unha vez ante unha iniciativa destas superficiais, unha iniciativa que desexa, no fondo, facer gabanza da criticada Consellería de Sanidade, da criticada conselleira de Sanidade.

Na breve circular que a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria remitiu díciase que o programa Conecta 72 foi deseñado co fin de mellorar a continuidade asistencial a través da realización, nas primeiras 72 horas post-alta, dunha consulta telefónica por parte do enfermeiro ou enfermeira de atención primaria aos pacientes que foron dados de alta hospitalaria. E destacaba, ademais, nunha retórica repetitiva, que esta oferta, este programa, pretende mellorar a calidade asistencial dos pacientes á alta, aumentar a relación e confianza dos pacientes e cuidadores na asistencia sanitaria, facilitar e axilizar a integración e continuidade nos cuidados dos pacientes tras a alta hospitalaria, previr e intervir precozmente ante os problemas de saúde tras a alta hospitalaria e homoxeneizar a práctica asistencial. Realmente nós non vemos como todo isto, sobre todo o tema da prevención, é posible a través dunha chamada telefónica. É dicir, nós, desde logo, o que entendemos é que todo isto, todo este programa que vostedes anuncian a bombo e platillo, se fai nun contexto en que vostedes atacaron de forma permanente desde o 2009 ata o 2015 a sanidade: os orzamentos de sanidade e os orzamentos de atención primaria, 300 millóns de euros menos nun sexenio; amortización de prazas en todo o Sergas, tamén en atención primaria, o que implica incremento das cargas de traballo e inoperatividade dalgúns centros; problemas incluso nas citas en atención primaria, existindo incluso listas de espera; de feito, como era algo que xa se denunciou aquí, as matronas de atención primaria tiveron que asumir un incremento da carga de traballo ao encargarse tamén das revisións xinecolóxicas das mulleres sas.

Este programa pode conlevar, ademais, unha rutina perigosa –nós entendemos que unha rutina perigosa–, que é a concesión precipitada da alta hospitalaria. Semella que vostedes queren ter as camas libres canto antes, e iso, desde logo, pode ser perigoso. O control non pode suplir a debida atención no centro hospitalario. Unha chamada non pode suplir a consulta presencial e a ollada clínica. Iso si, claro que serve para previr a consulta directa, porque, desde logo, unha chamada telefónica e a propia consideración que a propia persoa que recibe a alta poida ter dunha, por exemplo, cicatriz dunha operación, pode moi ben non corresponderse coa realidade. Nós entendemos, desde logo, que o que pode ser complementario non pode erixirse en substitutivo. E ese é o risco que, desde logo, se ve nesta iniciativa.

Por iso nós propuxemos, ademais, con vistas a reforzar o que debe ser reforzable, que é o servizo de atención primaria, tres puntos a engadir:

O terceiro, recuperar o orzamento en atención primaria, fundamentalmente no capítulo de persoal, con cifras de investimento que repoñan o recortado ata niveis do 2009.

En cuarto lugar, sería –segunda emenda nosa– recuperar as prazas de persoas amortizadas en atención primaria, ofertándoas en concurso público.

E, finalmente, practicar a cobertura das vacacións, permisos e as IT do persoal de atención primaria na totalidade da plantilla. Porque nós entendemos que o fundamental e o que está precisamente aí é a calidade da sanidade a través do afortalamiento da atención primaria. Nós entendemos que librar, liberar camas para ter camas libres porque así supostamente se aforra, loxicamente, na mentalidade do Partido Popular, é aforrar custos. Concédense altas hospitalarias de forma, quizais, precipitada e por iso implementan un programa de control de prevención –non se sabe moi ben como–...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor RON FERNÁNDEZ: ...durante as 72 horas seguintes.

Polo tanto, nós entendemos que esta iniciativa é unha iniciativa para lavar a cara á Consellería de Sanidade, pero que, desde logo, non contenta nin sequera os profesionais da sanidade, como xa se dixo, porque os sindicatos xa manifestaron a súa contrariedade polo incremento de carga que supón e porque non existe, loxicamente, ese persoal a maiores que debera ofertarse desde xa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Ron.

Grupo Socialista, señora Acuña do Campo.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

A verdade é que a falta de respecto do Partido Popular, do Grupo Parlamentario Popular, por esta Cámara e, polo tanto, pola cidadanía galega non ten nome.

Co que está caendo en sanidade deciden traer esta iniciativa, señor Santalices; esta iniciativa que máis ben parece unha tomadura de pelo. Dende logo, rigorosa, rigorosa non é.

Mire, vostede solicita a través desta iniciativa informar o Parlamento dos resultados dun estudo piloto e facer un cronograma para a implantación do programa Conecta 72, cando o ensaio ten vostede que saber que se fixo alá polo mes de novembro pasado, que durou un mes, que se fixo en oito centros nada máis e que o programa Conecta está implantado xa nun cen por cento do territorio. Por certo, con moita présa, xusto antes das eleccións.

Informar dos resultados dun estudo piloto, señor Santalices, tería sentido se fora para facer unha avaliación previa á súa implantación ou ben para facer unha avaliación previa á súa retirada, pero, insisto, temo que o Conecta 72 sen avaliación e sen información xa está implantado.

E falando de informar, efectivamente, estaría moi ben que vostedes informaran non só esta Cámara, senón os profesionais que están implicados no desenvolvemento dese programa. Iso foi o que non fixeron. E agora, señor Santalices, xa non é necesario informalos, nin a eles nin a esta Cámara, porque xa se encargou o propio sindicato, por exemplo, de enfermería de deixar moi claro o concepto que teñen deste programa, ao que tachan de “propaganda” e de “trapallada” –textualmente, señor Santalices–. E din del que só busca incordiar, pois implica máis traballo para unha plantilla absolutamente sobrecargada.

Aseguran tamén que o programa Conecta está provocando gran descontento na profesión, e tanto na enfermería de atención primaria como na hospitalaria, xa que lle consome un tempo que non teñen e lles exige unha coordinación que non existe.

Señorías, ¡pero se nin sequera teñen o mesmo dispositivo informático! Non teñen nin programa nin tempo para cubrir a alta hospitalaria. E se a enfermeira ou enfermeiro do hospital non ten tempo para rellenar a alta, a persoa receptora do doente en atención primaria sen alta non ten

historia. Ademais, en primaria só dispón de dez minutos reservados na axenda –por certo, polos servizos administrativos, como xa se dixo aquí– para informarse das circunstancias desa alta e para poñerse neses dez minutos en contacto telefonicamente co doente. Bueno, iso se na historia clínica da alta figurase o teléfono do doente, porque o máis frecuente é que figure o teléfono dalgún familiar que o estaba acompañando durante o ingreso. Ou sexa, que a enfermería co Partido Popular cada vez ten máis tarefas e menos persoas.

Señores e señoras do Partido Popular, o programa Conecta 72 temo que non “conecta” cuns profesionais absolutamente desbordados, pero é que tampouco “conecta” cunha cidadanía confundida ao comprobar que resultaba máis seguro aquilo de “avise vostede no seu centro de saúde que xa está de alta para que...”

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora ACUÑA DO CAMPO: ...pasen a facerlle as curas” que o de agora: non se preocupe vostede que xa pasarán a velo pola súa casa. E despois resulta que non aparece ninguén, pois falla a informática ou falla o teléfono ou se fixo a alta ou non se coordinaron os dous servizos adecuadamente.

Se queren un programa Conecta, acepten a nosa emenda, na que pedimos máis persoal e uniformidade informática para unha correcta implantación do mesmo, así como, por suposto, a recuperación e implantación do Plan mellora de atención primaria, algo que, dende logo, segue resultando imprescindible.

O que propoñen vostedes, señorías do Partido Popular, non o imos apoiar, porque simplemente se trata dunha tomadura de pelo e demostra unha absoluta falta de respecto pola cidadanía galega.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Acuña.

Grupo autor da proposición non de lei.

Ten a palabra o señor Santalices.

O señor SANTALICES VIEIRA: Grazas, señora presidenta.

Eu creo que non dixeran que esta fora unha proposición non de lei interesante. Creo que todas as proposicións non de lei son interesantes, polo menos para o deputado que a presenta. Eu creo que dixeran que o programa era interesante, creo que foi iso o que dixeran desde a tribuna, e creo que é interesante, polo que eu non vou aceptar as emendas que me plantexan, porque incluso nalgunha delas é curioso que vostede fala da súa implantación, señora Acuña, pero o que pide é a retirada do plan, sen embargo, o Grupo Mixto concorda coa filosofía do plan Conecta 72. Bueno, pois a min páreceme que tamén é interesante –e esa é a función deste Parlamento e dos deputados– que se aporten os datos aquí dun plan que se está implantando e co que se garante que isto estea implantado ao cen por cento en toda a comunidade. ¿Por que? Porque a min me parece que é un plan que beneficia e moito a cidadanía, xa que se trata de persoas que estiveron nun hospital e ás que ás 72 horas se lles pregunta como está o seu estado de saúde.

Señor Ron, non é unha axilización no tema das altas, non, non, nin moitísimo menos, diso xa levamos discutido aquí moito, pero iso correspondía a outro debate, xa sabe por onde vou. Aquí houbo nun momento determinado no que se cuestionaba que se os médicos cobraban por dar altas, e ese foi un debate... Non, pódolle garantir que os médicos dan a alta no momento en que corresponde, son profesionais. Polo tanto, nese sentido, estea vostede tranquilo, que os médicos seguirán dando a alta cando proceda. É un plan que provoca..., e ademais incide positivamente –porque lle dá seguridade ao paciente–..., e pode corrixir as incidencias que poden xurdir.

Vostedes deostaron no seu día a xestión integrada... (*Murmurios.*) Si, deostouse no seu día. Eu recordo aquí, neste Parlamento, vivos debates sobre a xestión integrada. Hoxe, afortunadamente, temos implantada a xestión integrada e empézanse a ver os beneficios da xestión integrada na coordinación entre a primaria e a especializada, que pode neste momento insertar programas, como aquí hoxe estamos debatendo.

Hai unha cuestión que non se comentou. E agora aproveito o turno de réplica para comentar que o persoal de enfermería ten moito valor nisto, e fixo unha suxerencia

que eu creo que si que hai que ter en conta, que son os pacientes que son dados de alta despois dunha estancia hospitalaria por unha patoloxía psiquiátrica. Estes non van estar incluídos posiblemente no Conecta 72 porque é unha reflexión que así fixo a enfermería e que me parece que é correcta.

E o mesmo que está implantado isto, tamén nos serve este debate para que deamos un paso e implantemos outra cousa máis. Eu quero que se recupere neste Parlamento e se volva falar das áreas de xestión clínica, porque iso ten unha incidencia positiva. Eu non boto fóra ese debate, quero que se siga falando aquí das áreas de xestión clínica porque penso que aportan algo importante á sanidade e, polo tanto, seguireinas defendendo.

Nada máis, señora presidenta, e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Carmen Acuña do Campo e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa profesión de enfermaría

A señora PRESIDENTA: A esta proposición non de lei presentáronse emendas do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda e do Bloque Nacionalista Galego.

(O G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, a través do seu voceiro e por iniciativa da súa deputada D^a Eva Solla Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta as seguintes emendas a esta proposición non de lei.

Emendas de adición.

Emenda 1.

Engadirase no punto 1: “...así coma para a atención primaria. Esta definición de ratios dispórase tamén para o persoal especialista de enfermaría.”

Emenda 2.

Engadirase no punto 3: "...Estas medidas serán de aplicación tamén no relativo ao persoal especialista de enfermaría."

Emenda 3

Engadiranse os seguintes puntos:

" 4.- A realización de prácticas nas unidades pertencentes á contratación ao traveso das listaxes especiais será remunerada.

5.- A revogación de contratos a tempo parcial non admitirá penalización na orde de chamamento.")

(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada D^a Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución:

No apartado 2 substituír o texto desde "para" ata o final, por "todos/as os/as profesionais do Sergas."

Emenda de substitución:

No apartado 3 substituír o texto desde "contratación" ata o final, por "e recupere os días de libre disposición de todo o persoal do Sergas."

Emenda de substitución:

No apartado 6 substituír "asuma o" por "lidere a coordinación do...")

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra, para formular a proposición non de lei, a señora Acuña do Campo, do Grupo Socialista.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidenta.

O 21 de maio foi o Día da enfermería, e ese día os sindicatos de enfermería saíron á rúa a reivindicar máis plantilla. Está claro que a enfermería é unha peza clave no noso sistema sanitario. É a enfermería quen fai o seguimento e dá con-

tinuidade aos coidados, ademais cunha proxección integral das necesidades das e dos pacientes; é a enfermería quen axudas nas técnicas diagnósticas, quen aplica os tratamentos e os coidados ás persoas doentes con maior continuidade e proximidade. Pero, sen embargo, a nefasta xestión que o señor Feijóo está a facer da nosa sanidade está comprometendo seriamente tamén a enfermería, e tanto a enfermería hospitalaria como a enfermería de atención primaria, incluso a formación en enfermería e, por suposto, a implantación das diferentes especialidades.

Somos, señorías, un dos países que máis sanitarios formamos, pero somos neste momento un dos países que menos sanitarios contratamos. Polo tanto, somos un dos países que máis sanitarios exportamos.

En España gradúanse ao ano 10.000 novos enfermeiros e enfermeiras, sen embargo, o noso sistema sanitario é deficitario nesta especialidade. A ratio de enfermería aquí está por debaixo da media europea, sendo España o oitavo país pola cola en número de persoas profesionais de enfermería, detrás de Croacia, de Romanía e da veciña Portugal. Necesitaríamos incorporar 135.909 profesionais para alcanzar as cifras da media europea, que ronda os 797 enfermeiros e enfermeiras por cada 100.000 habitantes, mentres que en España quedamos en torno aos 506.

Pero estes profesionais, ademais de ser poucos, están mal repartidos, existindo enormes diferenzas entre unha comunidade autónoma e outra; diferenzas que van medrando e cada vez son máis preocupantes, así, mentres Navarra ten 837 por cada 100.000 habitantes, Canarias tan só ten 208.

Neste momento, seguro que a bancada deste lado se está preguntando como anda a enfermería en Andalucía, así que, para que non se pregunten, pois xa llo digo eu: mal, anda mal. Pero tamén anda mal en Murcia, en Valencia e en Baleares. Por certo, señorías, que agora a partir do día 24 deixarán vostedes de mirar para Andalucía, porque poden mirar para moitísimos outros sitios: para Estremadura, para Castela-A Mancha, para Cantabria, para Aragón, para Valencia, etc. Por certo, esperemos que tamén poidan vostedes mirar para Madrid.

Pero, salvo o PP, que lle dá por mirar ao sur, o resto da Cámara estarase preguntando polo que nos interesa, que é

como estamos en Galicia no tema da enfermería. Pois estamos, señorías, no posto número 6, pero pola cola. Aquí temos 501 enfermeiros e enfermeiras por cada 100.00 habitantes, co que estamos moi por debaixo dos 797 da media europea e moi por debaixo dos 831 de Navarra.

Pero o máis decepcionante é comparar estes datos coas listas interminables de profesionais de enfermería —excelentemente formados e formadas— no paro ou facendo as maletas para marchar fóra a xuntarse cos máis de 1.108 que xa están polo mundo adiante.

Mentres esa señora —que eu vou seguir referíndome a ela dicindo que “nin dimitida nin cesada”— pretende agora xustificar o peche masivo de camas do verán na falta de profesionais por mor das vacacións, mentres —insisto— as listas do paro están cheas de profesionais, algo absolutamente intolerable.

Número insuficiente de persoas especialistas en enfermería e ademais moi diferente segundo miremos para un país ou outro de Europa, pero tamén segundo miremos para unha comunidade autónoma ou outra de España, e mesmo se en Galicia miramos para unha área sanitaria ou outra, nun hospital ou noutro e mesmo nun servizo ou noutro dun mesmo hospital.

Por todo iso, señorías, os socialistas hoxe traemos a esta Cámara unha iniciativa, si, para falar de enfermería, señor Santalices, e dos problemas da enfermería, pero para falar en serio e non para seguir tomándolles o pelo, como parece que pretende facer o Partido Popular; unha iniciativa pedindo que se definan as presenzas de enfermería por doente e por quenda en cada especialidade hospitalaria, pois para saber se temos ou non temos suficientes profesionais, debemos empezar por definir as necesidades, e dende logo as necesidades de enfermería non son as mesmas nunha planta que noutra. As necesidades non son as mesmas en obstetricia que en pediatria, nin en trauma que en medicina interna, e non vale, insisto, dar cifras globais senón detalladas por paciente e por quenda, porque as cifras globais tapan e modifican os datos.

E, falando de enfermería, temos tamén que pedir —e non nos cansaremos nunca de facelo— que recuperen o Plan de mellora de atención primaria e o Plan de saúde mental —ambos desterrados ao chegar o señor Feijóo—, pois, con

eses plans, poderíanse consensuar os recursos humanos e ademais recoller as especialidades de enfermería.

Tamén pedimos que se elimine a taxa de reposición e a eventualidade na contratación. Nin se poden pechar as axendas de atención primaria dende o mes de xuño, porque iso supón suprimir durante o verán a atención no nivel máis accesible do sistema sanitario, nin se pode tampouco contratar unha persoa para cubrir tres vacantes nun mesmo día e nun mesmo turno, nin se pode consentir que o pouco que se contrate se faga, señorías, ninguneando, de espaldas, ás listas de contratación. Para cubrir as vacacións dos profesionais e das profesionais, en lugar de pechar as axendas ou de pechar as camas, o señor Feijóo só ten que ir ás listas de contratación e contratar unha persoa por cada posto vacante, durante todo o tempo que dure esa vacante, e non facer contratos miserables, mezquinos, contratos por días, contratos por horas, contratos por gardas, contratos de luns a venres, que se interrompen durante a fin de semana para volver contratalos de novo o luns seguinte.

Señorías, dentro do colectivo sanitario, enfermería é o máis castigado polos recortes e a nefasta xestión sanitaria do Partido Popular. A taxa de persoas no paro de enfermería é tres veces maior que a de medicina, ¡que xa é dicir!, e por cada praza de medicina destruída polo Partido Popular destruíronse oito de enfermería. Ademais, dado que cada ano formamos unhas 10.000 persoas en enfermería, que se están destruindo postos e que non se contrata para cubrir as vacantes, esas 10.000 persoas van directamente á lista do paro. Por certo, por iso quero aproveitar este debate para pedirlle ao voceiro do Partido Popular que lle explique todo isto á señora conselleira, á nin dimitida nin cesada: que non teñen que pechar as camas no verán, que só ten que mirar a lista do paro e coller de aí os profesionais que di que lle faltan por mor de que os que están traballando van de vacacións.

Señorías, se hai recuperación económica como asegura o Partido Popular...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora ACUÑA DO CAMPO: ...que enfermería —e remato— recupere os seus dereitos, a carreira profesional, os días de libre disposición; é dicir, todo aquilo que tiñan cando chegou Feijóo ao Goberno.

E por suposto, que sexa a enfermería, señor Santalices, quen se encargue dos crónicos e das demais doenzas contempladas nas súas especialidades, coa plena competencia que lle confire a súa formación, e para iso a administración debe ter en conta as especialidades.

En definitiva, señorías, o que hoxe os socialistas pedimos na nosa iniciativa é que se respecte e que se dignifique a enfermería, porque é unha peza clave do noso sistema sanitario público.

Esperamos contar co apoio dos grupos.

De momento, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Intervención dos grupos parlamentarios. Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: No Bloque Nacionalista Galego tamén concordamos na reivindicación do papel da enfermería, porque no sangrado do sistema sanitario público de Galiza, nesa constante folla de ruta do Partido Popular á fronte do Goberno galego, o persoal é dos principais damnificados, damnificados por unha política de persoal que maltrata o persoal fixo e maltrata o persoal contratado: sobrecarga asistencial, mobilidade, rotacións, precariedade, inestabilidade, non respecto aos dereitos laborais, obriga á dispoñibilidade total e permanente baixo penalizacións... E, todo iso, á parte de significar un deterioro constante e continuo das condicións laborais, significa risco para a atención sanitaria dos doentes, risco para a atención sanitaria dos galegos e das galegas.

Nós concordamos en que é preciso que a Consellería de Sanidade rectifique, rectifique no trato que lle está a dar aos profesionais, rectifique na eliminación da taxa de reposición, rectifique na política de contratación e rectifique no abandono da atención primaria.

O Partido Popular non só aproba e efectiviza unhas reformas laborais letais para o conxunto da clase traballadora, senón que dende o Goberno galego as aplica entusiasticamente, e nesa aplicación a Consellería de Sanidade é unha alumna avantaxada: a Consellería de Sanidade está a actuar coma un dos peores patróns, como a peor das patronais.

Eliminación de postos de traballo na sanidade pública en beneficio das empresas privadas, taxa de reposición que, ano tras ano, elimina o persoal do Sergas –dificultando a prestación do servizo–, contratos nunha condicións que nada teñen que ver co acordado coas organizacións sindicais, non contratación para cubrir nin vacantes, nin baixas laborais, nin vacacións.

Efectivamente, estes días asistimos ao esperpento da conselleira e a Consellería intentando, unha vez máis, volver responsabilizar do peche de camas no verán o feito de que os profesionais collen vacacións.

Hai cualificativos grosos para definir esta cuestión máis, dende logo, os profesionais sanitarios da sanidade pública de Galiza non merecen unha consellería que os trata deste xeito.

Xunto a isto concordamos co que pide a iniciativa, que é a mellora da atención primaria –que tamén vimos demandando sistematicamente dende o Bloque Nacionalista Galego–. Unha importancia da atención primaria, dentro da asistencia sanitaria, que resulta fundamental, que parece que todo o mundo concorda á hora de definir esa importancia da atención primaria, mais todos os pasos dados polo Partido Popular na Xunta de Galicia van xusto na dirección contraria.

Eu teño escoitado aquí os voceiros do Partido Popular falar da importancia da porta de entrada ao sistema sanitario que representa a atención primaria, mais logo, á hora da verdade, todos os pasos que levan dado van na dirección contraria, na dirección de secundarizar a atención primaria, na dirección de diminuír os recursos destinados á mesma, tanto en materiais humanos como na capacidade de resolución, na perda de capacidade de decisión, na diminución de orzamentos, no deterioro das infraestruturas, na paralización das previstas, no ninguneo ao persoal. Ese é o balance real na atención primaria.

Por iso concordamos con esta iniciativa mais presentamos unha emenda que cremos que mellora o texto, porque é certo que está centrado exclusivamente...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora PRADO CORES: ...no papel da enfermería, mais coidamos que nas reivindicacións que plantexa, tanto na

recuperación da carreira profesional como na eliminación da taxa de reposición, na eventualidade da contratación, a petición do respecto ás listas de contratación, pois son comúns a outras categorías profesionais, e a verdade é que nos resulta difícil solicitar que todas estas cuestións se rectifiquen exclusivamente para o persoal de enfermería e non facelo para o conxunto dos profesionais que se ven afectados.

Por iso presentamos esta emenda, e tamén unha emenda no sentido de recoñecer o papel relevante da enfermería na atención aos doentes e ás enfermidades crónicas, mais consideramos que non debe de facerse en solitario, senón que deben liderar ese proceso mais dentro dun papel de coordinación co resto dos profesionais sanitarios que deben facerse cargo deses enfermos crónicos, co cal, agardando que sexan afectadas as emendas presentadas polo Bloque Nacionalista Galego, imos votar favorablemente nese obxectivo de dignificar un dos piares do sistema sanitario, como é o persoal de enfermería. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Ten a palabra o señor Fajardo Recouso.

O señor FAJARDO RECOUSO: Moi boa tarde-noite ao apaixonado público que queda na sala.

A nosa organización, o noso Grupo Parlamentario, Alternativa Galega de Esquerda, vai apoiar a iniciativa que presenta o Partido Socialista, aínda que presentamos unha serie de emendas, que logo explicarei, que pretenden mellorar o plantexamento que se fai.

Para nós, a situación de enfermería é un exemplo claro de como as políticas de austeridade e recortes conducen ao austericidio e á eliminación de dereitos fundamentais como é o dereito á sanidade.

Dende que o Partido Popular retomou o poder en Galicia, foron máis de 2.000 os traballadores profesionais da sanidade eliminados do servizo público, e unha boa parte deles –preto do 80 %– persoal de enfermería.

Isto provoca que, no conxunto de dotacións do Sergas, tanto hospitalarias como de atención primaria, a situación da

enfermería sexa realmente lamentable ao respecto das súas condicións e ao nivel de estrés que teñen que soportar pola carga de traballo que asumen, como bos profesionais que son, aínda que as condicións son lamentables ao respecto das ratios.

Segundo datos da propia Unión Europea, para que Galicia acadase a media do conxunto da Unión Europea de persoal de enfermería, necesitaríamos contratar, xa mesmo, de inmediato, 8.500 profesionais, simplemente para acadar a media, nin sequera para estar por riba da media.

Se non se fai, estamos con situacións como a que acontece, por exemplo, no hospital comarcal do Salnés onde, na terceira planta, nunha boa parte do día –durante 12 horas– hai soamente unha enfermeira e un auxiliar para atender os 14 pacientes que pode ter esa planta. E ante esa situación, por exemplo, o que decidiu esta consellería é pechar esa terceira planta e non poñer data de volta de apertura. O que demostra a falta de compromiso da Xunta de Galicia coa atención sanitaria e co benestar do pacientes no conxunto do Sergas.

Non é só que non existan profesionais contratados, senón que, ademais, as amortizacións por xubilacións, os incrementos de cargas de traballo, a non cobertura de baixas de todo tipo, indica que, ao final, as ratios están moi por debaixo do que necesitaría este país, e que se está a incrementar o nivel de presión por cada un destes traballadores, nivel de presión que significa non só dificultades para exercer o seu traballo, senón incluso unha merma na calidade da atención, que non é debida ao traballo destas persoas senón a ineficiencia e ineficacia, a falta de compromiso dos que dirixen o Sergas.

Isto, unido ao 21 % de rebaixa orzamentaria na política hospitalaria por parte da Xunta de Galicia desde que vostedes gobernan, está contribuíndo a que a situación da calidade hospitalaria e do conxunto do sistema, estea en elementos absolutamente inaceptables e que necesitan unha inversión profunda para mellorar a actual situación.

Nese sentido, nosoutros plantexamos non só que imos aceptar a iniciativa que plantexa o Partido Socialista, senón que existen algúns criterios que debemos tamén mellorar e que por iso van nesa liña as nosas emendas.

A primeira é que se teña en conta a enfermería especializada para que non pasen cousas como as que están a acontecer agora: falabamos hai pouco dese novo plan de atención a domicilio da enfermería, que se fai cos mesmos profesionais que había sen que haxa incremento; ou, por exemplo, como nos últimos tempos as matronas teñen que atender as citoloxías das persoas non graves, que incrementa a súa carga de traballo sen que iso comporte un incremento dos profesionais que atenden. Polo tanto nós plantexamos, nunha das nosas emendas, a necesidade de incrementar tamén os criterios para a enfermería específica.

Plantexamos tamén a eliminación da precariedade neste sector, porque, se é inaceptable que se fagan contratos de semanas, de días, é inaceptable tamén que se fagan contratos de horas e se dean situacións onde por exemplo, se che poida propoñer un contrato de dúas horas se media, a máis de 30 ou 40 quilómetros da túa residencia e que, en caso de non aceptar, se te elimine das listas de contratación, o cal é realmente...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor FAJARDO RECOUSO: ...unha situación verdadeiramente inaceptable, polo que nós cremos que se teñen que eliminar este tipo de contratacións.

Eu recordo cando se pelexou xudicialmente esa práctica que tiñan as empresas conserveiras de contratar de luns a venres para non pagar o descanso, e o Sergas, a Administración pública, contrata de luns a venres, ou por días, simplemente para non pagar ou non asumir o descanso.

Polo tanto, nós imos apoiar a proposta e esperamos que se atendan as nosas engádegas, pero aínda que non se atendan o voto de AGE vai ser positivo á proposta do Partido Socialista. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Fajardo.

Grupo Mixto, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Grazas, presidenta.

Os recortes en sanidade precarizan e poden chegar a deshumanizar o trato co paciente, e mesmo a morte. Hai un ano

e pico morreu un paciente porque o profesional que o tiña que atender non fora substituído, e acaban de meterlle unha multa ao Sergas, unha indemnización a esa familia, de cento e pico mil euros.

Recortes salariais nas contratacións, aumento do paro no sector, sobrecarga de traballo, redución de salarios, de días libres, nas coberturas das baixas laborais e, sobre todo, eliminación da contratación de substitucións e da provisión de traballo, implican menos persoal facendo atención sanitaria; máis cargas de traballo, xornadas máis longas, maior estrés laboral e, por conseguinte, menor rendemento e maiores posibilidades de erro; é dicir, menor calidade asistencial.

Como teño pouco tempo centrarei a miña intervención en torno a un dos puntos da iniciativa, a recuperación do Plan de mellora de atención primaria.

Desde logo, os pasos que están dando en Galiza van polo camiño contrario ao necesario. O que se precisa en tempos de crise non é privatizar e introducir o lucro como elemento distorsionador do sistema nacional de saúde. O que se necesita con urxencia, entre outras cousas, é reorganizar o sistema público sanitario cara á atención primaria. A potenciación da atención primaria é clave para que o modelo sanitario actual sexa sostible.

Para poder exercer este eixo vertebrador do sistema asistencial, a atención primaria ten que reunir unha serie de requisitos básicos: infraestruturas adecuadas, equipamentos e dotacións tecnolóxicas correctas, profesionais formadas e en número suficiente de acordo coas ratios establecidas, axendas activas que permitan unha xestión efectiva do tempo, implementación de técnicas diagnósticas e terapéuticas –a día de hoxe secuestradas no medio hospitalario–, potenciación da telemedicina e actividade docente e investigadora.

Cómpre priorizar a atención primaria porque é onde se realizan as actividades de prevención –útiles para afrontar as doenzas crónicas–, onde se coñece o paciente na súa contorna –con atención ao longo de toda a vida–, onde están as profesionais formadas para manexar a cronicidade, onde se fai a educación sanitaria coa promoción de hábitos saudables e o alto coidado, onde se garante a continuidade de atención ás doentes e onde se debe centralizar a coordinación de toda a atención, incluída a hospitalaria.

Para que o nivel de atención primaria poida realizar estas funcións, é preciso fomentar o compromiso e a implicación activa das profesionais, a día de hoxe maltratadas pola administración. E tamén recuperar o Plan de mellora impulsado polo Goberno progresista do bipartito. Dito plan debería desenvolverse ata o ano 2013, e impulsou medidas en relación cos recursos humanos, coa mellora da calidade asistencial e a xestión clínica, que potenciaron dun xeito notable o papel asistencial da atención primaria.

Despois de anos de progreso tería que darse un novo impulso político, hoxe inexistente, para recuperar o tempo perdido. Ata o de agora, a calidade do sistema público de saúde íase mantendo minimamente grazas aos esforzos de profesionais e usuarias que, poñendo todo da súa parte, foron paliando, en maior ou menor medida, os graves ataques que Alberto Núñez, Rocío Mosquera e o Goberno da Xunta están a perpetrar contra un ben tan prezado como é a sanidade pública. E, polo visto, estes últimos días, cos novos peches de cama, vostedes non pensan parar nesa liña porque non teñen outra meta que a de rematar coa sanidade pública e entregárllela en bandexa ás empresas privadas das que provén a conselleira: aos grandes bancos, aos fondos de inversión, aos especuladores que só procuran lucrarse a custa dos nosos petos e da nosa saúde.

Apoio a iniciativa.

Grazas.

A señora PRESIDENTA: Grazas, señora Iglesias.

Grupo Popular. Señor Santalices Vieira.

O señor SANTALICES VIEIRA: Grazas, señora presidenta.

Brevemente, nesta proposición non de lei, creo que o debate hoxe estivo ben ordenado no tema de que foron dous temas seguidos e os dous relacionados coa enfermería –coincidiu que estas dúas proposicións non de lei falan da enfermería–.

Acabamos de falar, hai uns intres, do Conecta 72, no que a enfermería ten un papel, desde logo, moi relevante, por non dicir fundamental. E, ademais, quedou tamén claro o seu traballo no poder de decisión, porque eles mesmos son

os que aportaron ao Programa Conecta 72..., suxeriron que non se deban de incluír no mesmo as altas que se producen nos servizos de psiquiatría.

E agora volvemos falar dun tema –tamén é importante– como o que trae o Partido Socialista, e no que se mesturan varios conceptos, a ver se podemos aclarar algún deles. Por exemplo, sobre a taxa de reposición é ben certo que o desexable é o cen por cento, esta é unha norma estatal pero non é posible cumprila tendo en conta a problemática económica que estamos vivindo nestes intres. Pero é certo que se deron pasos moi importantes: empezamos cunha taxa de reposición do 10 % e estamos nunha taxa de reposición do 50 %, que se vai esgotar concretamente neste ano. E xa está publicada tamén unha oferta, unha OPE, especificamente de enfermería –aínda que englobando outras categorías–, na que hai 80 prazas de enfermería, 6 de matrona, 6 de fisioterapeutas, 60 de auxiliares de enfermería e 26 de técnicos de farmacia.

E isto de por si é importante, o que non sería desexable é que algún dos puntos que vostede –que foi matizado pola señora Prado– introduce nesta proposición non de lei puidera abrir unha cuestión que para min xa está pechada, que son os temas das competencias médicas do persoal de enfermería, creo que está perfectamente delimitada a competencia.

Eu creo que se trata de traballos de integración e de coordinación na asistencia sanitaria pero creo que non deberíamos nin de insinuar, volver ao vello e rancio debate que houbo durante moitos anos de “papel, competencia dun ou competencia doutro”, como unha guerra; non é este o caso e desexo que non vaia por aí tampouco a proposición non de lei.

Eu doulle valor ao papel da enfermería –¿como non llo vou dar?–, ten moito valor sobre todo na atención do paciente crónico, como tamén a ten no agudo –indubidablemente, ten un valor importantísimo–; e, no eido da saúde mental, o papel da enfermería é básico e creo que aínda pode xogar máis, creo que aínda pode xogar máis.

Houbo un tema que vostede toca de pasada e que nós lle damos moita importancia. Onte estiveron con nós os membros da directiva da Asociación de Enfermería Familiar e Comunitaria, e plantexan un tema que parece razoa-

ble dado que teñen unha especialidade e que a súa formación é longa –falaron incluso, teño entendido, de ata sete anos na formación desa especialidade familiar e comunitaria–. Eles o que piden é que se vaian integrando paulatinamente as persoas que teñen esa formación, que se vaian incorporando esas prazas nas OPE e na cobertura de prazas dentro de enfermería. Na súa proposición o tema da especialidade queda un pouco diluído, e eles tamén apostaban –estiveron con nós– por facer cambios asistenciais no eido da atención sanitaria, basicamente tomando como referencia o tema da cronicidade na atención primaria. Pero, claro, vostede este tema deixouno así un pouco de pasada.

E despois hai outro tema que é moi importante, que vos tede tocou aquí e eu estou de acordo...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor SANTALICES VIEIRA: ...–xa vou rematando, señora presidenta– que é o tema da carreira profesional. Eu creo que o tema da carreira profesional é interesante na medida en que se poida dispoñer e cando sexa posible para todos: para o persoal de enfermería, para o persoal médico e para quen lle corresponda a carreira profesional.

Polo tanto, nós, entendendo que as propostas dentro do persoal de enfermería son razoables, neste caso non imos apoiar a súa iniciativa porque entendemos que ao persoal de enfermería no que lle hai que apoiar é no tema das especialidades, fundamentalmente.

Grazas, señora presidenta. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei. Ten a palabra a señora Acuña do Campo.

Déanlle voz ao escano da señora Acuña, por favor.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidenta.

En primeiro lugar, agradecer o apoio dos grupos e anunciar que imos aceptar as emendas que foron presentadas á nosa iniciativa por entender que o que pretenden é mellorar

a situación dos profesionais de enfermería dentro do sistema sanitario público.

En canto á intervención do voceiro do Partido Popular, a verdade é que non teño palabras, eu pensei que ía apoiar a iniciativa pero ao final van seguir ao seu, ao seu, señor Santalices.

En primeiro lugar, téñolle que dicir que o tema da especialidade de enfermería familiar e comunitaria xa se tratou a instancias do noso grupo, recentemente, na Comisión 5ª, cunha pregunta que nos contestou o Goberno dicindo que xa estaban traballando niso, non na creación desa especialidade concreta, senón en ter en conta as especialidades todas no seu conxunto.

En fin, dicíalle que vostedes parece que van seguir ao seu, que non é outra cousa que contratar unha soa persoa –despois desa loa que lle fixo á enfermería– para cubrir tres vacantes, aínda que iso supoña que teña que estar en tres servizos distintos nun mesmo turno. O seu, que é pechar axendas de atención primaria e camas hospitalarias mentres as listas do paro están cheas de profesionais e, mentres, a señora nin dimitida nin cesada –que incompreensiblemente segue á fronte da sanidade pública– xustifica eses peches dicindo que non ten profesionais.

Vostedes ao seu, que parece que é regalarlle aos alemáns, aos ingleses, profesionais de enfermería perfectamente formados –por certo, gastando nesa formación os cartos de todos os galegos e as galegas–, para despois volver gastar os cartos dos galegos e as galegas en mercar maquinitas ás empresas amigas para substituír a atención de enfermería, a atención directa no domicilio ao pé da cama por maquiniñas e por chamadas telefónicas. Dobre gasto, señor Santalices, para estar peor atendidos.

O seu, que parece que non é outra...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

A señora ACUÑA DO CAMPO: ...cousa que destrozará o sistema sanitario público, destrozando a enfermería para así beneficiar –insisto– á privada, as empresas amigas que é o que buscan vostedes sempre coa súa xestión.

Lamentamos que non apoie esta iniciativa que, por certo, está suxerida, na súa totalidade, polo colectivo de enfermía do noso país.

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Acuña.

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre a implementación polo Goberno galego dun plan de emprego en materia de investigación, formación e transferencia do coñecemento rural e as medidas que debe recoller

A señora PRESIDENTA: A esta iniciativa non se presentaron emendas.

Para formulala, ten a palabra o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boas tardes-noites.

Ben, en maio de 2013 aprobouse neste Parlamento un acordo para crear un grupo de traballo para que impleméntase unha serie de medidas para fomentar a incorporación de mozos e mozas á actividade agraria. O Goberno galego incumpriu ese acordo unánime do Parlamento, non fixo máis que dúas xuntanzas preliminares sen continuidade posterior.

O primeiro punto dese acordo era: “a dotación de recursos técnicos e humanos ás Oficinas Agrarias Comarcais especializados para os servizo de fomento da incorporación de mozos e mozas á actividade agraria, coas funcións de estudo, titorización e seguimento de proxectos de incorporación e asesoramento técnico e de xestión ás explotacións agrarias”. O sentido da incorporación deste punto daquela proposta era que, para nós, é condición indispensable para asegurar o éxito de moitas iniciativas de incorporación á actividade agraria. Onde a transferencia de coñecemento e a innovación son indispensables, así como o seguimento constante e asesoramento dos proxectos.

A pesar de dito acordo, a liña da Consellería de Medio Rural e do Mar foi a de continuar co progresivo deterioro das oficinas agrarias comarcais, aplicando o sinxelo sistema de que, sistematicamente, non se cobren as vacantes daque-

las persoas que deixan de exercer a súa función. Podemos poñer moitos exemplos de oficinas agrarias comarcais onde xa non quedan técnicos e só existe un administrativo para abrir a porta, recoller papeis... E non poden cumprir esa función que nós cremos que é primordial –investimento necesario e que tería rendibilidade asegurada– de dinamización, revitalización, asesoramento, seguimento e que non ten que estar só restrinxido –como nós dicíamos– ao tema agronómico, senón que tamén teñen que ver sociólogos, economistas, xente con experiencia no marketing, etc. Cremos que o rural necesita dese investimento en coñecemento.

Ben, recentemente coñecemos a intención de amortizar 130 prazas da relación de postos de traballo da Consellería, das cales o 60 % corresponden ás prazas de oficinas agrarias comarcais. Isto vén confirmar o que nós xa dicíamos, evidentemente, esas prazas que se pretenden amortizar xa corresponden á xente que non está a desempeñar esa función, son prazas baleiras.

Outro dos factores fundamentais para o agro galego é a investigación, a investigación pública, onde deben de estudarse aspectos clave como son cultivos forraxeiros e técnicas de cultivo para esa transición cara a unha gandería menos dependente da compra de pensos e doutros insumos, a consecuente redución de custos e poder competir en igualdade de condicións co resto de países europeos que si que teñen esta condición, estudo de variedades hortícolas e frutícolas de calidade adaptadas ás nosas condicións e atractivas para a venda, ou técnicas ecolóxicas de protección de cultivos, mellora da eficiencia da alimentación animal, eficiencia dos sistemas de produción, técnicas de cultivo en sectores con potencial para a diversificación do noso sector agrario, etc. E moitos máis que deben ser piares fundamentais para o noso futuro.

Ben, pois o centro de investigación máis importante deste país, o CIAM, en Mabegondo, sufriu nos últimos anos recortes irreversibles, de 2012 a 2013 nin máis nin menos que se reduciu o 36 % do persoal investigador, só un exemplo. A situación, por outra banda, de falta de expectativas dos licenciados de ramas agrarias da Universidade, da Politécnica Superior de Lugo, fai que estas estean baleiras de alumnos. E nas ramas onde, hai dez anos, se matriculaban máis de 100 alumnos por especialidade, hoxe son 10, 12, 15 como moito. Iso fai temer os propios profesionais, profesos-

res desta universidade, pola súa continuidade e polo propio futuro desta institución. Na formación agraria tamén os recortes foron nos últimos anos drásticos recortando medios humanos e materiais nos centros de formación e experimentación agroforestal.

Unha vez máis, repetirei que, recentemente, se publicou esa estatística sobre o futuro das explotacións agrarias na que di que o 60 % da poboación ten máis de 60 anos –de poboación agraria, de titulares de explotacións agrarias–. Polo tanto, para manter a poboación agraria en niveis similares aos que hoxe temos, teríamos que incorporar, no próximo período 2016-2020 –poño eu, 2021...–, con éxito miles de persoas –e isto non é unha esaxeración–, miles de persoas, se temos en conta que hai 79.000 titulares de explotacións agrarias e o 60 % deses teñen 60 ou máis anos, se falamos de miles de incorporacións non nos estamos equivocando nin estamos esaxerando. Pese a esta grave situación nós seguimos pensando que existen no rural galego condicións e potencial para revertela.

Como se expoñía no acordo aprobado en maio de 2013 no Parlamento galego, existen no rural vivendas baleiras que perden valor día a día, existe terra, existen enerxías renovables, existen sectores con potencial saída no mercado, existe un aprecio polo produto galego como produto de calidade fóra das fronteiras, e só falta unha política coordinada en prol deste obxectivo, para crear riqueza a partir da actividade agraria.

Para iso sería necesario un plan integral que non é obxectivo desta iniciativa, que se centra nun aspecto para nós fundamental que é a investigación, a formación e a transferencia do coñecemento. Son necesarias medidas urxentes, simplemente para manter o nivel da poboación agraria, pero cremos que, ademais, o obxectivo debería ser máis ambicioso. Como xa dicía, existen moitos sectores subdesenvolvidos no noso país, moitos recursos abandonados e ociosos que poderían valer para crear iniciativas da xente moza.

Existe unha gran marxe e unha gran necesidade para desenvolver un sector da transformación enfocado cara aos alimentos de calidade que xeren valor engadido e emprego. E o cambio terá que vir a través de novos paradigmas da sustentabilidade, da agroecoloxía, a diversificación, a aplicación de enerxías renovables, priorizando a investigación e a

innovación para a creación de produtos e servizos diferenciados e de calidade.

E, para iso, non hai outra que o sistema público de investigación e de transferencia do coñecemento da innovación e de apoio técnico. Na agricultura non hai outra alternativa, xa as probamos nos últimos anos. Os sistemas privados de asesoramento de apoio técnico non funcionaron –fracasaron–, non foron capaces de darlle un marco laboral aos técnicos para traballar no rural galego con estabilidade e poder converterse, verdadeiramente, en expertos na súa materia. Fracasouse. Polo tanto, non hai outra solución que un sistema público de investigación, de formación e de asesoramento.

Como tamén xa coñecen, países como Noruega, Dinamarca e Estados Unidos, que están nos últimos anos a potenciar este sistema público, con contratación, tamén de persoal. E nós tamén cremos que o sistema público si que pode tirar da economía e que se pode crear emprego público que, á súa vez, xere emprego privado.

Por iso a nosa proposición contén unha serie de puntos que cremos que poden ser, incluso engadidos outros máis, pero que para nós eran imprescindibles para implementar o que nós chamamos un plan de emprego de investigación, formación e transferencia do coñecemento no rural.

Primeiro, que se retire esa proposta de amortizar as 130 prazas da Consellería de Medio Rural que afectan as oficinas agrarias, os centros de investigación agraria, ademais tamén do sistema contra incendios, e proceder a cubrir esas 130 prazas. Son necesarias, son rendibles; se falamos de cantidades económicas, veremos que son insignificantes ao lado de, por exemplo, do que se gasta en extinguir incendios, e cun resultado menos produtivo, por certo.

Contratación de 150 técnicos que cubran áreas de produción agroforestal, procesos de transformación de alimentos, comercialización, financiamento, titorización de proxectos, plans de mellora para un plan de incorporación á actividade agraria para o período 2016-2021 –ese que ten que incorporar con éxito miles de homes e mulleres–; reforzamento do persoal do CIAM para que volte aos niveis de persoal de 2011, cando menos; cubrir as vacantes que existen na actualidade nos centros de formación e experimentación agrofo-

restal. Despois, un plan para a Escola Politécnica Superior de Lugo que defina obxectivos e medios necesarios para a investigación na docencia. E, evidentemente, que se modifique o PDR enviado a Bruxelas, 2014-2020, introducindo un novo modelo de asesoramento e investigación baseado no sistema público e na súa racionalización.

Unha observación da Comisión Europea dicía que o modelo que se enviou a Europa só estaba centrado, en exclusiva, no coñecemento da normativa. É dicir, que é un enfoque claramente burocrático, e que había que enfocalo cara á innovación. E que Europa lle teña que dicir iso a un Goberno galego ten delito.

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Remato xa.

Polo tanto, cremos que, de moitos dos investimentos que se puideran contemplar nun Goberno galego, este é dos máis rendibles. É moi rendible, son investimentos que só dependen do convencemento de que sen coñecemento non hai futuro no agro galego.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Sánchez.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Grupo Mixto, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Grazas, presidenta.

Unha característica da agricultura galega durante as últimas décadas e, sobre todo, nos últimos cinco anos, é a continua redución da poboación empregada na agricultura. Este é o resultado, entre outras cousas, dun proceso de diminución do número de explotacións, diminución que continuará con toda probabilidade no futuro como resultado da inviabilidade económica, froito das políticas neoliberais, e pola inexistencia de relevo porque os titulares das explotacións pasan dos 60 anos na súa maior parte.

E o progresivo peche de explotacións agrícolas vai baleirando as terras que antes ocupaban, facendo visible un dos

motivos dos incendios, que un ano si e outro tamén arrasaron nos montes.

O nacemento e crecemento nestas explotacións abandonadas de vexetación espontánea, e o deterioro das infraestruturas produtivas –cercados, vías, sistemas de rego, etc.– son tamén unha consecuencia. É tal o estado de deterioro que se fai moi difícil a recuperación da actividade agrícola nun futuro próximo. Acelerar a depresión demográfica e os devastadores efectos das crises agrogandeiras, unidas aos incendios, son algúns dos principais factores que poden explicar a existencia de máis de 200.000 fogares do rural galego baleiros, 1.300 núcleos despoboados –aproximadamente o 50 % de todo o Estado–, 30 aldeas galegas ao ano quedan baleiras e 750 teñen un só habitante.

Pouco a pouco, persoa a persoa, Galiza queda baleira ata semellar un basto museo de sombras ou un deserto verde. As políticas de recortes orzamentarios e de servizos que aplica a Xunta e a Consellería non son adecuadas para que esta dramática situación mude.

O presuposto do medio rural redúcese en 15 millóns de euros. Converte en unitarios os colexios de infantil do rural para recortar gastos, así que un só mestre ten que atender, por exemplo, 14 nenas de diferentes idades e niveis educativos na mesma aula; deste xeito, familias con fillas en idade escolar marchan na procura dunha educación de calidade. Tamén se pechan centros de saúde e se restrinxen servizos sanitarios.

Estes recortes, sumados ao abandono de políticas e programas de desenvolvemento rural, impiden que as nosas aldeas se manteñan vivas. Teñen vostedes, Goberno da Xunta, oportunidade de colaborar e traballar para construír un modelo de desenvolvemento alternativo, sostible e que proporcione calidade de vida á poboación, e que free a despoboación. Políticas que aposten pola formación profesional agrícola, polo emprego digno no sector agrogandeiro, pola aposta en valor do noso. Políticas que potencien as explotacións familiares agrícolas e gandeiras.

Apoiarei a iniciativa.

Grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.
Ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señora presidenta.

Moi boa noite a todos e a todas.

A verdade é que lamentamos que esta iniciativa se debata a unha hora na que resulta bastante difícil que unha parte moi importante do que aquí dicimos vaia ter unha translación fóra. Creo que isto tamén debería formar parte da reflexión de que tipo de parlamentarismo se está construíndo e como se quere achegar o Parlamento ao pobo, como un Parlamento que traballa a un ritmo que é acabar pronto, con independencia de cal é a translación que todo isto teña.

E digo isto porque cremos que estamos, máis unha vez, falando dun tema que é moi importante para o país, porque estamos falando de cal é o futuro dun sector básico na nosa economía e que podería ter moito máis potencial se realmente a Xunta de Galicia tivera unha estratexia real de apoio e de dimensionamento, non só da produción, senón do que ten a ver coa innovación, coa investigación no noso país, no ámbito concreto de todo o que ten que ver co ámbito agrario e forestal.

Porque, fronte á propaganda que en moitas ocasións..., non en moitas ocasións, que reiteradamente temos neste Parlamento nas intervencións que se fan de cara á galería, de cara ao público, en relación con este tema, a Xunta vende que hai un apoio importante ao I+D+i –e, en concreto, na rama agraria e forestal– cando, en realidade, o que están é desmantelando todo o que había neste momento e recortando dun xeito alarmante todos os proxectos de investigación.

Xa se falou aquí de como se está recortando todo o persoal técnico de asesoramento das oficinas agrarias comarcais, que chegan mesmo a que van estar nunha situación na que non terán nin medios técnicos para atender a burocracia; polo tanto, ¿como van atender e ser axentes dinamizadores do medio rural?, ¿como van poder apoiar cando nin tan sequera poden facer o papeleo que por lei se lles obriga? É

dicir, que as están inhabilitando na práctica para ser axentes de ningún tipo de actividade.

Tamén están vostedes –o Partido Popular– desmantelando todos os centros de formación dependentes de Medio Rural. Vemos como os recortes de persoal e aplicación da LOMCE están facendo que se vaian perder todos os ciclos formativos superiores en ramas agrarias e forestais que tiñamos, como desmantelan Guísamo, Sergude e agora, tamén, como vai eliminarse a última titulación superior que quedaba nun centro privado de Coristanco. E nós entendemos que, aínda que a formación teña que ser pública, o que non ten ningún tipo de sentido é que se desmantele todo sen ningunha alternativa. E, ¿como vai haber relevo, calidade, innovación nas explotacións se non hai a máis mínima oportunidade de formación neste terreo no noso país?

Vemos tamén como os centros de investigación tecnolóxicos de transferencia de coñecemento en moitos ámbitos –que ademais eran referencia europea– están sufrindo tamén a dura política de recortes do Partido Popular. Imos facer memoria como desmantelaron hai catro anos a Unidade de Transferencia Embrionaria de Bos, que era un centro de referencia de mellora xenética e que era clave para transferir esta mellora ás explotacións. Como tamén neste momento están poñendo en perigo o banco de xermoplasma, negándolle os recursos públicos imprescindibles para garantir as condicións de conservación, caracterización, multiplicación, avaliación. E, polo tanto, vemos aquí tamén outro problema importante: desmantelamento da Plataforma Agraria Galega, constituída con bastantes esforzos e a colaboración da Dirección Xeral de I+D+i na lexislatura de 2005-2009. Tamén vostedes desmantelando esa Plataforma Agraria Galega.

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Están poñendo tamén nunha situación claramente ao límite o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo: máis do 50 % das prazas de investigación están vacantes debido a que se produciron xubilacións, e non cobren as vacantes e despois o que fan é amortizalas.

Non hai fondos propios da Xunta de Galiza, co cal tampouco se poden captar outro tipo de fondos que veñen de institucións europeas, que necesitan dun mínimo investi-

mento e que logo poderían captar fondos. É dicir, vostedes están desmantelando absolutamente toda a política de innovación e de investigación.

Están demostrando que non teñen visión estratéxica do país, que realmente para o único que están aquí é para ir pechando todo o pouco que había neste terreo e, claramente, o que demostran é que non cren que o sector agrario sexa un sector de futuro.

Nós entendemos que a agricultura é fundamental en calquera país, que os países máis avanzados apostan pola súa agricultura, e máis ben o que vostedes queren é que desapareza a agricultura e que desapareza o país.

Polo tanto, imos apoiar esta iniciativa. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grazas, señora Pontón.

Grupo Socialista. Señor García.

O señor GARCÍA GARCÍA: Grazas, presidenta.

Efectivamente, señor Sánchez, eu creo recordar que só fora a unha reunión, fora unha tarde do mes de xullo un horario de *prime time* bastante parecido ao desta iniciativa. E chamarlle a aquilo grupo de traballo, a verdade é que vostede é moi xeneroso, porque practicamente o traballo que se desenvolveu, nesa única reunión, de aí a dicir que se constituía un grupo de traballo paréceme moito.

Nós dicíamos, eu dicía, particularmente, poñía dúas premisas que, por desgraza, se cumpriron, é dicir, parecíanos absurdo estar querendo constituír un suposto grupo de traballo para a incorporación de mozos á actividade agraria, onde estaba presente a mesma persoa que, ao saír de alí, a través do DOG, ía poñer todas as dificultades de inmediato a través das ordes para que se incorporaran mozos á actividade agraria. Estabamos falando coa mesma persoa que todos os anos vía no orzamento diminuír a partida para incorporar mozos á actividade agraria.

Polo tanto, que alí nos fosen vender que había que inventar novas estratexias para incorporar os mozos á actividade agraria e que a aqueles que non necesitaran desta estratexia, senón que xa tiñan tomada a decisión de incorporarse á acti-

vidade agraria, lles puxeramos todas as pedras no camiño, parecíanos totalmente incongruente. Criamos, polo tanto, que había que empezar polo concreto, polo tanxible, polo inmediato, e non se estaba cumprindo. Efectivamente, nunca máis se soubo daquel suposto grupo de traballo.

E, claro, vostede trae aquí unha iniciativa que calquera persoa que a lea di que é bastante lóxica. Eu, como son simple, como di a señora Pacín, pois, bastante lóxico. Claro, pero non deixa de ser unha emenda á totalidade da política que vén facendo este goberno durante estes sete anos. É dicir, vén vostede, señor Sánchez, a propoñer todo o contrario do que leva facendo o Goberno os sete anos.

Claro, fala vostede da retirada da RPT. Eu xa lle dixen nunha ocasión: menos mal que o retiraron da RPT porque ¿cantos anos discutíamos que, efectivamente, había unha axencia de extensión agraria na que xa non había ninguén...? Por certo, na axencia de Vila de Cruces levan un mes e medio sen ninguén, en Vila de Cruces. Non é que non haxa técnicos, non hai ninguén. Hai un carteliño que di que xa se mirará, que está o alcalde mirando a ver cando vén outra persoa... É dicir, esa era a realidade. ¿E vostede recorda que nos dicían: Non, non, pero se iso é mentira, que os postos están na RPT, que existían na RPT? Polo tanto, agora, polo menos, xa non existen tampouco na RPT e podemos discutir; ata entón non había problema porque estaban na RPT.

E despois tomaron a decisión política de facer desaparecer as axencias de extensión agraria, por tres vías: unha, baleirándoas de contido; é dicir, a extensión agraria xa non fai nada, practicamente, polo tanto, non hai unha demanda porque deixou de facer aquel traballo que fixo durante moitos anos –e moi ben– de iniciativas, de traballo técnico, de preparar os proxectos. Deixouse de facer, baleirándoas de contido e, como vostede dixo, non cubrindo as prazas; é dicir, van eliminándoas de forma biolóxica. É o exterminio por bioloxía; é dicir, segundo se van xubilando, sexa onde sexa, sen ningún tipo de planificación, van amortizando as prazas e sen ningún tipo de reorganización do servizo.

Fala vostede de reforzamento do CIAM. Vostede e mais eu fomos a unha visita ao CIAM, e recordo que o persoal de alí, que veu da Consellería, preguntaron por que tiña que haber tantas vacas para facer experimentacións, se non chegaba con unha. Claro, entón, ¿como lle imos pedir a esta

consellería o reforzamento do CIAM se considera que para que imos ter 60 vacas para que haxa unha mostra suficientemente, que se poida demostrar, se chegaban con 2 ou 3?

E falaba claramente –e aí está nos orzamentos– de desmontar os servizos que prestaba un centro que tiñamos de referencia a nivel galego para trasladalos a un edificio que imos facer en Mouriscade, que vai custar 3 millóns de euros, para facer o mesmo e cobrándolle á xente...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...polas análises.

Fala vostede de introducir o novo modelo de asesoramento de investigación baseado na potenciación e na racionalización do sistema público. ¿Como se atreve vostede? Asesoramento, investigación, racionalización, sistema público... son termos cos que este goberno está totalmente de acordo. E, claro, fala vostede de investigación. Se vostede falara de IC+2, RIS3 ou 4.0 seguro que se estivera o conselleiro de Industria diría: aí está o que eu estaba facendo. Pero, con eses termos, sen dúbida non nos van apoiar.

En definitiva, nós imos apoiar esta iniciativa. Creo que vai ter pouco éxito porque –repito– este goberno fixo todo o contrario do que esta iniciativa propón.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grazas, señor García.

Grupo Popular.

Ten a palabra o señor Freire Abeijón.

O señor FREIRE ABEIJÓN: Grazas, presidenta.

Boas tardes, señorías.

De xeito específico hai que indicar que nos centros de formación e experimentación agroforestal a día de hoxe a plantilla existente cobre as necesidades formativas demandadas por parte do sector agroforestal, tanto na formación regrada, a través da formación profesional, como na non regrada, a través de cursos de fitosanitarios e aptitude empresarial agra-

ria, debido, fundamentalmente, señorías, a que nos últimos anos a plantilla de persoal non sufriu merma ningunha nin se eliminou ningún posto de traballo, aumentándose no 2010 dúas prazas de profesorado en Lourizán concretamente. E as vacantes de profesorado e demais persoal dos centros de formación e experimentación agroforestal estanse a cubrir polos procedementos habilitados a tales efectos, mantendo unha oferta formativa o máis axustada posible ás necesidades reais da demanda e sempre dentro duns parámetros irrenunciáveis de calidade formativa.

As prazas amortizadas son todas elas de persoal laboral, intentando manter intacta a plantilla de investigadores, non seleccionando vacantes para a súa amortización, e estase ao mesmo tempo apostando polos centros de I+D+i, transformando o Ingacal, o Instituto Galego de Calidade Alimentaria, nunha axencia galega de calidade alimentaria.

Facendo un esforzo nesta situación económica complicada, incorporáronse aos centros de investigación 2 doutores e 2 bolseiros no ano 2014, e téñense solicitado 4 prazas de doutores e 2 de bolseiros para o ano 2015, con contratos de arredor de cinco anos de duración, e ao mesmo tempo anualmente contrátanse con cargo a proxectos de I+D+i arredor de 35 persoas, das que a maior parte son persoal laboral auxiliar, para tarefas de campo e laboratorio.

Pero creo que é preciso recordarlles ás súas señorías que ao longo destes últimos anos se viñeron levando a cabo accións desenvoltas a través dos plans de mellora dende o período de 1999 ao 2015, nas que se investiron máis de 378 millóns de euros en axudas, dun total de investimento de máis de 902.000 euros.

Contéplanse, así mesmo, no seguinte período, medidas de inversión en explotacións agrarias; medidas que van orientadas á mellora do rendemento global das explotacións agrarias, entendidas tanto na mellora no rendemento económico por unidade de traballo como na mellora das condicións de produción, tanto laborais como sanitarias, ambientais e técnicas. E ten como fin último incrementar a competitividade das explotacións agrarias, cumprindo ao mesmo tempo coas condicións de respecto ao medio ambiente, mantemento da paisaxe, hixiene e benestar dos animais e seguridade no traballo. Todo isto dentro dun marco que permita mellorar a calidade de vida dos produtores e da súa contorna.

Para cumprir este obxectivo é precisa a elaboración polos solicitantes dun plan empresarial ou de negocio, incidindo, ademais, nos aspectos de cambio climático que afecten cada explotación agraria.

E non é menos certo que se produciu unha incorporación de mozos á actividade agraria nese mesmo período que supuxo que dende o ano 1999 se concederan axudas para a incorporación de máis de 7.477 mozos á actividade agraria, cunha axuda media por explotación de aproximadamente 17.000 euros, que supuxo un investimento medio por anualidade de 9 millóns de euros, supoñendo neste período máis de 134 millóns de euros.

Mantéñense ao mesmo uns indicadores de seguimento da medida da incorporación de mozos á actividade agraria para o período 2016-2020: que serán subvencionables todos aqueles investimentos tanto materiais como inmateriais necesarios para a implementación do plan empresarial con carácter xeral para a construción, adquisición, arrendamento financeiro ou mellora dos bens inmobles, incluíndo tamén a compra ou o arrendamento con opción de compra da nova maquinaria, o equipo, ata o valor do mercado do produto, a compra de terreos por un valor inferior...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor FREIRE ABEIJÓN: ...ao 10 % do gasto subvencionable e a adquisición ou o acondicionamento de vivendas situada en chan rústico ou en núcleo rural, a cal deberá constituir a residencia habitual do novo.

Os custos xerais vinculados ao investimento, tales como honorarios de arquitectos, enxeñeiros e asesores e honorarios relativos ao asesoramento sobre a sustentabilidade económica e ambiental están incluídos tamén nestes estudos de viabilidade, e a subvención de capital alcanzará ata un máximo de 70.000 euros, cun 75 % de financiamento de fondos europeos. Consistirá nunha axuda de 20.000 euros, que poderá incrementarse nas seguintes condicións: en función do rango do investimento executado, en función da creación de emprego adicional na explotación e tamén en función da zona onde estea situada, se se trata dunha zona con limitacións naturais ou con outras limitacións específicas.

Establécense así mesmo indicadores de seguimento da medida de desenvolvemento de pequenas explotacións nese período 2016-2020.

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor FREIRE ABEIJÓN: Remato xa, presidenta.

Nos últimos anos variou moito a carga de traballo dunhas oficinas agrarias con respecto a outras, concentrándose principalmente naquelas zonas onde a actividade leiteira acadou un alto grao de desenvolvemento, e centrándose na atención daquelas nas que o volume de traballo especificado, nas zonas nas que o número de solicitantes de plans de mellora...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Moitas grazas, señor Freire.

O señor FREIRE ABEIJÓN: ...e a incorporación de mozas e mozos, o fixo preciso.

Nada máis e moitas grazas.

Por tanto, non podemos aceptar esta proposta. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Señor Sánchez... ¿Vai falar ou...? *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

¡Ah!, como non hai emendas... Pero non nos importa que fale vostede tres minutos máis.

Ten a palabra. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, estamos en proposicións non de lei, non en mocións. Pero se o señor Sánchez entende que non ten que falar, non pasa nada. *(Murmurios.)*

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Se cola, cola.

Ben, o señor Freire tirou de wikipedia, pero sen ningún contraste coa realidade. Convidaría a vir comigo a Sergude, a Guísamo..., aos centros de formación dos que vostede falaba, para ver como estiveron un ano sen director en Sergude ou como estiveron sen aulas alumnos que estaban matriculados nun ciclo en Guísamo, con 14 horas semanais,

por falta de profesores, etc. Ou convidaría a vir comigo ao CIAM e a que fale co persoal de alí e vexa como de 2012 a 2013 reduciron o 36 %, unha decisión inexplicable.

Señor García, podo parecer inxenuo, pero eu creo que o labor de crítica ao Partido Popular no campo do medio rural xa vai sobrando, porque está desacreditado no sector. A política do Partido Popular no medio rural –xa non fai falta empuxar moito– está totalmente desacreditada, non fai falta máis que falar coa xente do sector, coa xente que sabe. É unha sensación de deixadez total, de falta de eficiencia na utilización de recursos, nos recortes permanentes, na falta de vontade na actitude de quen quere facer cousas, é molesto para esta Administración, etc. Polo tanto, eu creo que é preciso empezar a falar de alternativas de futuro para o medio rural, que é o que estamos facendo.

Falaba vostede das inversións en incorporacións, señor Freire, pero é que é precisamente por iso. É que isto, a inversión en persoal, en asesoramento, é precisamente para rentabilizar esas inversións, porque a realidade non é esa que vostede pintou, que é o que escribe a Unión Europea do que debe ser a incorporación; a realidade é que si que se subvencionan moitas incorporacións con diñeiro que vén de Europa, pero é que hai un alto grao de fracaso, e son cartos tirados. E iso sabémolo; quen coñece o sector sabemos que hai un alto grao de fracaso nas inversións; sabemos que se

fan inversións innecesarias e que neste país se fan as inversións sen un plan de viabilidade, sen un plan técnico. Polo tanto, iso é o que estamos dicindo: rentabilizar esas inversións. E para iso é necesario persoal para traballar, moito máis cando o persoal que se está formando aquí ten que saír fóra para producir coñecemento, etc.

Polo tanto, este é o camiño, non hai outro: ou é un sistema público de investigación, de formación e de asesoramento potente ou non hai futuro. Non é posible neste sector asesoramento e investigación privados; non é un sector que sexa capaz de xerar investigación, formación e asesoramento privados. E vostedes están facendo todo o contrario, están desmantelando o sistema público para deixar deserto o campo do coñecemento no rural galego.

Moitas grazas polo apoio do resto dos grupos.

Nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez horas.

Boa noite e moitas grazas.

Suspéndese a sesión ás nove e dezaioito minutos do serán.



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25